ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Xabier
Buxeiro Alonso

Tese de doutoramento

Golpe, Guerra e violencia na Galiza de 1936. Un estudo desde o norte da Provincia de Lugo

Santiago de Compostela, 2023

Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

Golpe, Guerra e violencia na Galiza de 1936. Un estudo desde o norte da Provincia de Lugo

Xabier Buxeiro Alonso

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2023

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Autorización do Director/Titor da Tese

D./Dna. **Lourenzo Fernández Prieto**

En condición de: **Titor/a e director/a**

Título da tese: **Golpe, Guerra e violencia na Galiza de 1936. Un estudo desde o norte da Provincia de Lugo**

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Xabier Buxeiro Alonso, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela**, **01 de Xuño de 2023**

Sinatura

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Autorización do Director/Titor da Tese

D./Dna. **Antonio Míguez Macho**

En condición de: **Titor/a e director/a**

Título da tese: **Golpe, Guerra e violencia na Galiza de 1936. Un estudo desde o norte da Provincia de Lugo**

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Xabier Buxeiro Alonso, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago de Compostela, 01 de Xuño de 2023**

Sinatura

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A Aurelio Fernández Fernández, que naceu en Rinlo e foi asasinado en Ferrol por defender a liberdade e os dereitos da clase obreira.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Agradecementos:

Os agradecementos dunha tese de doutoramento póñense ao comezo mais escríbense ao final, porque até o último minuto vai aparecer xente que che fai un favor aínda que sexa domingo. A vida investigadora é algo bastante solitario, onde non é doado estabelecer rutinas e onde que as persoas que están ao teu redor teñen que sufrir a túa falta de tempo, as túas agonías e as túas múltiples conversas sobre o tema de investigación. É por iso que as persoas que saen aquí ben o merecen.

Un dos aspectos máis divertidos da vida como investigador son os interminábeis trámites e informes que é preciso facer. No meu caso, todo comezou pola solicitude da FPU, que me permitiu ter traballo durante cinco anos mais que case me costa un infarto. Se isto non foi así, foi grazas a Raquel, que tivo que presenciar algunha que outra escena curiosa de min aporreando coxíns tipo *The angriest guitar player in the world.* Após o inicio do doutoramento tiven que seguir a facer informes, os cales, puiden completar grazas a Uxía, a beneficiaria da FPU inmediatamente anterior, a quen torturei con chamadas, audios e wasaps polos que ben podía terme mandado á merda. Non o fixo, así que supoño que ten o ceo gañado.

Uxía tamén me axudou a pensar moitas cousas do meu traballo, porque unha tese aínda que a escriba un só (até ter tendinite por teclear no portátil), é algo que se pensa en conxunto. Eu tiven a grande sorte de traballar con persoas que me ensinaron moitísimas cousas e sen as cales a tese non tería sido igual. Falo de Conchi, de Rafa, de Bruno, de Daniela, de Aldara e de Jessica, persoas, ás que tamén torturei coa miña inutilidade para os asuntos burocráticos. Falo tamén de Fontán e de Roque, que aínda que comezaran o doutoramento cando eu xa estaba a rematar traballaron por min na organización dun congreso que non tería sido posíbel sen eles. E por suposto de Gus, que sae en todos os agradecementos de tese que lin e sobre o que non me poño a contar as múltiples veces que me axudou porque senón vai subir moito o prezo de impresión deste traballo.

E que dicir dos directores? Podería poñelos a parir, porque o texto que lles mandei para que deran o visto bo ía sen agradecementos, mais non vou facelo porque considero que foron dous directores estupendos, que sacaron o mellor de min neste traballo e que me fixeron sentir sempre un máis do grupo de investigación HISTAGRA. O mesmo serve para as dúas persoas que

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

supervisaron as miñas estadías en Londres e Bolonia, Joanna Bourke e Patrizia Dogliani, que me ensinaron novos xeitos de traballar e de entender as fontes.

Fora da universidade tamén teño moito que agradecer, quizais máis aínda. Grazas aos meus amigos de Rinlo, de Pontedeume e de Compostela, por aturarme. Especialmente ao Santi, con quen falei moitas veces da tese e de quen saquei bastantes ideas sobre como debía contar as cousas no texto. Grazas tamén aos meus compañeiros de Tecor Societário, que me fixeron non perder a cabeza, sobre todo nestes últimos meses, nos que os ensaios e os concertos foron das poucas escusas que tiven para saír da cova. Grazas a Valentín, que me cedeu parte da documentación necesaria para este traballo. Tamén a Aurelia e a Suso, que me axudaron a facer entrevistas cando comeza o TFG. E grazas a Dores, que me axudou a localizar parte das placas memorialistas que inclúo no apartado de fotos.

Por último, non podo rematar os agradecementos sen nomear ás tres persoas mais importantes da miña vida: Lola, Anxo e Gloria. Os dous primeiros son os meus pais, dúas persoas que me apoiaron desde que mandei ao carallo a carreira de Odontoloxía para facer Historia e dos que herdei a forma na que vexo o mundo. A terceira é a miña compañeira de piso (e de todo o demais), que tivo que aturar como me laiaba mentres escribía o texto e dicía que matricularse no doutoramento non paga a pena. A axuda destas tres persoas para a tese non pode medirse, porque se se medira igual non me daban a min o título de doutor.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resumo:

Na presente disertación realízase unha análise de conxunto sobre a violencia derivada Golpe de Estado de 1936 en Galiza, a partir do estudo de 24 concellos situados no norte da Provincia de Lugo. O texto divídese en tres grandes partes. A primeira, analiza a acción militar golpista de toma do poder, así coma os cambios producidos nos concellos que seleccionamos como área de estudo preferente. A segunda, estuda os asasinatos perpetrados a raíz do Golpe, coa intención de explicar os distintos niveis de violencia rexistrados no territorio, coñecer cales foron os mecanismos de eliminación física de persoas tras a Sublevación e identificar aos distintos actores implicados nas matanzas. A terceira e última parte analiza a selección das vítimas a través dos procesos xudiciais incoados a raíz do Golpe pola xurisdición militar, co obxectivo de estudar o grado de colaboración da cidadanía coa expansión da violencia.

Palabras chave: Golpe de Estado, Guerra Civil, persecución, xustiza militar, actitudes sociais

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resumen:

En la presente disertación se realiza un análisis de conjunto sobre la violencia derivada del Golpe de Estado de 1936 en Galicia, a partir del estudio de 24 municipios situados en el norte de la Provincia de Lugo. El texto se divide en tres grandes partes. La primera, analiza la acción militar golpista de toma del poder, así como los cambios producidos en los ayuntamientos que seleccionamos como área de estudio preferente. La segunda, estudia los asesinatos perpetrados a raíz del Golpe, con la intención de explicar los distintos niveles de violencia registrados en el territorio, conocer cuales fueron los mecanismos de eliminación física de personas tras la Sublevación e identificar a los distintos actores implicados en las matanzas. La tercera y última parte, analiza la selección de las víctimas a través de los procesos judiciales incoados a raíz del Golpe por la jurisdicción militar, con el objetivo de estudiar el grado de colaboración de la ciudadanía con la expansión de la violencia.

Palabras clave: Golpe de Estado, Guerra Civil, persecución, justicia militar, actitudes sociales

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Abstract:

The present dissertation analyses the violence derived from the 1936 Coup d'état in Galicia. It is based on the study of 24 municipalities located in the north of the Province of Lugo. The text is divided into three large parts. The first part focuses on explaining the coupist military action to seize power, as well as the changes produced in the municipalities that we selected as the preferred area of study. The second part studies the murders perpetrated because of the Coup. The intentions are to explain the different levels of violence registered in the territory, to analyse the mechanisms for the physical elimination of people after the Uprising and to identify the different actors involved in the killings. The third (and last) part of this thesis focuses on analysing the selection of the victims through the judicial processes initiated as a result of the Coup by the military jurisdiction. The goal of this section is to study the level of collaboration of the citizens with the expansion of the violence.

Keywords: Coup d´état, Civil War, persecution, military justice, social attitudes

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice de contidos:

1. Introdución 19

2. Estado da cuestión 27

2.1. Xogando á contra: a historiografía sobre a violencia golpista 30

2.2. Desde as vítimas até o perpetradores. A busca dun novo relato 37

2.2.1. *Spain is not so different*. A necesidade de comparación nos estudos sobre a persecución golpista 38

2.2.2. A cuantificación das vítimas da violencia do Golpe de 1936. Unha contextualización necesaria 43

2.2.3. Os perpetradores na historiografía 47

2.3. A busca da lexitimidade por parte dos sublevados 57

3. Hipóteses e obxectivos 71

4. Metodoloxía e fontes 75

4.1. Desde o local e desde as vítimas 77

4.1.1. A base de datos do Proxecto Nomes e Voces 78

4.1.2. As tipoloxías de vítimas mortais 83

4.1.3. O noso punto de partida 102

4.2. Os arquivos militares. Importancia e metodoloxía de análise das causas xudiciais abertas tras o Golpe 107

4.3. Outras fontes 118

4.3.1. Fontes Orais. O Fondo Terra e Memoria 118

4.3.2. Fontes hemerográficas 120

4.3.3. Os arquivos municipais 121

4.3.4. Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL) 128

4.3.5. Arquivo General de la Administración (AGA) 129

4.3.6. Documentación de carácter privado 130

5. A toma do poder 133

5.1. A sociedade antes do Golpe. Demografía, economía e dinámicas de participación política 138

5.1.1. As dinámicas políticas, sociais e económicas presentes no partido xudicial de Viveiro 139

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.1.2. As dinámicas políticas, sociais e económicas presentes no partido xudicial de Vilalba 142

5.1.3. As dinámicas políticas sociais e económicas presentes no partido xudicial de Mondoñedo 146

5.1.4. As dinámicas políticas, sociais e económicas presentes no partido xudicial de Ribadeo 150

5.2. As resistencias 153

5.2.1. A toma de Viveiro 155

5.2.2. A toma de Ribadeo 158

5.2.3. A toma da Pontenova 164

5.2.4. Os factores catalizadores dos actos de oposición ao Golpe 169

5.3. As xestoras municipais golpistas 173

5.3.1. Os actos de toma de posesión 175

5.3.2. Os novos edís 180

5.3.3. A política local tras o Golpe. Entre a propaganda e o control social 187

5.3.4. A orde pública tras o asentamento das autoridades sublevadas no territorio 195

6. Os asasinatos 199

6.1. Os asasinatos con sentenza 202

6.1.1. As execucións no norte da provincia de Lugo 204

6.1.1.1. As execucións no partido xudicial de Ribadeo 204

6.1.1.2. As execucións no partido xudicial de Viveiro 211

6.1.2. As execucións no espazo e no tempo 219

6.1.3. A selección das vítimas 225

6.2. Os asasinatos sen sentenza 235

6.2.1. As mortes froito da toma do poder 236

6.2.2. Os paseos 241

6.2.3. As desaparicións 257

6.3. Entre a historia e a memoria. Un estudo sobre os asasinatos sen sentenza 263

6.4. A violencia como exemplo. Unha análise a partir dos lugares de morte 285

6.5. As vítimas (mortais) e os seus verdugos 288

6.5.1. Os perpetradores nas campañas de ocupación do territorio e de detención das vítimas 291

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.5.2. Os perpetradores nos procesos de inculpación 295

6.5.3. Os perpetradores nos asasinatos 298

7. A persecución e a sociedade. Un estudo a partir das causas militares do Golpe de 1936 no norte da Provincia de Lugo 305

7.1. As causas militares 312

7.2. Os testemuños 321

7.3. As denuncias 339

7.4. A xente común ante a xustiza golpista 353

8. Conclusións 367

9. Conclusions 373

10. Índices 379

10.1. Índice de Mapas 379

10.2. Índice de Fotos 379

10.3. Índice de Táboas 380

11. Fontes consultadas 383

11.1. Causas Militares 383

11.2. Fontes Orais: Arquivo Terra e Memoria 388

11.3. Fontes Hemerográficas 395

11.4. Arquivos Municipais 396

11.5. Arquivo Histórico Provincia de Lugo (AHPL) 409

11.6. Arquivo General de la Administración (AGA) 410

11.6.1. Documentación de carácter privado: Cartas escritas polo veciño de Ribadeo Aurelio Fernández Fernández no contexto do seu procesamento e execución 411

12. Anexos 415

12.1. Anexo 1: listaxe de entrevistas referidas na Táboa 10 415

12.2. Anexo 2: listaxe de entrevistas referidas na Táboa 29 417

12.3. Anexo 3: "*La Gesta de Ribadeo*": publicado en *Nova Galiza: Boletín quincenal dos escritores galegos antifeixistas,* o día 1 de agosto de 1937. 424

13. Bibliografía 427

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1. Introdución

Fixar a data na que se comeza a redactar unha tese é algo tremendamente complicado. Ao longo dos estudos de doutoramento escribimos capítulos para libros, artigos para revistas e comunicacións para congresos que logo revisamos, melloramos e recuperamos parcialmente para elaborar o noso texto definitivo. Con todo, na presente investigación existe un punto de inicio claro, polo menos a nivel simbólico, que é o curso académico 2015/2016, no cal rematei a carreira de Historia e presentei un Traballo de fin de Grado titulado *A persecución golpista no Concello de Ribadeo. Vítimas e verdugos (1936-1941)*. Este, estivo dirixido por un dos meus actuais directores de tese: Lourenzo Fernández Prieto.

O meu cerebro no ano 2015 tiña unha idea clara para escoller o tema de TFG: aprender un pouco máis sobre a Guerra Civil española, porque, ao igual que moitas outras persoas na Galiza, eu xa era un experto na materia desde que vira o filme *A lingua das bolboretas* e escoitara *Mil nove trinta e seis* de Xenreira. Por desgraza, na vida as cousas non adoitan saír como un quere e o meu plan tivo que ser abandonado aos 25 segundos da miña conversa de presentación con Lourenzo ante a imposibilidade de responder á primeira das súas preguntas. As súas palabras foron, máis ou menos, estas: "paréceme ben a túa escolla mais que queres demostrar no TFG?". Demostrar? Que había demostrar se estaba todo demostrado xa, pensei.

Despois duns momentos iniciais de pánico decidín seguir o consello do meu director e comezar por ler un libro que Lourenzo editara un par de anos antes xunto coa profesora Aurora Artiaga Rego. Esta obra era *Otras miradas sobre Golpe, Guerra y Dictadura. Historia para un pasado incómodo* e, por sorte, comezaba dicindo que sabiamos pouco do Golpe e da Guerra e aínda menos dos "verdugos", é dicir, dos responsábeis da implantación e expansión da violencia.

Sobre esta base foi como comecei a traballar, buscando aos vitimarios, aos perpetradores da violencia golpista en Ribadeo, o meu concello de nacemento. Nun principio pensaba que non ía ter moito que explicar nun espazo tan limitado, mais o tempo axiña me quitou a razón. Un ano despois de presentar o TFG cursei o Máster Universitario en Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela e presentei o TFM *Verdugos, salvadores e xente corrente. Actitudes sociais ante a persecución golpista no Concello de Ribadeo (1936-1941)* que,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

como pode deducirse polo título, centraba a súa análise no mesmo punto xeográfico.


Rematados os meus estudos de Grao e Máster, no ano 2017 decidín matricularme no Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea, tamén na USC, e comecei un contrato de Formación de Profesorado Universitario (FPU) para o sostemento da miña persoa e o financiamento da miña investigación, que agora contaba coa dirección de Antonio Míguez Macho, alén do xa citado Lourenzo Fernández Prieto[1]. Neste contexto, decidimos ampliar un pouco o foco no plan de investigación da tese, até un total de 24 concellos, segundo a división municipal do século XXI, que non era a mesma que a da época. Por orde alfabética, os municipios actuais seleccionados para a realización do presente estudo son: A Pastoriza, A Pontenova, Abadín, Alfoz, Barreiros, Begonte, Burela, Cervo, Cospeito, Foz, Guitiriz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, O Vicedo, Ourol, Ribadeo, Riotorto, Trabada, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove. Na época á que se refire a investigación, o concello de Burela atopábase integrado no de Cervo e o de A Pontenova estaba dividido nos concellos de Vilaodrid e Vilameá. Estes municipios distribuíanse en 4 partidos xudiciais: Mondoñedo, Ribadeo, Vilalba e Viveiro, situados no norte da Provincia de Lugo, tal e como se amosa no Mapa 1.

A escolla do territorio de análise resulta coherente coa liña de traballo local que estivera a desenvolver até o momento. A Provincia de Lugo ten un total de 77 concellos, polo que escoller 24 supón centrarse só no 35,8% do total dos municipios actualmente existentes. Ademais, no que respecta á súa poboación á altura de 1936, os concellos seleccionados tiñan un total aproximado de 154.347 habitantes de dereito, o que, a nivel porcentual supón o 28,9% das 534.520 persoas que se atopaban rexistradas naquel momento dentro dos distintos municipios da provincia de Lugo. A nivel galego, a poboación de dereito en 1936 era do redor dos 2.488.327 habitantes, o que, a nivel porcentual supón centrarse no 6,2% do conxunto da poboación das 4 provincias que a día de hoxe conforman a Comunidade Autónoma de Galicia[2].

[1] A referencia do contrato é: FPU16/01601.

[2] Os valores de poboación referidos están calculados a partir dos datos no Instituto Nacional de Estatística (INE), a través do rexistro de alteracións dos municipios nos censos de poboación. Os datos do INE para o período aparecen recollidos de dez en dez anos. Por tanto, as cifras de 1936 foron calculadas mediante a realización da media aritmética entre os cómputos demográficos

Mapa 1: concellos da área de estudo separados por partidos xudiciais (División municipal actual)



Fonte: elaboración propia

realizados para 1930 e 1940. Para máis información consultar a seguinte ligazón: INEbase. Alteraciones de los municipios [Última visita: 02/11/1936].

A escolla do territorio de traballo para tese foi realizada por 3 motivos. En primeiro lugar, pola necesidade de delimitar un espazo de estudo abarcábel que se adaptara á proposta metodolóxica deseñada. En segundo lugar, polo alto nivel de representatividade da zona de análise proposta, na que existen localidades como Viveiro, Ribadeo ou A Pontenova onde a magnitude da violencia foi moi importante e áreas, situadas fundamentalmente nas contornas de Mondoñedo e Vilalba, onde a persecución afectou dun xeito máis modesto ás súas veciñas e veciños. En terceiro e último lugar, pola complementariedade existente entre o meu proxecto de tese e outras investigacións coordenadas polo Grupo HISTAGRA, ao abeiro do Proxecto de Excelencia do Ministerio de Economía e Competitividade: "*Actitudes sociales en contextos de violencia estatal masiva: procesos de adaptación y resiliencia en la retaguardia de la Guerra Civil española*"[3]. Neste punto, estou a falar concretamente das investigacións de Conchi López, Rafael García e Aldara Cidrás, as cales, teñen influído dun xeito decisivo no presente estudo.

Alén de todo isto, a delimitación da área xeográfica de traballo realizouse, tal e como se fixera no TFG e no TFM, para tratar de alcanzar o máximo grado de rigor e profundidade posíbel[4]. Así, en concordancia coas análises micro históricas, a redución da escala pode resultar óptima para formular novas preguntas e descubrir realidades cualitativas que adoitan obviarse nas grandes análises estatísticas[5]. Deste xeito, é posíbel estudar as lóxicas concretas que determinaron os comportamentos individuais no contexto de extrema violencia que se crea após o Golpe de Estado de 1936, máis alá dos grandes condicionantes ideolóxicos e políticos, o que permite elaborar un relato dos feitos máis flexíbel e menos maniqueo[6].

---

[3] Os datos do Proxecto son: Referencia: HAR2016-80359-P. Entidade financiadora: Ministerio. Duración: 30/12/2016-29/12/2019. Financiamento: 21.780€. IP. Antonio Míguez Macho, 7 investigadores/as.

[4] Conxita Mir, *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de posguerra* (Lleida: Editorial milenio, 2000), 17-18.

[5] Carlo Ginzburg, "Microhistoria: dos o tres cosas que se de ella", *Manuscrits*, 12 (1994): 13-42. Recuperado de: Microhistoria : dos o tres cosas que sé de ella | Manuscrits: revista d'història moderna (raco.cat) [Última visita: 24/10/2022]; Ronen Man, "La microhistoria como referente teórico-metodológico. Un recorrido por sus vertientes y debates conceptuales", *Historia Actual Online*, 30 (2013): 167-173. Recuperado de: La micro-historia como referente teórico-metodológico. Un recorrido por sus vertientes y debates conceptuales - Dialnet (unirioja.es) [Última visita: 31/10/2022].

[6] Daniel Lanero Táboas, "Unha ollada á represión franquista en Galicia: motivacións e extracción social dos represores. O caso de Arzúa", *SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades*, 19 (2013): 223-

Xunto con todo isto, cómpre sinalar que a perspectiva local non se traduce necesariamente no illamento. Deste xeito, na tese non se pretende narrar a historia de 24 concellos, senón que se busca partir do local para explicar o xeral, mediante o estudo de actitudes cotiás que resulta necesario observar desde esta perspectiva[7].

O obxectivo é, por tanto, facer historia de abaixo cara arriba, coa idea de entrar en diálogo con outros estudos de ámbito provincial, autonómico, estatal e tamén local, para así poder elaborar un novo relato de validez xeral para o conxunto do territorio español ou, polo menos, para aquelas áreas que quedaron controladas polos golpistas desde os primeiros compases do conflito.

Deste xeito, ao longo do texto realizaranse numerosas comparacións entre os datos extraídos da análise das localidades escollidas para guiar o noso estudo e os dispoñíbeis para a Provincia de Lugo, Galiza e o Estado español. Para isto, combinaranse os enfoques cualitativo e cuantitativo. A vontade de cuantificación atópase especialmente presente nesta tese, así como noutros traballos publicados por quen a escribe, considerándose un recurso fundamental para aferrarse á materialidade das fontes e transcender a mera construción discursiva[8].

---

224. Recuperado de: pg_221-240_semata19.pdf;jsessionid=36E2B130C61834025E3140CDBEF8C334 (usc.es) [Última visita: 24/10/2022]. E Judith Carbajo Vázquez, "Represores. El entramado franquista en Galicia", *Memòria antifranquista del Baix Llobregat. El terror fascista en Galicia*, nº 13 (2013): 36. Recuperado de: MAF13.pdf (memoria-antifranquista.com) [Última visita: 24/10/2022].

[7] Claudio Hernández Burgos, *Franquismo a ras del suelo. Zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura (1936-1976)* (Granada: Universidad de Granada, 2013), 17. E Óscar Rodríguez Barreira, *Miserias del poder. Los poderes locales y el nuevo estado franquista 1936-1951* (Valencia: Publicacions de la Universitat de València, 2013), 205.

[8] Durante o doutoramento publicamos un total de seis capítulos en libros (un en coautoría) e un artigo de revista. Estes son: Xabier Buxeiro Alonso, "Memory and forgetting of the "paseos": places and accounts", en *Sites of violence and memory in modern Spain: from the Spanish Civil War to the Present Day*, ed. por Antonio Míguez Macho (Londres: Bloomsbury, 2021), 65-82; Xabier Buxeiro Alonso, "Denunciantes y acusadores. Un estudio sobre la colaboración social con el aparato judicial golpista", en *X Trobada Internacional Investigadorxs del Franquisme*, dir. por Ismael Saz e José Alberto Gómez Roda (Valencia: CCOOPV/UV, 2021), 253-266; Xabier Buxeiro Alonso, "El asesinato de Aurelio Fernández Fernández. Un análisis micro de la violencia golpista en el Estado español (1936-1941)", en *La memoria pública en las naciones del Estado español: protagonistas y proyectos en curso (1931-2019)*, ed. por Eduado J. Alonso Olea e Unai Belaustegi (Madrid: Silex, 2021), 123-152; Xabier Buxeiro Alonso, "Paseos, execucións e outros asasinatos. A organización e posta en marcha da maquinaria de exterminio golpista en Galiza", en *Estados de excepción y terrorismo de Estado*, comp. Por Lisandro Cañón e César Manuel Román (Córdoba (Argentina): Lago Editora, 2020), 111-137; Xabier Buxeiro, Aldara Cidrás, Rafael García e Conchi López, "La

Coa nosa investigación, pretendemos realizar un estudo do proceso violento no seu conxunto, indo alén dos enfoques tradicionais centrados na identificación e análise das vítimas. Para isto, comezaremos por explicar como se produce a toma violenta do poder. Neste punto, estudaremos os mecanismos empregados polos golpistas para se asentar ao longo do territorio e sinalaremos as diferenzas presentes na toma do poder nuns concellos fronte a outros, en caso de que estas resulten significativas.

Posteriormente, preguntarémonos sobre por que matan certas persoas e non a outras, así como sobre por que foi necesario tanto investimento en violencia. Tamén polos distintos mecanismos utilizados para a eliminación física de persoas. É dicir, sobre por que algunhas mortes son xustificadas sobre unha sentenza de pena capital mentres que outras non o son. Isto implica reflexionarmos sobre os criterios de escolla das vítimas por parte dos seus verdugos e tamén sobre a capacidade de control das autoridades sublevadas sobre os distintos axentes encargados de perseguir e asasinar a persoas tras o Golpe de Estado.

Por último, valoraremos as actitudes da cidadanía dentro do fenómeno de violencia estudado, co obxectivo de analizar ao conxunto de individuos que participaron no proceso violento. Deste xeito, estudaremos aos verdugos, é dicir, a aqueles individuos que apostaron por contribuír á expansión da violencia. Porén, non nos limitaremos a eles. Isto é debido a que na análise dos perpetradores aparecen, necesariamente, os seus contrarios, os salvadores, así coma un grande grupo de individuos que apostaron por actitudes máis ou menos neutras, que se atopan nunha especie de limbo entre ambos colectivos[9].

---

modulación de la violencia en la retaguardia de la guerra civil española (1933-1939). De "víctimas potenciales" a "salvados integrados", en *Del siglo XIX al XX. Tendencias y debates. Actas del XIV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, coord. por Mónica Moreno Seco e Dir. por Rafael Fernández Sirvent e Rosa Ana Gutiérrez Llorent (Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2019), 1894-1905; Xabier Buxeiro Alonso, "Actitudes acusatorias ante la persecución golpista en el Ayuntamiento de Ribadeo (1936-1941)", en *Naciones en conflicto, Vol. 1,* coord. por Cristina Alquézar Villarroya Daniel Aquilliué Domínguez e Pablo Aguirre Herráinz (Zaragoza: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Zaragoza, 2019), 168-186 e Xabier Buxeiro Alonso, "Os verdugos e a sociedade. A violencia sublevada en Ribadeo (1936-1941), en *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho (Vigo: Galaxia, 2018), 181-226.

[9] O termo salvadores, co sentido que se lle da na presente tese, foi introducido por Lourenzo Fernández Prieto: Lourenzo Fernández Prieto, "Ambición de saber, factores limitantes y

Todo isto, redunda na necesidade de fuxir de apriorismos. Estes, en ocasións, proceden da memoria popular. Non obstante, noutros casos, teñen a súa orixe en análises realizadas noutras partes do Estado. Estas, malia teren un carácter rigoroso, estudan espazos que non poden ser comparados de xeito automático con Galiza. Como explicaremos, a violencia rexistrada nas provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra foi anterior á existencia da Guerra en si mesma. É dicir: a violencia en Galiza tivo a súa orixe no Golpe e foi resultado da aplicación da estratexia golpista de toma violenta do poder. Dita circunstancia dota a Galiza dun interese especial para entender o plan violento deseñado para por parte dos sublevados. Con todo, as disparidades entre a presente tese de doutoramento, con moitos dos libros e artigos publicados sobre a violencia golpista, non son o resultado dunha suposta peculiaridade galaica, senón dunha determinada aproximación metodolóxica, que condiciona o tratamento das fontes documentais.

Deste xeito, podemos dicir que estamos ante un traballo que pretende construír un novo relato sobre a violencia golpista, ou máis ben, que pretende contribuír á súa construción a partir dunha nova proposta de aproximación á realidade documental dispoñíbel. Dita proposta foi elaboraba en colaboración con distintos integrantes do grupo HISTAGRA, os cales, levamos anos debatendo e investigando, de xeito conxunto, co obxectivo de entender os porqués da violencia sublevada, así como o papel xogado pola cidadanía en todo este proceso.

Sobre estas bases a tese divídese en 3 grandes capítulos. O primeiro destes céntrase en explicar como se produciu a toma do poder polos sublevados, ou o que é o mesmo, aborda a análise da materialización do Golpe de Estado de 1936 na Galiza, a Provincia de Lugo e os 24 concellos seleccionados. Un segundo capítulo trata de explicar os porqués dos asasinatos, así coma cales foron os distintos mecanismos que se puxeron en marcha para proceder á eliminación física de persoas após o inicio do conflito. Por último, o terceiro capítulo da tese estuda a organización da maquinaria de persecución e a selección das vítimas a través, fundamentalmente, dos procesos militares. Alén disto, estuda os niveis de

necesidad de un nuevo relato sobre la "Guerra Civil", en *Ni verdugos ni víctimas. Actitudes sociales ante la violencia del Franquismo a la Dictadura argentina*, ed. Antonio Míguez Macho (Granada: Comares Historia, 2016), 137-152.

colaboración da cidadanía cos procesos de acusación e denuncia a través dos procesos de denuncia e acusación presentes nos sumarios analizados.

Finalmente, polo que respecta á cronoloxía, decidimos marcar (e así figura no título da tese) un punto de inicio mais non unha data de peche para a nosa investigación. Isto é debido a que consideramos que se trataría de algo arbitrario e non demasiado relevante. Nos Traballos de Fin de Grao e Máster apostamos por encadrar a nosa análise entre 1936 e 1941, estabelecendo como punto final o último dos asasinatos estudados para o Concello de Ribadeo. No plan de investigación, que deseñamos antes de iniciar o doutoramento, pensamos en estender a nosa análise até o ano 1959, até o momento da aprobación da Lei de Orde Público, a raíz da cal se lle retirou aos tribunais militares (en favor dos civís) a competencia para xulgar boa parte dos delitos sobre os que estiveran a sentenciar desde a declaración ilegal do Estado de Guerra por parte dos militares rebeldes. Porén, rexeitamos esta idea debido a que non consideramos pertinente (dada a enorme magnitude do noso obxecto de estudo) analizar a persecución do movemento de resistencia armada ao Franquismo ao longo dos anos corenta e cincuenta[10].

Deste xeito, entendemos que a data que serve de núcleo para a nosa investigación é 1936, por ser o ano do Golpe, o punto de inflexión que condiciona a violencia posterior destinada á toma e conservación do poder, así como á transformación radical da sociedade do momento. Isto, segundo a nosa opinión, é o que se pode chamar propiamente violencia golpista, un termo que define un tipo persecución que vai máis alá da represión política (incluso da practicada polo Franquismo e outros réximes ditatoriais) e que se encadra no ciclo de extrema violencia que provocou o ascenso dos fascismos en Europa.

[10] A guerrilla antifranquista na Galiza é un tema que ten espertado o interese investigador desde hai décadas, con obras de sinalada importancia como a de Hartmut Heine, *A guerrilla antifranquista en Galicia* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1980). O último dos traballos publicados aos que tivemos acceso é o redactado por Eliseo Fernández e Dionisio Pereira, que analiza os primeiros intentos de resistencia armada contra as autoridades sublevadas: Eliseo Fernández e Dionisio Pereira, *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)* (Santiago de Compostela: Companha Editora, 2022).

2. Estado da cuestión

O estado da cuestión é un apartado que se inclúe nas teses de doutoramento para dar conta do conxunto de publicacións realizadas sobre un tema. Dita pretensión é difícil de cumprir se o obxecto de estudo ao que nos enfrontamos é o Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, a Guerra Civil ou a chamada "represión franquista"[11]. Deste xeito, "*está admitido que ningún otro acontecimiento de la historia española contemporánea ha suscitado tanta escritura (y otras tantas manifestaciones testimoniales) dentro y fuera del ámbito español*"[12].

Desde os primeiros momentos, ambos bandos tiveron clara a importancia da propaganda, o que se traduciu na publicación de numerosas crónicas destinadas a destacar a lexitimidade das posturas propias, así como a obter o máximo numero de apoios posíbel, tanto no interior coma no exterior das fronteiras do Estado.

Durante o transcurso da Guerra, a maquinaria de propaganda sublevada empregou notábeis esforzos para difundir os supostos horrores perpetrados nas zonas que quedaran baixo o control do goberno da República após o Golpe. A idea era crear unha imaxe do inimigo, do *rojo*, na que este fora caracterizado coma un criminal sen escrúpulos, culpábel de asasinatos, vexacións, roubos e destrucións do patrimonio. Para isto os cronistas a soldo dos sublevados comezaron a publicar informes nos que se relataban os crimes cometidos nas distintas localidades que os sublevados foran conquistando no seu avance cara Madrid, durante os primeiros meses do conflito[13].

Sobre estas bases, foise creando unha doutrina que caracterizaba o marxismo coma un virus procedente do estranxeiro, esforzo que redundaba na definición do colectivo de opositores ao Golpe en termos patolóxicos. Os *rojos* eran así considerados criaturas infectas que presentaban deformacións físicas e cheiros

[11] Juan Andrés Blanco Rodríguez, "Apéndice. El registro historiográfico de la guerra civil, 1936-2004", en *Guerra Civil. Mito y Memoria*, ed. por Julio Aróstegui e François Godicheau (Madrid: Marcial Pons, 2006), 373.

[12] Julio Aróstegui e François Godicheau, introdución a *Guerra Civil. Mito y memoria* (Madrid: Marcial Pons, 2006), 17.

[13] Francisco Sevillano, *La representación del enemigo en la Guerra Civil* (Madrid: Alianza Editorial, 2007), 43-45.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

pestilentes[14]. Esta imaxe está claramente presente en obras literarias escritas décadas despois, tal e como ilustra este fragmento do libro de Agustín de Foxá *Madrid, de corte a checa*, editado en 1973:

> Era el día de la revancha, de los débiles contra los fuertes, de los enfermos contra los sanos, de los brutos contra los listos. Porque odiaban toda superioridad. En las "checas" triunfaban los jorobados, los bizcos, los raquíticos y las mujerzuelas sin amor, de pechos flácidos que jamás tuvieron la hermosura de un cuerpo joven en los brazos […] Algo satánico animaba a aquellos hombres. Parecían un caso colectivo de posesión diabólica. Tenían reflejos rojos en sus caras renegridas y una sonrisa feroz, casi con espuma de salivilla. Olían a sangre, a sudor, a alpargatas[15].

Dentro do vórtice propagandístico dos primeiros meses do conflito, as autoridades do auto denominado Goberno Nacional de Burgos elaboraron, xa en 1936, "*A preliminary official report on the atrocities committed in Southern Spain in July and August, 1936, by the communist forces of the Madrid Government"*. Este texto foi publicado en Londres pola editorial Eyre and Spottiswoode. O seu obxectivo era culpar ás autoridades republicanas de diversas matanzas, negar ou minimizar a compoñente fascista da Sublevación, presentando aos militares sublevados como simples defensores dos valores cristiáns, e destacar a conveniencia dun hipotético trunfo golpista para o conxunto da rexión de Europa occidental[16].

A labor propagandística das autoridades sublevadas tivo o seu contrapunto, como é lóxico, na propaganda republicana, que deixou para a posteridade obras como *Lo que han hecho en Galicia. Episodios de terror blanco en las provincias gallegas contados por quienes los han vivido,* de autoría anónima, *Un año con Queipo. Memoria de un nacionalista*, escrita polo antigo Delegado de propaganda do xeneral Queipo de Llano Antonio Bahamonde y Sánchez de Castro *ou Doy fé... Un año de actuación*

[14] Miguel Ángel del Arco Blanco, *Hambre de siglos. Mundo rural y apoyos sociales del Franquismo en Andalucía oriental (1936-1951)* (Granada: Comares Historia, 2007), 47.
[15] Agustín de Foxá, *Madrid, de corte a checa* (Madrid: Editorial Prensa Española, 1973), 234.
[16] Authority of the Comite of investigation appointed by the National Government at Burgos, *A preliminary official report on the atrocities committed in Southern Spain in July and August, 1936, by the communist forces of the Madrid Government* (London: Eyre and Spottiswoode, 1936).

de la España nacionalista, redactada por Antonio Ruíz Villaplana, secretario do xulgado de instrución de Burgos no ano 1936.

Estas narracións, malia basearse en feitos reais e ser redactas por testemuñas directas dalgúns dos episodios relatados, non poden considerarse obras de análise, xa que aportan unha imaxe adulterada do Golpe de Estado e non buscan realizar aproximacións rigorosas e contrastadas, senón denunciar, en ocasións recorrendo a datos falsos, a enorme magnitude da violencia golpista[17].

A pugna dialéctica entre os cronistas partidarios da sublevación militar e os seus contrarios pro republicanos resolveuse, ao igual que a Guerra en si mesma, en favor dos golpistas. Deste xeito, a súa pasou a ser a verdade oficial e o Golpe de Estado, perpetrado contra un goberno legal e lexítimo, converteuse nunha "Cruzada de Liberación Nacional" contra o denominado "terror rojo"[18].

A descrición do Golpe e a Guerra Civil nestes termos foi o canon das primeiras décadas do réxime franquista. Baixo este paraugas discursivo foron redactadas obras de enorme influencia nos anos posteriores entre as que cómpre destacar o extenso traballo de Joaquín Arrarás *Historia de la Cruzada Española*, así como dous libros que describen o Golpe e a Guerra en Galiza desde a perspectiva golpista: *Galicia y el movimiento nacional*, do sacerdote Manuel Silva Ferreiro e *Galicia en la Guerra*, do falanxista Luís Moure Mariño[19].

Estes traballos, malia carecer do máis mínimo rigor e aparato crítico constitúen documentos de enorme valor para os estudos sobre a violencia golpista, entre os cales se inclúe a presente tese doutoral. Alén disto, a súa importancia reside en que constituíron o primeiro dos relatos contra os que tivo

[17] Anónimo, *Lo que han hecho en Galicia. Episodios de terror blanco en las provincias gallegas contados por quienes los han vivido* (Buenos Aires: Editorial de prensa al servicio de la República Española, 1938); Antonio Bahamonde y Sánchez de Castro, *Un año con Queipo. Memorias de un nacionalista* (Barcelona: Ediciones Españolas, 1938) e Antonio Ruíz Villaplana, *Doy fe… Un año de actuación de la España nacionalista* (París: Édition Imprimiere Coopérative Étoile, 1937).

[18] Javier Rodrigo, "España era una patria enferma. La violencia de la Guerra Civil y su legitimación en la extrema derecha española: entre historia, representación y revisionismo", *Jerónimo Zurita. Revista de Historia* 84 (2009): 192-195.

[19] Joaquín Arrarás Iribarren, *Historia de la Cruzada Española* (Madrid: Ediciones Españolas, 1942), Manuel Silva Ferreiro, *Galicia y el movimiento nacional. Páginas históricas* (Santiago de Compostela: Imprenta y encuadernación del Seminario Conciliar, 1938) e Luís Moure Mariño, *Galicia en la Guerra* (Madrid: Ediciones Españolas, 1939).

que loitar a historiografía, no seu intento de reconstruír un dos episodios máis importantes da historia de España.

2.1.Xogando á contra: a historiografía sobre a violencia golpista

> Nadie puede objetar nada a la justicia que ahorca en Nuremberg a los jerarcas nazis culpables de crímenes horrendos. Nadie hubiese tenido nada que objetar, tampoco, si, de ser diferente la suerte de las armas, quienes dejaron caer las bombas atómicas en Hiroshima y Nagasaki hubieran sido decapitados en Londres o Nueva York. El triunfo glorifica a quienes lo alcanzan en la misma medida que la derrota convierte en criminales a cuantos la sufren[20].

Como dicía nas súas memorias o xornalista e antigo preso franquista Eduardo de Guzmán, a historia é escrita polos vencedores. Isto é unha verdade a medias, porque os vencedores de hoxe poden ser os perdedores de mañá e os relatos oficiais sobre o pasado poden sufrir mudanzas a consecuencia dos cambios nos equilibrios de poder.

Isto é, precisamente, o que ten acontecido co relato sobre o Golpe, a Guerra Civil e a violencia golpista[21]. Malia que algúns autores, cun importante éxito en determinados sectores sociais, coma César Vidal ou Pío Moa, se empeñen en reproducir antigos mitos creados durante o Franquismo, o certo é que a historiografía ten sido capaz de amosar a falsidade dos distintos discursos creados co obxectivo de xustificar a rebelión militar do 18 de xullo de 1936, así como de ocultar ou lexitimar a violencia perpetrada polos golpistas.

A posta en cuestión da liña oficial do Réxime tivo os seus primeiros éxitos na década de 1960, grazas, en parte, a hispanistas británicos como Hugh Thomas, que en 1961 publicaba o libro *The Spanish Civil* War e Raymond Carr, autor do traballo *Spain 1808-1939*, que vería a luz 5 anos despois do primeiro, en 1966[22].

---

[20] Eduardo de Guzmán, *Nosotros los asesinos* (Madrid: G. Del Toro Editor, 1976), 6.

[21] François Godicheau, "Guerra Civil, guerra incivil: la pacificación del nombre", en *Guerra Civil. Mito y memoria*, ed. por Julio Aróstegui e François Godicheau (Madrid: Marcial Pons, 2006), 137-138.

[22] Hugh Thomas, *The Spanish Civil War* (London: Eyre & Spottiswoode, 1961) e Raymond Carr, *Spain 1808-1939* (Oxford: Oxford University Press, 1966).

Ambas obras enmárcanse dentro dunha liña de estudos inaugurada en 1943 por Gerald Brenan co seu libro *The Spanish Labyrinth. An Account of the Social and Political Background of the Spanish Civil War*[23]. Estes autores completaron un baleiro historiográfico imposto aos historiadores residentes en España pola férrea censura franquista, mais tiveron que traballar nunhas condicións marcadamente adversas, condicionadas polas restricións no acceso aos arquivos para os investigadores que non se consideraban adscritos ao discurso oficial fixado polas autoridades da Ditadura[24].

As dificultades para realizar estudos en condicións de normalidade foron suplidas por estes autores coa brillantez das súas análises. Isto pon de manifesto que na investigación histórica o principal son as preguntas, as hipóteses de partida coas que as investigadoras e investigadores interrogan ás fontes; condición necesaria para a realización dunha investigación verdadeiramente analítica, que non se limite a presentar feitos pola técnica do "corta e pega"[25].

Sobre estas bases, os hispanistas británicos conseguiron derrubar os cimentos do relato da "Cruzada de Liberación Nacional". Alén dos traballos citados, cómpre resaltar outra obra: *El mito de la cruzada de Franco*, publicada no ano 1963 polo historiador e xornalista estadounidense Herbert Southworth. Esta obra conseguiu desmontar os distintos argumentos cos que as autoridades franquistas se tiñan lexitimado até o momento, amosando as súas contradicións, así como a debilidade das fontes nas que afirmaban apoiarse[26]. Isto animou ás autoridades golpistas a impulsar un novo tipo de estudos, que transcenderan a mera propaganda e que se axustaran, en maior medida, á información aportada polas fontes[27].

---

[23] Gerald Brenan, *The Spanish Labyrinth. An Account of the Social and Political Background of the Spanish Civil War* (Cambridge: Cambridge University Press, 1943).

[24] Sebastian Balfourd, "El hispanismo británico y la historiografía contemporánea en España", *Ayer* 31 (1998), 170-173. Recuperado de: 31-9-ayer31_EspanaLaMiradaOtro_Sanz.pdf (revistaayer.com) [Última visita: 01/11/2022].

[25] Herman Paul, *La llamada del pasado. Claves de la teoría de la historia* (Zagaroza: Institución Fernando el Católico, 2016), 95,146.

[26] Juan Andrés Blanco Rodríguez. "La Historiografía de la guerra civil española", *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea*, 7 (2007): 745-746. Recuperado de: Hispanianova nº 7 - año 2007 (rediris.es) [Última visita: 31/10/2022].

[27] Jesús Izquierdo Martín e Pablo Sánchez León, *La Guerra que nos han contado. 1936 y nosotros* (Madrid: Alianza Editorial, 2006), 64-72.

O cambio de orientación discursiva do Réxime produciuse no contexto de conmemoración dos XXV anos de paz, en 1964. Tras máis de 2 décadas do final da Guerra, as autoridades franquistas apostaron por desviar a súa fonte de lexitimidade desde a vitoria pola forza das armas cara a paz e a suposta mellora económica que se producira en España tras o final do conflito[28]. Neste contexto intelectual, comézase a considerar máis pertinente o uso do termo "Guerra Civil", para denominar o conflito armado que se iniciara após o Golpe do dezaoito de xullo de 1936, un concepto que, até o momento, fora criticado por distintos propagandistas do Réxime, coma Francisco Bonmartí de Codecido:

> Esta guerra nuestra, a la que la inconsciencia sigue llamándole aún "guerra civil", es una auténtica guerra de independencia. Hemos sido invadidos por el bolchevismo asiático. Es decir, hemos sido víctimas del hecho nuevo de la invasión vertical, la invasión que reclutó sus hombres dentro del propio pueblo español y que los lanzó a una lucha criminal contra las esencias tradicionales de la Patria[29].

Porén, o perfil político dos gobernantes españois nos anos sesenta era sensibelmente diferente do existente dúas décadas atrás. Neses anos España proxectaba unha imaxe de mellora económica, de relaxamento nas prácticas represivas e de apertura ao mundo a través do turismo. A sociedade mudara e a oposición tamén. O Partido Comunista de España (PCE) abandonara a súa táctica de confrontación armada coa Ditadura e apostaba, desde 1956, pola Política de Reconciliación Nacional[30].

Deste xeito, a oposición ao Réxime pasou de situarse nos montes a se concentrar ao redor das universidades e dos centros de traballo. Neste contexto, foi consolidándose unha segunda tese explicativa que renomeou a Cruzada de Liberación Nacional co termo, aparentemente neutro, de Guerra Civil. O novo paradigma repartía as responsabilidades (aínda que dun xeito asimétrico) entre "nacionais" e "republicanos" e lanzaba unha idea de enorme éxito: todos fomos

[28] Julio Prada Rodríguez, *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra* (Madrid: Alianza Editorial, 2010), 42.

[29] Francisco Sevillano, *La representación del enemigo...*¸ 32.

[30] Santos Juliá, "De guerra contra el invasor" a "guerra fratricida", en *Víctimas de la Guerra Civil*, coord. por Santos Juliá (Madrid: Temas de Hoy, 1999), 43-48.

culpábeis[31]. Non obstante, os republicanos seguían a ser o inimigo, os culpábeis do inicio do conflito e os responsábeis da maior parte das vítimas, tal e como se detallará posteriormente neste traballo.

A interpretación da Guerra Civil como drama colectivo do pobo español foi unha construción discursiva creada polo propio Franquismo, como resposta ás investigacións do hispanismo británico[32]. A súa supervivencia, con bastante vitalidade, até os nosos días explícase polos cambios a nivel internacional mais tamén no plano interno. O que se produciu, por tanto, foi unha confluencia entre os relatos do Franquismo e a oposición. Deste xeito, a pugna discursiva entre ambos modelos quedou mediatizada polos axiomas do discurso da guerra fratricida.

Para dotar de contido ao novo marco discursivo da Ditadura a respecto da Guerra creouse, por iniciativa do Ministerio de Información e Turismo, presidido por Manuel Fraga, o Centro de Estudos da Guerra Civil, denominación esta que respondía claramente ao novo canon terminolóxico que se pretendía implantar[33]. Baixo o novo paradigma, autores próximos ao Réxime como Ricardo de la Cierva produciron obras que afondaban na idea da Guerra Civil como drama colectivo que nunca debía volver producirse, contribuíndo a fixar un dos dogmas máis importantes que condicionaron as investigacións das décadas seguintes[34].

A solución de que os distintos bandos enfrontados na Guerra Civil tiveran a súa parte de culpa e que o futuro de España pasaba por aparcar o pasado e mirar unidos cara o futuro, cadraba á perfección co chamado espírito da Transición, representado polas forzas políticas que remataron por se converter en maioritarias nas eleccións que seguiron á morte do ditador Francisco Franco[35].

A ameaza involucionista representada polo intento de Golpe de Estado do 23 de febreiro de 1981 e a vitoria do PSOE de Felipe González ao ano seguinte,

---

[31] Eduardo González Calleja, *Cifras cruentas. Las víctimas mortales de la violencia sociopolítica en la Segunda República española (1931-1936)* (Granada: Comares Historia, 2015), 26-28.
[32] Jesús Izquierdo Martín e Pablo Sánchez León, *La Guerra que...*, 42.
[33] Javier Rodrigo, "España era un patria...", 201.
[34] Pablo Sánchez León, "La objetividad como ortodoxia: los historiadores y el conocimiento de la guerra civil española", en *Guerra Civil. Mito y memoria*, ed. por Julio Aróstegui e François Godicheau (Madrid: Marcial Pons, 2006), 99-117.
[35] Paloma Aguilar, "Presencia y ausencia de la guerra civil y del franquismo en la democracia española. Reflexiones en torno a la articulación y ruptura del pacto de silencio", en *Guerra Civil. Mito y memoria,* ed. por Julio Aróstegui e François Godicheau (Madrid: Marcial Pons, 2006), 251.

USC

remataron por consolidar un sentir social que avogaba por deixar o pasado a un lado e concentrar esforzos na construción en paz da nova democracia[36].

A consolidación tácita deste pacto de esquecemento non impediu que algunhas das vítimas seguisen interesadas en preservar a súa memoria, deixando as súas vivencias por escrito[37]. Nin tampouco que existisen persoas, nalgúns casos apoiadas por sindicatos e partidos de esquerda, que se decidiran por recuperar os restos dos seus familiares asasinados, continuando cunha práctica que pode rastrexarse tamén para os anos da Ditadura[38].

Alén disto, o interese en narrar o pasado non desapareceu, nin entre os autores con simpatías pola Segunda República, que buscaban demostrar a enorme magnitude da violencia golpista, nin entre os escritores que se situaban en posturas máis proclives a defender unha visión amábel do papel xogado polos sublevados durante a Guerra Civil.

Entre estes últimos, o máis coñecido é o xeneral Ramón Salas Larrazabal que intentou clausurar o debate con obras aparentemente rigorosas e obxectivas con títulos tan ambiciosos como *Los datos exactos de la Guerra Civil* e *Pérdidas de la Guerra*. Resulta significativo sinalar aquí as liñas que dan comezo a este último libro: "*Cuando se unen la misericordia y la verdad florecen la justicia y la paz"* e *"A Lali, que me ha dado una numerosa descendencia, para la que espero que los estragos de la Guerra Civil sean sólo un lejano e irrepetible pasado*"[39].

A tese de Salas, en resumo, era que as cifras amosaban que ambos bandos tiveran a súa parte de culpa, mais que as autoridades republicanas tiñan a

[36] Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego, "Sabemos poco del pasado incómodo. Otras miradas sobre el Golpe, la Guerra y la Dictadura", en *Otras miradas sobre Golpe, Guerra y Dictadura. Historia para un pasado incómodo*, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego (Madrid: Catarata, 2014), 15.

[37] Un exemplo disto témolo no libro de Pedro Piedras Monroy, *La siega del olvido. Memoria y presencia de la represión* (Madrid: Siglo XXI, 2021).

[38] A práctica de exhumacións durante os anos da Transición atópase referenciada no traballo de Mirta Núñez, "Representaciones de la memoria", en *Diccionario de memoria histórica. Conceptos básicos contra el olvido*, coord. por Rafael Escudero Alday (Madrid: Catarata, 2011), 34. As exhumacións en época franquista aparecen referidas no artigo de Iria Morgade Valcárcel, "Rosa Branca. Accións colectivas da memoria na Transición: vítimas sen verdugos", en *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho (Vigo: Galaxia, 2018), 369-370.

[39] Ramón Salas Larrazabal, *Los datos exactos de la Guerra Civil* (Madrid: Ediciones Rioduero. Fundación Luís Vives de Estudios Sociales, 1980) e Ramón Salas Larrazabal, *Pérdidas de la Guerra* (Barcelona: Planeta, 1977).

responsabilidade dun número de vítimas maior. Segundo el, os "nacionais" acabaran coa vida de 57.808 persoas, mentres que os "gobernamentais" provocaran 72.337 vítimas mortais[40]. Os seus cálculos, baseados teoricamente en datos procedentes do Instituto Nacional de Estatística (INE), comezaron a ser cuestionados desde moi cedo grazas a distintos estudos rexionais que se foron publicando ao longo dos anos oitenta, no contexto de apertura democrática que se deu no Estado após a morte de Franco[41].

A crítica das cifras de Salas foi o *leitmotiv* principal para a aparición de numerosas investigacións locais sobre a violencia perpetrada nas áreas do Estado controladas polos sublevados, as cales, viron a luz fundamentalmente entre os anos 1987 e 1996[42]. Estes estudos da "represión", que se publicaron ao longo dos anos oitenta e noventa, serviron para poñer en tela de xuízo as súas conclusións, así como para amosar as súas eivas metodolóxicas. Finalmente, a senda marcada por todos estes traballos alcanzou o seu punto culminante no ano 1999, coa publicación da clásica obra *Víctimas de la Guerra Civil*, que estivo coordenada por Santos Juliá[43].

Coa chegada do século XXI, o interese por coñecer máis sobre a violencia implantada no contexto do Golpe de Estado de 1936 e a Guerra Civil non ten desaparecido en absoluto. Ao contrario, ten experimentado un crecemento moi significativo. De feito, o que se ten producido é un cambio de tipo cualitativo e non só cuantitativo.

No ano 2000 tivo lugar a primeira exhumación dunha foxa común da Guerra Civil española de acordo a criterios metodolóxicos científicos[44]. Estes traballos partiron da iniciativa do xornalista Emilio Silva e da súa insistencia por exhumar o cadáver do seu avó, que fora asasinado e sepultado nunha foxa común da localidade de Priaranza del Bierzo, na provincia de León. Esta acción propiciou

[40] Francisco Espinosa, "La represión franquista: un combate por la historia y la memoria", en *Violencia roja y azul. España 1936-1950*, ed. por Francisco Espinosa (Barcelona: Crítica, 2010), 17.
[41] Julián Chaves Palacios, "Historiografía sobre la Guerra Civil, 1936-1939: Extremadura", *Anales de Historia Contemporánea* 4 (Primavera, 2004): 90. Recuperado de: Historiografía sobre la guerra civil 1936-1939: Extremadura | Historia Actual Online (historia-actual.org) [Última visita: 02/11/2022].
[42] Francisco Espinosa, "La represión franquista...", 21.
[43] Javier Rodrigo, *Cruzada, paz, memoria. La guerra civil en sus relatos* (Granada: Comares Historia, 2013), 108.
[44] Francisco Etxeberria Gabilondo, "Políticas de memoria", en *Diccionario de memoria histórica. Conceptos contra el olvido,* coord. por Rafael Escudero Alday (Madrid: Catarata, 2011), 77.

a constitución da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH). 3 anos despois, en 2003, xurdía a outra grande asociación memorialista de ámbito estatal: o Foro pola Memoria, vinculada ao Partido Comunista de España (PCE).

Alén disto, na primeira década do século XXI iniciáronse grandes proxectos memorialistas en diversas comunidades autónomas como Estremadura, Andalucía, Cataluña, Aragón, País Vasco e tamén Galiza, co Proxecto Nomes e Voces[45].

Todo isto levou á aparición dun novo relato sobre a Guerra Civil, o chamado relato de "recuperación da memoria histórica". O relato da "recuperación da memoria histórica", partiu da idea de que na Transición se producira un esquecemento pactado, por certas elites e de forma allea ao sentir maioritario da sociedade, que debía ser reparado polos gobernos democráticos no século XXI. Esta proposta comezou a se aplicar por parte do goberno do Estado após a vitoria electoral do presidente socialista José Luís Rodríguez Zapatero no ano 2004[46].

O relato da recuperación da memoria histórica supón o cuarto gran esquema explicativo da Guerra Civil e a violencia Golpista. Os 3 anteriores foron o relato da vitoria, que entendía a Guerra coma unha Cruzada de Liberación nacional, o dos XXV anos de paz, que introducía o termo guerra civil e a interpretación fratricida do conflito, e o relato da Transición que, sobre as bases do anterior, apostaba pola superación dun pasado considerado incómodo[47].

En todos estes períodos a historiografía xogou á contra, rebatendo dun xeito máis que satisfactorio os mitos creados pola propaganda Franquista. Deste xeito, foi quen de amosar a falsidade das aproximacións daqueles autores que orientaran as súas investigacións co obxectivo de minimizar o impacto da violencia dos sublevados na sociedade española. A cantidade de traballos publicada é inxente como non podía ser doutro xeito. "*La propaganda de la Guerra*

[45] Francisco Espinosa, "La represión franquista...", 30.
[46] Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego, "Sabemos poco...", 16-17.
[47] Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Macho e Dolores Vilavedra Fernández, *1936. Un nuevo relato* (Zaragoza: Unidad de publicaciones de la Universidad de Zaragoza, 2020), 14.

Civil ha sido tan intensa, que el esfuerzo historiográfico por abrirse paso en medio de tanta justificación ideológica tiene forzosamente que ser igual de intenso y constante"[48].

Con todo, queda moito por saber, sobre todo, en ámbitos coma o estudo dos perpetradores da violencia golpista e a súa relación coa sociedade, os cales, se atopan moito menos traballados. Dita realidade deriva, na nosa opinión, do enfoque xeral do groso das investigacións existentes até o momento, é dicir, da dinámica de acción reacción que caracterizou á historiografía sobre o Golpe, a Guerra Civil e a violencia desde os seus inicios. Deste xeito, o traballo das investigadoras e investigadores ten sido un éxito á hora de amosar a falsidade da propaganda do Franquismo. Porén, como trataremos de explicar ao longo desta investigación, non ten sido capaz de desligarse das regras de xogo impostas polos propios verdugos, aceptando a necesidade de exculpar a unhas vítimas que só foran culpábeis de defender a Lei e a Democracia.

2.2.Desde as vítimas até o perpetradores. A busca dun novo relato

O debate acerca das cifras de vítimas ten sido unha constante nos distintos estudos sobre os fenómenos de violencia masiva. Tal circunstancia é doada de entender. Por unha banda, o estabelecemento do número de persoas afectadas por un determinado episodio violento constitúe un indicador tremendamente pertinente para valorar as dimensións do proceso estudado. Por outra banda, permite a fixación dunhas bases homologábeis que posibilitan a comparación con outras dinámicas persecutorias de semellante natureza[49].

[48] Alberto Reig Tapia, *Memoria de la guerra civil. Los mitos de la* tribu (Madrid: Alianza Editorial, 1999), 22.

[49] José Babiano et al., *Verdugos impunes. El Franquismo y la violación sistemática de los derechos humanos* (Barcelona: Pasado y presente, 2018), 90.

2.2.1. *Spain is not so different*. A necesidade de comparación nos estudos sobre a persecución golpista

A ruptura do illamento interpretativo resulta nun exercicio especialmente interesante que permite discutir tópicos sobre a violencia golpista tendentes a presentar o sucedido, após a sublevación militar do 18 de xullo de 1936, coma o resultado da brutalidade inherente á personalidade do pobo español[50]. Fronte a isto, numerosas investigacións teñen posto de manifesto a necesidade de estudar a persecución implantada polas autoridades sublevadas en relación con outras experiencias de extrema violencia perpetradas en contextos externos ao Estado español[51]. Así, como sinala Javier Rodrigo: "*si la guerra española es un paradigma lo es en todo caso por comparación*"[52].

É necesario partir da base de que o Golpe de Estado de xullo de 1936 pretendía implantar un modelo de goberno que superara a democracia liberal, inspiración política que os sublevados compartían cos movementos fascistas da Europa da época[53]. Por tanto, o que se buscaba era ir máis alá dun clásico pronunciamento militar de estilo decimonónico, para acadar un cambio completo na estrutura social[54].

---

[50] José Luís Ledesma Vera, "¿Cuchillos afilados? De violencias, guerra civil y culturas bélicas en la España del primer siglo XX", en *Guerras Civiles. Una clave para entender la Europa del siglo* XX, ed. por Jordi Canal y Eduardo González Calleja (Madrid: Casa de Velazquez, 2021), 90.

[51] Como exemplos podemos citar a Lourenzo Fernández Prieto, "Ambición de saber...", 137 e Ángela Cenarro, "Fascismo, Franquismo y Poder Local (1936-1949): Un ejercicio comparativo", *International journal of Iberian studies* 10, nº 3 (1997): 147-148.

[52] Javier Rodrigo, "Guerra al civil. La España de 1936 y las guerras civiles europeas (1917-49)", en *Políticas de la violencia. Europa, siglo XX*, ed. por Javier Rodrigo (Zaragoza: Universidad de Zaragoza, 2014), 150.

[53] Lourenzo Fernández Prieto, "De pasados incómodos difíciles de definir", *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea*, 10 (2013): 618. Recuperado de: Hispania Nova - nº 10, año 2012 (rediris.es) [Última visita: 05/11/2022].

[54] Este idea está presente en numerosos autores. A modo de exemplo: Julio Prada Rodríguez, *Geografía de la represión franquista en Galicia* (Madrid: Catarata, 2011), 103; Carlos Gil Andrés, "Vecinos contra vecinos. La violencia en la retaguardia riojana durante la Guerra Civil", *Historia Política: Ideas, procesos y movimientos sociales,* 16 (2006): 109-130. Recuperado de: Vecinos contra vecinos: La violencia en la retaguardia riojana durante la Guerra Civil - Dialnet (unirioja.es) [Última visita 05/11/2022] e Carlos Gil Andrés, "La zona gris de la España azul. La violencia de los sublevados en la Guerra Civil", *Ayer* 76 (2009): 135-153. Recuperado de: 76-4-Ayer76_RetaguardiaCulturaGuerra_Rodrigo.pdf (revistaayer.com) [Última visita: 05/11/2022].

Franco entendía que a Guerra era un medio para un fin: redimir ao pobo español[55]. As súas palabras son tremendamente elocuentes acerca do obxectivo que o Golpe tiña a medio e longo prazo: sentar as bases dunha nova sociedade na que fose imposíbel o éxito de calquera proxecto revolucionario que se puidese producir nun futuro hipotético, máis ou menos distante no tempo[56].

Deste xeito, o que remataría por se converter en ditador até 1975 consideraba, tal e como lle manifestou ao embaixador italiano Roberto Cantalupo, que a extensión da guerra no tempo permitía extirpar o cancro que infectaba á Patria[57]. Similares argumentos foron referidos polo tenente coronel Juan Yagüe, executor da Matanza de Badaxoz: "*El hecho de que la conquista de España por el Ejército se produzca con tanta lentitud tiene esta ventaja: nos da tiempo para depurar completamente al país de todos los elementos rojos*"[58].

Para lograr os seus obxectivos os golpistas apostaron desde os primeiros momentos pola extrema violencia. Isto non significa que as masacres perpetradas poidan explicarse soamente en función das necesidades bélicas de conquista e ocupación dos distintos territorios[59].

Como sinala Rafael Cruz, as campañas de aniquilación do inimigo non foron nunca necesarias ou imprescindíbeis para a vitoria de ningún exército en guerra. No caso español, puideron ter sido substituídas por detencións masivas, algúns asasinatos e a utilización permanente do recurso á ameaza de novas represalias[60]. Porén, os sublevados tiñan unha idea oposta a esta. As palabras do xeneral golpista Gonzalo Queipo de Llano son claras neste sentido. Así, nunha carta dirixida ao xeneral José López Pintos escribía: "*¡Esto se acaba! Lo más que durará*

[55] Erik Zubiaga Arana, "*Lo que no pudo hacer Zumalacárregui, lo vamos a hacer nosotros.* El "castigo", la "conquista de almas" y las actitudes sociales en Bizkaia durante la inmediata posguerra (1937-1942), en *Ni verdugos ni víctimas. Actitudes sociales ante la violencia, del Franquismo a la dictadura argentina*, ed. por Antonio Míguez Macho (Granada: Comares, 2016), 84.
[56] Francisco Sánchez Pérez, "¿Una guerra realmente inevitable?", en *Los mitos del 18 de julio*, coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona, Crítica, 2013), 11.
[57] Julio Prada Rodríguez, *La España masacrada...,* 116-117.
[58] Gutmaro Gómez Bravo e Jorge Marco, *La obra del miedo. Violencia y sociedad en la España Franquista (1936-1950)* (Barcelona: Ediciones Península, 2010), 68.
[59] Michael Richards, *Un tiempo de silencio. La guerra civil y la cultura de represión en la España de Franco, 1936-1939* (Barcelona: Crítica, 1999). 37-38, Stathis N. Kalyvas, *La lógica de la violencia en la guerra civil* (Madrid: Akal, 2010), 39, 42 e Carlos Gil Andrés, "Vecinos contra vecinos...", 114-115.
[60] Rafael Cruz, "Las campañas rebeldes de aniquilación de enemigo", *Ayer* 76 (2009): 81.

son diez días. Para esa época es preciso que hayas acabado con todos los pistoleros y comunistas"[61].

A enorme magnitude da violencia rexistrada no conxunto do Estado español após a Sublevación militar do 18 de xullo ten provocado extensos debates acerca da súa natureza e definición. Tradicionalmente, o termo empregado para falar da persecución golpista ten sido o de "represión". A palabra represión é un concepto inicialmente neutro. Consiste simplemente no uso de medios coercitivos por parte dun determinado poder para impoñer a súa vontade sobre un colectivo humano ao que controla, xa sexa de *iure* ou de *facto*. Por tanto, a represión é un recurso normal no funcionamento de calquera estrutura que detente unha situación de autoridade. É precisamente por isto polo que o termo represión se ten considerado insatisfactorio por parte dalgúns autores, que sinalan que a violencia golpista foi de todo menos normal, o que nos obriga a empregar outros termos para entendela e explicala. Así, Antonio Míguez Macho ten sinalado que é necesario estabelecer unha diferenciación clara entre o que é a "represión política" e as prácticas de eliminación sistemática de persoas que tiveron lugar a raíz do Golpe de Estado de 1936. Deste xeito, destaca que estamos ante un fenómeno que nunca se dera e que non volveu darse dentro das nosas fronteiras, tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo. Isto, na súa opinión debería de se traducir nun cambio nas categorías terminolóxicas, debido a que "*no tendríamos por qué llamar represión a lo que son crímenes de guerra o prácticas de genocidio*"[62].

O uso do termo "xenocidio" para a caracterización da violencia golpista ten recibido críticas[63]. Javier Rodrigo ten sinalado que "*no es lo mismo el terror paralizador que el genocidio*" e que as masacres perpetradas polos sublevados non respondían a un intento de exterminio xeral comparábel ao Holocausto xudeu. En definitiva, para o autor, "*el franquismo prefirió doblegar o transformar más que*

[61] Francisco Espinosa Maestre, *Guerra y represión en el sur de España. Entre la historia y la memoria* (Valencia: Universitat de València, 2012), 46.

[62] Antonio Míguez Macho, *La genealogía genocida del Franquismo. Violencia, memoria e impunidad* (Madrid: Abada Editores, 2014), 17-18.

[63] O seu uso como termo adoita limitarse a un recurso que pretende destacar o volume de asasinatos perpetrado, sen a pretensión de cuestionar o relato existente sobre a violencia gospistal, tal e como pode verse, por exemplo, en: Francisco Espinosa Maestre, "Julio de 1936. Golpe militar y plan de exterminio", en *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*, coord. por Julián Casanova (Barcelona, Crítica, 2002), 58-59. Alberto Reig Tapia, *Memoria de la guerra Civil...*, 34-35.

aniquilar"[64]. Julio Prada coincide con Javier Rodrigo en sinalar a inconveniencia no uso do termo xenocidio para o caso español polo feito de que "*no existió una definición precisa del enemigo a exterminar ni una pretensión liquidacionista global*". O termo que os verdugos usaron para nomear aos seus inimigos foi o de "*rojo*" e se "*rojo*" se traduce por republicano, os sublevados terían que ter exterminado á metade da cidadanía do Estado español, polo menos[65].

Fronte a esta idea, tense apuntado que, para os sublevados, os "*enemigos de España*" eran un grupo que se definía en negativo e que estaba composto por individuos que non se vían como españois nin como católicos e que non se consideraban partícipes das tradicións compartidas, que se entendían como inherentes ao sentir nacional[66]. Ademais, a caracterización do grupo de *"rojos"* era realizada cunha linguaxe que buscaba a súa deshumanización, tal e como temos posto de manifesto ao analizar a propaganda golpista dos primeiros compases do conflito.

Alén disto, sobre a pertinencia do uso do concepto de xenocidio, en relación co número de vítimas dun determinado fenómeno de violencia, tense argumentado que a presenza dun fenómeno destas características non se define en función do seus resultados, senón da presenza ou ausencia de prácticas xenocidas dentro dun determinado contexto de violencia[67]. A Convención para a Sanción e Prevención do Delito de Xenocidio, dependente de Nacións Unidas, considera que actos coma o asasinato de membros dun grupo, a provocación de graves danos físicos ou mentais a membros do grupo, a imposición de medidas dirixidas a evitar os nacementos dentro do grupo ou a transferencia forzada de nenos dun grupo a outro grupo son constitutivas de xenocidio, sempre e cando teñan lugar no marco dun plan prefixado de destrución dunha determinada comunidade de individuos, definida esta segundo o criterio dos seus agresores[68].

---

[64] Javier Rodrigo, "1936: guerra de exterminio, genocidio, exclusión", *Historia y Política* 10 (xullo-decembro de 2003): 249-258. Recuperado de: 26725javierrodrigohyp10.pdf (cepc.gob.es) [Última visita: 05/11/2022].

[65] Julio Prada Rodríguez, *Geografía de la represión...*, 73.

[66] Antonio Míguez Macho, *La genealogía genocida...*, 17-22.

[67] Antonio Míguez Macho, "Nuestro pasado presente: práctica genocida y franquismo", *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea* 10 (2012): 402-426. Recuperado de: hispanianova.rediris.es/10/HN2012.pdf [Última visita: 05/11/2022].

[68] Xabier Agirre Aranburu, *Jugoslavia y los ejércitos* (Madrid: Los libros de la Cátedra, 1997), 103-104.

Con todo, debemos de nos preguntar: que cómpre entender por destrución dun grupo de vítimas? Neste punto é preciso tomar en consideración que existen distintas definicións de xenocidio. Así, o autor arxentino Daniel Feierstein propón o concepto de "xenocidio reorganizador". "*Las muertes dentro de un genocidio reorganizador cobran su carácter de medios y no ya de fines*". Deste xeito, o trazo definitorio do xenocidio non é a eliminación física da totalidade, ou dunha parte cuantitativamente importante dos membros do grupo das vítimas, senón a supresión de certas relacións sociais e a súa substitución por outras[69]. Esta idea é coherente coa formulación inicial do concepto de xenocidio, que realizou o autor polaco Raphael Lemkin, quen afirmaba que a base dunha práctica xenocida está na eliminación dos trazos que conforman a identidade do grupo de vítimas, non no asasinato de todos e cada un dos individuos que o conforman.

A presente tese pretende contribuír tamén a este debate, con reflexións que nos suxire o manexo das fontes. Con todo, a complexidade da cuestión non nos permite adiantar aquí unha resposta rápida. Baste con sinalar por agora que rexeitamos o uso do termo "represión", o cal, de ser empregado, será sempre posto entre aspas.

USC DE SANTIAGO

[69] Daniel Feirstein, *El genocidio como práctica social. Entre el nazismo y la experiencia argentina* (Buenos Aires: Fondo de Cultura Ecónomica de Argentina, 2007), 104.

2.2.2. A cuantificación das vítimas da violencia do Golpe de 1936. Unha contextualización necesaria


O último cómputo realizado para determinar o número de vítimas mortais derivadas das prácticas violentas desencadeadas polos sublevados desde 1936 é de 150.648 persoas para o conxunto do Estado español[70]. Estas cifras, que se recollen en *Verdugos impunes. El Franquismo y la violación sistemática de los derechos humanos,* atópanse aínda en construción, á espera de que aparezan novas investigacións que poidan aportar máis datos.

Deste xeito, en 2010 Francisco Espinosa cifraba en 130.199 o número de persoas asasinadas polos sublevados[71]. Oito anos antes, á altura do 2002, Julián Casanova defendía a pertinencia de falar de 100.000 "*rojos"* asasinados entre 1936 e 1939, aos que era preciso sumar outros 50.000 máis que foran privados da súa vida durante os anos da posguerra[72]. 150.000 é tamén a cifra que aporta Javier Rodrigo para os mortos por "causas políticas" a mans dos sublevados[73].

Estes valores, son moito máis altos que os aportados por Salas Larrazabal, que cifraba as vítimas mortais dos "nacionais" en 57.808 persoas, tal e como temos sinalado anteriormente. Esta enorme desproporción, que se amosa no Gráfico 1, supón falarmos de que Salas subestimou entre o 61,62% e o 55,6% do total de asasinatos perpetrados polos golpistas, dependendo de se tomamos os datos de *Verdugos impunes* ou os de Francisco Espinosa.

[70] José Babiano et al., *Verdugos impunes*..., 92-93.
[71] Francisco Espinosa, *La represión Franquista*..., 78.
[72] Julián Casanova, "Una dictadura de cuarenta años", en *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de* Franco, coord. por Julián Casanova (Barcelona: Crítica, 2002), 8.
[73] Javier Rodrigo, *Hasta la raíz. Violencia durante la guerra civil y la dictadura franquista* (Madrid: Alianza Editorial, 2008), 27.

Gráfico 1




Fonte: elaboración propia

Pola contra, se realizamos a mesma comparación para as persoas que foron asasinadas na zona controlada polo goberno da República atoparemos a realidade contraria, tal e como se ilustra mediante o Gráfico 2. Deste xeito, como vemos, Salas Larrazabal cifraba en 72.337 as mortes das que cabía culpar aos "gobernamentais". Porén, José Luís Ledesma Vera ten reducido esta cifra até as 49.272 persoas asasinadas[74]. Dito cómputo ten sido definido como rigoroso e axustado á realidade por investigadores como Paul Preston, quen apunta que a cifra podería ter que ser revisada mais sempre dentro dunhas marxes estreitas[75].

[74] José Luís Ledesma Vera, "Una retaguardia al rojo. Las violencias en la zona republicana", en *Violencia roja y azul. España 1936-1950*, ed. por Francisco Espinosa Maestre (Barcelona: Crítica, 2010), 247.

[75] Paul Preston, *El Holocausto español. Odio y exterminio en la Guerra Civil y después* (Barcelona: De Bolsillo, 2013), 22.

Gráfico 2



Fonte: elaboración propia

Sexa como for, en todos estes estudos estamos en cifras inferiores ás 85.940 mortes que a Causa Xeral atribuía ao "*terror rojo*" e a anos luz do medio millón de asasinatos dos que falaba a propaganda golpista durante o conflito.[76] As tendencias, por tanto, son claras neste sentido: a revisión periódica das cifras reflicte unha baixada constante no cómputo de mortes consideradas de responsabilidade republicana, fronte a un aumento exponencial dos asasinatos perpetrados a mans das autoridades sublevadas.

A enorme desproporción, entre as vítimas provocadas polos golpistas e as que se produciron na zona que permaneceu leal ao goberno da República, amosa perfectamente a disparidade no alcance da persecución nuns territorios e noutros. Con todo, estamos ante un dato que cómpre poñer en contexto para entendelo en toda a súa magnitude. Deste xeito, hai que tomar en consideración

[76] Paul Preston, *El Holocausto español...*, 25.

que os sublevados mataron máis malia que a área do Estado que controlaban estaba menos poboada. Así, a nivel porcentual, a zona republicana acollía ao 65% da poboación, mentres que o territorio sublevado estaba habitado polo 35% do total de cidadáns e cidadás do Estado[77].

A estabilidade no cómputo estatal das vítimas da violencia sublevada é unha tendencia que tamén observamos para Galiza. No noso territorio, o número de vítimas que manexamos na actualidade ten sido estimado a partir dos traballos levados a cabo no marco do Proxecto Nomes e Voces, que comezou a súa andaina oficial no ano 2006. Froito da súa labor investigadora puido estimarse que o número de persoas mortas a consecuencia da violencia golpista en Galiza fora de entre 4500 e 5000 persoas[78].

A nivel internacional, os valores apuntados amosan que en Galiza houbo máis mortes a consecuencia da Sublevación de 1936 que en todo Chile a raíz do Golpe de 1973. Alén disto, se nos fixamos noutras partes do Estado, veremos que as cifras de provincias como Sevilla, Córdoba ou Badaxoz, onde se estima o asasinato dunhas 10.000 persoas por parte dos sublevados, amosan un volume de vítimas superior ao das ditaduras de Arxentina (en base ao Informe Sábato) e África do Sur[79].

A toma do poder por parte dos golpistas en España estivo acompañada duns niveis de violencia moi superiores aos empregados polos nazis alemáns e os fascistas italianos. Esta circunstancia atópase en relación directa coa capacidade de rexeitamento popular (e institucional) ao Golpe de Estado de 1936[80]. Deste xeito, se nos fixamos na chegada ao poder de propostas antidemocráticas, de corte máis ou menos fascista na Europa do momento, veremos unha tendencia clara. Así, en Italia, Portugal, Iugoslavia e Polonia a implantación das distintas

---

[77] Javier Rodrigo, *Hasta la raíz...*, 43-44.

[78] Os datos de Nomes e Voces foron publicados en distintos informes de resultados e poden consultarse de xeito aberto e gratuíto no seguinte buscador: Portada - Nomes e Voces [Última visita: 06/11/2022]. O resultado das investigacións recóllese tamén en Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces : balance, preguntas e interpretaciones. Las huellas del Golpe de Estado en Galicia", en *Otras miradas sobre Golpe, Guerra y Dictadura. Historia para un pasado incómodo*, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego (Madrid: Catarata, 2014)", 95.

[79] Francisco Espinosa, "*La represión franquista...*", 57.

[80] Francisco Espinosa Maestre, *La justicia de Queipo. Violencia selectiva y terror fascista en la II División en 1936. Sevilla, Huelva, Cádiz, Córdoba, Málaga y Badajoz* (Montilla (Córdoba): Bibliofilia Montillana, Cofradía de la Viña y el Vino, 2000), 316.

solucións autoritarias tivo lugar dun xeito progresivo, sen a existencia dunha oposición coa suficiente forza para deseñar unha estratexia de resistencia global e efectiva que puidera poñer en risco tales iniciativas[81]. Esta realidade pon de manifesto a necesidade de fuxir de argumentacións deterministas que tratan de explicar a violencia, simplemente, en base ao perfil político de certas opcións de extrema dereita, basicamente o falanxismo e o tradicionalismo.

2.2.3. Os perpetradores na historiografía

O estado da cuestión da presente tese doutoral comeza cunha frase que sinala que a produción bibliográfica sobre o Golpe, a Guerra e a violencia sublevada é inabarcábel. Esta é unha afirmación que non consideramos en absoluto esaxerada. Con todo, estamos seguros de que entre o feixe de obras publicadas non existe ningún "*Verdugos de la Guerra Civil*" que recolla a información de ducias de estudos rexionais anteriores e estime o número de persoas implicadas na persecución implantada a raíz do Golpe de 1936.

Os verdugos teñen sido definidos coma o elefante branco no cuarto[82]. A metáfora do elefante branco no cuarto fai referencia a unha verdade evidente que é ignorada ou que pasa inadvertida. Tamén se aplica a un problema sobre o que ninguén quere discutir. Isto é precisamente o que acontece cos perpetradores, que seguen sen formar parte do relato sobre a Guerra Civil española malia seren, en moitos casos, coñecidos con nomes e apelidos.

---

[81] Patrizia Dogliani, *El Fascismo de los italianos. Una historia social* (Valencia: Universitat de València, 2017), Matteo Millan, *Squadrismo e squadristi nella dittadura fascista* (Roma: Viella, 2014), Giulia Albanese, *La marcia su Roma* (Roma-Bari: Editori Laterza, 2006), Mark Biondich, "La crisi di leggittimità e l´acesa della destra radicale in Iugoslavia (1918-41)", en *Le destre europee. Conservatori e radicali tra le due guerre*, ed. por Marco Bresciani (Roma: Carocci editore, 2021), 141-168, Grzegorz Krywiec, "Il Controilluminismo in Polonia: la cultura di destra diventa fascista (1919-39)", en *Le destre europee. Conservatori e radicali tra le due guerre*, ed. por Marco Bresciani (Roma: Carocci editore, 2021), 201-232, e Giulia Albanese, "Nello specchio del fascismo: il Portogallo e l´esperienza italiana", en *Le destre europee. Conservatori e radicali tra le due guerre*, ed. por Marco Bresciani (Roma: Carocci editore, 2021), 385-410.

[82] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Os verdugos no Golpe de Estado de 1936. Quen matou a Antonio Azarola?", en *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho (Vigo: Galaxia, 2018), 13.

Investigacións recentes estiman que os estudos de caso realizados até o momento permiten afirmar que estamos en disposición de deseñar estratexias para identificar á maior parte dos vitimarios[83]. A nosa análise apunta nunha dirección semellante. Con todo, estamos ante unha proposta difícil de levar á práctica, tal e como pode exemplificarse mediante a reflexión que aparecía xa hai 35 anos en *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la Guerra Civil*, a primeira das obras de análise dedicadas ao Golpe e á Guerra Civil en Galiza. Nela o seu autor Carlos Fernández Santander afirmaba o seguinte:

> Conocemos los nombres de los asesinos. Ha costado trabajo el recopilatorio pero los tenemos. La mayoría son hoy "honrados hombres de negocios" o funcionarios del Estado tras "oposición o examen patriótico con correaje y botas de media caña". […] Sin embargo, dado el revuelo que se produciría con la publicación de estos casi 200 nombres de toda Galicia y que la llama del odio y de la venganza se iba a encender de nuevo, he creído conveniente su no publicación, dando solo la lista de las víctimas y pensando que bastante tragedia tienen ellos con su conciencia (si son cristianos) cuando ven que se acerca el inevitable momento de rendir cuentas ante Dios[84].

Deste xeito, a identificación dos verdugos non é algo en absoluto sinxelo, aínda que tampouco imposíbel, sempre e cando deseñemos unha proposta metodolóxica adecuada. A nosa investigación amosa que descubrir aos vitimarios é un traballo bastante máis complexo que o da identificación das vítimas. Isto é debido a que os presos e os executados tiveron xuízos e condenas que poden consultarse na actualidade, mentres que os asasinados sen sentenza tiveron familias que, en boa parte dos casos, se preocuparon por manter viva a súa memoria. Pola contra, como se tratará de demostrar ao longo desta tese, os perpetradores tenderon maioritariamente a ocultar a súa condición de tales desde os primeiros momentos e, sobre todo, despois da derrota das potencias do eixo na Segunda Guerra Mundial. Así, a desaparición dos aliados naturais do

[83] Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Macho e Dolores Vilavedra Fernández, *Un nuevo relato...*, 44. A reflexión acerca do elevado grado de coñecemento sobre os verdugos a nivel local aparece tamén en Julio Prada, *La España masacrada...*, 126-127.

[84] Carlos Fernández Santander, *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la Guerra Civil* (Sada: Ediciós do Castro, 1987), 97-98.

USC DE SANTIAGO

Réxime e as execucións que seguiron aos xuízos de Nüremberg convenceron aos golpistas da conveniencia de gardar silencio acerca dos seus crimes[85].

Durante moitos anos, os nomes e apelidos dos verdugos permaneceron ocultos en arquivos aos que non se podía acceder ou aos que se podía acceder a medias, en función do capricho dos seus responsábeis. A regulación para o acceso aos arquivos españois data de 1985, non sendo até 1997 cando se elabora o regulamento para a apertura ao público dos fondos dependentes do Ministerio de Defensa[86].

Con anterioridade ás reformas legais comentadas os arquivos militares permanecían pechados e a consulta do resto dos fondos requiría de permisos das máis altas instancias. Deste xeito, para acceder aos libros de rexistro de defunción dos xulgados era precisa a autorización da Dirección Xeral de Rexistros, mentres que para a revisión da "*Causa General*" facía falla a aceptación da Fiscalía Xeral do Estado. Para o aceso ao Servizo Histórico Militar era xa directamente necesario o aval dun militar ou dunha personaxe ilustre[87]. Nesta situación, até 1985 desapareceron multitude de documentos de vital importancia para a comprensión da magnitude do fenómeno violento[88].

Con todo, a apertura dos arquivos non puxo fin ás dificultades para a identificación e difusión da identidade das persoas responsábeis da violencia golpista. Deste xeito, en 2006, fíxose público un borrador da Lei de Memoria onde se estipulaba que as persoas responsábeis dos arquivos tacharían os nomes dos perpetradores nos distintos documentos que lles entregasen aos interesados en coñecer a sorte das vítimas[89].

Finalmente, a superación de todas as trabas e a publicación da identidade dos vitimarios non foi un exercicio carente de risco. Así, cómpre lembrar a denuncia interposta contra o historiador Fernando Mikelarena Peña, por parte de Arturo

[85] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Os verdugos no golpe...", 36.
[86] As disposicións legais para o acceso aos arquivos que referimos no corpo do texto son: Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. Recuperada de: BOE.es - BOE-A-1985-12534 Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español. [Última visita: 08/11/2022] e Real Decreto 2598/1998, de 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Arquivos Militares. Recuperado de: BOE.es - BOE-A-1998-29347 Real Decreto 2598/1998, de 4 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de Archivos Militares. [Última visita: 08/11/2022].
[87] Francisco Espinosa Maestre, "La represión franquista...", 19.
[88] Francisco Espinosa Maestre, *La justicia de Queipo...*, 13-14.
[89] Francisco Espinosa Maestre, "La represión franquista...", 23-24.

del Burgo Azpíroz, neto de Jaime del Burgo Torres, que fora xefe dos requetés de Navarra[90]. En Galiza, contamos tamén con casos de autores que foron denunciados a raíz das súas publicacións, tales coma o do historiador Dionisio Pereira[91].

Porén, malia todas estas trabas, os nomes dalgúns verdugos teñen aparecido en numerosas publicacións. Por suposto, non nos referimos aquí aos grandes mandos da violencia sublevada: Franco, Mola, Yagüe, ou Queipo de Llano, cuxa ocultación sería tan absurda como a de Hitler ou Mussolini. Falamos de persoas que terían sido totalmente esquecidas, ou lembradas soamente nas súas localidades de orixe, de non ser pola labor investigadora.

Exemplos disto son Primitivo Ramos e Antonio Periáñez, que foron, respectivamente, alcalde e xefe local da Falanxe na localidade de Zafra, en Badaxoz, e que foron responsábeis da emisión en 1937 dun informe no que dicían que os presos dereitistas da localidade durante o dominio republicano non sufriran dano algún debido á falta de tempo dos seus hipotéticos verdugos[92]. Outro caso sería o de Ramón Pita, xefe das milicias de Falanxe de Viveiro e responsábel da "*limpieza de elementos indeseables*" polos montes da contorna[93].

Con todo, unha cousa é identificar a certos perpetradores e outra moi distinta ser capaz de artellar un discurso que introduza aos vitimarios como obxecto de estudo, cuns niveis de rigor comparábeis aos empregados para a análise das vítimas. Debemos de tomar en consideración que o estudo dos perpetradores non depende só da dispoñibilidade de fontes, senón da capacidade de deseñar estratexias de investigación adecuadas. Neste sentido, teñen sido fundamentais as aportacións que amosan a inconveniencia de igualar os termos perpetrador e executor na análise dos distintos asasinatos. Cómpre ter presente que a violencia tivo responsábeis que xogaron papeis distintos, os cales, van desde a

[90] A noticia do caso aparece en Olga Rodríguez, "Demandado un historiador por publicar que Jaime del Burgo era jefe de requetés cuando se produjo la mayor matanza de republicanos de Navarra", *El Diario.es*, 17 de febreiro de 2021, acceso o 08/11/2022, Demandado un historiador por publicar que Jaime del Burgo era jefe de requetés cuando se produjo la mayor matanza de republicanos de Navarra (eldiario.es).

[91] *La Voz de Galicia,* 15 de febreiro de 2007, consultado o 12 de maio de 2023. Recuperado de: Dionisio Pereira se enfrenta a un juicio por su trabajo sobre la represión local (lavozdegalicia.es)

[92] Francisco Espinosa Maestre, *La columna de la muerte. El avance del ejército franquista de Sevilla a Badajoz* (Barcelona: Crítica, 2003), 31.

[93] María Jesús Souto Blanco, *La represión Franquista en la Provincia de Lugo (1936-1940)* (Sada, Ediciós do Castro, 1998), 63.

organización das matanzas até a súa execución directa, pasando pola participación nas redes de denunciantes e informantes que permitiron a identificación e condena das vítimas[94].

Esta reflexión pon enriba da mesa unha realidade extremadamente complexa: a obtención dun coñecemento rigoroso sobre a violencia golpista obriga ás investigadoras e investigadores a estudar as actitudes sociais da xente común no proceso persecutorio. Como sinala Carlos Gil Andres, é necesario tratar de entender "*que llevó a ciudadanos corrientes, sin antecedentes violentos, a tomar partido contra sus paisanos, a la delación, a la denuncia e incluso al asesinato*". Estas, para o autor, son as preguntas máis incómodas para a memoria "*porque rozan las raíces de la condición humana, porque forman parte de lo que somos y nos cuestionan sobre las bases y los peligros de nuestra convivencia*[95]*"*.

O estudo sobre as actitudes sociais en contextos de extrema violencia tivo a súa orixe fora das fronteiras españolas, concretamente en Italia e Alemaña[96]. En ambos países, as primeiras explicacións sobre o ascenso dos nazis alemáns e os fascistas italianos, concluían que Hitler e Mussolini se impuxeran polo simple exercicio da forza, en contra dos desexos dunha poboación que sempre buscara combatelos.

Na Italia de Posguerra a interpretación hexemónica, que defendía que os fascistas tomaran e preservaran o poder polo simple exercicio do terror e a violencia, foi cuestionada por primeira vez a comezos da década de 1960, grazas aos traballos do historiador Renzo de Felice. A súa investigación, poñía de manifesto a popularidade do *Deuce* entre a poboación italiana e o apoio de parte da cidadanía ás súa prácticas. As críticas non tardaron en aparecer e Renzo de Felice foi acusado nada menos que de revisionista[97]. Con todo, o tempo remataría

[94] Algúns destes traballos son: Carlos Gil Andrés, "La zona gris...", 127-132; Rafael Cruz Martínez, "Olor a pólvora y patria. La limpieza política rebelde en el inicio de la guerra de 1936" *Hispania Nova: Revista de Historia Contemporánea* 7 (2007): 561-562. Recuperado de: Hispanianova nº 7 - año 2007 (rediris.es) [Última visita 16/11/2022] e Aldara Cidrás, "A construción da culpabilidade colectiva na cidade de Pontevedra (1936-1939)" en *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho (Vigo: Galaxia, 2018), 232-233.

[95] Carlos Gil Andrés, "Vecinos contra vecinos...", 111-112.

[96] Carlos Fuertes Muñoz, *Viviendo en dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el Franquismo* (Granada: Comares, 2017), 1.

[97] Claudio Hernández Burgos, *Franquismo a ras...*, 17-19.

por darlle a razón, confirmándoo coma un dos maiores expertos na Italia fascista até a súa morte en 1996.

En Alemaña, a idea de que o Holocausto fora obra duns poucos xerarcas nazis, que actuaran de costas á poboación, comezou a ser cuestionada desde a publicación da tese doutoral de Raul Hilberg no ano 1955. Nela, o autor demostraba que o exterminio dos xudeus contara con moitos máis actores dos que até o momento se estaban a considerar, de modo que non todas as decisións tiñan a súa orixe nas altas instancias do Estado. Alén disto, Hilberg estudou os distintos grados de implicación dos vitimarios no xenocidio xudeu, distinguindo aos executores dos responsábeis da organización burocrática das matanzas[98].

As conclusións de Hilberg foron posteriormente referendadas grazas ás aportacións doutros investigadores como Robert Gellatelly, que demostraron que a sociedade alemá colaborara co Terceiro Reich dun xeito intenso, condición necesaria para que a Gestapo puidera traballar cun número de efectivos bastante reducido[99]. Deste xeito, para o autor alemán, a posta en marcha de boa parte das políticas de persecución racial aprobadas polas autoridades nazis foi posíbel grazas á existencia dun apoio activo entre a sociedade alemá do momento[100].

No Estado español, a historiografía tense visto influída por estas propostas interpretativas. Deste xeito, no que levamos de século téñense publicado diversos traballos que se aproximan ao estudo das actitudes sociais en distintas rexións do Estado e que teñen servido en boa medida para o desenvolvemento da presente tese doutoral. A modo de exemplo podemos citar os seguintes:

Para Cataluña manexamos a interesante obra de Conxita Mir, entre cuxos títulos consideramos importante destacar aquí: *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de posguerra*, que analiza a participación popular na xustiza golpista a partir dunha análise centrada na zona de Lleida[101].

---

[98] Antonio Míguez Macho, "1961. Los términos del debate sobre la naturaleza de la violencia franquista", en *Ni verdugos ni víctimas. Actitudes sociales ante la violencia, del Franquismo a la Dictadura Argentina,* ed. por Antonio Míguez Macho (Granada: Comares, 2016), 3-5.

[99] Ana Cabana Iglesia, *Xente de orde. O consentimento cara ao Franquismo en Galicia* (Santa Comba: tresCtres Editores, 2009), 251.

[100] Robert Gellatelly, *No solo Hitler. La Alemania nazi entre la coacción y el consenso* (Barcelona: Crítica, 2002), 190.

[101] Conxita Mir, *Vivir es sobrevivir...*

En Aragón atopamos de moita utilidade os traballos de Ángela Cenarro e Elena Franco Lanao, que analizan a colaboración cidadá coas autoridades sublevadas a través dos procesos de denuncia[102]. En Euskadi manexamos as investigacións de Aritz Ipiña Bidaurrazaga e Erik Zubiaga Arana, os cales, centran a súa investigación na provincia de Biskaia[103]. Na Comunidade Autónoma da Rioxa consultamos, para o estudo das actitudes sociais ante a violencia golpista, os traballos de Carlos Gil Andrés[104].

En Navarra pensamos que é imprescindíbel facer referencia a Fernando Mikelarena, autor da obra: *Sin piedad. Limpieza política en Navarra, 1936. Responsables, colaboradores y ejecutores*, na que se realiza unha detallada investigación para o conxunto da Comunidade Foral. O interese deste título reside tanto na análise que realiza sobre a figura dos verdugos coma no interese que amosa pola comparación con outros contextos a través fundamentalmente da clásica obra do politicólogo grego Stathis Kalyvas[105].

Finalmente, en Andalucía contamos cunha boa listaxe de autores que teñen analizado distintos aspectos da colaboración social co réxime en varias provincias da súa comunidade autónoma. Para a nosa investigación, consideramos de enorme interese, por unha banda, os traballos de Miguel Ángel del Arco Blanco, Claudio Hernández Burgos e Oscar Rodríguez Barreira[106]. Por outra banda, cómpre que destacarmos o traballo de Peter Anderson, autor dun título fundamental para a nosa tese: *The Francoist Military Trials. Terror and Complicity, 1939-1945.* A súa importancia deriva do feito de ser unha obra que conta cunha

[102] Ángela Cenarro, "Matar, vigilar y delatar: la quiebra de la sociedad civil durante la guerra y la posguerra en España (1936-1948)", *Historia Social* 44 (2002): 65-86 e Elena Franco Lanao, *Denuncias y represión en años de posguerra. El Tribunal de Responsabilidades políticas en Huesca* (Huesca: Instituto de Estudios Aragoneses, 2005).

[103] Aritz Ipiña Bidaurrazaga, *Represión y terror franquista en la Diputación de Bizkaia: fusilamientos y depuración (1936-1976)* (Pamplona: Pamiela, 2017) e Erik Zubiaga Arana, *La huella del terror franquista en Bizkaia. Jurisdicción militar, políticas de adaptación y actitudes sociales (1937-1945)* (Bilbao: Universidad del País Vasco, 2017).

[104] Carlos Gil Andrés, "vecinos contra vecinos..." e Carlos Gil Andrés, "La zona gris...".

[105] Fernando Mikelarena, *Sin piedad. Limpieza política en Navarra, 1936. Responsables, colaboradores y ejecutores* (Pamplona: Pamiela, 2015).

[106] Miguel Ángel del Arco Blanco, *Hambre de siglos...*, Claudio Hernández Burgos, *Franquismo a ras de...*, Claudio Hernández Burgos, "Donde el miedo habita: el funcionamiento cotidiano de la represión franquista (1936-1951), en *Ni verdugos ni víctimas. Actitudes sociales ante la violencia, del franquismo a la dictadura argentina*, ed. por Antonio Míguez Macho (Granada: Comares Historia, 2016), 43-57, Óscar J. Rodríguez Barreira, *Migas con miedo. Prácticas de resistencia al primer Franquismo. Almería, 1939-1945* (Almería: Universidad de Almería, 2008).

metodoloxía novidosa, que realiza unha análise pormenorizada dos xuízos abertos após o Golpe no partido xudicial de Pozoblanco (en Córdoba) e que emprega algunhas das fontes que, como explicaremos, teñen sido fundamentais para a elaboración das nosas conclusións[107].

En diálogo con todas estas investigacións, en Galiza téñense realizado numerosos estudos que analizan as actitudes sociais e pretenden introducir novos actores no relato sobre a violencia golpista, co obxectivo de corrixir a descompensación existente en favor do estudo das vítimas. Os traballos que nutren a nosa análise foron publicados nos últimos 10 ou 12 anos, o que demostra o carácter de novidade destas aproximacións centradas nos verdugos e nas actitudes sociais da poboación dentro do fenómeno de violencia estudado.

Con todo, cremos necesario resaltar unha obra anterior que axudou moito á nosa labor investigadora, en parte, por centrarse na nosa zona xeográfica de estudo. Falamos aquí do libro de María Jesús Souto Blanco *Los apoyos al régimen franquista en la Provincia de Lugo (1936-1940). La corrupción y la lucha por el poder*, publicada en 1999[108]. Deste traballo cómpre destacar o detallado estudo do perfil político das autoridades golpistas no conxunto da Provincia, esforzo que realizamos tamén na presente tese doutoral.

Alén de María Jesús Souto Blanco, consideramos imprescindíbel destacar o traballo de Antonio Míguez Macho, responsábel, en boa medida, da introdución no panorama intelectual galego dos debates estatais e europeos sobre a definición e caracterización dos fenómenos de violencia masiva[109]. Tamén é de moito interese a obra de Julio Prada Rodríguez, na que poden atoparse debates de fondo calado conceptual sobre estas temáticas, aportando importantes

[107] Peter Anderson, *The Francoist Military Trials. Terror and Complicity, 1939-1945* (New York: Routledge, 2010).

[108] María Jesús Souto Blanco, *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940). La corrupción y la lucha por el poder* (Sada: Ediciós do Castro, 1999).

[109] Algunhas referencias de interese son: Antonio Míguez Macho, *O que fixemos en Galicia. Ensaio sobre o concepto de práctica xenocida* (Ourense: Difusora de Artes e Ideas, 2009); tamén Antonio Míguez Macho, *La genealogía genocida...,* Antonio Míguez Macho, "La naturaleza "no política" del Franquismo. Adaptación social y resiliencia", en *Otras miradas sobre Golpe, Guerra y Dictadura. Historia para un pasado incómodo,* ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego (Madrid: Catarata, 2014), 179-200 e Antonio Míguez Macho, "Perpretadores y gente corriente: la mirada del otro", en *El Franquismo desde los márgenes: campesinos, mujeres, delatores, menores...,* ed. por Óscar J. Rodríguez Barreira (Lleida: Edicións de la Universitat de Lleida, 2013), 57-75.

consideracións sobre a participación da xente común nos grupos paramilitares de retagarda[110].

O estudo sobre as actitudes sociais e os perpetradores en Galiza conta ademais con interesantes aportacións de novos historiadores e historiadoras, como Aldara Cidrás, Rafael García e Conchi López, que teñen apostado por ir máis alá do estudo das vítimas nos seus traballos sobre a violencia derivada do Golpe de Estado de 1936[111]. Estas investigacións foron realizadas no marco de estudos de doutoramento e contaron coa dirección de Antonio Míguez Macho e de Lourenzo Fernández Prieto. Este último, tamén ten realizado contribucións propias ao estudo das cuestións aquí comentadas, traballos formulan preguntas novidosas para a investigación e axudan a construír metodoloxías innovadoras para o estudo da violencia golpista[112]. Outra referencia obrigada é a Emilio Grandío, que ten realizado notábeis aportacións no estudo dos mecanismos utilizados para a vixilancia da poboación após o Golpe, así como na análise da sublevación na Provincia da Coruña[113]. Interesan neste punto tamén os traballos de Javier Rodríguez González e Manuel Pérez Lorenzo, que estudan as redes de

[110] Julio Prada Rodríguez, "Entre Escila y Caribdis. Contribuciones a un debate necesario", *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea* 19 (2012): 417-418. Recuperado de: Hispania Nova - nº 10, año 2012 (rediris.es) [Última visita: 05/11/2022]" e Julio Prada Rodríguez, *Geografía de la represión...*

[111] Aldara Cidrás, "A construción da culpabilidade..., Rafael García Ferreira, "Violencia golpista en Santiago de Compostela: verdugos, lóxicas e espazos (1936-1946), en *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo,* ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho (Vigo: Galaxia, 2018), 137-175, Conchi López Sánchez, "Os comportamentos duais dos axentes sociais nas dimensións da violencia", en *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho (Vigo: Galaxia, 2018), 89-135 e Concepción López Sánchez e Magali Trillo González, "Las actitudes sociales ante el Golpe. La intermediación a través del caso de Bueu (Pontevedra)", en *Ni verdugos ni víctimas. Actitudes sociales ante la violencia, del franquismo a la dictadura argentina*, ed. por Antonio Míguez Macho (Granada: Comares Historia, 2016), 101-119.

[112] Lourenzo Fernández Prieto, António Míguez Macho e Dolores Vilavedra Fernández, *1936. Un novo relato...*, Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Os verdugos no Golpe...", Lourenzo Fernández Prieto, "Ambición de saber..." e Lourenzo Fernández Prieto, "De pasados incómodos...".

[113] Emilio Grandío Seoane, "A información, o piar do "Nuevo Estado". Creación e desenvolvemento dos servizos de vixilancia e investigación en Galiza", en *Vixiados. Represión, investigación e vixilancia na Galiza da Guerra Civil (1936-1939)*, ed. por Emilio Grandío Seoane (Ames: Edicións Laiovento, 2011), 53-124 e Emilio Grandío Seoane, "Golpe de Estado y represión franquista en la provincia de A Coruña: "¿Qué pasa con Coruña?"", en *Lo que han hecho en Galicia. Violencia, represión y exilio (1936-1939)*, ed. por Jesús de Juana López y Julio Prada Rodríguez (Barcelona: Crítica, 2006), 19-57.

control da sociedade tras a Sublevación, coa mirada posta na comparación con outros contextos ditatoriais[114]. E o de Rosalía Regueiro, que aporta un interesante estudo de caso centrado na Delegación de Orde Pública da Coruña[115].

Polo que respecta aos títulos publicados nos últimos cinco anos, cómpre sinalar un bo número de estudos que se teñen realizado fora do ámbito académico universitario, por parte de autores como Carlos F. Velasco Souto, Xosé Álvarez Castro, Xosé Ramón Ermida Meilán, Eliseo Fernández Fernández, Carlos Nuevo Cal, Manuel Pazos Gómez, Dionisio Pereira González e Bernardo Máiz Vázquez[116]. Ditos traballos, adoitan estar redactados nunha clave diferente das obras saídas do ámbito universitario. Con todo, realizan aproximacións ao coñecemento dos vitimarios, a partir de estudos centrados en distintas

[114] Javier Rodríguez González, "A implantación da ditadura franquista. A represión e os procesos de control social", en *Vixiados. Represión, investigación e vixilancia na Galiza da Guerra Civil (1936-1939)*, ed. por Emilio Grandío (Ames: Edicións Laiovento, 2011), 13-53 e Manuel Pérez Lorenzo, " "Que no queden ocultos e impunes". O control da sociedade: a praxe", en *Vixiados. Represión, investigación e vixilancia na Galiza da Guerra Civil (1936-1939)*, ed. por Emilio Grandío (Ames: Edicións Laiovento, 2011), 125-161.

[115] Rosalía Regueiro, "Fichados. Un estudo de caso: o Índice Alfabético-Onomástico de investigados-informados pola Delegación de Orden Público (A Coruña, 1938), en *Vixiados. Represión, investigación e vixilancia na Galiza da Guerra Civil (1936-1939)*, ed. por Emilio Grandío (Ames: Edicións Laiovento, 2011), 163-203.

[116] Carlos F. Velasco Souto, "Os vitimários na repressom pós-julho de 1936. Notas para um esclarecimento necessário", en *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, coord. por Xosé Ramón Ermida Meilán et al. (Galiza: Sermos, 2017), 23-41, Xosé Álvarez Castro, "Morte, tortura e corrupción. Os "cívicos" en Pontevedra", en *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, coord. por Xosé Ramón Ermida Meilán et al. (Galiza: Sermos, 2017), 43-62, Xosé Ramón Hermida Meilán, "Para nós matar é unha honra. As Escuadras Negras de Falanxe", en *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, coord. por Xosé Ramón Ermida Meilán et al. (Galiza: Sermos, 2017), 63-80, Eliseo Fernández Fernández, "A Delegación de Orden Público e a administración do terror en Ferrol (1936)", en *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, coord. por Xosé Ramón Ermida Meilán et al. (Galiza: Sermos, 2017), 81-98, Carlos Nuevo Cal, "A impunidade e a represión fascista nas terras da Mariña luguesa", en *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, coord. por Xosé Ramón Ermida Meilán et al. (Galiza: Sermos, 2017), 113-134, Manuel Pazos Gómez, "Atila en Ordes. Listaxe de vitimarios", en *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, coord. por Xosé Ramón Ermida Meilán et al. (Galiza: Sermos, 2017), 135-157, Dionisio Pereira González, "1936: Dinámicas represivas na terra de montes pontevedresa", en *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, coord. por Xosé Ramón Ermida Meilán et al. (Galiza: Sermos, 2017), 159-179 e Bernardo Máiz Vázquez, "1936-1977. Dos tribunais militares ao TOP", en *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, coord. por Xosé Ramón Ermida Meilán et al. (Galiza: Sermos, 2017), 249-264.

localidades galegas, nomeando verdugos e descubrindo numerosas fontes de interese para o lector que pretenda realizar futuras investigacións na materia.

Por último, consideramos pertinente referir algunhas autoras e autores que, malia non centrar as súas análises na violencia golpista, aportan reflexións de enorme interese sobre as actitudes sociais do campesiñado galego durante o Franquismo. É por isto que se converteron nunha referencia imprescindíbel para enfocar as nosas análises. Falamos aquí de Ana Cabana Iglesia, Daniel Lanero Táboas e Eduardo Rico Boquete[117].

2.3. A busca da lexitimidade por parte dos sublevados

Os golpistas tentaron dar unha pátina de licitude ás súas accións desde os momentos iniciais da Sublevación. O plan de asalto ao poder foi elaborado polo xeneral de brigada e Comandante Militar de Navarra Emilio Mola Vidal. Este, foise concretando e difundindo entre os seus partidarios a través dunha serie de documentos, emitidos supostamente desde Madrid por "El Director". O primeiro destes, que coñecemos na actualidade co nome de Instrución Reservada número 1, comeza cun parágrafo onde se conteñen o groso dos tópicos xustificativos do Golpe:

> Las circunstancias gravísimas por que atraviesa la Nación, debido a un pacto electoral que ha tenido como consecuencia inmediata que el Gobierno sea hecho prisionero de las Organizaciones revolucionarias, llevan fatalmente a España a una situación caótica, que no existe otro medio de evitar que mediante la acción violenta. Para ello los elementos amantes de la Patria tienen forzosamente que organizarse para la rebeldía, con el objeto de conquistar el Poder e imponer desde él el orden, la paz y la justicia[118].

[117] Ana Cabana Iglesia, *Xente de orde...*, Ana Cabana Iglesia, *La derrota de lo épico* (Valencia: Publicacions Universitat de València, 2013), Daniel Lanero Táboas, "Unha ollada á represión..." e Eduardo Rico Boquete, "Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo, 1939-1959", *Historia Social* 38 (2000): 117-140.

[118] Fernando Puell de la Villa, "La trama militar de la conspiración", en Los mitos del 18 de julio, coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona: Crítica, 2013), 72.

Consumada a sublevación militar, as autoridades golpistas argumentaron que a súa actuación era legal en base ao artigo 48 da lei de orde público do 28 de xullo de 1933. Segundo este, autoridades militares rexionais e provinciais estaban capacitadas para declarar o estado de guerra e facerse cargo das competencias que até o momento tivera o poder civil, co obxectivo de restabelecer a orde no país.

Con todo, obviaban un requisito fundamental: na Constitución de 1931, así coma na lei de orde pública, estabelecíase que a declaración dos estados de excepción tiña que ter unha autorización gobernamental[119]. Como é evidente, os sublevados que se rebelaban en contra do poder constituído non podían ter ningún permiso semellante outorgado polas autoridades republicanas.

Sexa como for, os militares sublevados declararon o Estado de Guerra nas zonas que quedaron baixo o seu control e declararon en suspenso as garantías constitucionais existentes. Para tentar dotar de lexitimidade ás súas actividades persecutorias promulgaron unha serie de Bandos de Guerra, nos que fixaban a listaxe de novas prohibicións e alertaban das consecuencias do incumprimento das novas normativas[120]. Así, desde a súa perspectiva o "Alzamento Nacional" non era unha rebelión, senón unha actuación lexítima en base a mecanismos de forza legalmente previstos, necesarios para restabelecer a moral e o dereito[121].

Para dotar de contido aos seus argumentos favoreceron a publicación de obras propagandísticas que describían unha España ao borde da revolución, onde as persoas con simpatías políticas dereitistas sufrían unha persecución feroz. O goberno republicano, segundo algúns propagandísticas, chegara a recoñecer a súa impotencia para manter a orde pública. Dentro deste contexto, os partidarios da suposta revolución estaban directamente "acostumados" ao asasinato e as destrucións de todo tipo de bens, o que era consecuencia da inacción da xustiza fronte as súas actuacións[122].

[119] *Ibídem*, 72.
[120] Antonio Míguez Macho, *La genealogía genocida...*, 93-94.
[121] José Luís Ledesma, "La "primavera trágica" de 1936 y la pendiente hacia la guerra civil", en *Los mitos del 18 de julio*, coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona: Crítica, 2013), 315.
[122] Manuel Silva Ferreiro, *Galicia y el movimiento...*, 10-11.

USC

A partir do mes de xuño a suposta situación de caos revolucionario empeorou segundo os propagandistas da Sublevación, o que se traduciu na multiplicación dos conflitos sociais e os atentados. Esta situación de crise chegaría ao seu cénit o día 13 de xullo co asasinato de José Calvo Sotelo, líder do partido de extrema dereita Renovación Española. Para a propaganda golpista o asasinato de Calvo Sotelo fora organizado desde o propio goberno e, ante tales feitos, parte das forzas armadas víranse pouco menos que obrigadas a tomar o control do Estado para restabelecer a orde e parar a espiral de crimes[123].

As crónicas propagandísticas elaboradas para apoiar o Golpe son tan apaixonadas como manipuladoras. É por iso que cómpre clarificar que a Sublevación militar do 18 de xullo foi ilexítima alén de ilegal, tal e como teñen demostrado numerosas investigacións históricas que amosaron a falsidade das construcións discursivas dos apoloxistas dos militares rebeldes[124].

Así, en primeiro lugar, a historiografía rexeita a tese da ilexitimidade ou ilegalidade das eleccións de febreiro de 1936, que deron a vitoria á Fronte Popular[125]. Este argumento é tremendamente feble polo simple feito de que quen controlaba o proceso electoral no momento de se abrir as urnas, así coma os gobernos civís e o poder central en si mesmo, non era a esquerda senón o centro dereita liderado por Manuel Portela Valladares[126].

Os resultados foron, iso si, axustados. A participación foi do 72% do censo. A Fronte Popular obtivo o 34% dos votos, mentres que a dereita recolleu o 33% dos sufraxios, aproximadamente. Finalmente, a opción de centro, liderada por Portela Valladares, conseguiu o 5% das papeletas. A diferenza de votos foi moi axustada mais a Fronte Popular obtivo a maior parte dos escanos: 278 deputados, fronte a 124 da dereita e 51 do centro. Con todo, esta é unha realidade que se explica pola lei electoral en vigor e que se adapta, por tanto, ás regras do xogo

[123] Outra das crónicas máis coñecidas para o caso galego é a escrita por: Luís Moure Mariño, *Galicia en la Guerra...*, 27-29.

[124] Para unha relación dos distintos mitos propagandísticas creados polos sublevados é posíbel consultar: Alberto Reig Tapia, "Los mitos políticos franquistas de la guerra civil y su función: el "espíritu" del 18 de julio de 1936", en *Guerra Civil. Mito y Memoria,* ed. por Julio Aróstegui e François Godicheau (Madrid: Marcial Pons, 2006), 217-218.

[125] Emilio Grandío Seoane, *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República* (Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1999), 135.

[126] Francisco Sánchez Pérez, "Las reformas de la primavera del 36 (en la *Gaceta* y en la calle)", en *Los mitos del 18 de julio,* coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona: Crítica, 2013), 295.

aceptadas previamente polos distintos contendentes. Alén disto, José María Gil Robles, líder do *"Frente Nacional Contrarrevolucionario"* considerou que as eleccións se realizaran, en xeral, dun modo correcto[127].

En segundo lugar, tense desmentido a afirmación de que en 1936 estivera a piques de se producir unha revolución no Estado español. Deste xeito, como sinalou Julio Aróstegui: "*ningún movimiento revolucionario digno realmente de tan rigurosa calificación histórica alcanzó relieve decisivo en los años republicanos, ni en su preparación ni, mucho menos, en su materialización".* Revolución era un termo de uso habitual, sobre todo, por parte da dereita que se presentou como opción "contrarrevolucionaria" ás eleccións de febreiro de 1936. A vitoria da Fronte Popular fixo os discursos máis crús e as apelacións a un hipotético estoupido revolucionario máis frecuentes[128].

Porén, máis alá do plano discursivo, o que provocou a vitoria da Fronte Popular nos grupos de esquerda non foi o aumento do impulso revolucionario, senón a consolidación das vías reformistas fronte aos hipotéticos impulsos de ruptura que posuían parte dos seus militantes[129]. Deste xeito, os sindicatos, incluíndo aquí aos anarquistas da Confederación Nacional do Traballo (CNT), estaban basicamente interesados en obter melloras sociais, conscientes da posibilidade de facer presión no goberno para que apostase por unha liña de reforma semellante á do primeiro executivo republicano (1931-1933)[130].

Pola súa banda, o Partido Comunista de España (PCE), presentado polos propagandistas partidarios da Sublevación como a punta de lanza da invasión soviética de España seguía en 1936 unha táctica política diametralmente oposta ao asalto revolucionario do poder. Os comunistas españois integrados no PCE eran fieis aos ditados da Internacional Comunista, a cal, apostaba, desde o seu VII Congreso, celebrado en 1935, pola alianza cos sectores socialdemócratas e

[127] Julio Aróstegui, *Por qué el 18...*, 127-128.
[128] Julio Aróstegui, "Una izquierda en busca de la revolución [El fracaso de la segunda revolución]", en *Los mitos del 18 de julio,* coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona: Crítica, 2013), 186-187.
[129] José Luís Ledesma, "La "primavera trágica"...", 323.
[130] Francisco Sánchez Pérez, "Las reformas de la Primavera...", 294.

republicanos burgueses, co obxectivo de frear o avance das posturas reaccionarias máis ou menos atraídas polo espírito do fascismo[131].

Todo isto axuda a entender que a maior parte da violencia rexistrada entre as eleccións de febreiro e o Golpe de Estado de xullo non estivo catalizada por un impulso revolucionario, senón pola estrutura de oportunidades políticas que se abría ante a posibilidade de ter como interlocutor a un goberno con maiores simpatías polas demandas das organizacións obreiras e campesiñas[132].

Esta dinámica non é exclusiva do Estado español, nin tampouco da Segunda República. A estrutura de oportunidades políticas é un dos 3 factores que explican a aparición de movementos organizados de protesta. Os outros 2 son, por unha banda, as formas de organización, tanto formais como informais, que estean a disposición dos contestatarios e, por outra banda, a posibilidade de crear referentes compartidos de análise da realidade, os cales, teñen sido nomeados co termo de procesos enmarcadores. Polo que se refire á estrutura de oportunidades políticas, tense argumentado que esta depende de 4 factores: o nivel de apertura do sistema político, o nivel de estabilidade presente nas elites, a posibilidade de contar co apoio desas elites e a capacidade do Estado para a represión[133].

Deste xeito, existen multitude de estudos a escala internacional que amosan que a apertura democrática, así como a posibilidade de manter canles de diálogo co poder estabelecido, estimulan aos sectores sociais a saír á rúa en demanda dos seus dereitos. Porén, o relaxamento das prácticas represivas favorece tamén que as reivindicacións se presenten de forma máis aberta e legal, así como menos violenta, que en contextos de ditadura[134].

---

131 Fernando Hernández Sánchez, "Con el cuchillo entre los dientes: el mito del "peligro comunista" en España en julio de 1936", en *Los mitos del 18 de julio,* coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona: Crítica, 2013), 289-290.

132 José Luís Ledesma, "La "primavera trágica"...", 323.

133 Dough McAdam, John D. McCarthy e Mayer N. Zald, "Oportunidades, estructuras de movilización y procesos enmarcadores: hacia una perspectiva comparada de los movimientos sociales", en *Movimientos sociales: perspectivas comparadas*, ed. por Dough McAdam, John D. McCarthy e Mayer N. Zald (Madrid: Istmo, 1999), 22-23, 27, 32.

134 Charles Tilly e Lesley J. Wood, *Los movimientos sociales, 1768-2008. Desde sus orígenes a Facebook* (Barcelona: Crítica, 2010), 21-23.

Isto explícase polo feito de que as persoas non adoitan participar en formas de conflitividade que consideran inviábeis[135]. Así, a pesar das teses sostidas por parte dos primeiros autores que comezaron a estudar a acción colectiva a finais do século XIX, os individuos non se mobilizan de xeito irracional, senón dunha forma plenamente consciente[136].

Malia todo, cómpre destacar que o goberno saído dos comicios de febreiro de 1936 estaba formado soamente polos republicanos, é dicir, estaba menos escorado á esquerda que o saído das primeiras eleccións de 1931. A súa composición fora froito dun acordo previo ás eleccións e estaba aceptado polos distintos partícipes na coalición da Fronte Popular[137].

Por último, está totalmente demostrado que a violencia rexistrada após a vitoria electoral da Fronte Popular e o asasinato de Calvo Sotelo non foi a orixe da Sublevación contra a legalidade republicana[138]. Así, sabemos que a visión de que o Golpe foi consecuencia do fracaso da Segunda República non e máis ca unha construción discursiva da propaganda golpista[139]. Os textos de Silva Ferreiro e Moure Mariño, aos que temos feito referencia anteriormente, ilustran perfectamente as primeiras campañas postas en marcha por parte das autoridades sublevadas co obxectivo de amosar a suposta ilexitimidade do goberno republicano.

Deste xeito, o primeiro plan sistemático creado co obxectivo de deslexitimar á República tivo a súa orixe nunha orde do Ministerio do Interior, con data do 21 de decembro de 1938[140]. En virtude deste mandato constituíuse unha comisión, integrada por 22 xuristas, e encargada de investigar e demostrar os innumerábeis delitos amparados polo goberno que, segundo o relato dos sublevados, sumiran

---

[135] Ana Cabana Iglesia, "Estado e "cultura de resistencia": aproximación ao estudo dos mecanismos definidores da conflitividade rural durante o primeiro franquismo", *SEMATA, Ciencias sociais e Humanidades* 19 (2007): 260. Recuperado de: pg_259-274_semata19.pdf (usc.es) [Última visita: 25/11/2022].

[136] Concha Fernández e Xosé Manuel Sabucedo, *Do descontento á acción. A construción social da protesta campesiña en Galiza* (Vigo: Xerais, 2004), 10-11.

[137] Julio Aróstegui, *Por qué el 18...*, 120.

[138] Rafael Cruz, *En el nombre del pueblo. República, rebelión y guerra en España de 1936* (Madrid: Siglo XXI, 2006), 189-190.

[139] Ángela Cenarro, "Fascismo, Franquismo y Poder Local...", 147-148.

[140] Michael Richards, "El régimen de Franco y la política de memoria de la guerra civil española", en *Guerra Civil. Mito y memoria*, ed. por Julio Aróstegui e François Godicheau (Madrid: Marcial Pons, 2006), 174-175.

ao país nunha situación de caos, que culminara no asasinato de José Calvo Sotelo[141].

A veracidade deste discurso pode desmontarse aludindo a 2 argumentos difíciles de discutir. Por unha banda, está probado que as conspiracións contra a República foron unha constante desde os primeiros momentos após a súa proclamación[142]. Deste xeito, está documentada a existencia de campañas de obtención de fondos, así como de negociacións para a compra de material bélico á Italia fascista, anteriores en varios meses á morte do líder de Renovación Española[143].

Por outra banda, os estudos sobre a violencia durante o período republicano amosan claramente que a esquerda obreirista non causou a maior parte da violencia política rexistrada após as eleccións de febreiro. De feito, tense demostrado que a esquerda foi quen máis episodios violentos sufriu, aportando o 56,5% das persoas mortas por estas casuísticas. Alén disto, as análises sobre os executores da violencia amosan que case a metade de todas as vítimas mortais, o 43%, foron responsabilidade do exército regular e das distintas policías do Estado (vixilancia e seguridade, gardas de prisións, Garda Civil, Garda de Asalto e policías locais). Entre estas destacou a Garda Civil, que se considera responsábel do 58% das mortes causadas por estes corpos. Fronte ao exército e os corpos represivos do Estado, os grupos políticos vinculados á esquerda (anarquistas, socialistas, comunistas e outros) causaron o 20% dos falecementos, mentres que os falanxistas e o resto de colectivos de dereita provocaron o 17% das vítimas mortais[144].

Todo o explicado, pon de manifesto o carácter falsario dos discursos tendentes a presentar a idea dunha República sen capacidade para impoñer a orde e na que se perseguía de xeito sistemático ás persoas de simpatías políticas dereitistas. Deste xeito, o número de empresarios asasinados antes do 18 de xullo de 1936 foi ínfimo e o dos sacerdotes inexistente[145]. A creación destes discursos respondía a unha estratexia de manipulación sostida no tempo, que tiña como

[141] Eduardo González Calleja, *Cifras cruentas...*, 21.
[142] Ángel Viñas, *¿Quién quiso la guerra civil? Historia de una conspiración* (Barcelona: Crítica, 2019), 17-34.
[143] Ángel Viñas, "La connivencia fascista...", 79-181.
[144] Rafael Cruz, *En nombre del pueblo...*, 168, 336.
[145] Francisco Sánchez Pérez, ¿Una guerra realmente inevitable?, en *Los mitos del 18 de julio*, coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona: Crítica, 2013), 12.

USC DE SANTIAGO

obxectivo comprometer a viabilidade do réxime republicano. Os seus autores eran os líderes dunha dereita de perfil cada vez máis autoritario fronte ás correntes tradicionais do conservadorismo liberal[146].

Polo que respecta a Galiza, as apelacións á violencia e ao desorde son comúns aos empregados para o conxunto do Estado. Xunto con estes, os propagandistas partidarios da Sublevación elaboraron traballos destinados a presentar o noso territorio coma un espazo proclive aos Golpe, en base ao seu carácter dereitista e tradicional. A Galiza dereitista e tradicional, descrita polos autores partidarios do Golpe constitúe un tópico presente na sociedade española actual, unha construción discursiva sobre a que se ten reflexionado de xeito recorrente nos medios de comunicación durante os últimos anos[147].

Esta visión sobre a realidade política galega aparece tamén nalgúns dos traballos máis recentes sobre o Golpe de Estado. Nestes, o rigor das análises non impide que se transmita este lugar común creado pola propaganda golpista, ao cualificar o mundo agrario galego como "moi conservador"[148].

Argumentos coma os aquí referidos teñen sido desmentidos pola historiografía galega en gran número de traballos que abordan temáticas diversas. A súa importancia é clave, pois sen coñecer a realidade social e política existente nos anos previos á rebelión militar, resulta imposíbel realizar unha análise rigorosa da violencia golpista en Galiza.

Deste xeito, polo que se refire á dinámica electoral presente nas 4 provincias que conforman a actual Comunidade Autónoma galega é necesario recalcar que a Fronte Popular gañou en 2: A Coruña e Pontevedra. A dereita obtivo a vitoria só en Ourense. Finalmente, en Lugo, o trunfo foi para a listaxe de centro esquerda formada por candidatos adscritos ao Partido de Centro Democrático de Manuel Portela Valladares e candidatos dos grupos de Izquierda Republicana e Unión Republicana, que no resto de provincias españolas facían

[146] Eduardo González Calleja, "La radicalización de las derechas", en *Los mitos del 18 de julio*, coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona: Crítica, 2013), 235-238.

[147] A modo de exemplo podemos referir os seguintes artigos, de consulta aberta en rede: Manoel Barbeitos, "¿Es Galicia un país conservador?, *Galiciapress*, 17 de xullo de 2018, consultado o 28 de novembro de 2022. Recuperado de: ¿Es Galicia un país conservador? (galiciapress.es) [Última visita: 28/11/2022] e Manuel Varela, "Galicia (no) es de derechas", *La voz de Galicia*, 18 de decembro de 2018, consultado o 28 de novembro de 2022. Recuperado de: Galicia (no) es de derechas (lavozdegalicia.es) [Última visita: 28/11/2022].

[148] Julio Aróstegui, *Por qué el 18...*, 93.

parte da Fronte Popular. Así, o caso de Lugo é paradoxal, por ser a única circunscrición en todo o Estado na que os candidatos portelistas compartiron listaxe electoral con forzas da coalición de esquerdas[149].

Alén disto, en Galiza existían centrais sindicais que contaban con un significativo número de afiliados, sobre todo nas cidades de Vigo, A Coruña e Ferrol, onde máis da metade dos traballadores formaban parte de sindicatos, en sectores como a industria e os servizos[150]. Na Coruña, calcúlase que as organizacións obreiras anarquistas tiñan uns 12.000 membros, só no núcleo urbano, á altura de 1935[151]. Tales datos, en relación coa poboación coruñesa do momento, amosan que entre o 7 e o 9 por cento do total de habitantes da cidade se atopaban afiliados a estes grupos, que se federaban na Confederación Nacional do Traballo (CNT)[152].

No conxunto da Galiza, o sindicalismo anarquista tiña ao redor de 40.000 membros, sobre todo nas zonas da costa occidental, mentres que no interior, na área de Ourense, os sindicatos agrarios de orientación comunista estiveran a ter un asentamento crecente durante os anos republicanos. Polo que se refire a partidos políticos de carácter interclasista atopamos ao Partido Galeguista que en 1936 era unha forza en ascenso, cunha influencia crecente após a campaña en prol da aprobación do Estatuto de Autonomía. Tamén existían importantes partidos de ámbito Estatal como é o caso de "*Izquierda* Republicana". Este último, herdara as redes de poder local tecidas anos atrás pola Organización Galega Republicana Autónoma (ORGA), o que lle permitía gozar dunha ampla implantación no medio rural galego[153].

Deste xeito, en Galiza existía unha sociedade civil dinámica, acostumada á participación política tras máis de 100 anos de sistema liberal[154]. Isto explica o

[149] Emilio Grandío Seoane, *Caciquismo e eleccións...*, 129-130.
[150] Dionisio Pereira, introdución a *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*, coord. por Dionisio Pereira (Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1992), 13.
[151] Emilio Grandío Seoane, "Tempo de violencia: A Coruña, 1936-1939", en *Anos de odio. Golpe, represión e guerra civil na Provincia da Coruña (1936-1939),* ed. por Emilio Grandío Seoane (A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña, 2007), 116-117.
[152] Emilio Grandío Seoane, "Golpe de Estado y represión...", 21.
[153] Xosé M. Núñez Seixas, *O soño dunha Galiza ideal. Estudos sobre exiliados e emigrantes galegos* (Vigo: Galaxia, 2016), 69-70.
[154] Miguel Cabo Villaverde e Xosé R. Veiga Alonso, "Una sociedad politizada en un liberalismo más que centenario (1833-1936)", en *Otras miradas sobre Golpe, Guerra y Dictadura. Historia para un*

elevado grado de conflitividade presente no mundo rural galego desde finais do século XIX, onde tivo lugar a aparición dun auténtico movemento de masas que provocou cambios moi salientábeis no conxunto da sociedade do seu tempo: o Agrarismo[155].

Con todo, que sucedeu tras o Golpe? Sería un erro considerar que os contextos de guerra e paz son iguais e ignorar o feito de que os escenarios bélicos adoitan dar lugar a novos encadramentos e lealdades. Unha confrontación armada, como afirma o politicólogo grego Stathis Kalyvas, inaugura un contexto diferente ao da paz, dando lugar a unha dinámica de relacións interpersoais novas, na que existen menos concesións ao consentimento individual e maiores incentivos para obter apoios entre a sociedade implicada[156].

Deste xeito, cómpre ter presente que é posíbel que tras a Sublevación moitos esquerdistas e republicanos galegos adoptaran unha postura proclive ás novas autoridades rebeldes, tanto polo desexo de obter protección e beneficios persoais como polo resultado de transformacións ideolóxicas sinceras[157]. Así, sería teoricamente plausíbel que na Galiza de 1936, malia as dinámicas sociais comentadas, existisen miles e miles de voluntarios que corresen a se alistar no exército golpista após a sublevación, tal e como sinalaba Luís Moure Mariño cando afirmaba que "*el voluntariado cundió bien pronto en Galicia*"[158].

Non obstante, isto tampouco é certo. A imaxe dunha Galiza que se mobilizou de forma masiva e voluntaria para ir á fronte é falsa. Deste xeito, na provincia de Pontevedra computáronse un total de 64.139 combatentes, dos cales só 6491 acudiron a loitar dun xeito voluntario. Isto correspóndese unha porcentaxe do 10,1% fronte ao 89,9% de soldados recrutados, o que supón falarmos duns 57.648 varóns que tiveron que pasar a formar parte do exercito rebelde á forza[159].

---

pasado incómodo, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego (Madrid: Catarata, 2014), 51-79.

[155] Miguel Cabo Villaverde, *O Agrarismo* (Vigo: A Nosa Terra, 1998).

[156] Stathis N. Kalyvas, *La lógica de la violencia...*, 63.

[157] Carlos Gil Andrés, "La zona gris...", 126-127.

[158] Luís Moure Mariño, *Galicia en la Guerra...*, 161.

[159] Aurora Artiaga Rego, "Movilización rebelde en el verano de 1936. Galicia, ¿Una nueva covadonga?", en *Otras miradas sobre Golpe, Guerra y Dictadura. Historia para un pasado incómodo,* ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego (Madrid: Catarata, 2014), *133*-134.

USC

A construción do exército golpista provocou, por primeira vez na historia de España, que se chamara a filas a todas as persoas consideradas útiles dentro dun determinado rango de idade, sen distincións de clase ou status[160]. Deste xeito, o 9 de agosto de 1936 publicábase no Boletín Oficial da Xunta de Defensa Nacional o Decreto número 29, en virtude do cal se obrigaba aos mozos pertencentes aos reemprazos dos anos 1933, 1934 e 1935 a se incorporar ás filas do exército golpista[161].

A resposta maioritaria entre os chamados a filas foi a de aceptar e deste xeito pasar a formar parte do exército sublevado. O clima de extrema violencia no que tivo lugar o recrutamento facía practicamente imposíbel artellar actos de resistencia máis alá do individual[162]. Porén, cómpre sermos especialmente cautos á hora de realizar valoracións ideolóxicas sobre os soldados do exército rebelde, dado que aceptar ser mobilizado non é o mesmo que concordar co ideario golpista[163].

Esta realidade pode ilustrarse, de xeito moi claro, mediante o relato do escritor galego Ramón de Valenzuela, que decidiu presentarse voluntario no exército sublevado por temor a ser perseguido pola súa ideoloxía política, após ser detido e despois de ter visto como se comezaba a asasinar xente tras a toma do poder por parte dos golpistas en Galiza. A súa historia recollese no seu libro autobiográfico: *Non agardei por ninguén,* publicado orixinalmente no ano 1957. Neste, Ramón de Valenzuela realiza unha interesante valoración sobre as simpatías políticas dos soldados do exército rebelde cos que compartía trincheira:

[160] Francisco Leira Castiñeira e Andrés Domínguez Almansa, "Reclutados para ganar. Movilización y respuesta de "los soldados de Franco", *Ayer* 111 (2018): 88. Recuperado de: 04 Leira y Dominguez Ayer 111.pdf (revistaayer.com) [Última visita 28/11/2022].

[161] Francisco Jorge Leira Castiñeira, "Movilización militar y experiencia de guerra civil. Las actitudes sociales de los soldados del ejército sublevado", en *Otras miradas sobre Golpe, Guerra y Dictadura. Historia para un pasado incómodo,* ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego, (Madrid: Catarata, 2014), 160.

[162] Francisco Leira Castiñeira e Andrés Domínguez Almansa, "Reclutados para ganar...", 90.

[163] Francisco J. Leira Castiñeira, *Soldados de Franco. Reclutamiento forzoso, experiencia de guerra y desmovilización militar* (Madrid: Siglo XXI, 2020), 307-317.

> Un día a un rapaz de Mourente e máis a min, que durmíamos á beira, déusenos por contar os soldados que sabiamos fixo que eran das nosas ideas e démonos de conta que pasaban moito da metade; falanxistas declarados soamente eran dous[164].

Por todo isto, é necesario ter presente que para realizar unha análise rigorosa sobre o Golpe e a violencia sublevada é necesario partir dunhas bases firmes, as cales, deben de servirnos de vacina contra os tópicos, por moi difundidos que estes estean a nivel social.

As cousas non adoitan ser o que parecen e na Sublevación de 1936 menos aínda, debido aos milleiros de análises que se teñen realizado sobre o conflito, tanto desde a historiografía como, sobre todo, desde a propaganda. Así, o feito de que os militares rebeldes chegasen a controlar o conxunto do territorio galego en poucos días non significa que Galiza fose un espazo proclive ao Golpe.

Porén, cando un exército aposta de xeito macizo pola rebelión militar pouco ou nada poden facer os poderes civís e as xentes do común para paralo[165]. Isto foi o que sucedeu en Galiza, un territorio onde as xerarquías militares decidiron, de xeito case unánime, sublevarse (ou deixar facer) en contra do poder legalmente constituído.

Non obstante, temos exemplos significativos de membros do exército galego que decidiron permanecer do lado da legalidade, tamén entre os máis altos mandos, como é o caso dos xenerais Rogelio Caridad Pita e Enrique Salcedo Molinuevo, xefe, este último, da VIII División Orgánica do exército, á que pertencía Galiza. Ambos rexeitaron facer parte da Sublevación e tentaron poñerlle fin por diversos medios. Porén, non foron quen de se impoñer sobre os seus compañeiros golpistas, circunstancia pola que foron detidos, encarcerados e finalmente fusilados en castigo pola súa lealdade á Segunda República Española[166].

Sexa como for, o certo é que os militares non foron os únicos en intentar resistir. Nas cidades e mesmo en moitas vilas galegas fixéronse importantes

[164] Ramón de Valenzuela, *Non agardei por ninguén* (Vigo: Galaxia, 1989), 80.
[165] Santos Juliá, "De "guerra contra el invasor"...", 16.
[166] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Os verdugos no Golpe...", 13-87.

preparativos para tentar parar o Golpe. Na Provincia da Coruña a resistencia concentrouse nas cidades de Ferrol, Santiago de Compostela e A Coruña. Non obstante, existiron grupos de oposición noutros núcleos de menor tamaño como Lousame, Betanzos e Cedeira[167].

Na Provincia de Pontevedra, a cidade de Vigo tivo un papel protagonista como núcleo de oposición á Sublevación. Porén, as resistencias alcanzaron unha magnitude importante noutras localidades, destacando o caso de Tui[168]. Os intentos de oposición ao Golpe en Tui foron relatos por un dos seus protagonistas, Antón Alonso Ríos, autor da novela autobiográfica: *O siñor Afranio. Ou como me rispei das gadoupas da morte*. *Memorias dun fuxido.* Neste libro, Alonso Ríos sinala que as resistencias estiveran dirixidas polo capitán de carabineiros, quen, malia ter simpatías políticas dereitistas, apostara por quedar do lado da lei[169].

Nas cidades de Ourense e Lugo os esforzos para deter a Sublevación foron máis cativos. Con todo, cómpre sinalar que a oposición existiu, o que se traduciu na organización de núcleos de resistencia en diversas localidades alén das propias capitais. Deste xeito, no territorio ourensán a resistencia concentrouse sobre todo nas comarcas de Valdeorras e Viana, en localidades como Vilamartín de Valdeorras, A Mezquita e a Gudiña[170]. En Lugo, cómpre destacar o caso de Monforte, o sur, así coma os de Viveiro, Ribadeo e A Pontenova no norte[171].

---

[167] Emilio Grandío Seoane, "Golpe de Estado y represión...", 30-45, Emilio Grandío Seoane, "Os días da Frente Popular na Provincia. A conspiración militar en marcha" en *Anos de odio. Golpe, represión e guerra civil na Provincia da Coruña (1936-1939),* ed. por Emilio Grandío Seoane (A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña, 2007), 17-115, Eliseo Fernández Fernández, "Golpe militar e represión no norte da Provincia da Coruña", en *Anos de odio. Golpe, represión e guerra civil na Provincia da Coruña (1936-1939),* ed. por Emilio Grandío Seoane (A Coruña: Deputación Provincia de A Coruña, 2007), 195-256 e Eduardo Rey Tristán, "A represión no sur da provincia da Coruña", en *Anos de odio. Golpe, represión e guerra civil na Provincia da Coruña (1936-1939)*, ed. por Emilio Grandío Seoane (A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña, 2007), 257-347.

[168] Ángel Rodríguez Gallardo, "Golpe de Estado y represión franquista en la provincia de Pontevedra", en *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939),* coord. por Jesús de Juana e Julio Prada (Barcelona: Crítica, 2006),135-164.

[169] Antón Alonso Ríos, *O siñor Afranio. Ou como me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido* (Vigo: Galaxia, 2006), 37-38.

[170] Julio Prada Rodríguez, "Golpe de Estado y represión franquista en la provincia de Ourense", en *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)* (Barcelona: Crítica, 2006), 104-108.

[171] María Jesús Souto Blanco, "Golpe de Estado y represión franquista en la Provincia de Lugo", en *Lo que han hecho en Galicia. Violencia política, represión y exilio (1936-1939)* (Barcelona: Crítica,

Sexa como for, as resistencias non foron suficientes para conter aos sublevados, que conseguiron tomar o poder na totalidade do territorio galego antes do final do mes de xullo. Deste xeito, as comunicacións telegráficas e telefónicas, que foran cortadas nalgúns casos polos resistentes, fóronse restabelecendo progresivamente e o día 28 do citado mes recuperouse o tráfico ferroviario normal coa Meseta. Deste xeito, Galiza converteuse nun territorio estanco, nunha rateira rodeada polo Portugal Salazarista e o resto dos espazos controlados polos sublevados[172].

2006), 65-73, Carlos Nuevo Cal, "A represión franquista nas terras de Viveiro", en *A represión franquista en Galicia. Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria* (Narón: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2003), 545-546, Carlos Nuevo Cal, "A impunidade e a represión...", José María Lombardero Rico, *Sociedade Ribadense (1900-1936)* (Ribadeo: Editorial Nigoba, 1999), 97-102, Gregorio Sanz, *Uno de tantos. Cinco años a la sombra* (Sada: Ediciós do Castro, 1986), 11-16 e Xabier Buxeiro Alonso, "Os verdugos e a sociedade...", 184-186.

[172] Aurora Artiaga Rego, "Movilización rebelde en el verano...", 128.

3. Hipóteses e obxectivos

A investigación que presentamos pretende realizar unha análise de conxunto sobre a violencia perpetrada a raíz do Golpe de 1936. Para isto, deseñamos un plan de traballo que parte do local, é dicir, da análise da Sublevación nunha serie de municipios situados na parte setentrional da Provincia de Lugo.

O noso punto de enfoque foron as vítimas, clasificadas dentro da base de datos do Proxecto Nomes e Voces. Partindo destes traballos, tentamos realizar unha análise que alcance á totalidade de actores implicados na violencia golpista. Este é o noso obxectivo a nivel global, mais para plasmalo nunha investigación concreta decidimos dividir a nosa análise en 3 partes, diferentes mais con fortes conexións entre si.

O primeiro destes grandes apartados, aborda a toma do poder por parte das autoridades rebeldes dentro dos municipios que integran a nosa área de estudo preferente. Neste punto, o noso obxectivo é estudar os niveis de violencia rexistrados en cada un dos concellos, para coñecer a realidade do Golpe do xeito máis axustado posíbel. Con isto, pretendemos ser capaces de valorar a relación entre o nivel de resistencia á Sublevación e dureza da persecución rexistrada após a instalación no poder das autoridades golpistas dentro dos distintos concellos. Alén disto, analizaremos os cambios na vida municipal após o Golpe a partir de 2 indicadores. En primeiro lugar, estudaremos a renovación das corporacións locais nos anos posteriores á rebelión militar do 18 de xullo de 1936. En segundo lugar, analizaremos as medidas tomadas desde os diferentes consistorios após o Golpe: ceses e nomeamentos de empregados municipais, cambios nos nomes das rúas, etc.

No segundo grande apartado da tese estudaremos os asasinatos perpetrados a raíz da Sublevación, tanto os que se xustificaron en base a unha sentenza de pena de morte coma os que non. O noso obxectivo é realizar unha análise profunda dos distintos asasinatos. Así, por unha banda, estudaremos polo miúdo os diferentes mecanismos de eliminación física de persoas, buscando as similitudes e as diferenzas que existen entre os mesmos. Por outra banda, a análise dos asasinatos conduciranos ao estudo dos distintos actores implicados en cada un dos crimes. Neste punto, consideramos necesario ir máis alá dos

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

executores directos, para descubrir as motivacións e as mecánicas que posibilitaron un número de asasinatos tan imporante dentro do territorio galego.

No terceiro grande apartado do noso traballo estudaremos as actitudes sociais ante a persecución golpista, concretamente, a través das dinámicas de colaboración coa xustiza militar. Neste punto, buscaremos estabelecer un número de declarantes para cada concello. De acordo co indicado anteriormente, aplicaremos un esquema de análise que distingue 4 tipo de testemuños, que van desde a incriminación á exculpación, pasando pola neutralidade.

A nosa intención é ir máis alá da obtención dunha listaxe de nomes. Deste xeito, pretendemos coñecer os perfís económicos, profesionais e ideolóxicos dos distintos declarantes rexistrados. O noso obxectivo aquí é analizar os criterios e mecanismos postos en marcha polas autoridades golpistas para a obtención de testemuños, así coma a propensión da xente común a un tipo de actitudes ou outras.

En canto ás hipóteses de partida para a nosa investigación, consideramos, en primeiro lugar, que a violencia que estudaremos tivo a súa orixe no Golpe de Estado. Así, por unha banda, cremos erradas as explicacións que aplican modelos deterministas que tratan de explicar a violencia perpetrada tras a Sublevación en Galiza en función dos niveis de conflitividade presentes no período republicano. Por unha banda, consideramos que a Guerra Civil condicionou parte da persecución, tal e como pode verse a través da análise dos procedementos xudiciais incoados por deserción. Con todo, entendemos que o groso da violencia, sobre todo a de maior intensidade, dependeu do Golpe, así como da magnitude da resistencia armada rexistrada nos distintos concellos ante os procesos de toma do poder por parte dos sublevados.

En segundo lugar, consideramos que a violencia que se produciu a raíz da rebelión militar do 18 de xullo de 1936 non se aplicou dun xeito irracional e moito menos descontrolado. Ao contrario: entendemos que existiu un control claro por parte dos distintos axentes encargados de levar adiante a persecución por parte das autoridades sublevadas.

En terceiro lugar, pensamos que tras o Golpe seguiu a existir un pouso democrático que condicionou as actitudes da cidadanía ante as demandas de colaboración realizadas polas autoridades golpistas. Dita intuición pode ser aplicábel ao conxunto do Estado español. Con todo, na presente tese

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

estudarémola nun territorio onde non se pode falar da existencia dunha fronte de Guerra após o inicio do conflito.

Por ultimo, consideramos que a creación dun novo relato, que vaia máis alá das vítimas e que introduza á totalidade de autores implicados no proceso de violencia vai requirir o uso de novas categorías analíticas. Isto implica repensar as categorías de vítima e verdugo.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

4. Metodoloxía e fontes

Os estudios históricos sobre os fenómenos de violencia teñen que se enfrontar a dúas problemáticas fundamentais. Por unha banda, atópanse condicionados polo debate público e as loitas políticas e ideolóxicas presentes na sociedade na que viven as súas autoras e autores. A violencia non é un tema aséptico, ao contrario, é un asunto sobre o que toda a cidadanía adoita ter unha opinión, que se atopa, á súa vez, condicionada pola simpatía persoal acerca das e dos participantes no episodio concreto que se estea a analizar.

Con todo, a asepsia investigadora non existe, é un mito positivista que hoxe en día semella superado. Ninguén nega o rigor analítico de Eric Hobsbawm ou Edward Palmer Thompson en base ao seu compromiso político marxista. Do mesmo xeito, resulta claro que a maior parte dos estudos de calidade sobre o Golpe de 1936 e a Guerra Civil española, teñen sido elaborados por historiadoras e historiadores que profesan uns valores profundamente contrarios aos da ditadura franquista.

Non obstante, o interese por construír un relato veraz sobre o pasado tense visto en ocasións condicionado por unha serie de nesgos que cómpre identificarmos, para evitar deixarnos levar por interpretacións partidistas que poidan condicionar o traballo coas fontes primarias. Deste xeito, acreditamos na visión de Stathis Kalyvas que afirma que a análise da violencia nas guerras civís ten que batallar co tópico da loucura homicida, que pretende explicar os asasinatos perpetrados en base ao azar, a tolemia colectiva ou o fanatismo ideolóxico[173].

Alén disto, en concordancia coa análise deste politicólogo grego, é necesario non deixarse arrastrar por certos enfoques que adoitan estar presentes, en maior ou menor medida, nos estudos sobre a violencia masiva. Estes, para Kalyvas, son 5. En primeiro lugar, está o nesgo partisano, consistente en tomar partido até o punto de perder o espírito crítico. En segundo lugar, o nesgo político, resultado de equiparar os contextos de guerra e paz dun xeito automático. En terceiro lugar, o nesgo urbano, no que se incorre ao pasar por alto as experiencias e valores da xente común, que adoitan ser diferentes aos da persoa que dirixe a investigación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[173] Stathis N. Kalyvas, *La lógica de la violencia...*, 55-59.

En cuarto lugar, o nesgo selectivo, que consiste en centrar demasiado o foco nos fenómenos máis claros e extremos, deixando de lado o estudo de formas de violencia de menor intensidade. Finalmente, en quinto lugar, está o nesgo sobreglobalizador, no que se incorre ao traballar cun nivel de abstracción demasiado alto[174].

Por outra banda, os estudos sobre a violencia atópanse co problema da ausencia relativa de fontes sobre as que construír un relato certeiro dos feitos. Nos conflitos bélicos, así como nas prácticas de eliminación sistemática de persoas, os perpetradores adoitan empregar notábeis esforzos en destruír as probas dos seus crimes. Deste xeito, os estudosos concordan en que os xenocidios non rematan co exterminio do grupo de vítimas, senón coa negación das matanzas perpetradas[175].

En base aos problemas sinalados consideramos fundamental explicar, dun xeito detallado, a metodoloxía e as fontes que empregamos para a realización do noso traballo. A nosa tese, tal e como dixemos, pretende ir máis alá da mera construción discursiva, propia do relativismo posmoderno e realizar unha interpretación que se sosteña nas evidencias materiais do proceso violento[176]. Todo isto, co obxectivo de realizar unha aproximación analítica que prescinda de facer valoracións morais[177].

[174] *Ibídem*, *La lógica de la violencia...*, 55-82.

[175] Antonio Míguez Macho, *La genealogía genocida...*, 133. A secuenciación das prácticas de xenocidio en estadios deriva dos traballos do doutor Gregory H. Stanton, presidente de Genocide Watch. Na actualidade, Genocide Watch distingue dez fases dentro dun proceso xenocida: a clasificación, a simbolización, a discriminación, a deshumanización, a organización, a polarización, a preparación, a persecución, o exterminio e, por último, a negación. Esta información pode consultarse na web genocidewatch.com: Genocide Watch- Ten Stages of Genocide [Última visita: 30/11/2022].

[176] Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego, "Sabemos poco...", 19.

[177] Concepción López Sánchez,

4.1. Desde o local e desde as vítimas

O obxectivo da presente investigación é, xa como dixemos, realizar unha análise de conxunto sobre a persecución golpista, que non se limite á aproximación tradicional centrada na identificación e análise das vítimas. Con todo, para estudar o resto de actores que fixeron parte do fenómeno da violencia sublevada, cómpre partirmos do coñecemento das persoas que sufriron dita violencia.

Isto é debido a que os perpetradores toman a súa condición de tales dentro dun episodio violento concreto, premisa que pode aplicarse tamén ao resto de actitudes sociais descritas. Estas, son, como xa indicamos, basicamente 2. Por unha banda, a dos salvadores, é dicir, a das persoas que realizaron actos encamiñados a reducir o nivel de violencia. Por outra banda, a dos individuos que permaneceron nunha posición intermedia, cunha actitude que pode considerarse máis ou menos ambigua e que non é posíbel clasificar nin como favorábel nin como contraria á persecución.

Para o coñecemento das vítimas, na presente investigación partimos dos datos contidos na base do Proxecto Nomes e Voces[178]. O Proxecto Nomes e Voces naceu no ano 2006 co obxectivo de rescatar do esquecemento a identidade das vítimas do Golpe de Estado e da Guerra Civil en Galiza, así como para recompilar os seus testemuños mediante entrevistas, que se realizaron ben ás propias persoas que sufriran a persecución, ou ben ou aos seus familiares.

[178] O pasado ano 2021 publicamos, xunto con Aldara Cidrás, un artigo na revista *Nuestra Historia* que analizaba a importancia da creación do Proxecto Nomes e Voces quince anos despois do seu nacemento: Xabier Buxeiro e Aldara Cidrás, "*Nomes e Voces:* 15 años de un proyecto pionero en el estudio de la violencia golpista", *Nuestra Historia: revista de Historia de la FIM* 11 (2021): 301-306. Recuperado de: Nomes e Voces: 15 años de un proyecto pionero en el estudio de la violencia golpista - Dialnet (unirioja.es) [Última visita: 30/11/2022].

4.1.1. A base de datos do Proxecto Nomes e Voces

Nomes e Voces naceu co apoio da Xunta Galicia, concretamente da consellería de cultura liderada por Ánxela Bugallo, nun momento no que a Comunidade Autónoma Galega se atopaba gobernada por unha coalición formada polo Partido Socialista (PSOE) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG). O fin da lexislatura deu lugar a unhas eleccións nas que a vitoria foi para o Partido Popular (PP). A chegada de Alberto Núñez Feijoo ao goberno galego, así como a vitoria do PP a nivel central provocaron un cambio de ciclo no que se refire ao interese pola investigación na chamada memoria histórica. O resultado para Nomes e Voces foi a fin da financiación, circunstancia que obrigou a dar por rematado o Proxecto á altura de 2012.

Na actualidade, grazas ao traballo das investigadoras e investigadores do Proxecto Nomes e Voces dispoñemos de 2 bases de datos que teñen sido fundamentais para a realización desta tese de doutoramento. Por unha banda, o fondo de historia oral Terra e Memoria, onde se conteñen as 500 entrevistas realizadas no marco de Nomes e Voces, xunto con máis de 1500 gravacións que pertencen aos fondos HISTORGA e HISTAmérica. Estas abordan temáticas diversas, como as migracións e a vida na Galiza rural, mais tamén asuntos relacionados co Golpe, a Guerra Civil e a violencia sublevada, razón pola cal, tamén foron consultadas para a elaboración deste traballo.

Por outra banda, a investigación de Nomes e Voces permitiu a creación dunha base de datos na que se poden consultar os distintos materiais recollidos e clasificados ao longo do Proxecto. A maior parte desta información é de acceso libre e pode manexarse través da web nomesevoces.net.

A páxina de Nomes e Voces permite a calquera persoa interesada obter unha listaxe completa das 14.977 vítimas clasificadas na base, as cales, aparecerán por orde alfabética. Ademais inclúe 9 criterios de busca que se poden empregar de xeito combinado e que se atopan referidos ás vítimas. Estes son: nome, apelidos, sexo, lugar de nacemento, veciñanza, filiación política, profesión, ano de morte (para as persoas que remataron por falecer a consecuencia da persecución) e suceso.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O ítem de "suceso" fai referencia ao tipo de violencia sufrida por cada vítima. A base está feita de tal modo que unha vítima só pode estar incluída nun suceso, para evitar duplicidades. Deste xeito, unha persoa que rematara sendo asasinada en aplicación dunha sentenza aparecerá en "execución" mais non en "prisión" aínda que tivera sido retida nunha cárcere até o momento da aplicación da súa condena.

Na web de Nomes e Voces distínguense 14 categorías diferentes, que figuran na Táboa 1[179]. Algunhas destas atópanse incompletas e outras, na nosa opinión, deberían de ser revisadas. Con todo, a posta en suspenso do Proxecto tense traducido na imposibilidade de realizar cambios de calado na base, o que non significa que non se teñan introducido certas modificacións, de acordo co avance nas investigacións. Non obstante, na presente tese vémonos na obriga de explicar e reelaborar parte dos ítems de Nomes e Voces, co obxectivo de adaptar as citadas categorías á nosa proposta metodolóxica.

[179] A base de datos de Nomes e Voces realizou un estudo sistemático da violencia perpetrada en Galiza desde o día do Golpe até o 31 de decembro de 1939. Isto non quere dicir que non existan algunhas vítimas cuxo proceso de persecución comezase máis tarde. Porén, estas supoñen unha clara minoría. Con todo, para os cálculos estatísticos incluiremos ao total de vítimas.

Táboa 1: vítimas (con e sen resultado de morte) agrupadas por sucesos (1936-1950)

Suceso	Número de vítimas	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Descoñecido	1	0,007%
Exilio	4	0,03%
Gulag	21	0,14%
Execución fora de Galicia	55	0,37%
Sen suceso indicado	60	0,40%
Campo de exterminio	188	1,25%
Outras tipoloxías represivas	198	1,32%
Desaparición	203	1,35%
Morte (outras tipoloxías)	243	1,62%
Sanción	684	4,57%
Execución	1406	9,39%
Detención	1606	10,72%
Paseo	1806	12,06%
Prisión	4333	28,93%
Proceso	4169	27,84%
Total	14977	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de nomesevoces.net

Nos sucesos de "campo de exterminio" e "gulag" atopamos 209 galegos que foron internados en campos de concentración nazis e soviéticos, sobrevivisen ou non. A súa inclusión na base explícase polo feito de que se considerou que abandonaran o Estado español debido ao Golpe, de modo que, en ausencia dun conflito armado, é posíbel que nunca tivesen sido vítimas destes tipos de violencia. Con todo, estamos ante unha categoría que pode ser polémica, dado que a vitimización destas persoas non foi obra das autoridades golpistas, circunstancia que pode ser alegada para cuestionar a pertinencia da súa inclusión dentro da base de datos.

Un ítem que debería de ser eliminado, sen ningún xénero de dúbida, é o de "descoñecido", que só inclúe a unha vítima: José María Canoura Torre. Este individuo foi detido e posteriormente inculpado nunha causa militar a raíz do Golpe para, finalmente, ser posto en liberdade. A súa traxectoria polo tanto non

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ten nada de particular e permite a súa reordenación na categoría de "proceso" tal e como explicaremos.

O ítem "exilio" atópase nunha situación de precariedade semellante á categoría de "descoñecido". Neste caso, atopamos persoas que tiveron que abandonar o Estado a consecuencia do Golpe. O problema está no seu reducido número, que non recolle, nin de lonxe, a cantidade de persoas que abandonaron Galiza ante o estoupido de violencia. Trátase, por tanto, dunha categoría que quedou a medio construír con carácter previo á retirada de fondos que condicionou a fin do proxecto.

Facendo un balance, pode sinalarse que os 4 sucesos comentados até o momento resultan certamente problemáticos. Con todo, cómpre clarificar que estes só inclúen ao 1% do total de vítimas da base. Polo que se refire ao resto de categorías, temos unha situación moito máis positiva.

En primeiro lugar, está a categoría "detención", na que se inclúen 1606 persoas que foron recluídas en prisións ou campos de concentración golpistas, sen chegar a ser formalmente procesadas nunha causa militar aberta a consecuencia do Golpe. As persoas procesadas figuran dentro do ítem de "proceso", no que aparecen 4169 individuos que foron formalmente procesados mais que non chegaron a ser condenados, ben por atoparse en paradoiro descoñecido ou ben por teren sido absoltos.

As persoas condenadas a penas de cárcere a consecuencia da Sublevación en Galiza figuran no suceso "prisión", que inclúe 4333 persoas. Pola súa parte os individuos que foron asasinados en aplicación dunha sentenza de pena de morte aparecen en 2 sucesos: "execución" e "execución fora de Galicia", en función do lugar no que lles fora aplicada a sentenza.

Fronte ás 1461 galegas e galegos que foron executados en aplicación dunha sentenza de pena capital atopamos 1806 "paseados", 203 "desaparecidos" e 243 individuos clasificados en "morte (outras tipoloxías)". Os paseados foron persoas ás que os golpistas asasinaron alén dos formalismos de aplicación da pena de morte, estiveran previamente sentenciados ou non. Esta circunstancia compártena tamén cos desaparecidos ou, canto menos, coa maior parte destes. A diferenza entre os grupos de paseados e desaparecidos reside no feito de que o corpo da vítima tivera aparecido ou non no momento elaboración da base. Con

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

todo, estamos a falar de dúas tipoloxías de violencia semellantes, tal e como explicaremos máis polo miúdo ao longo da nosa exposición.

Finalmente, en "morte (outras tipoloxías)" aparecen clasificadas 243 persoas, entre as cales podemos estabelecer 9 subgrupos, en base ás circunstancias concretas da súa morte[180]:

a) Combatentes mortos en accións armadas
b) Persoas non combatentes asasinadas en contextos de enfrontamento armado.
c) Individuos que foron mortos sen que poidamos precisar a causa da súa defunción.
d) Persoas que apostaron polo suicidio para evitar unha detención.
e) Mortos a consecuencia de torturas.
f) Falecidos en prisións ou campos de prisioneiros.
g) Persoas asasinadas durante a súa detención.
h) Presos que morreron intentando unha fuga.
i) Caso de Benigno Andrade García: guerrilleiro galego coñecido como "Foucellas" que foi condenado a morte e executado en 1952.

En resumo, segundo as nosas análises, en "morte (outras tipoloxías)" temos 2 perfís de vítimas. Por un lado, persoas cuxas mortes poden ser consideradas como pouco ou nada planificadas e, por outro lado, individuos asasinados, cuxos perfís, permiten a súa clasificación dentro doutros grupos, circunstancia que resulta evidente no caso de Benigno Andrade García.

Por último, temos 2 sucesos máis: "sanción" e "outras tipoloxías represivas". En "sanción" aparecen clasificadas 684 persoas que foron vítimas de multas, expedientes e depuracións. Pola súa banda, "Outras tipoloxías represivas" é un grupo heteroxéneo que inclúe un total de 198 persoas que sufriron violencias de distinto tipo e magnitude que resulta imposíbel incluír no resto de items.

USC DE SANTIAGO

[180] O estudo sobre as vítimas de "Morte (outras tipoloxías)" aparece incluído en: Xabier Buxeiro Alonso, "Paseos, execución e outros asasinatos...", 124.

En xeral, nos casos incluídos en "outras tipoloxías represivas", estamos a falar de formas de violencia que non deixaron pegada nos documentos escritos e que se coñecen por medio da fonte oral. O tipo de violencia máis coñecido dentro deste conxunto correspóndese cos casos de mulleres rapadas, violadas e obrigadas a beber aceite de rícino a consecuencia de seren consideradas parte do inimigo polos golpistas.

4.1.2. As tipoloxías de vítimas mortais

A base de datos de Nomes e Voces permite filtrar cales das vítimas rexistradas tiveron resultado de morte e cales non. Na actualidade, a cifra de falecidas e falecidos a consecuencia do Golpe en Galiza, que figura na base de Nomes e Voces, é de 4689. Esta é unha cifra que foi revisada en diversas ocasións, mais que se mantivo máis ou menos estábel nos últimos 15 anos[181]. É posíbel que a cifra sexa algo superior, de acordo cos últimos cómputos publicados[182].

Porén, para os nosos cálculos, remitirémonos, a non ser que indiquemos o contrario, ao número de 4689 vítimas mortais. Isto facémolo por razóns prácticas, mais tamén, polo feito de que as pequenas diferenzas numéricas ás que aludimos non constitúen ningún problema á hora de interpretar os datos. Non obstante, con independencia da cifra de falecidas e falecidos que tomemos como correcta, o que cómpre que expliquemos é o xeito no que perderon a vida as distintas persoas computadas como mortas na base de datos de Nomes e Voces. Coñecer cada un destes crimes vai alén dunha obriga moral, ao estarmos ante datos que poden aportar claves fundamentais para a análise da persecución iniciada a raíz do Golpe de Estado de 1936. Isto debido a que as vítimas mortais sufriron violencias claramente diferentes, a pesar de que o desenlace fora común.

As disparidades ás que aludimos traducíronse na necesidade de clasificar as vítimas dentro de distintos grupos. Estes, na base de datos de Nomes e Voces, denomínanse "sucesos", tal e como explicamos na Táboa 1. Neles inclúense a maior parte das vítimas, coa excepción dunha pequena porcentaxe sobre o total que carece de "suceso coñecido". Esta realidade pode expresarse tanto para o

[181] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces…", 95.
[182] José Babiano et. al., *Verdugos impunes…*, 92-93.

conxunto da Galiza, como para a provincia de Lugo e, tamén, para a área xeográfica delimitada polos concellos nos que centramos o noso estudo, tal e como se ve, respectivamente, dentro das Táboas 2, 3 e 4.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 2: vítimas con resultado de morte en Galiza (1936-1950)

Tipo de suceso	Número de vítimas mortais	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Outras tipoloxías represivas	3	0,064%
Gulag	6	0,13%
Proceso	54	1,15%
Sen suceso indicado[183]	61	1,30%
Detención	63	1,34%
Campo de Exterminio	114	2,43%
Desaparición	173	3,69%
Morte (outras tipoloxías represivas)	243	5,18%
Prisión	706	15,06%
Execución (dentro e fora de Galiza)	1460[184]	29,99%
Paseo	1806	38,52%
Total	4689	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

[183] Neste grupo de vítimas temos persoas que eran naturais e/ou veciñas de concellos galegos e que foron asasinadas en tres zonas concretas: León, Huelva e Cáceres. Nos dous primeiros casos, os datos para incluír ás persoas dentro da base de datos realizouse a través da fonte bibliográfica. Para as persoas falecidas en León empregouse o libro de Wenceslao Álvarez Oblanca e Secundino Serrano Fernández *La guerra civil en León*, publicado no ano 2009 e para a identificación das vítimas asasinadas en Huelva recorreuse á obra de Francisco Espinosa Maestre *La guerra civil en Hueva*, editada no ano 1996. Finalmente, os datos referentes ás vítimas que resultaron mortas en Cáceres foron extraídos do BOP de Cáceres e dos rexistros de dúas asociacións memorialistas: PREMHEX (Proyecto para la Recuperación de la Memoria Histórica de Extremadura) e PROMOTECA, coñecida na actualidade como AMECECA (Asociación Memorial en el Cementerio de Cáceres).

[184] A cifra real é de 1461, a cal, pode obterse mediante a suma das categorías de "execución" e "execución fora de Galicia" a través dos datos que se expresan na web de nomesevoces.net. Isto é debido a un erro humano (que terá que ser amañado) no caso de Antonio Gelpi Asorey (veciño de Guadalaxara), executado en Guadalaxara o 17 de xuño de 1941. Con todo, por razóns prácticas, traballaremos co dato de 1460 vítimas mortais dentro do suceso de "execución".

Táboa 3: vítimas con resultado de morte na Provincia de Lugo (1936-1950)

Tipo de suceso	Número de vítimas mortais	Porcentaxe sobre o total
Gulag	1	0,29%
Detención	6	1,74%
Proceso	9	2,62%
Desaparición	10	2,91%
Prisión	18	5,23%
Morte (outras tipoloxías)	20	5,81%
Execución (dentro e fora de Galiza)	120	34,88%
Paseo	160	46,51%
Total	344	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4: vítimas con resultado de morte na área delimitada polos municipios seleccionados (1936-1950)

Tipo de suceso	Número de vítimas mortais	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Gulag	1	0,96%
Desaparición	2	1,92%
Detención	3	2,88%
Proceso	6	5,77%
Prisión	9	8,65%
Morte (outras tipoloxías)	10	9,62%
Paseo	36	34,61%
Execución (dentro e fora da Galiza)	37	35,57%
Total:	104	100

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

Os datos contidos nas Táboas 2, 3 e 4 permiten estabelecer unha diferenciación entre 3 tipos de vítimas, en función do suceso que lles foi asignado na base de datos de Nomes e Voces. Un primeiro grupo (que denominaremos Grupo I) está formado polas persoas incluídas nas categorías de "campo de exterminio" e "gulag".

Este conxunto engloba a 120 individuos para o total da Galiza, dos cales, só 1 tiña fixada a súa residencia na Provincia de Lugo, concretamente, no concello de Viveiro, o cal pertence, de acordo co que temos sinalado, á nosa área de estudo máis específica. Tales datos amosan que o peso porcentual deste primeiro grupo, con respecto ao conxunto de vítimas mortais do golpe en Galiza, é do 2,55%, descendendo a valores inferiores ao 1% se centramos o foco na Provincia de Lugo ou nos concellos que forman a nosa área de estudo máis específica.

En calquera caso, estamos a falar dun grupo de vítimas de escasa importancia porcentual no que se inclúen persoas que sufriron violencias que se relacionan co

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Golpe de Estado de 1936, mais só dun xeito indirecto, tal e como explicamos anteriormente. É dicir, cómpre ser conscientes de que a sorte de todos estes individuos estivo condicionada pola sublevación militar, a consecuencia da cal fuxiron do Estado español, así como de que esta foi unha circunstancia necesaria (aínda que non suficiente) para que remataran os seus días presos en centros de reclusión nazis ou soviéticos.

Con todo, se excluímos a compoñente moral, é preciso sinalar tamén que as súas mortes non foron responsabilidade directa das autoridades que usurparon o poder após a sublevación militar de xullo de 1936, afirmación que resulta especialmente clara para os casos daquelas persoas que faleceron nos Gulags da Unión Soviética.

O segundo grupo de vítimas que deducimos a partir das Táboas 2, 3 e 4 é o formado polas persoas que se inclúen nos sucesos de "detención", "outras tipoloxías represivas", "prisión" e "proceso". Neste conxunto, que denominaremos Grupo II, están incluídas 826 vítimas para o conxunto de Galiza, 33 para a provincia de Lugo e 18 se limitamos a busca á área xeográfica circunscrita polos concellos nos que centramos o noso estudo. A nivel porcentual, estes datos correspóndese cuns valores do 17,6% para o conxunto de vítimas mortais do Golpe en Galiza, do 9,6% para a Provincia de Lugo e, de novo, do 17,6% para os concellos nos que centramos o noso proxecto de tese de doutoramento.

En calquera caso, dentro do Grupo II temos vítimas cuxos falecementos foron, salvo nalgúns casos concretos, responsabilidade evidente e directa das autoridades golpistas, tanto en canto, nos atopamos ante persoas que perderon a vida dentro da área xeográfica controlada polos militares sublevados. Existe, non obstante, un pequeno número de mortes nas que a responsabilidade directa das autoridades golpistas pode (e na nosa opinión debe) ser matizada.

2 destes casos pertencen a vítimas que foron clasificadas, na base de Nomes e Voces, dentro do suceso de "outras tipoloxías represivas". Estas foron Moisés Álvarez Gómez e Luís Barreiro Soto[185]. En ambos casos, estamos ante persoas que

[185] A información sobre estas vítimas está dispoñíbel na web do proxecto de Nomes e Voces, de xeito aberto e totalmente gratuito e pode consultarse a través das ligazóns seguintes: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=Lu%C3%ADs+Barreiro+Soto; http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/9158/ [Última consulta 11/03/2022].

perderon a vida cando formaban parte do exército golpista, a consecuencia de feridas provocadas, con toda probabilidade, polas tropas inimigas.

A responsabilidade dos sublevados nestas mortes, reside no feito de teren iniciado unha confrontación bélica na que milleiros de mozos foron forzados a combater, tal e como explicamos con anterioridade. Este foi claramente o caso de Luís Barreiro Soto, detido e "mobilizado pola forza no exército franquista", segundo figura na páxina de Nomes e Voces[186].

Outros 3 casos de vítimas mortais, nos que se pode matizar a responsabilidade directa das autoridades golpistas, son o de Nemesio Gómez Domínguez, o de Marcelino Fernández Prada e o de Antonio Domínguez Fontán. O primeiro, que se corresponde cunha das 73 vítimas mortais clasificadas dentro do suceso "detención", faleceu a consecuencia dos bombardeos da aviación republicana sobre o Cuartel de Simancas-Xixón, no cal se atopaba retido por orde dos militares golpistas[187].

O segundo, Marcelino Fernández Prada, foi "xulgado por rebelión militar" e condenado inicialmente á "pena de morte". Porén, dita sentenza foille conmutada pola de cadea perpetua. Finalmente, conseguiu a liberdade atenuada mais rematou por falecer ese mesmo ano[188]. Por último, temos o caso de Antonio Domínguez Fontán, que foi "procesado" e declarado en rebeldía e que rematou falecendo de tuberculose nun hospital en Portugal, na cidade de Lisboa[189].

Sexa como for, as mortes das persoas clasificadas dentro dos sucesos de "detención", "outras tipoloxías represivas", "prisión" e "proceso" teñen que ser diferenciadas dos falecementos das vítimas clasificadas dentro dos sucesos de "execución (dentro e fora de Galiza)", "paseo", "desaparición" e "morte (outras tipoloxías)". Isto é debido a que as mortes das persoas clasificadas dentro destes

[186] A súa ficha pode consultarse dun xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente a través da seguinte ligazón: Luis Barreiro Soto - Nomes e Voces [Última visita: 25/01/2023].

[187] Para máis información: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=nemesio+g%C3%B3mez+ [Última visita: 11/03/2022].

[188] Para máis información: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=Marcelino+Fern%C3%A1ndez+Prada [Última visita: 11/03/2022].

[189] Para saber máis sobre esta vítima: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=antonio+dom%C3%ADnguez+font%C3%A1n [Última visita: 15/03/2022]

primeiros 5 sucesos (que forman, como dixemos o Grupo II) foron, en gran parte dos casos, unha consecuencia derivada da tipoloxía violenta inicial, en virtude da cal foron incluídas dentro da base de datos de Nomes e Voces. Dito contraste, pode verse claramente na Táboa 5, onde se compara a porcentaxe de mortes que existe dentro de cada un dos sucesos, co total de vítimas que se integran en cada unha destas categorías.

Táboa 5: comparativa entre as porcentaxes de vítimas mortais por suceso (1936-1947)[190]

Suceso en Nomes e Voces	Número de vítimas	Número de mortos	Porcentaxe de letalidade (de maior a menor)
Execución (dentro e fora de Galiza)	1460	1460	100%
Morte (outras tipoloxías)	243	243	100%
Paseo	1806	1806	100%
Desaparición	203	173	85,2%
Prisión	4333	706	16,3%
Detención	1606	63	3,9%
Outras tipoloxías represivas	198	3	1,5%
Proceso	4169	54	1,3%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

A Táboa 5 amosa claramente que existen sucesos que implican morte sempre ou case sempre (cuxos integrantes forman o Grupo III) e outros cuxas vítimas puideron, na maioría dos casos, conservar a vida. Dita circunstancia, segundo o noso criterio, permite individualizar e diferenciar dun xeito claro ambos grupos humanos. Con todo, é importante resaltar o feito de que as vítimas que incluímos dentro de cada un destes grupos faleceron en circunstancias sensibelmente

[190] Se nos limitamos aos sucesos analizados cómpre limitar a cronoloxía de 1936-1950 a 1936-1947.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

diferentes, polo que consideramos ineludíbel explicar a conxuntura que particularizou as súas mortes. Con isto, pretendemos sentar uns cimentos firmes sobre os que explicar os trazos fundamentais da violencia golpista e os seus diferentes actores.

Para tratar de responder a esta cuestión tomamos como punto de inicio, máis unha vez, a base de datos de Nomes e Voces. Deste xeito, se partimos da información alí contida, podemos afirmar que, dentro das vítimas mortais que se atopan clasificadas nos sucesos de "detención", "outras tipoloxías represivas", "prisión" e "proceso", é posíbel distinguir, basicamente, 3 causas de morte distintas.

Estas son, en primeiro lugar, as persoas que foron asasinadas máis alá dos procedementos asociados á aplicación da pena capital[191]. En segundo lugar, atopamos as vítimas que faleceron en condicións de reclusión, a consecuencia das condicións do seu encerro. Finalmente, temos ás persoas que decidiron suicidarse. Dita diferenciación, dentro do Grupo II, é observábel (con pequenos axustes) para o conxunto da Galiza, para a Provincia de Lugo e tamén para os concellos seleccionados, tal e como se amosa, respectivamente, nas Táboas 6, 7 e 8.

[191] Dentro deste grupo de vítimas aparecen sobre todo combatentes armados que faleceron en actos de resistencia ao Réxime posteriores á instalación das autoridades golpistas en Galiza. Alén destes, atopamos o caso de Pablo Díaz Sierra que faleceu na fronte de guerra como soldado republicano, o de Joaquín Feal Díaz, que faleceu ao ser tiroteado durante a súa fuxida do hospital de mariña de Ferrol e o de Pedro López Vázquez que morreu a consecuencia das torturas que sufriu.

USC

Táboa 6: circunstancias de morte das vítimas do Grupo II en Galiza (1936-1947)[192]

Circunstancias da morte	Asasinatos fora dos mecanismos de aplicación da pena capital	Mortes en condicións de reclusión	Suicidios	Total
Vítimas incluídas no suceso "detención"	0	58	4	62
Vítimas incluídas no suceso "outras tipoloxías represivas"	1	0	0	1
Vítimas incluídas no suceso "prisión"	5	696	4	705
Vítimas incluídas no suceso "proceso"	32	16	5	53
Total	38	770	13	821[193]

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

[192] Se nos limitamos aos sucesos analizados cómpre limitar a cronoloxía de 1936-1950 a 1936-1947.
[193] A táboa 6 contempla un número de oitocentas vinte e unha vítimas para o territorio galego. Isto correspóndese co total de persoas falecidas a consecuencia da violencia golpista, que se atopan clasificadas nos sucesos de "detención", "outras tipoloxías represivas", "prisión" e "proceso", coa excepción dos cinta casos de vítimas xa excluídas: Moisés Álvarez Gómez, Luís Barreiro Soto, Nemesio Gómez Domínguez, Marcelino Fernández Prada e Antonio Domínguez Fontán.

USC

Táboa 7: circunstancia de morte das vítimas do Grupo II na Provincia de Lugo (1936-1943)[194]

Circunstancias da morte	Asasinatos fora dos mecanismos de aplicación da pena capital	Mortes en condicións de reclusión	Suicidios	Total
Vítimas incluídas no suceso "detención"	0	6	0	6
Vítimas incluídas no suceso "outras tipoloxías represivas"	0	0	0	0
Vítimas incluídas no suceso "prisión"	0	17	0	17
Vítimas incluídas no suceso "proceso"	5	4	0	9
Total	5	27	0	32[195]

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

[194] Se nos limitamos aos sucesos analizados, dentro da Provincia de Lugo, cómpre limitar a cronoloxía de 1936-1947 a 1936-1943.

[195] A Táboa 7 computa trinta e dúas vítimas para o espazo correspondente coa Provincia de Lugo. Esta cifra expresa o total de persoas falecidas a consecuencia da violencia golpista, que tiñan a súa residencia oficial nun dos concellos da provincia e que se atopan clasificadas nos sucesos de "detención", "outras tipoloxías represivas", "prisión" e "proceso", coa excepción de Marcelino Fernández Prada, veciño do concello de Ribas de Sil, que fora excluído do cómputo global xunto con outras tres vítimas, en cuxas mortes, cómpre matizar a responsabilidade directa das autoridades golpistas, tal e como temos explicado.

Táboa 8: circunstancias de morte das vítimas do Grupo II na área delimitada polos municipios seleccionados (1936-1943)[196]

Circunstancias da morte	Asasinatos fora dos mecanismos de aplicación da pena capital	Mortes en condicións de reclusión	Suicidios	Total
Vítimas incluídas no suceso "detención"	0	3	0	3
Vítimas incluídas no suceso "outras tipoloxías represivas"	0	0	0	0
Vítimas incluídas no suceso "prisión"	0	9	0	9
Vítimas incluídas no suceso "proceso"	3	3	0	6
Total	3	15	0	18

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

As táboas 6, 7 e 8 amosan claramente que a ampla maioría das persoas que faleceron a consecuencia do Golpe de Estado de 1936 e que se inclúen, na base de datos de Nomes e Voces, dentro dos sucesos de "detención", "outras tipoloxías represivas", "prisión" e "proceso" morreron cando se atopaban en condicións de reclusión.

Concretamente, estamos a falar dun total de 770 vítimas para o conxunto da Galiza, 27 para a provincia de Lugo e 15 se centramos o foco na nosa área de estudo máis específica. En termos comparativos, en relación ao total de vítimas que incluímos dentro do Grupo II, estamos a falar dunhas porcentaxes do 93,7% para Galiza, do 84,4% para a Provincia de Lugo e do 83,3% para os concellos seleccionados como área de estudo máis específica.

[196] Se nos limitamos aos sucesos analizados, dentro da nosa área de estudo preferente, cómpre limitar a cronoloxía de 1936-1947 a 1936-1943.

Dentro deste conxunto de vítimas, que faleceron en condicións de reclusión, atópanse persoas que, na práctica totalidade dos casos, perderon a vida cando se atopaban retidas en prisións e campos de concentración administrados polas autoridades golpistas. Só atopamos 2 excepcións: a de Daniel Cabaleiro Lago e a de Manuel Vidal Martínez, incluídos ambos no suceso "proceso" e que morreron mentres estaban agochados para evitar a súa detención[197].

Nos 768 casos restantes, as vítimas atopábanse baixo a custodia das autoridades sublevadas, en cárceres e campos de concentración, no momento da súa morte. Estes datos son fundamentais para entender cales foron os distintos espazos de violencia, condición imprescindíbel para tratar de descubrir as lóxicas que están detrás das matanzas derivadas da instalación dos militares sublevados no poder. Deste xeito, seremos capaces de propor novas categorías de análise para dar resposta ás múltiples preguntas que acompañan a construción do novo relato sobre a violencia golpista, o cal, como xa dixemos, debe de ir, necesariamente, alén das vítimas, co obxectivo de identificar ao maior número de actores posíbel dentro do fenómeno violento que estudamos.

Sobre estas bases, resulta ineludíbel que analicemos tamén o último grupo de vítimas do que falamos, que denominamos Grupo III. Dito conxunto, como dixemos, está formado polas persoas que aparecen clasificadas, na base de datos de Nomes e Voces, dentro dos 4 sucesos que implican morte sempre ou case sempre: "desaparición", "execución (dentro e fora da Galiza)", "morte (outras tipoloxías)" e "paseo".

Dentro deste grupo, aparecen clasificadas 3682 persoas para o conxunto da Galiza, 310 para a Provincia de Lugo e 85 se limitamos a busca aos concellos que forman a área seleccionada para a realización do noso estudo. A nivel porcentual, as vítimas mortais pertencentes ao Grupo III correspóndense co 78,5% do total de individuos falecidos a consecuencia do Golpe de Estado que temos rexistrados para o conxunto da Galiza. Dentro da provincia de Lugo, o peso relativo deste conxunto ascende ao 90,1% do total, alcanzando uns valores do 81,7% para a área xeográfica delimitada como zona de análise preferente.

[197] Para máis información sobre estes casos consúltese a seguinte ligazón: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=daniel+cabaleiro+lago e http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/20991/ [Última visita 14/03/2022]

En calquera dos 3 casos, queda patente que o Grupo III integra á grande maioría das vítimas mortais da violencia golpista en Galiza. Isto quere dicir, que a maior parte das mulleres e homes que perderon a vida en relación co Golpe de Estado de 1936 no noso territorio, pertencen a un grupo de vítimas que foron directamente asasinadas dentro das fronteiras do Estado español. Por tanto, os casos de suicidios e mortes en condicións de reclusión son unha minoría (aínda que bastante significativa) se ampliamos o foco até o total das vítimas mortais que aparecen clasificadas dentro da base de Nomes e Voces.

Existen, con todo, algunhas excepcións, que están presentes en 23 das vítimas pertencentes ao Grupo III, as cales, se atopan clasificadas na base de Nomes e Voces dentro dos sucesos de "morte outras tipoloxías" e "desaparición". Nestes casos, estamos a falar de mortes que non poden ser consideradas asasinatos en sentido estrito, sobre todo se entramos en comparación coas 3660 vítimas restantes que incluímos dentro do referido conxunto. De feito, nun destes 23 casos, atopámonos cunha persoa, Manuel Torviso Barata, que, ao noso xuízo, non debería de ser sequera considera vítima da violencia golpista, debido a que a súa morte foi consecuencia dun accidente laboral[198].

Nos outros 22 casos, estamos ante persoas sobre as que dispoñemos de indicios suficientes para as encadrar na categoría de vítimas. Porén, tal e como acabamos de explicar, non todas as mortes producidas a consecuencia do Golpe de Estado de 1936 poden ser caracterizadas como asasinatos, máis alá de criterios morais.

Deste xeito, dentro dos casos sobre os que consideramos necesario realizar unha matización, temos, en primeiro lugar, 2 persoas que remataron por perder a vida en condicións de reclusión forzada. Estes foron Manuel Piñeiro López, veciño de Carnota que faleceu nun campo de concentración en Francia e que

[198] A información contida na base de Nomes e Voces apunta a unha morte accidental, tal e como pode comprobarse na seguinte ligazón: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=Manuel+Torviso+Barata+ [Última visita: 17/03/2022]. Alén disto, existen diversas fontes orais que apuntan neste mesmo sentido: Entrevista a Pilar Carballo Rodríguez, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Ribadeo, Lugo, España, 08/06/2006). Nº 2009. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal e Entrevista a Dolores Torviso Barata, realizada por Fernández Prieto, Lourenzo (, sen data). Nº 2217. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal [Última visita: 16/01/2023].

figura como "desaparecido" na base de datos de Nomes e Voces, e José Lozano Díaz, que morreu mentres cumpría condena nun batallón de traballadores[199].

En segundo lugar, cómpre matizar tamén os casos de Cándido Ansin e Emilio Rodríguez Doldán, que morreron mentres intentaban escapar das autoridades golpistas. As súas mortes non poden ser consideradas asasinatos en sentido escrito, polo feito de que, en ambos casos, estamos ante persoas que faleceron afogadas no mar[200]. Do mesmo xeito, Guillermo Vicente de Santiago, morreu de tuberculose mentres permanecía agochado coa intención de evitar a súa detención[201]. Quen o desexe pode facer historia ficción e alegar que se o detiveran remataría por ser asasinado, mais o certo é que a súa morte non foi directamente provocada polos perpetradores golpistas.

En terceiro lugar atopamos o caso de José Antonio Dopacio Mesa[202]. Sobre el sabemos que perdeu a vida o 24 de xullo de 1936 no contexto da organización dos actos de resistencia ao Golpe na Pontenova. En Nomes e Voces figura unha data de falecemento errada, a cal, puido ser corrixida no presente traballo atendendo ao informe realizado por Manuel Rodríguez Villar, en calidade de xuíz municipal e encargado do rexistro de defuncións do antigo concello de Vilameá[203].

O falecemento de José Antonio Dopacio foi responsabilidade das forzas golpistas, sen as cales, non se terían que ter organizado os actos de oposición ao Golpe nos que a vítima perdeu a vida. Con todo, cómpre matizar que a morte de José Antonio Dopacio non foi un asasinato, senón que se tratou dun accidente. Deste xeito, o disparo que lle causou a morte foi realizado polo veciño da

---

[199] Para máis información sobre estas vítimas: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/6644/ e http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=jos%C3%A9+lozano+d%C3%ADaz [Última visita 18/03/2022]

[200] Para máis información sobre estas vítimas: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=c%C3%A1ndido+ans%C3%ADn+ e http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=emilio+rodr%C3%ADguez+dold%C3%A1n+ [Última visita: 18/03/2022]

[201] Para máis información sobre esta vítima: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=Guillermo+Vicente+de+Santiago [Última visita: 18/03/2022].

[202] A súa ficha persoal pode consultarse dun xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través do seguinte enlace: José Antonio Dopacio Mesa (Colasito) - Nomes e Voces [Última visita: 04/03/2023].

[203] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 58, causa 1017/36, folios 119 volto e 120.

Pontenova Jesús Rodríguez Gutiérrez. Este era amigo do falecido e formaba parte, xunto con José Antonio Dopacio Mesa, dos grupos de resistencia ao Golpe na Pontenova. Segundo declarou ante as autoridades sublevadas, a morte de José Antonio Dopacio Mesa foi consecuencia de que se lle disparou a arma, por pensar que tiña seguro. Nesta operación, el tamén rematou ferido nunha man[204].

Por último, dentro dos 23 casos de vítimas pertencentes ao Grupo III, sobre as que consideramos necesario realizar matizacións, atopamos un total de 16 suicidios de individuos que decidiron poñer fin á súa vida a consecuencia do acoso ao que estaban a ser sometidos por parte dos perpetradores.

9 destas persoas, 8 homes e unha muller, suicidáronse a bordo do famoso Bou Eva, embarcación na que pretendían fuxir a Francia desde o porto de Vigo e que rematou sendo asaltada por falanxistas[205]. Outros 4 homes que optaron por suicidarse a consecuencia da violencia golpista, fixérono nun contexto de detención inminente por parte das autoridades sublevadas[206]. Finalmente, nos casos de Gil González Mosquera, Luís Morillo Uña e Juan Seijo Espino non é posíbel identificar un feito tan claro e urxente que os forzada a tomar a decisión de quitarse a vida. Porén, contamos con datos suficientes para entender que o clima de extrema violencia implantado tras o golpe puido ser o factor que os levara a tomar tal determinación[207].

---

[204] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 72, causa 943/37, folio 6 e 6 volto.

[205] As vítimas que faleceron no Bou Eva foron, por orde alfabética, Luís Álvarez González, Camilo Campos Méndez, José Losada Castelao, Manuel Martínez Moroño, Carmen Miguel Agra, Ángel Nogueira Nogueira, Manuel Rodríguez Castelao, José Rodríguez Lorenzo e Fernando Rodríguez Lorenzo. Todas elas están clasificadas dentro do suceso de "morte (outras tipoloxías)" na base de Nomes e Voces: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?nome=&apelidos=&sexo=0&natural=&vecinanza=&filiacion=&suceso=9&profesion=&morte= [Última visita: 18/03/2022].

[206] Estes foron José Otero Pesado, José Monzo Ríos, Avelino Otero Montes e Manuel Simón Campos. Para máis información consultar: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=jos%C3%A9+otero+pesado, http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=Jos%C3%A9+Monzo+R%C3%ADos, http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/1625/ e http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=Manuel+sim%C3%B3n+campos [Última visita: 18/03/2022].

[207] Para máis información: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=gil+gonz%C3%A1lez+mosquera, http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=lu%C3%ADs+morillo, http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=juan+seijo+espino [Última visita: 18/03/2022].

Para rematar coas precisións acerca dos contidos de Nomes e Voces cómpre falar dun caso completamente distinto aos que estamos a relatar. Este é o do suposto "paseado" do concello da Pontenova Hermenegildo Alonso Sánchez. Hermenegildo Alonso Sánchez aparece computado dentro da base de datos de Nomes e Voces como vítima de "paseo"[208]. Alén disto, foi referido como tal na bibliografía e na prensa[209].

Porén, a nosa investigación ten demostrado que Hermenegildo non foi asasinado polas autoridades golpistas. De feito, temos observado que participou como declarante, dentro das causas militares analizadas, a día 28 de decembro de 1936. Grazas a isto sabemos que Hermenegildo era un colaborador destacado coas autoridades impostas a raíz do Golpe. Así, segundo o seu propio testemuño, sabemos que fora o encargado de organizar a "milicia cívica" na súa localidade de orixe tras a Sublevación[210].

Alén disto, a súa morte, que tivo lugar o día 29 de decembro de 1936, foi investigada polas autoridades sublevadas. A causa incoada para tal fin iníciase cun atestado destinado a perseguir a uns "malfeitores" con "*motivo de un atentado cometido en el lugar de Sanges […] del Ayuntamiento de Villaodrid*". Ditos malfeitores serían teoricamente culpábeis de asaltar e disparar ao mestre da Pontenova Hermenegildo Alonso Sánchez, o cal, chegou a ser interrogado cando se atopaba ferido na súa casa.

Posteriormente, o seu falecemento será cualificado, polos Gardas Civís responsábeis da instrución do atestado, coma unha "*salvajada*". Sobre as motivacións do seu asasinato, o Comandante do Posto da Garda Civil da Pontenova, Gumersindo Díaz, declarou, con data do 10 de febreiro de 1940, que a morte de Hermenegildo Alonso Sánchez fora, moi posibelmente, responsabilidade de 3 fuxidos chamados Francisco Torviso Arruñada, Francisco Calvín López e Justo Novo Verdes. Estes, segundo o seu testemuño, asasinaran a Hermenegildo Alonso "en vinganza" pola súa cooperación coas autoridades

[208] A súa ficha pode consultarse dun xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través do seguinte enlace: Hermenegildo Alonso Sánchez - Nomes e Voces [Última visita: 16/01/2023].

[209] A inclusión de Hermenegildo Alonso Sánchez como vítima de "paseo" aparece en Carlos Nuevo Cal, "A impunidade e a represión...", 124. Tamén en *La Voz de Galicia*, 2 de agosto de 2017, consultado o 16 de xaneiro de 2023. Recuperado de: La represión franquista y el Coche do Cangrexo en A Mariña y Asturias (lavozdegalicia.es) [Última visita: 16/01/2023].

[210] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 987/36, folio 86 volto.

impostas tras o Golpe. Deste xeito, a vítima prestara "confidencias" que permitiran a captura do "ex deputado" José María Díaz Villamil e formara parte, xunto con outros afiliados a Falanxe, de expedicións armadas polos montes da contorna co obxectivo de deter a individuos fuxidos[211].

Así, como pode comprobarse, Hermenegildo Alonso non foi vítima da violencia golpista, senón un colaborador activo coa mesma que rematou morto como represalia polas súas actuacións. O seu caso resulta moi interesante e pon de manifesto unha vez máis a necesidade de fuxir de apriorismos. Deste xeito, vemos que Hermenegildo Alonso foi incluído como vítima polo feito de ter sufrido unha morte violenta, sen chegar a se realizar unha investigación profunda do seu caso para validar a súa condición de tal.

Estas imprecisións están presentes, aínda que no sentido contrario, nos casos de 2 vítimas que cómpre incluír no cómputo total de asasinados, tal e como explicaremos máis en profundidade ao longo deste traballo. A primeira delas é José Torviso Fernández, que figura como non validado dentro da nosa base interna. Porén, a raíz da nosa investigación comprobamos que era veciño de Ribadeo e que foi asasinado sen sentenza a raíz do Golpe. A segunda é Pablo Martínez Crespo, que figura de xeito errado como "procesado" en Nomes e Voces e que tamén rematou por ser asasinado[212].

Por último, cómpre que realicemos unha precisión máis acerca de 2 vítimas, as cales, figuran de xeito errado como paseados de Ribadeo. No caso da primeira, Juan Antonio Ardao Seijido, o erro reside na asignación do seu lugar de residencia. Deste xeito, existen investigacións que teñen amosado que o feito de que morrera no termo municipal ribadense foi un suceso meramente circunstancial[213].

Así, sabemos que Juan Antonio Ardao Seijido era veciño da cidade de Ferrol antes de se producir o Golpe. Tamén, que unha vez iniciada a Sublevación decidira fuxir a Asturias co obxectivo de se unir ás forzas leais á República. Porén, non puido chegar ao seu destino dado que foi detido, o 8 de agosto de 1936, por unha patrulla de falanxistas de Viveiro, comandada polo Xefe de Milicias da

[211] AIMNOR, fondo Asturias, caixa 330, causa 50/40, folios 1 a 4 e 34 e 34 volto.

[212] A súa ficha pode consultarse de xeito aberto a través da web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Pablo Martínez Crespo - Nomes e Voces [Última visita: 01/02/2023].

[213] Bernardo Maiz Vázquez, *Amada García e os seus arredores* (Ferrol: Edicións Embora, 2017), 112-113.

localidade Ramón Pita las Santas, que actuaba ás ordes do Comandante Militar viveirense Manuel Vaamonde. Durante a súa detención foi gravemente ferido e trasladado ao hospital de Ribadeo, onde morreu[214].

A segunda das vítimas ás que nos queremos referir é Dositeo Álvarez Seivane, que aparece de xeito errado como "paseado" en Nomes e Voces. Porén, a raíz das nosas investigacións coñecemos que foi asasinado en aplicación dunha sentenza de pena capital, como posteriormente explicaremos.

En base a todo isto, consideramos fundamental a realización dun estudo detallado de cada un dos asasinatos perpetrados a raíz do Golpe para analizar a súa veracidade, así coma as súas características. Na presente tese centrarémonos na nosa área de estudo. Con todo, cómpre termos presente que as mudanzas explicadas teñen importancia desde un punto de vista cualitativo e local. Porén, desde unha óptica máis global, ou desde unha aproximación cuantitativa, contan con implicacións escasas.

Isto é debido, en primeiro lugar, a que os erros comentados implican a poucas persoas. En segundo lugar, a que estas se distribúen de xeito bastante homoxéneo no territorio. En terceiro e último lugar, porque a inclusión de 38 persoas asasinadas procedentes do Grupo II remataría por ser compensada coa exclusión de 23 individuos procedentes do Grupo III, que non poden ser considerados directamente como asasinados ou vítimas, así como pola omisión de Hermenegildo Alonso, que, como explicamos, pertencía ao grupo de colaboradores do Golpe na súa localidade de orixe.

Por todo isto, para a realización de comparacións estatísticas, así como para a elaboración de táboas e mapas, remitirémonos aos datos de Nomes e Voces, a non ser que indiquemos o contrario. Isto explícase por razóns prácticas, mais non de xeito exclusivo. Así, como manifestamos anteriormente, o presente traballo pretende estabelecer un debate con outros estudos e, para iso, consideramos

[214] A detención e morte de Juan Antonio Ardao Seijido aparece detallada no marco da causa militar incoada contra o veciño do Valadouro José Hermida Rubal. Este, foi acusado de darlle acubillo a varios soldados desertores, entre os cales, se atopaba Juan Antonio Ardao. O caso aparece perfectamente resumido nun informe asinado polo Comandante do Posto da Garda Civil de Viveiro a día quince de Outubro de 1936: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 829/36, folio 98 e 98 volto.

pertinente partir dunha base común, a cal, para ser reformada, precisaría dun esforzo coordenado e exhaustivo, comparábel ao empregado para a súa creación.

4.1.3. O noso punto de partida

Os traballos de Nomes e Voces permitiron realizar importantes avances na investigación sobre a persecución sublevada. Estes constituíron o punto de inicio da nosa tese doutoral. Así, en primeiro lugar, posibilitaron o estabelecemento dunha cifra de vítimas realista para as provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, que permitise a comparación con outros territorios, tanto dentro como fora do Estado.

As últimas investigacións estabelecen que o número de vítimas mortais da persecución golpista en Galiza foi de 4727 persoas[215]. Estes valores sitúan á nosa comunidade coma un dos territorios con maior número de vítimas, dentro das rexións que quedaron controladas polos sublevados desde os primeiros momentos. A nivel comparativo, amosan que a violencia golpista en Galiza provocou máis mortos que noutras comunidades que foran consideradas paradigma da persecución, como é o caso do País Vasco[216]. Na actualidade sabemos tamén que o número persoas asasinadas no territorio galego por parte dos sublevados chegou a superar as cifras de mortos de Cataluña e Madrid[217].

Con todo, a cuantificación das persoas asasinadas en Galiza a consecuencia do Golpe supuxo unha significativa redución nas expectativas existentes con carácter previo á creación de Nomes e Voces, nas cales, se estimaba que as persoas asasinadas en Galiza debían de se situar entre as 5000 e as 10.000[218]. Esta

[215] José Babiano et. al., *Verdugos impunes...*, 93.
[216] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces: balance, preguntas e interpretaciones. Las huellas del Golpe de Estado en Galicia", en *Otras miradas sobre Golpe, Guerra y Dictadura. Historia para un pasado incómodo*, ed. por Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga Rego (Madrid: Catarata, 2014), 94.
[217] José Babiano et. al., *Verdugos impunes...*, 93.
[218] A corrección dos datos aparece comentada en: Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces...", 94. Neste traballo o autor recoñece erradas as súas anteriores estimacións de 800 fusilados e 2500 ou 5000 paseados. Estas aparecen en: Lourenzo Fernández Prieto, "Guerra Civil e Franquismo", en *Nova Historia de Galicia*, ed. por VVAA (Oleiros, A Coruña: Editorial Tambre, 1996), 457.

USC

sobreestimación no número de vítimas é unha circunstancia que ten sido sinalada para outras comunidades, coma o País Vasco[219]. Tamén para o conxunto do Estado e mesmo para outros contextos internacionais coma o da guerra de Bosnia, o que amosa as dificultades para estimar o número de falecidos e falecidas en fenómenos de violencia masiva[220].

Máis alá do debate sobre o número de vítimas mortais do Golpe en Galiza, Nomes e Voces permitiu iniciar o camiño para a revisión de diversos tópicos e lugares comúns sobre a violencia sublevada no noso país. Estes, en ocasións, atópanse marcados a ferro na cultura popular. Deste xeito, constitúen unha sorte de explicación mítica, equiparábel aos relatos folclóricos que existen en Galiza a respecto de certas criaturas imaxinarias, como é o caso dos mouros[221]. No presente apartado centrarémonos en dous que afectan, respectivamente, á distribución espacial e temporal das vítimas mortais da Sublevación na nosa comunidade.

O primeiro destes tópicos é o da chamada violencia en quente. A tese da violencia en quente consiste en afirmar que a persecución golpista ten 2 fases diferentes[222]. Segundo esta concepción, entre o Golpe de xullo e os primeiros meses de 1937, estaríamos nun período no que as persoas foron asasinadas sen atender a xustificacións legais, en base a sacas, "paseos" e demais prácticas do que algúns autores teñen chamado "represión extraxudicial" ou "represión paralegal"[223]. Posteriormente, os asasinatos continuarían mais sempre dentro das

[219] Francisco Espinosa, "La represión franquista...", 50-51 e Erik Zubiaga Arana, *La huella del terror...*, 108-111.
[220] Stathis N. Kalyvas, *La lógica de la violencia...*, 79.
[221] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Quen matou a Antonio Azarola?...", 17.
[222] Julián Casanova, "Rebelión y revolución", en *Víctimas de la Guerra Civil*, coord. por Santos Juliá (Madrid: Temas de Hoy, 1999), 159, Julián Casanova, "Una dictadura de cuarenta años...", 20, Francisco Espinosa Maestre, *Guerra y represión en el sur...*, 35, Francisco Espinosa, *La columna de la muerte...*, 251-252, Javier Rodrigo, *Hasta la raíz...*, 75, Erik Zubiaga Arana, *La huella del terror...*, 33 e Ángela Cenarro, "La institucionalización del universo penitenciario franquista", en *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo,* ed. por Carme Molinero, M. Sala e J. Sobreques (Barcelona: Crítica, 2003), 140.
[223] A división entre estas distintas tipoloxías de violencia atópase perfectamente detallada en: Julio Prada Rodríguez, *Geografia de la represión...*, 116-117. Con todo, cómpre sinalar que o autor recoñece que os distintos tipos de violencia coexisten no tempo en moitas rexións, tal e como sinala en: Julio Prada Rodriguez, *La España masacrada...*, 190. Alén disto, Julio Prada ten sinalado en diversas publicacións o carácter controlado de boa parte destas prácticas. Como exemplo pode citarse: *Idídem,* 142-143.

dinámicas de aplicación da pena capital, en procesos conducidos pola xustiza militar golpista.


Esta idea, como dixemos, é falsa, polo menos no que respecta a Galiza. Deste xeito, nas provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra tense observado que as execucións en aplicación de sentenza de pena de morte están presentes desde os momentos iniciais da Sublevación e que, por tanto, coexisten no tempo con outras formas de eliminación física de persoas[224].

O segundo dos grandes tópicos nos que consideramos pertinente centrar a nosa atención é o de que as vítimas mortais se distribuíran dunha maneira xeneralizada ao longo do territorio galego. Esta descuberta amosa que os asasinatos cumpriron diversas funcións alén de paralizar a poboación a través do terror[225]. Deste xeito, grazas a Nomes e Voces puido determinarse que as mortes a consecuencia do Golpe aparecían concentradas en certas localidades, existindo 68 concellos galegos nos que non foi posíbel identificar nin un só veciño asasinado, tal e como reflicte o Mapa 2. Os asasinatos, como se aprecia no Mapa 3, concentráronse nos núcleos urbanos de maior tamaño, como Vigo, A Coruña, Ferrol e Ourense, así coma nas localidades próximas a estes.

USC DE SANTIAGO


[224] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces...", 94-95.
[225] *Ibídem*, 97.

Mapa 2: concellos con e sen vítimas mortais a raíz do Golpe de Estado (1936-1950)



Fonte: elaboración propia

Mapa 3: Número de vítimas mortais (totais) da violencia golpista por concellos (1936-1950)



USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fonte: elaboración propia

4.2. Os arquivos militares. Importancia e metodoloxía de análise das causas xudiciais abertas tras o Golpe

Tal e como sinalamos no título do apartado precedente, esta tese de doutoramento ten unha metodoloxía que parte do local e das vítimas como base para realizar unha análise de conxunto sobre o Golpe de Estado de 1936 e as súas manifestacións de violencia. Isto non é para nada un recurso retórico. A nosa investigación ten o seu punto de inicio, como dixemos, nos datos contidos en Nomes e Voces.

O noso traballo comezou pola busca do total de vítimas computadas nos 24 concellos que, como sinalabamos na introdución, constitúen a nosa área de estudo preferente. Para filtrar a listaxe de persoas coas que traballar seleccionamos o criterio de busca da veciñanza, fronte ao de "natural de" (que remite ao municipio de nacemento das vítimas), e obtivemos unha relación de 659 persoas, que se distribúen de xeito desigual nas distintas localidades, tal e como se reflicte na Táboa 9.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 9: relación de vítimas totais (con e sen resultado de morte) por concello dentro da nosa área de estudo preferente (1936-1950)

Concellos seleccionados	Número de vítimas clasificadas	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Begonte	1	0,15%
Barreiros	2	0,3%
O Valadouro	2	0,3%
Burela	3	0,46%
Xermade	3	0,46%
Alfoz	5	0,76%
Foz	5	0,76%
Trabada	5	0,76%
Lourenzá	6	0,91%
Riotorto	6	0,91%
Xove	6	0,91%
A Pastoriza	7	1,06%
Cospeito	8	1,12%
Muras	8	1,12%
Abadín	11	1,67%
Guitiriz	18	2,73%
Mondoñedo	25	3,79%
Cervo	27	4,1%
Vilalba	28	4,25%
O Vicedo	33	5%
Ourol	39	5,92%
A Pontenova	55	8,35%
Ribadeo	126	19,12%
Viveiro	227	34,45%
Total	659	100

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de nomesevoces.net

Estas 659 persoas correspóndese con vítimas que se consideraron validadas no momento de elaborar a base, con independencia de que resultaran falecidas ou non a consecuencia da violencia golpista. Isto significa que as investigadoras e investigadores responsábeis consideraron que sobre elas existían argumentos de peso para dar por boa a súa identidade, a diferenza doutros casos que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

aparecen só computados dentro da base interna do Proxecto, en espera dunha hipotética corroboración.

A nosa investigación amosa como algunhas das vítimas non validadas merecen ser consideradas como plenamente confirmadas e, tamén, que algunhas persoas validadas deberan de ser excluídas do grupo de vítimas. Con todo, cremos importante sinalar que escollemos cinguirnos ás vítimas "validadas" para partirmos do número de persoas máis axustado posíbel, co obxectivo de evitar as sobreestimacións que estiveran presentes en boa parte dos estudos feitos con anterioridade a Nomes e Voces.

O primeiro paso do noso plan de traballo foi a consulta acerca do número de procesos xudiciais incoados ás vítimas da Sublevación militar de xullo de 1936, dentro dos municipios previamente seleccionados. Para isto, partimos da listaxe total de persoas que figuraban como "validadas", con independencia do "suceso" violento no que se atoparan computadas. Esta decisión, tomámola para previr posíbeis erros que puidesen existir na confección da base de datos.

Para coñecer e consultar os procesos xudiciais incoados ás persoas da nosa listaxe de vítimas tivemos que nos poñer en contacto cos responsábeis do Tribunal Militar Cuarto, que se encarga da xestión dos permisos para o acceso á documentación que precisábamos. O Tribunal Militar Territorial Cuarto depende das autoridades da VIII rexión militar do Estado, á cal pertence Galiza na actualidade e da cal formaba tamén parte en 1936. A VIII rexión militar ten a súa capital en Coruña, cidade na que se atopa o Tribunal Militar Territorial Cuarto.

A normativa para a consulta da documentación obriga a que as investigadoras e investigadores interesados teñan que ser previamente autorizados por parte dos responsábeis deste Tribunal. O permiso para a consulta pode demorarse pola elevada demanda que existe entre as familias de vítimas, así como entre as persoas que se achegan ás causas cun interese analítico. Porén, cómpre destacar que a revisión da documentación referida é totalmente aberta. Así, as autorizacións son outorgadas a calquera persoa que desexe acceder ás causas militares, sen a necesidade de acreditar ningún tipo de credencial. Esta é a situación ideal e legal, porén, non é a realidade coa que nos atopamos noutros arquivos de entidade provincial e local aos que, na maior parte das ocasións, rematamos por ter acceso.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha vez obtido o permiso demandado por parte do Tribunal Militar Territorial Cuarto tivemos que solicitar cita en 2 Arquivos situados na cidade de Ferrol: o Arquivo Cuartel "Baluarte" e o Arquivo Naval de Ferrol. Ambas institucións son as responsábeis da custodia dos fondos e contan con salas para a consulta da documentación. No Arquivo do Cuartel "Baluarte" están depositados os xuízos incoados pola xurisdición de terra, mentres que no Arquivo Naval de Ferrol atopamos os procesos incoados dentro da xurisdición de Mariña.

En total consultamos 176 sumarios, 136 no Cuartel "Baluarte" e 40 no Arquivo Naval. Estes correspóndese co 100% dos procesos incoados a consecuencia do Golpe dentro dos municipios seleccionados como área de estudo preferente. Esta escolla obrigou a centrar boa parte dos nosos esforzos ao longo do doutoramento na dixitalización e análise destas causas. Porén, consideramos que o tempo foi ben invertido, pola cantidade e a calidade da información recollida.

A consulta da documentación xudicial militar é, na nosa opinión, imprescindíbel para a análise dun contexto histórico no que o exército rebelde tomou para si as competencias lexislativas que, até ese momento, eran propias das autoridades civís. A cantidade de información que conteñen as causas militares é inmensa, incluso para momentos históricos anteriores ao Golpe. Isto foi sinalado polo historiador Carlos Gil Andrés ao analizar un sumario por deserción de 1895:

> Las posibilidades de esa fuente histórica, las causas militares, eran inmensas. Acostumbrado a los comentarios indirectos de las actas municipales, pequeñas reseñas aparecidas en la prensa regional o datos escuetos en los libros de sentencias del Archivo Histórico Provincial, tenía ante mis ojos las causas enteras, desde las diligencias iniciales y las declaraciones de procesados y testigos, pasando por certificados de conducta, pruebas testificales, planos detallados, cartas personales, informes de la Guardia Civil y declaraciones de alcaldes hasta los últimos trámites del consejo de guerra[226].

[226] Carlos Gil Andrés, *Piedralén. Historia de un campesino. De Cuba a la Guerra Civil* (Madrid: Marcial Pons, 2010), 24.

Deste xeito, é doado de entender a enorme importancia que teñen as causas militares para o estudo da persecución que se perpetrou tras o inicio da Sublevación e a multiplicación do número de "delitos" que pasaron se considerar de competencia militar. Após a declaración do Estado de Guerra comezaron a se incoar multitude de procesos xudiciais baseados no Código de Xustiza Militar de 1890 ou, mellor dito, na terxiversación absoluta das disposicións legais nel contidas. Para levar adiante a súa estratexia, os golpistas emitiron diversas normativas e bandos de guerra, co obxectivo de xustificar o inxustificábel: que uns militares rebeldes xulgasen por rebelión aos defensores do poder legalmente constituído[227].

Isto último é algo fundamental a ter en consideración á hora de analizar as causas militares. Deste xeito, cómpre termos presente que os procesos militares incoados tras o Golpe foron, en boa medida, un mecanismo de lexitimación da sublevación e, por tanto, parte da campaña de propaganda dos golpistas. Así, ao longo dos sumarios aparecen constantemente argumentacións que aluden á situación de desorde que reinaba na República e á persecución das persoas de simpatías dereitistas. Alén disto, non podemos esquecer que as causas militares non permiten coñecer á totalidade de vítimas da violencia sublevada, xa que existiron multitude de persoas que foron maltratadas e asasinadas sen a existencia de constancia procesual algunha.

Con todo, as fontes xudiciais militares ofrecen unha descrición profunda dos acontecementos violentos e os seus actores, incluíndo referencias cronolóxicas detalladas. Deste xeito, teñen sido caracterizadas coma un dos recursos documentais principais para estudar a implicación da sociedade no exercicio da violencia[228]. Ademais, as manipulacións que nelas se conteñen adoitan seguir patróns, o que facilita a súa identificación e contraste con outros documentos[229].

Alén disto, os procesos xudiciais incoados a raíz do Golpe de Estado de 1936 permiten chegar ás rexións máis escuras da persecución sublevada: até parte dos asasinados sen sentenza pola violencia golpista, os cales, figuran en Nomes e

[227] Pablo Gil Vico, "Derecho y ficción: la represión judicial militar", en *Violencia roja y azul. España, 1936-1950*, ed. por Francisco Espinosa Maestre (Barcelona: Crítica, 2010), 267.
[228] Oscar J. Rodríguez Barreira, *Migas con miedo...*, 41.
[229] Stathis N. Kalyvas, *La lógica de la violencia*..., 540-541.

Voces dentro das categorías de "paseados" e "desaparecidos"[230]. Isto é debido a que as vítimas dos "paseos" e as "desaparicións" foron investigadas e interrogadas en multitude de ocasións. Así, as causas militares permiten coñecer os testemuños recollidos no marco dos sumarios que lles foron incoados, así como descubrir, nalgúns casos, importantes detalles sobre as súas mortes. Por todo isto, as causas militares están a se converter nun recurso fundamental para o estudo da violencia golpista desde novos puntos de vista[231]. A súa importancia é central, xa que constituíron a vía principal sobre a que se articulou a persecución tras a Sublevación[232].

Na presente tese de doutoramento, os procesos xudiciais abertos a consecuencia do Golpe serviron para 3 propósitos principais, dentro de cada unha das 3 grandes partes nas que se divide o noso traballo. En primeiro lugar, polo que respecta á toma do poder por parte das autoridades sublevadas, as causas consultadas permiten obter unha grande cantidade de datos que axudan, en contraste co resto de fontes, a construír un relato detallado sobre o proceso de asentamento destes novos poderes, dentro dos distintos concellos analizados. A modo de exemplo podemos citar, para ilustrar as nosas afirmacións a este respecto, os sumarios 814/36, 1013/36 e 190/36. Estes pertencen á xurisdición do exército de terra, concretamente ao fondo da praza militar de Lugo.

Na causa 814/36 procesouse formalmente a un total de 18 veciños dos concellos de Ourol e Viveiro, por teren supostamente participado en actos de oposición ás forzas golpistas[233]. O sumario rematou con diversas condenas, entre elas, 4 penas morte, ás que foron sentenciados os viveirenses Segundo Arias Pérez, Ángel Fraga Orosa, César Parapar Sueiras e Javier Victoriano Soto Valenzuela. O relato dos feitos, elaborado desde as dilixencias iniciais até o propio xuízo, aporta datos moi interesantes acerca da organización de gardas armadas nos municipios de Viveiro e Ourol, así como sobre a realización de requisas de armas e víveres. Alén disto, infórmanos acerca dos preparativos

[230] José María García Martínez, "El triunfo del golpe militar: el terror en la zona ocupada", en *Violencia roja y azul. España, 1936-1950,* ed. por Francisco Espinosa Maestre (Barcelona: Crítica, 2010), 81-82.
[231] Concepción López Sánchez e Magali Trillo González, "Las actitudes sociales...", 103.
[232] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces...", 95.
[233] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 814/36.

realizados, por parte dos procesados e outros veciños da zona, para acudir en axuda das forzas que estaban a defender a cidade da Coruña fronte ao Golpe.

A causa 814/36 contén un grande volume de información o que se explica, en parte, polo feito de que é unha macro causa, é dicir, un proceso xudicial que afectou a 10 ou máis persoas[234]. Porén, existen outros sumarios que, aínda que afectaran a un número moito máis pequeno de procesados, permiten estudar a toma do poder por parte dos golpistas dun xeito privilexiado. Este é o caso da causa 1013/36, na que se procesou e se condenou á pena capital ao veciño da Pontenova David Labrador Zuil. A sentenza ditada en contra de David Labrador Zuil xustificouse, en parte, debido á súa suposta participación nos actos de oposición ao Golpe, que tiveran lugar no Concello da Pontenova. Deste xeito, ao longo do proceso xudicial que lle foi incoado, aparecen multitude de datos que nos permiten reconstruír a resistencia á Sublevación dentro dos antigos concellos de Vilaoudrid e Vilameá, tal e como se explicará con posterioridade dentro da presente tese doutoral[235].

O mesmo pode dicirse do terceiro e último exemplo que sinalamos neste punto: a causa 190/36, na que se procesou a 42 carabineiros do concello de Ribadeo e 1 do concello de Barreiros, polo seu papel na resistencia á Sublevación. A sentenza do proceso permite contrastar outros relatos que existen sobre a chegada das forzas golpistas a Ribadeo (como posteriormente se detallará) e posibilitan a elaboración dun discurso que atenda ás diferentes actitudes que atopamos dentro do citado corpo de carabineiros, as cales, se traduciron en condenas máis ou menos duras para os distintos implicados[236].

Deste xeito, do total de procesados só se ditaron 2 penas de morte, ás cales, afectaron ao tenente de carabineiros Ramón Lorenzo Fernández e ao alférez Antonio Trujillo Rodero. A máxima autoridade do corpo en Ribadeo, o capitán Rafael Pérez Aleixandre foi condenado á cadea perpetua xunto co sarxento Eugenio Cazón Polo e os carabineiros Maximiliano Segura Huertas e Celestino Romano de la Cruz.

[234] Esta definición de macro causa está sacada de: Aldara Cidrás, "A construción da culpabilidade...", 232.

[235] Causa 1013/36, caixa 58, fondo Lugo, AIMNOR, folio 42.

[236] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 190/36. A sentenza recóllese entre os folios 161 e 163 volto.

USC DE SANTIAGO

O resto de sentenciados recibiron condenas moito menos duras: desde os "*seis años y un día de presidio mayor con las accesorias de inhabilitación absoluta temporal y expulsión de las filas del ejército*" até a libre absolución por falta de probas para o brigada Nicolás Prado Morugosa, o sarxento José Ibiás Mesa, os cabos José Quelle Franco e Francisco López Martínez e os carabineiros Jacinto Nieto Escudero, José Vila González, Juan Navarro Gallego, Jerónimo Peña Briones e Eulogio Muñoz Redondo.

Polo que respecta á segunda parte da tese, a que se centra no estudo dos asasinatos perpetrados a raíz do Golpe de Estado, as causas militares estudadas permiten clarificar diversos puntos importantes. Por unha banda, como vimos anteriormente, permiten reconstruír as circunstancias que levaron aos golpistas a condenar a morte a uns procesados fronte a outros. Por outra banda, permiten que nos aproximemos a un grupo de vítimas cuxa análise resulta especialmente complicada, isto é: os asasinados sen sentenza.

Nos procesos xudiciais comprobamos a existencia de múltiples mecanismos deseñados para a lexitimación dos distintos asasinatos. Estes teñen sido identificados en diversos estudos que analizan a violencia golpista en todas e cada unha das provincias que compoñen a actual Comunidade Autónoma de Galicia[237]. A súa importancia é enorme, xa que nos permiten coñecer as dinámicas de eliminación física de persoas tras a Sublevación, así como profundar na análise da identidade dos perpetradores implicados.

Como exemplo, podemos citar a declaración do Brigada da Garda Civil Pablo de la Puente Aguirre, na que se narra a suposta fuga dos veciños de Ribadeo Florencio Carballo Novigil e Enrique Navarret García, así como do veciño de Viveiro Andrés Vale Blanco. Estes, foron asasinados sen sentenza o 12 de setembro de 1936 no Concello de Mondoñedo, despois de seren sacados do cárcere municipal de Ribadeo. O traxecto seguido polas vítimas discorreu en sentido contrario ao relatado por Pablo de la Puente Aguirre, circunstancia que permite argumentar a existencia dun intento por ocultar o crime perpetrado, tal e como explicaremos en profundidade ao longo da presente tese doutoral. Deste xeito, Pablo de la Puente Aguirre deixou testemuñado que participara na

[237] Emilio Grandío Seoane, "Golpe de Estado y represión...", 48, María Jesús Souto Blanco, "Golpe de Estado y represión...", 93, Ángel Rodríguez Gallardo, "Golpe de Estado y represión...", 155 e Julio Prada Rodríguez, *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión* (Sada: Ediciós do Castro, 2004), 97.

USC Universidade de Santiago de Compostela

condución dos presos citados, desde o cárcere de Ribadeo ao depósito municipal de Tapia de Casariego. Segundo o seu relato, durante o traxecto tiveron que se deter a consecuencia dun accidente, no que os 3 "paseados" citados sufriran diversas contusións. Neste contexto, sinala que se viu obrigado a desencadealos para poder atendelos, momento no que estes aproveitaron para fuxir cara un piñeiral próximo. A fuga, segundo relatou Pablo de la Puente Aguirre rematara con éxito, a pesar dos disparos realizados polos Gardas Civil que se encargaban da condución dos presos[238].

Por último, na terceira parte da tese, as causas tiveron unha importancia decisiva, maior se cabe que no resto da nosa investigación. Isto é debido a que foron empregadas na súa totalidade para realizar un estudo sistemático acerca da colaboración social coa persecución sublevada. Para isto analizamos a totalidade das declaracións que aparecen nos procesos xudiciais incoados na nosa área de estudo preferente, por considerar que esta foi a forma maioritaria de colaboración coas autoridades golpistas, fronte ás labores de xestión a nivel municipal e fronte á participación en asasinatos.

Para elaborar a listaxe de declarantes seguimos o criterio de computar 1 só testemuño por informante e causa. A nosa decisión explícase polo feito de que, en ocasións, unha persoa concentra a súa participación nunha soa declaración, na que se valora o comportamento de varios encausados. Porén, noutros casos, o individuo declarante realiza distintas intervencións ao longo do sumario, nas que vai informando sobre cada unha das vítimas dun xeito individualizado[239].

Os testemuños recollidos clasificáronse en 4 grupos: acusatorios, exculpatorios, neutrais e mixtos. Os testemuños acusatorios, coma o seu propio nome indica, son aqueles nos que se realizan afirmacións tendentes a buscar a culpabilidade da persoa procesada. As acusacións poden ser de 3 tipos en base á súa temática:

[238] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 309/36, folios 113 e 113 volto.

[239] A decisión de computar un só testemuño por declarante e causa foi o criterio que seguimos en estudos anteriores, tal e como pode comprobarse en Xabier Buxeiro Alonso: "Os verdugos e a sociedade...", 202. Na presente tese doutoral decidimos manter esta metodoloxía por considerala a máis adecuada para a análise das declaracións contidas nos procesos xudiciais incoados tras o Golpe de Estado de 1936.

a) Aquelas nas que se sinala que a persoa procesada tiña ideas contrarias á Sublevación.
b) Aquelas nas que afirma que a persoa acusada participara en actos de oposición ao Golpe.
c) Aquelas nas que se combinan ambos argumentos.

O segundo tipo de testemuños que definimos son os exculpatorios. Estes, por unha banda, son aqueles nos que se realiza unha descrición positiva da persoa procesada. Por outra banda, as declaracións exculpatorias son aquelas nas que se busca a negación os feitos que constitúen a acusación. Como exemplo podemos citar a declaración conxunta realizada por 2 veciños do Concello de Cervo, Saturnino Baltar e Arturo Martínez, na Acta de Celebración do Consello de Guerra da causa 222/36:

> Don Saturnino Baltar, labrador y Don Arturo Martínez, Perito Mercantil, dicen: que en San Ciprián [Concello de Cervo] no existía efervescencia revolucionaria; que el procesado José Otero es un hombre honrado y trabajador. El segundo de estos testigos dice que varios individuos fueron a su casa, no viendo entre ellos a ninguno de los procesados, puesto que todos los que fueron le eran desconocidos[240].

O terceiro tipo de testemuños son os neutrais, é dicir, aqueles cuxo contido non permite nin acusar nin exculpar a ningunha das persoas procesadas. Isto pode deberse a distintos factores: evasivas, realización dun informe aséptico sobre algún aspecto concreto da investigación ou ignorancia real acerca dos feitos sobre os que se pregunta. En ocasións é difícil determinar se unha declaración ten un carácter evasivo ou verdadeiramente aséptico.

Como exemplo podemos citar o testemuño de María Fernández González, nai do procesado de Ribadeo Aurelio Fernández Fernández. Deste xeito, ante as preguntas do xuíz instrutor María Fernández González afirmou que o seu fillo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[240] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 47, causa 222/36, folio 364 volto.

levaba 7 anos residindo en Valencia, "*que ignora el domicilio de su hijo, no conservando ninguna de sus cartas e ignorando su actual paradero*"[241].

Esta declaración non é doada de analizar en canto ás súas motivacións xa que, por unha banda, sabemos que Aurelio Fernández Fernández vivía na zona de Valencia mais, por outra banda, dubidamos que a súa nai non soubese o seu lugar de residencia. En calquera caso, estamos ante unha declaración que cómpre considerar como neutral, que é o que nos importa neste punto concreto da explicación.

En cuarto lugar, atopamos os testemuños mixtos, que son aqueles nos que se acusa a uns procesados á vez que se exculpa a outros. Neste punto, de acordo coa metodoloxía de considerarmos 1 só testemuño por declarante é causa, é preciso lembrar que o carácter mixto pode darse tanto dentro dunha soa declaración como na análise de conxunto realizada entre as distintas intervencións dun declarante dentro dunha causa. Isto pode exemplificarse atendendo á participación de Eduardo Sánchez Chinarro na causa 47/37, incoada polo delito de rebelión militar, por suposta requisa de armas que "*se dice llevada a cabo el día 21 de julio de 1936"* en varios puntos do partido xudicial de Viveiro, tal e como figura na súa portada.

En dito sumario Eduardo Sánchez Chinarro emitiu un total de 4 declaracións, en calidade de cabo da Garda Civil e Comandante do Posto de Viveiro. Nas 3 primeiras a súa participación foi totalmente acusatoria. Porén, o 6 de febreiro de 1937, redactou un informe no que vertía distintas acusacións sobre os procesados de Viveiro Eloy Prieto Fernández, Jesús Iglesias Vázquez e Manuel Rodríguez (a) *El Sargento,* mais no que tamén exculpaba dos feitos investigados a outros sete viveirenses encausados: Gervasio Vidal López, José Estévez Rivera, Eduardo Chao, Pedro Rego Rodríguez, Antonio Pardo Rodríguez, José Sierra Pichel e José Martínez Franco[242]. Deste xeito, atendendo aos criterios explicados, o seu testemuño foi considerado de carácter mixto.

Partindo dos 4 tipos de testemuños explicados, na terceira parte da tese realizarase un estudo sobre a frecuencia das distintas actitudes sociais no marco da xustiza golpista, en todos e cada un dos concellos seleccionados, sempre e

[241] ANFER, caixa 189, causa 32/38, folios 3 e 3 volto.
[242] AIMNOR, , fondo Lugo, caixa 64, Causa 45/37, folios 1 e 1 volto, 33 e 33 volto, 57 e 57 volto e 93 e 93 volto.

cando, conten con persoas procesadas a consecuencia do Golpe entre a súa veciñanza.

Alén disto, analizaremos o perfil individual de cada testemuña. Isto é posíbel grazas a que nas causas as declaracións adoitan comezar cun pequeno cuestionario que se lles realiza a case todos os declarantes e no cal se lles pregunta pola súa idade, polo seu lugar de orixe e residencia e pola súa profesión. Alén disto, certos informantes indican a súa filiación política anterior e posterior ao Golpe, así coma o desempeño de cargos na administración municipal e provincial.

4.3. Outras fontes

Os datos extraídos dos procesos xudiciais incoados a raíz do Golpe na nosa área de estudo preferente deron lugar á elaboración de fichas individuais sobre varios centos de persoas. Os seus perfís foron completados posteriormente co resto de fontes documentais empregadas. Estas serviron, por unha banda, para ampliar e corrixir a información extraída das causas. Por outra banda, abriron novas vías de estudo que obrigaron á revisión das nosas hipóteses de traballo, así como á formulación de preguntas alternativas, que remataron por dar forma ao estudo que aquí presentamos.

4.3.1. Fontes Orais. O Fondo Terra e Memoria

As fontes orais utilizadas para a presente tese de doutoramento pertencen, na súa totalidade ao arquivo Terra e Memoria. A selección das fontes orais para a tese foi realizada atendendo a dous criterios diferentes, en base ás preguntas formuladas no noso plan de investigación.

En primeiro lugar, seleccionamos o conxunto de entrevistas nas que se trataban temas referidos á persecución sublevada dentro dos 24 concellos que constitúen a nosa área de estudo preferente. Estas distribúense dun xeito marcadamente desigual tal e como se expresa a través da Táboa 10:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 10: relación de entrevistas que informan sobre a violencia golpista dentro dos concellos seleccionados como área de estudo preferente

Concello do que se fala	Número de entrevistas	Porcentaxe sobre o total de 23 entrevistas (de menor a maior)
O Vicedo	1	4,35%
Lourenzá	1	4,35%
A Pontenova	2	8,70%
Mondoñedo	2	8,70%
Viveiro	2	8,70%
Ribadeo	15	65,22%
Total	23 (-1) = 22[243]	100%

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas que figuran no Anexo 1.

As 22 entrevistas analizadas permitiron obter múltiples datos acerca do asentamento das autoridades sublevadas nos distintos municipios analizados, ademais de contribuír de forma notábel ao estudo das actitudes sociais fronte á demanda de información por parte das autoridades golpistas. Con todo, o seu uso principal estivo ligado á análise dos asasinatos perpetrados a raíz da Sublevación, sobre todo, no caso dos falecidos sen sentenza de pena capital.

A análise dos asasinatos sen sentenza a través da fonte oral foi a outra vía de traballo que guiou o uso das entrevistas na tese. Para esta cuestión, decidimos ampliar o foco, desde os 24 concellos seleccionados no noso plan de estudo até a totalidade de municipios que compoñen a actual Comunidade Autónoma de Galicia. Froito deste esforzo analizamos 75 entrevistas que se distribúen entre as 4 provincias galegas, aínda que dun xeito que, de novo, non é nada homoxéneo, tal e como se detallará en apartados posteriores da presente tese doutoral.

O manexo das fontes orais foi realizado con cautela, pois entendemos que estamos ante relatos que se atopan construídos desde o presente. Deste xeito, sabemos que as narracións se atoparan condicionadas polo que as entrevistadas e entrevistados consideraban correcto. Ditos valores, non son para nada os mesmos que tiñan moitas das vítimas das que se fala ao longo das entrevistas. Malia todo, consideramos que as fontes orais constitúen un recurso moi

[243] O cómputo de 22 entrevistas explícase polo feito de que existe unha entrevista que fala de dous concellos distintos: O Vicedo e Viveiro, polo que foi computada orixinalmente para ambos. Esta é a Entrevista a M.P.L., realizada por Polo Pigueiras, Mª Xesús (O Folgueiro, O Vicedo, Lugo, España, 23/12/1992). Nº 613. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal.

importante, dado que aportan informacións que en ocasións é imposíbel localizar no rexistro escrito[244].

4.3.2. Fontes hemerográficas

Para a nosa investigación manexamos unha importante cantidade de xornais, de ámbito local e provincial. As consultas foron realizadas de xeito presencial nas bibliotecas públicas de Ribadeo e Lugo, así como a nivel telemático a través da Biblioteca Virtual de Prensa Histórica e o portal Galiciana (Biblioteca dixital de Galicia)[245]. A posibilidade de consultar este tipo de documentación desde a casa foi de moita axuda tendo en conta a situación de excepcionalidade derivada das medidas de control da Covid 19.

O manexo da prensa da época ao longo de tese permitiu cubrir 3 aspectos fundamentais. En primeiro lugar, esta documentación foi utilizada para estudar o Golpe de Estado e o asentamento das autoridades sublevadas dentro dos concellos que conforman a nosa área de análise preferente. Para isto empregamos xornais de ámbito local e provincial de Lugo. Polo que respecta ás publicacións de ámbito local, traballamos con 2 xornais de Ribadeo (La Comarca e Las Riberas del Eo) e un de Mondoñedo (Vallibria). En canto ás cabeceiras provinciais luguesas utilizamos El Progreso, La Voz de la Verdad e o Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

En segundo lugar, a prensa foi empregada para a análise das eleccións de febreiro de 1936 dentro dos distintos concellos que conforman a Provincia de Lugo. Para coñecer a composición das distintas candidaturas empregamos 4 xornais: El Ideal Gallego, El Pueblo Gallego, Alborada: Diario de Galicia e La Voz de la Verdad. Para analizar os resultados electorais empregamos o Boletín Oficial da Provincia de Lugo, concretamente os números publicados a partir do día 17 de febreiro do citado ano.

[244] Claudio Hernández Burgos, *Franquismo a ras...*, 31.

[245] A Biblioteca Virtual de Prensa Histórica inclúe grande cantidade de fondos que poden consultar se forma totalmente aberta dentro do seguinte enlace: Biblioteca Virtual de Prensa Histórica > Presentación (mcu.es) [Última visita: 08/12/2022]. O mesmo pode dicirse do Arquivo Dixital de Galicia Galicina e da súa web: Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia > Inicio [Última visita 08/12/2022].

En terceiro lugar, empregamos a prensa para completar a información extraída das causas militares manexadas. Por unha banda, buscamos obter un maior número de datos sobre as distintas persoas que foran asasinadas nos concellos seleccionados como área de estudo preferente. Por outra banda, empregamos as publicacións periódicas para completar as fichas individuais dos declarantes rexistrados dentro do procesos xudiciais incoados a raíz do Golpe que tiñamos manexado previamente. Neste punto manexamos un total de 19 publicacións, as cales, aparecerán referidas no apartado de anexos, así como nas notas en rodapé nalgúns casos concretos.

4.3.3. Os arquivos municipais

Para a nosa investigación tentamos acceder á totalidade dos arquivos municipais que compoñen a nosa área de estudo prioritario. Porén, isto non foi posíbel en todos os casos. En primeiro lugar, cómpre sinalar que descartamos acceder ao arquivo municipal de Burela polo feito de que o Concello non existía en 1936, por atoparse integrado no municipio de Cervo.

Máis alá de Burela, solicitamos acceso en todos e cada un dos 23 arquivos restantes, atopando bastantes dificultades pola lentitude nas respostas, polas múltiples trabas impostas á labor investigadora e polos limitados horarios de consulta. Isto non foi sempre así, existindo unha boa parte dos arquivos locais nos que o trato foi excelente.

Porén, noutros denegáronnos o acceso, en base á alegación (real ou inventada) de falta de persoal ou do extravío dos fondos relacionados coa época da Segunda República e os primeiro anos do Franquismo. As nosas solicitudes foron rexeitadas de plano nos concellos de Abadín, Begonte, Cospeito e Xove. Tampouco foi posíbel acceder ao Arquivo Municipal do Vicedo mais, neste caso polo menos, tivemos a oportunidade de recibir un fragmento dixitalizado das Actas Municipais. O seu limitado tamaño non nos axudou en grado significativo mais cremos pertinente agradecer o esforzo do seu persoal por servirnos de axuda.

Os arquivos locais aos que tivemos acceso foron os de A Pastoriza, A Pontenova, Alfoz, Barreiros, Cervo, Foz, Guitiriz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Ourol, Ribadeo, Riotorto, Trabada, Vilalba, Viveiro e Xermade. Isto supón un total de 18 arquivos municipais. A dificultade para cubrir este espazo

USC UNIVERSIDADE

xeográfico foi elevada. Por sorte, non tivemos que nos desprazar sempre desde Santiago de Compostela, grazas a contar cunha residencia familiar na localidade de Rinlo, que pertence ao Concello de Ribadeo. Non obstante, tivemos que realizar numerosas viaxes en coche particular, en traxectos que duraron desde os 30 minutos até as 2 de horas, se contamos as viaxes de ida e volta.

O tempo medio de consulta para cada arquivo foi de 2 días. Estes, ademais, tiveron que se repartir en varias semanas pola imposibilidade de acordar os días de visita pola inexistencia, en moitos casos, de persoal específico para a xestión do arquivo. Dita realidade dilatou en grande medida o tempo de consulta previsto no noso plan de investigación.

Alén disto, é preciso ter en conta que o grado de organización de cada arquivo é diferente, disparidade esta que afecta tamén á cantidade de documentación conservada. Así, nalgúns municipios non puidemos máis que consultar os libros de actas do pleno, os cales, non se atopaban sequera integrados dentro dun cadro de clasificación. Sexa como for, a documentación que consultamos foi a seguinte:

A) Libros de actas das sesións dos plenos:

Os libros de actas son o tipo de documentación máis frecuente nos arquivos locais aos que tivemos acceso, polo menos para o que se refire ao noso obxecto de estudo. A súa consulta para os anos anteriores e posteriores ao Golpe foi posíbel en cada un dos arquivos aos que acudimos. En 9 destes, foi a única documentación consultada, na maior parte dos casos, por ser a única de interese, noutros, por falta de tempo para completar as nosas pescudas[246].

A excepción está no Arquivo Municipal de A Pontenova. Este concello, tal e como sinalamos anteriormente, non existía en 1936, dado que se atopaba dividido nos municipios de Vilaodrid e Vilameá. Isto, tradúcese no feito de que o estudo de A Pontenova require da análise dos libros de actas de ambos municipios. O problema está en que, para o caso do Concello de Vilaodrid, non se conservan os libros de sesións pertencentes ao momento do Golpe. Alí, a

[246] Os arquivos municipais nos que consultamos exclusivamente actas municipais pertencen aos seguintes concellos, que a continuación se enumeran por orde alfabética: A Pontenova, Alfoz, Barreiros, O Valadouro, Ourol, Trabada, Vilalba, Viveiro e Xermade.

diferenza de en Vilameá, as actas correspondentes ás corporacións municipais golpistas comezan o día 15 de setembro de 1938[247].

En calquera caso, os libros de actas das sesións dos plenos foron utilizados para estudar o traspaso de poderes a nivel local tras o Golpe, para analizar as medidas tomadas polos xestores designados após a Sublevación e para coñecer aos membros das corporacións anteriores e posteriores á rebelión militar de xullo de 1936. Isto último foi de vital importancia para coñecer a identidade dalgunhas persoas que nas causas aparecían referidas por siglas e cuxa identificación puido ser realizada a través do cotexo das súas sinaturas en ambos documentos.

B) Correspondencia

Este tipo de fonte correspóndese co conxunto de escritos emitidos e recibidos por parte dos distintos concellos. Na nosa investigación consultamos a correspondencia de 3 municipios: A Pastoriza, Cervo e Lourenzá. Tratase dunha documentación que conta cun carácter heteroxéneo, resultado lóxico da multitude de asuntos que se xestionan en calquera concello.

A modo de resumo, podemos dicir que atopamos escritos nos que se solicita información sobre diversos veciños investigados no marco da persecución golpista, rexistros de persoal municipal, documentos dirixidos ao Concello desde o estamento militar e a Falanxe e Bandos e normativas emitidos e recibidos polas autoridades municipais.

Todos estes documentos serviron, en primeiro lugar, para completar e corrixir as fichas individuais elaboradas a partir das declaracións recollidas dentro das distintas causas militares que analizamos. Ditos datos, permiten coñecer máis en profundidade a algúns dos declarantes identificados, a través de informacións sobre as súas actuacións anteriores e posteriores á Sublevación de xullo de 1936.

En segundo lugar, a correspondencia aporta datos que permiten profundar na análise da organización da persecución sublevada no plano local. Como exemplo podemos citar 2 escritos que se localizaron dentro do Arquivo Municipal de Lourenzá, os cales, aportan datos de moito interese para a valoración da relación entre a Falanxe e as autoridades municipais, así como para

USC DE SANTIAGO

[247] Arquivo Municipal da Pontenova, Concello de Vilaodrid, Goberno, Concello/Pleno, caixa 7, Libros de rexistro de actas de sesións (1934-1963).

estudar o nivel de autonomía do partido fascista[248]. Así, por unha banda, atopamos un escrito, con data do 10 de setembro de 1936, emitido por Federico Minguillón Curiel, Xefe Local da Falanxe de Vilanova de Lourenzá. Neste solicita á alcaldía un vehículo para poder prestar os servizos de vixilancia que lle foran encargados á súa organización pola zona[249].

Por outra banda, atopamos un escrito redactado polo xeneral da Oitava División Militar e reenviado á alcaldía de Lourenzá pola máxima autoridade militar da provincia de Lugo, a día 15 de setembro de 1936: o Comandante Militar Cecilio Arias. O escrito foi recibido pola alcaldía e fotocopiado para a súa entrega "*a los respectivos jefes de Falange y de Milicias de esta localidad*", co obxectivo de facer cumprir as normativas estabelecidas polos militares en relación ás detencións realizadas por estas forzas, as cales, debían de se realizar baixo o estrito mando da superioridade.

C) Expedientes sobre denuncias, multas e investigación da veciñanza

Este tipo de documentación foi localizada nos arquivos municipais de Ribadeo, Lourenzá, Cervo e Guitiriz. Nestes atopamos multas, expedientes de responsabilidades políticas, informes sobre o perfil ideolóxico dos soldados recrutados, escritos sobre os prófugos da localidade e expedientes de denuncias e cese de cargos.

O seu interese é significativo, xa que estamos ante documentos que fan posíbel a revisión e ampliación da información contida nas causas. Ademais, permiten que nos aproximemos á persecución que se deu máis alá dos mecanismos da xustiza militar. Isto permite valorar os motivos que explican a violencia, así como analizar o seu nivel de incidencia dentro dos distintos concellos.

[248] Na presente tese doutoral empregaremos o termos Falanxe para referirnos tanto á Falange Española de las JONS (FE JONS) como a Falange Española Tradicionalista y de las JONS, organización (esta última) que naceu por orde do Réxime e que unificou, a partires de abril de 1937, aos antigos falanxistas e requetés, tal e como figura no *BOE*, 20 de abril de 1937, consultado o 5 de maio de 2023.

[249] Arquivo Municipal de Lourenzá, Administración, Correspondencia, Correspondencia de entrada 1936-1937, caixa 689, escrito sen numerar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D) Información sobre grupos políticos locais

Os datos sobre grupos políticos que existían nos distintos municipios antes e despois do Golpe aparecen dispersos ao longo das distintas fontes consultadas. Porén, existen 2 arquivos locais nos que se conservan materiais máis específicos, os cales, foron emitidos polos grupos políticos locais.

O primeiro destes é o de Foz, onde se conserva un fondo do "Consello local do Movemento", onde puidemos consultar a listaxe completa de afiliados a FE JONS e FET JONS desde 1936, así como a identidade das persoas que desempeñaban cargos de responsabilidade a nivel local. Este nivel de detalle é único dentro dos distintos concellos consultados[250].

O segundo arquivo municipal que conten información deste tipo é o de Riotorto. Nel temos información dos grupos locais de Izquierda Republicana e de Falanxe. No caso de Izquierda Republicana coñecemos a listaxe de membros que a Organización tiña en Riotorto antes do Golpe. Ademais, é de moito interese que a listaxe aparecera dentro dos fondos de Falanxe, o que indica un interese por parte dos líderes do grupo fascista por conservar ditos documentos. Finalmente, polo que respecta á información referente a FET JONS temos informes sobre militantes e listaxes de afiliados sen data. Estas teñen moito interese aínda que por desgraza posúan un nivel de detalle e sistematización inferior ao rexistrado en Foz.

[250] Arquivo Municipal de Foz, Fondo do Consello local do Movemento (Falange Española Tradicionalista y de las JONS), caixa 1317, libro de rexistro de afiliados a primeira liña e F.E. e libro de afiliados nº 2.

E) Libros de Rexistro de empregados municipais

O dito anteriormente para os grupos políticos serve tamén para o caso dos empregados municipais. É dicir, existe diversa información sobre eles en varios dos documentos consultados.

Con todo, libros de rexistro de empregados propiamente ditos atopamos 2: nos arquivos municipais de Ribadeo e Mondoñedo[251]. Neste último caso a información atópase menos sistematizada, de modo que non puidemos coñecer a listaxe completa dos empregados municipais mindonienses para o momento histórico analizado, o que si foi posíbel para o caso de Ribadeo. Non obstante, cómpre sinalar que os libros de rexistro de empregados serviron en ambos os casos para completar o perfil persoal de varios dos declarantes que tiñamos rexistrados após a análise dos procesos xudiciais militares abertos após o Golpe.


F) Libros de cárcere

Este é o tipo de documentación máis infrecuente. De feito, só a atopamos no Arquivo Municipal de Ribadeo. Cando a consultamos, o Arquivo non se atopaba clasificado do mesmo xeito que na actualidade. O actual cadro de clasificación indica que o Libro de reclusos que perciben socorro comeza no ano 1959. Porén é un erro tal e como amosa a Foto 1, que se corresponde co rexistro de entrada de parte dos presos que estiveron recluídos no cárcere do partido xudicial de Ribadeo entre os días 16 e 24 de xullo de 1936.

[251] Arquivo Municipal de Ribadeo, administración, caixa 1867, libro de rexistro de posesión e cese de empregados (1916-1948). Arquivo Municipal de Mondoñedo, administración, persoal, rexistro de administración, caixa 2581, libro de rexistro do persoal municipal.

USC

Foto 1: fragmento do libro de cárcere de Ribadeo



Provincia de Lugo.

Cárcel del partido de Ribadeo.

Provincia de Lugo.

Número de orden.	NOMBRES Y APELLIDOS.	Fecha en que principió á sostenerlos. Día.	Mes.	Año.	Fecha en que dejan de sostener socorro. Día.	Mes.	Año.	Número de socorros (50 cénts.)	IMPORTE. Pesetas.	Cénts.	OBSERVACIONES.
1	Daviz Rodrigues Vega	16	Julio	1936	27	Enero	1937	196	2??	60	
2	Eugenio Reimunde	24	"	"	25	Julio	1936	2	3	00	
3	Leví Gomez	24	"	"	"	"		2	3	00	
4	Manuel Lancara Villabrina	24	"	"	"	"		2	3	00	
5	Carlos Leal	24	"	"	"	"		2	3	00	
6	Manuel Perez	24	"	"	"	"		"	3	"	
7	Luis Alvarez	24	"	"	"	"		"	3	"	
8	Heliberto Garcia	24	"	"	"	"		"	3		
9	Venancio Lopez	24	"	"	"	"		"	3		
10	Alfredo Martinez	24	"	"	"	"		"	3		
11	Maximino Alvarez	24	"	"	"	"		"	3		
12	Maximino Prado	24	"	"	"	"		"	3		
13	Fortunato Martinez	24	"	"	"	"		"	3		
14	Ramon Rodriguez	24	"	"	"	"		"	3		
15	Florian Gonzalez	24	"	"	"	"		"	3		
16	Antonio Sarmiento	24	"	"							

Fonte: elaboración propia

4.3.4. Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL)

No Arquivo Histórico Provincial de Lugo consérvase un volume de documentación bastante importante para a elaboración da nosa tese. A súa consulta demorouse pola imposibilidade de dixitalizar as fontes. As opcións que tiñamos eran 2. Por unha banda, acudir á cidade de Lugo e consultar a documentación. Por outra banda, encargar fotocopias dos documentos a un prezo desorbitado.

Nesta situación optamos pola primeira opción, o que nos obrigou a pasar practicamente 1 mes revisando e copiando documentos que logo puidemos empregar parcialmente para a nosa investigación. A documentación consultada pode dividirse en 2 grandes bloques en función da súa temática.

En primeiro lugar, consultamos información relativa as xestoras municipais golpistas dos concellos que compoñen a nosa área de estudo preferente. En concreto, atopamos datos das seguintes localidades: A Pastoriza, A Pontenova (concretamente do concello de Vilameá), Alfoz, Barreiros, Cervo, Cospeito, Foz, Guitiriz, Lourenzá, O Valadouro, O Vicedo, Ourol, Ribadeo, Riotorto, Trabada, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove.

No plano positivo, podemos afirmar que a visita ao AHPL permitiu obter datos sobre municipios cuxos arquivos locais non puideramos consultar. Este foi o caso de Cospeito, O Vicedo e Xove. No plano negativo, cómpre destacar que non atopamos información para 6 dos municipios seleccionados, así como que 2 destes, Abadín e Begonte, tiñan previamente rexeitado as nosas solicitudes de acceso para a consulta dos seus arquivos municipais.

Sexa como for, no AHPL atopamos informes emitidos pola Garda Civil, a Falanxe e as propias alcaldías nos que se analiza o perfil dos distintos membros das corporacións golpistas. Nestes recóllense datos laborais e económicos dos distintos concelleiros, así como referencias á súa filiación política e actuación durante o Golpe. Esta información permitiu completar as fichas individuais sobre os distintos declarantes rexistrados nas causas xudiciais analizadas, así como a enriquecer o noso relato sobre a instalación das autoridades sublevadas nos distintos concellos.

En segundo lugar, as nosas visitas ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo serviron para localizar información relativa a asociacións que existían con

USC UNIVERSIDADE

anterioridade ao Golpe dentro da Provincia de Lugo. Isto foi de moito interese para entender certos comportamentos sociais ante os asasinatos e a denuncia, tal e como trataremos de explicar ao longo do presente traballo.

4.3.5. Arquivo General de la Administración (AGA)

A localización do Arquivo General de la Administración (AGA), na cidade de Alcalá de Henares, obrigounos a concentrar as nosas visitas en 3 períodos de tempo concretos: novembro de 2017, xullo de 2021 e outubro de 2021. A documentación consultada pode distinguirse en 3 grandes bloques. En primeiro lugar, atopamos expedientes de renovación de xestoras municipais, que nos aportaron información de 15 dos 24 concellos seleccionados dentro do noso plan de investigación. Estes, por orde alfabética, son: A Pastoriza, A Pontenova (concretamente o concello de Vilaodrid), Barreiros, Cervo, Cospeito, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Ourol, Ribadeo, Vilalba, Viveiro e Xove.

Os datos recollidos teñen un carácter semellante aos de parte dos documentos atopados no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, polo que posúen un elevado grado de complementariedade con estes. Deste xeito, o que se recolle son informes sobre os membros das distintas corporacións municipais, emitidos, no caso do AGA, pola Garda Civil e a Falanxe. Isto, ao igual que no caso anterior, permite obter máis información sobre algúns dos declarantes que localizaramos previamente nas causas militares analizadas.

En segundo lugar, consultamos información da Delegación Nacional de Provincias de Falanxe. Esta consiste en informes emitidos desde o Partido. A través deles coñecemos a visión da Organización sobre a situación de orde pública dentro dos distintos concellos da Provincia de Lugo, así coma os nomes dos falanxistas máis destacados de cada localidade: *"camaradas que por su espíritu de sacrificio, sagacidad, valentía y confianza pueden proponerse para ser armados"*[252]. Tamén se inclúen informes sobre fuxidos presentes na provincia que inclúen valoracións sobre o seu perfil vital e político.

[252] AGA, sección 09 (Presidencia), fondo Delegación nacional de Provincias, caixa 51-20533, Documento número 15: "informe sobre la situación de orden público en la Provincia (31-5-40)".

Por último, dentro do fondo da Delegación Nacional de Provincias de Falanxe atopamos documentos que amosan o funcionamento interno da Organización, así coma os mecanismos de control existentes para a depuración de responsabilidades entre a militancia. Tamén informes individuais sobre algúns falanxistas destacados.

O terceiro tipo de documentación que consultamos no AGA foi a que se atopa clasificada no "*Fondo Antiguo*". Neste, atopamos diversos informes emitidos desde as autoridades civís da provincia de Lugo con destino ao goberno central. Os documentos teñen un carácter heteroxéneo e tratan grande cantidade de temas, desde a vida económica e cultural da Provincia até a situación de orde pública.

Entre os distintos materiais recollidos no "*Fondo Antiguo*" destacamos o informe do Gobernador Civil de Lugo Leopoldo Sousa, con data do 8 de setembro de 1938. Este documento cómpre ser destacado, en primeiro lugar, pola grande cantidade de problemáticas que aborda. Alén disto, é de moito interese por ser o primeiro informe deste tipo que se conserva, entre os emitidos tras o Golpe. Tamén, porque o informe seguinte que atopamos foi redactado nunha data tan posterior como 1961.

4.3.6. Documentación de carácter privado

Estas fontes non se atopan clasificadas en ningún arquivo. Por tanto, incluiremos unha copia dixitalizada dos distintos documentos que utilizamos no apartado de anexos da presente tese doutoral, para así posibilitar a súa consulta. As fontes privadas que utilizamos para a elaboración do noso traballo foron unha serie de cartas escritas por Aurelio Fernández Fernández, veciño de Ribadeo que foi condenado a morte e executado en Ferrol o día 24 de abril de 1941.

A primeira destas misivas foi escrita desde a súa localidade natal de Rinlo, que se localiza no citado municipio. O resto, redactáronse desde o cárcere en Ferrol, no contexto do seu xuízo e execución. As cartas foron destinadas á súa muller Isabel Sanz e ao seu irmán Higinio. A súa importancia é moi significativa ao permitir a reconstrución en profundidade do seu caso.

Alén das cartas escritas por Aurelio, manexamos 2 misivas máis, as cales, foron escritas por Isabel Sanz que, como dixemos era a muller de Aurelio. O seu

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

destinatario foi Higinio Fernández Fernández, é dicir, o cuñado desta. A temática dos documentos referidos xira en torno ao citado xuízo, concretamente, ás xestións feitas por Isabel para tentar conseguir a liberdade do seu marido.

O acceso a esta documentación foi posíbel, tal e como referimos nos agradecementos que dan comezo a esta tese, grazas ao veciño de Rinlo Valentín Veiga Expósito a quen, queremos transmitir máis unha vez a nosa gratitude.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5. A toma do poder

O 18 de xullo de 1936 un grupo duns 200 oficiais do exército español deron un Golpe de Estado que conseguiu o apoio aproximado da metade dos membros do exército. O plan de asalto ao poder foi deseñado, tal e como dixemos, polo xeneral de brigada e Comandante Militar de Navarra Emilio Mola Vidal, quen entendía que era necesaria unha acción "*de extremo violenta, para reducir lo antes posible al enemigo, que es fuerte y bien organizado*"[253]. Mola consideraba que o éxito da sublevación requiría da creación dun clima de terror para "*dar sensación de dominio, eliminando sin escrúpulos ni vacilación a todos los que no piensen como nosotros.*"[254].

Para cumprir os seus obxectivos, Mola deseñou unha estratexia de carácter centrípeto que nunca antes se usara no Estado. A idea consistía en conseguir o trunfo da Sublevación en diversas gornicións militares periféricas, desde onde se pretendía iniciar unha mobilización de tropas dirixida a forzar a dimisión do goberno central e a toma do poder en Madrid[255].

A rebelión contra a legalidade republicana estaba prevista para o 18 de xullo mais tivo que se adiantar ao día 17 a consecuencia da descuberta, por parte do xeneral Manuel Romerales, xefe militar da zona de Melilla, dun deposito ilegal de armas nas instalacións militares que estaban na súa xurisdición. Neste contexto, os insurrectos, para evitar ser arrestados, mobilizáronse antes do previsto[256]. Deste xeito, puxeron baixo arresto ás autoridades que apostaran por permanecer fieis á República, extinguiron os focos de resistencia, causando varias baixas mortais entre os resistentes, e conseguiron controlar rapidamente a cidade e a súa área de influencia.

Após a rebelión en Melilla, os golpistas tentaron facerse co control do maior número de prazas militares posíbel durante os días 18, 19 e 20 de xullo. O seu éxito foi relativo. Así, por unha banda, fracasaron á hora de facerse co poder nos puntos neurálxicos do Estado. Porén, por outra banda, conseguiron asentarse

[253] Fernando Puell de la Villa, "La trama militar..., 54, 73.
[254] Paul Preston, *El Holocausto...*, 253.
[255] Fernando Puell de la Villa, "La trama militar...", 73.
[256] Gustau Nerín, *La guerra que vino de África* (Barcelona: Crítica, 2005), 115-116.

nunha parte importante do territorio, sen que o goberno republicano fose quen de os expulsar das súas posicións[257].

O Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 foi unha operación de carácter militar, que estivo preparada e dirixida por profesionais das forzas armadas, así como por membros do que a día de hoxe coñecemos como corpos e forzas de seguridade do Estado. Isto non quere dicir que non existise unha trama civil que servise de apoio aos sublevados e que contribuíse de xeito importante á súa causa, tanto á hora de buscar recoñecemento a nivel internacional como no esforzo de incrementar o arsenal bélico golpista[258]. Porén, cómpre partirmos da base de que as operacións de conquista do territorio, así como a persecución das persoas a raíz da Sublevación, tiveron unha dirección netamente militar.

As matanzas e as violacións dos dereitos humanos estiveron, desde os primeiros momentos, controladas polas autoridades golpistas, nomeadas polo estamento militar. Estas foron, en última instancia, as responsábeis do clima de terror imposto nas zonas que quedaron baixo o seu control[259]. Deste xeito, tense apuntado que, na chamada "España nacional", existiu unha secuencia de detencións, procesos e execucións absolutamente xerárquica, en cuxo vértice se atopaban os membros dos órganos de decisión do exército rebelde[260]. Dita idea, foi proposta en estudos anteriores, mais carece dunha análise empírica profunda como a que se que pretende realizar no marco da presente tese de doutoramento.

Acerca dos militares golpistas, a investigación historiográfica ten amosado que os principais líderes da Sublevación, os xenerais Francisco Franco, Miguel Cabanellas, Gonzalo Queipo de Llano, José Sanjurjo e Emilio Mola formaran parte das unidades de Regulares, é dicir, das forzas militares despregadas en África. Dita condición africanista era, ademais, partillada por moitos militares golpistas de rango intermedio como Carlos Asensio, Antonio Castejón, Francisco García Escámez, Rafael García-Valiño, Pablo Martín Alonso, José Millán Astray,

[257] Julio Aróstegui, *Por qué el 18 de julio... Y después* (Barcelona: Flor del Viento Ediciones, 2006), 90.
[258] Ángel Viñas, "La connivencia fascista con la sublevación y otros éxitos de la trama civil", en *Los mitos del 18 de julio*, coord. por Francisco Sánchez Pérez (Barcelona: Crítica, 2013), 79.
[259] Judith Carbajo Vázquez, "Represores. El entramado...", 37.
[260] Lourenzo Fernández Prieto, "De pasados incómodos...", 616.

Agustín Muñoz Grandes, Eduardo Sáenz de Buruaga, Ricardo Serrador, Luís Soláns e José Enrique Varela entre outros[261].

As tropas españolas despregadas en África posuían unhas características particulares dentro do Exército. En primeiro lugar, é necesario resaltar que boa parte dos africanistas desexaban trasladarse e residir en territorio africano. Esta decisión, pode explicarse por distintos motivos, alén do desexo de facer méritos e ascender na xerarquía militar. Con todo, a escolla de África como destino supón unha notábel diferenza coa actitude da maior parte da oficialidade e, sobre todo, dos soldados rasos españois, que amosaban unha clara repulsa a ser enviados fora da Península[262].

En segundo lugar, en África os militares constituían un grupo aristocrático, que amosaba claras intencións de impoñer aos civís os seus códigos e valores; o que contrastaba coa súa perda de influencia na vida pública da Península. Alén disto, tiñan un carácter corporativo que se levaba até o extremo no caso da lexión, onde se alentaba aos novos recrutas a rachar cos seus vínculos anteriores e comprometerse unicamente cos valores do exército[263].

Deste xeito, os africanistas desconfiaban do poder civil, en parte debido a que estaban acostumados a un territorio como Marrocos, onde todas as funcións administrativas eran desempeñadas por militares, onde a máxima autoridade, o Alto Comisario, era un xeneral e onde os interventores das *kávilas* eran oficiais do exército[264]. No plano ideolóxico, predominaba entre os africanistas unha orientación netamente conservadora, frecuentemente escorada cara a extrema dereita, o que condicionou, en moitos casos, a súa simpatía coa Sublevación[265].

Con todo, non podemos caer no automatismo e na xeneralización, dado que non todos os militares destinados en África apoiaron a Sublevación. Un claro exemplo foi Jesús Jiménez Ortoneda, interventor militar no Rif desde 1911 até 1936, quen, apostou por permanecer fiel á República tras o Golpe, pagando a súa

[261] Gustau Nerín, *La guerra que vino...*, 27.
[262] Alfonso Iglesias Amorín, "La cultura africanista en el Ejército español (1909-1975), *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea* 15 (2016): 102. Recuperado de: Redalyc.La cultura africanista en el Ejército español (1909-1975) [Última visita: 21/11/2022].
[263] Gustau Nerín, *La guerra que vino...*, 20, 39.
[264] Gabriel Cardona, *El poder militar en el Franquismo. Las bayones de papel* (Barcelona: Flor del viento ediciones, 2008), 26-27.
[265] Alfonso Iglesias Amorín, "La cultura africanista...", 103.

decisión co ostracismo e o cárcere[266]. Por non falar dos militares da gornición de Ceuta, que se aventuraron a atentar contra a vida de Franco o día 18 de xullo de 1936. Este atrevemento saldouse con penas de morte, asasinatos sen sentenza e longas penas de cárcere para os seus responsábeis[267].

En terceiro lugar, cómpre ter presente que os africanistas estaban moi influídos pola experiencia da guerra colonial, conflito que entendían coma "unha nova escola de combate", "un campo de manobra e experimentación"[268]. Deste xeito, estaban afeitos a un nivel de brutalidade extremo, a prácticas que as autoridades españolas toleraban por realizarse fora das fronteiras europeas[269]. Para algúns autores, a guerra colonial en Marrocos, actuou coma un factor de brutalización no Estado español, do mesmo xeito que a Primeira Guerra Mundial o fixera en Europa. Todo isto, creou un caldo de cultivo ideolóxico para o ascenso de propostas políticas autoritarias de inspiración máis ou menos fascista[270].

A presenza dos esquemas mentais da guerra colonial en boa parte dos militares golpistas ten sido sinalado coma un factor que axuda a entender o nivel de brutalidade alcanzado, tanto no norte coma no sur do Estado. Así, os golpistas non dubidaron en aplicar os niveis de violencia que fosen necesarios para conseguir a derrota total do inimigo, rexeitando calquera tipo de negociación co goberno da República[271].

Ditas premisas quedaron patentes en diversos testemuños, dos cales, o máis coñecido pode que sexa o do militar golpista Juan Yagüe, alcumado "o carniceiro de Badaxoz", polo seu papel na matanza perpetrada polos sublevados após a toma do poder na localidade. Ao ser entrevistado polo xornalista estadounidense John T. Whitaker, Juan Yagüe recoñeceu abertamente a súa participación nos feitos, xustificándose no argumento de que "disparara" a miles de prisioneiros

[266] José Luís Villanova e Luís Urteaga, "Jesús Jiménez Ortoneda, interventor militar en el Rif (1911-1936)", *Hispania. Revista Española de Historia* 232 (2009): 425. Recuperado de: Vista de Jesús Jiménez Ortoneda, interventor militar en el Rif (1911-1936) (csic.es) [Última visita: 21/11/2022].
[267] Francisco Sánchez Montoya, *Ceuta y el norte de África. República, guerra y represión (1931-1944)* (Ceuta: Editorial Natívola, 2004), 316-317.
[268] Gustau Nerín, *La guerra que vino...*, 24.
[269] Alfonso Iglesias Amorín, "La cultura africanista...", 115-116.
[270] Eduardo González Calleja, "Experiencia en combate. Continuidad y cambios en la violencia represiva (1931-1939)", *Ayer* 76, nº 4 (2009): 41 e José Luís Ledesma, "Que violencia para qué retaguardia o la República en guerra de 1936", *Ayer* 76, nº 4 (2009): 92.
[271] Paul Preston, *El Holocausto español...*, 292.

"*rojos*", ante a teórica imposibilidade de controlalos e avanzar ao mesmo tempo cara a capital do Estado[272].

No momento no que se produciu a rebelión militar do 18 de xullo, o territorio galego formaba parte da VIII División Orgánica do exército. Esta tiña a súa cabeceira na cidade da Coruña e atopábase baixo o mando do xeneral Enrique Salcedo Molinuevo. Para asentar o seu dominio sobre Galiza, os militares golpistas executaron un plan que tiña como núcleo a cidade herculina[273]. O que alí sucedese considerábase determinante para o éxito, ou o fracaso, da Sublevación dentro das 4 provincias que a día de hoxe forman a Comunidade Autónoma galega[274].

Xunto coa Coruña, a rebelión militar tivo outro centro fundamental en Galiza: a cidade de Ferrol, capital do Departamento Marítimo do Cantábrico. Ferrol, era unha cidade clave dentro dos plans golpistas para o noroeste do Estado español. En primeiro lugar, polo feito de que alí se acuartelaba unha boa parte dos efectivos militares situados no territorio galego. En segundo lugar, porque o porto da cidade departamental tiña unha enorme importancia estratéxica para o control de toda a costa cantábrica española[275].

Nas Instrucións do xeneral Mola indicábase que a sublevación do Departamento Marítimo Ferrolán debía ser simultánea á da capitanía da VIII Rexión Militar. De acordo con este esquema, os golpistas ferroláns decidiron poñerse en contra da legalidade republicana o día 20 de xullo, pouco despois de coñecer o inicio da Sublevación na cidade da Coruña[276].

Ao longo desa mesma xornada, os sublevados declararon o "estado de guerra" nas cidades de Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, así como en diversas

[272] Sebastian Balbour, *Abrazo mortal. De la guerra colonial a la guerra civil en España y Marruecos (1909-1939)* (Barcelona: Ediciones Península, 2002).
[273] Concepción López Sánchez, "O golpe de Estado, as persecucións e a retagarda na guerra civil española: as actitudes sociais en Galicia (1936-1939)" (tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela, 2021, http://hdl.handle.net/10347/27415.
[274] Emilio Grandío Seoane, "Golpe de Estado y represión...", 22-23.
[275] Eliseo Fernández Fernández, "Golpe militar e represión...", 195, 205.
[276] Emilio Grandío Seoane, "Os días da Frente Popular...", 46, 61-62.

vilas galegas de menor poboación[277]. Na madrugada do día 21, o comandante Bermúdez de Castro fixo o propio para a cidade de Santiago de Compostela[278].

O Golpe de Estado en Galiza tentou ser contrarrestado en distintos municipios, nos cales, se formaron comités para a defensa da República, en virtude do artigo 17 da Lei de Orde Pública, aprobada en 1933[279]. Estes tiveron unha importancia diferente nuns lugares e noutros, tal e como introducimos con anterioridade. Porén, malia os seus esforzos, os resistentes non foron quen de se manter no poder, en ningún caso, fronte a unhas forzas que eran superiores en número, equipamento e coñecementos para o combate.

5.1. A sociedade antes do Golpe. Demografía, economía e dinámicas de participación política

O plan de asalto ao poder seguiu unhas directrices comúns para o conxunto de territorios do Estado. Con todo, dentro da zona que rematou sendo controlada polos sublevados, rexistráronse niveis de violencia claramente diferentes. Dita realidade, redunda na necesidade de realizarmos un estudo que inclúa análises acerca de como era a sociedade con carácter previo ao Golpe. Isto, coa intención de valorar a existencia de posíbeis relacións entre as dinámicas sociais, políticas e económicas dos distintos concellos, cos actos de resistencia armada que se organizaron para tentar frear a Sublevación e, tamén, cos distintos niveis de violencia rexistrados dentro do territorio.

Na nosa zona de análise, a violencia sublevada concentrouse en certos concellos, fundamentalmente A Pontenova (que no momento se dividía nos municipios de Vilaoudrid e Vilameá), Ribadeo e Viveiro. Para explicarmos esta realidade cómpre realizarmos unha comparación entre estes 3 concellos e o resto, para valorar cales foron os factores que individualizaron os 3 municipios

[277] María Jesús Souto Blanco, "Golpe de Estado y represión...", 67, Julio Prada Rodríguez, "Golpe de Estado y represión...", 107 e Ángel Rodríguez Gallardo, "Golpe de Estado y represión...", 143-144.

[278] Rafael García Ferreira, "Violencia, persecucións e relato na conformación do poder golpista en Santiago de Compostela, 1936" (tese doutoral, Universidade de Santiago de Compostela, 2022), 71. http://hdl.handle.net/10347/27415.

[279] *Ibidem*, 92.

USC

delimitados. Para a nosa investigación, consideramos que o máis acaído é realizar unha análise que distinga entre os 4 partidos xudiciais dos que formaban parte os concellos que analizamos.

5.1.1. As dinámicas políticas, sociais e económicas presentes no partido xudicial de Viveiro

En 1936 o partido xudicial de Viveiro estaba integrado por un conxunto de 6 municipios: Cervo (que incluía ao actual concello de Burela), Muras[280], O Vicedo, Ourol, Viveiro e Xove. A súa poboación ascendía a un total de 34.719 persoas, que se distribuían dun xeito desigual entre os distintos concellos, tal e como figura na Táboa 11.

Táboa 11: poboación do partido xudicial de Viveiro en 1936

Concello	Número de habitantes de dereito	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Muras	3232	9,31%
Xove	3834	11,04%
O Vicedo	4179	12,04%
Cervo	4869	14,02%
Ourol	5425	15,63%
Viveiro	13.180	37,96%
Total	34.719	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE[281]

[280] O concello de Muras formou parte do partido xudicial de Viveiro até 1988, ano no que pasou a formar parte do de Vilalba.

[281] Tal e como indicamos na nota en rodapé número 1: Os datos do INE para o período aparecen recollidos de dez en dez anos. Por tanto, as cifras de 1936 foron calculadas mediante a realización da media aritmética entre os cómputos demográficos realizados para 1930 e 1940. Para máis información consultar a seguinte ligazón: INEbase. Alteraciones de los municipios [Última visita: 02/11/1936].

Á vista dos datos podemos afirmar que o 37,96% dos habitantes de dereito do partido xudicial residían no concello de Viveiro. O municipio viveirense, alén do seu peso a nivel demográfico, destacaba por acoller 2 empresas de significativa importancia: a fábrica de automóbiles de Chavín e as minas de ferro da Silvarosa.

A fábrica de automóbiles de Chavín iniciou a súa andadura no ano 1912[282]. Varias décadas despois, o gobernador civil da Provincia de Lugo, Leopoldo Sousa, destacábaa coma unha das empresas máis importantes para a economía provincial. Isto dentro dun informe que enviou ao Ministerio de Interior do goberno golpista de Burgos, o día 8 de setembro de 1938[283].

A explotación das minas da Silvarosa ten a súa orixe no século XIX, concretamente no ano 1898[284]. O inicio dos traballos foi responsabilidade da compañía alemá *The Vivero Iron Ore Co. Ltd*[285]. Alén das propias instalacións de extracción de mineral, os responsábeis da mina construíron un ferrocarril para comunicar os xacementos de ferro co embarcadoiro de Viveiro, co obxectivo de poder exportar o material extraído[286]. Deste xeito, as minas daban un grande número de postos de traballo, o que repercutía de forma decisiva na economía da zona[287]. Só na propia fábrica sabemos que traballaban un mínimo duns 300 empregados nas décadas de 1920 e 1930[288].

---

[282] Carlos Nuevo Cal, "O movemento obreiro en Viveiro", en *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra,* coord. por Dionisio Pereira (Vigo: A Nosa Terra, 1992), 135.

[283] AGA, Sección 8 (Interior), Fondo Antigo, caixa 44/02791, Memorias Gobernos Civís, cuarta carpeta, informe do Gobernador Civil de Lugo Leopoldo Sousa con data do 8 de setembro de 1938.

[284] *Follas novas: semanario gallego*, 3 de abril de 1898, consultado o 14 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 14/12/2022].

[285] *El regional: diario de Lugo*, 15 de marzo de 1899, consultado o 14 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 14/12/2022].

[286] *El lucense: diario católico de la tarde,* 30 de agosto de 1899, consultado o 14 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 14/12/2022], *El eco de Galicia: revista semanal de ciencias, arte y literatura,* 23 de setembro de 1899, consultado o 14 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 14/12/2022].

[287] *El Ideal Gallego: diario católico, regionalista e independiente,* 3 de maio de 1934, consultado o 14 de decembro de 1934. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 14/12/2022].

[288] *El Correo de Galicia: órgano de la colectividad gallega en la República Argentina,* 24 de abril de 1921, consultado o 14 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 14/12/2022], *El pueblo gallego: rotativo de la mañana*, 17 de xullo de 1935, consultado o 14 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 14/12/2022].

Os traballadores da mina e os da fábrica de automóbiles sumábanse aos doutras industrias, como a conserveira. Todo isto, convertía a Viveiro na localidade co maior continxente obreiro de toda a Provincia de Lugo, por enriba da propia capital[289]. Tamén, nun dos puntos con maior conflitividade[290].

A nivel asociativo, o concello de Viveiro destacaba por ter unha importante cantidade de asociacións de tipo cultural, político e económico con anterioridade ao Golpe. En base aos datos do goberno civil, atopados no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, sabemos que en Viveiro existían un mínimo de 60 asociacións oficialmente rexistradas ante as autoridades provinciais. Como exemplos da variedade asociativa podemos citar o Partido Galeguista de Viveiro, a Sociedade Deportiva "Vivairense" e a Sociedade de Socorros mutuos de gandos vacúns "La Unión"[291].

Con todo, o asociacionismo non se limitaba á capital dentro do partido xudicial de Viveiro. Deste xeito, temos constancia da existencia dunha importante cantidade de colectivos sociais nos outros 5 municipios que formaban parte deste. Así, en Cervo quedou rexistrada a existencia dun mínimo de 9 asociacións. En Xove o número de colectivos sociais oficiais ascendía a 8. En Ourol e O Vicedo existían, respectivamente, 7 e 8 asociacións de distinto ámbito. Por exemplo, existían "agrupacións socialistas" en todos estes concellos, coa excepción de Cervo, onde sabemos da existencia de outros grupos políticos prohibidos após o Golpe como Unión Republicana[292].

Deste xeito, podemos afirmar que a vida asociativa e a participación política eran algo común aos distintos concellos do partido xudicial de Viveiro nas primeiras décadas do século XX. Após o Golpe, procederase á disolución de boa parte destes colectivos, o que supuxo un cambio moi significativo nas dinámicas sociais dos diferentes municipios.

---

[289] María Jesús Souto Blanco, *La represión franquista...*, 61.

[290] Carlos Nuevo Cal, "O movemento obreiro...", 121-150.

[291] AHPL, administración central delegada, goberno civil e réxime interior, orde pública, asociacións, libro de rexistro de asociacións por municipios (sen datas límite) e AHPL, administración central delegada, goberno civil, secretaría xeral, asociacións (1932-1941), asociacións acollidas á lei de 30 de xullo de 1887.

[292] AHPL, administración central delegada, goberno civil e réxime interior, orde pública, asociacións, libro de rexistro de asociacións por municipios (sen datas límite) e AHPL, administración central delegada, goberno civil, secretaría xeral, asociacións (1932-1941), asociacións acollidas á lei de 30 de xullo de 1887.

5.1.2. As dinámicas políticas, sociais e económicas presentes no partido xudicial de Vilalba

En 1936 o partido xudicial de Vilalba estaba integrado por 5 concellos: Begonte, Cospeito, Xermade, Guitiriz e Vilalba. A súa poboación ascendía a un total de 47.367 habitantes de dereito, os cales, se distribuían entre os distintos termos municipais tal e como figura na Táboa 12.

Táboa 12: poboación do partido xudicial de Vilalba en 1936

Concello	Número de habitantes de dereito	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Xermade	4998	10,55%
Begonte	6644	14,03%
Cospeito	7511	15,86%
Guitiriz	11.092	23,42%
Vilalba	17.122	36,15%
Total	47.367	100%

Fonte: elaboración propia seguindo a metodoloxía da táboa 11.

Os datos da Táboa 12 amosan que Vilalba era o partido xudicial máis poboado dos 4 que analizamos na presente tese de doutoramento. Deste xeito, superaba en 12.648 habitantes ao partido xudicial de Viveiro e en 21.367 ao de Ribadeo. A súa poboación era similar á do partido xudicial de Mondoñedo, aínda que algo superior. Concretamente, o partido xudicial de Vilalba tiña 1000 habitantes máis que o partido xudicial mindoniense.

Alén disto, o partido xudicial de Vilalba posuía 2 dos 3 concellos con maior número de veciñas e veciños, de entre todos os que estudamos. Estes eran Vilalba, o municipio máis poboado de todos os analizados, e Guitiriz, que ocupaba o terceiro posto en canto ao número de habitantes, con 2000 residentes menos que o concello de Viveiro.

En canto á vida política e asociativa, no conxunto de municipios que constituían o partido xudicial vilalbés, atopamos que existían un mínimo de 48

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

agrupacións sociais rexistradas oficialmente a nivel provincial. Tal cifra, converte a Vilalba no partido xudicial con menor número de asociacións de entre todos os estudados. Con todo, a capital posuía un total de 26 destes grupos, o que se traduce en que Vilalba era a cuarta localidade con maior número de asociacións cidadás rexistradas a nivel provincial na nosa área de estudo preferente.

A orientación e o perfil do asociacionismo presente no partido xudicial de Vilalba era variado. Non obstante, atopamos, en todos e cada un dos municipios, grupos políticos que foron prohibidos após o Golpe. Os máis frecuentes eran os de Unión Republicana (UR) e Izquierda Republicana (IR). Con todo, tamén temos rexistro da existencia dunha agrupación socialista no concello de Vilalba[293].

A nivel electoral, se analizamos os resultados dos comicios de febreiro de 1936, veremos que, en todos e cada un dos concellos do Partido, a vitoria foi para a coalición de dereitas. Non obstante, o centro esquerda sacou miles de votos e chegou case a empatar cos dereitistas no caso concreto do concello de Xermade. Alén disto, en termos xerais, consideramos que a vitoria da dereita non explica a composición política e social que existía realmente nos distintos concellos. Deste xeito, a chamada coalición contrarrevolucionaria trunfou en municipios onde a investigación considera que a esquerda tiña un significativo peso e capacidade axencia. Este foi o caso de concellos como Ribadeo e Vilaoudrid[294].

Por todo isto, podemos afirmar que no partido xudicial de Vilalba existía un certo músculo social en favor da República, aínda que fose menor que noutros partidos. Sexa como for, tras o Golpe de Estado de xullo de 1936 non se rexistraron practicamente actos de oposición aos sublevados, tal e como se deduce das diferentes fontes consultadas[295].

En primeiro lugar, cómpre sinalar que nos concellos que compoñen o partido xudicial de Vilalba non se computou nin unha soa condena a pena de morte. Isto

[293] AHPL, administración central delegada, goberno civil e réxime interior, orde pública, asociacións, libro de rexistro de asociacións por municipios (sen datas límite) e AHPL, administración central delegada, goberno civil, secretaría xeral, asociacións (1932-1941), asociacións acollidas á lei de 30 de xullo de 1887.

[294] Os resultados electorais aparecen no *BOP Lugo*, do 18 de febreiro de 1936 ao 26 de febreiro de 1936, consultado o 19 de decembro de 2022. Recuperado de: Lista de Números (galiciana.gal) [Última visita: 19/12/2022].

[295] A ausencia de resistencias ao Golpe no partido xudicial de Vilalba foi sinalada tamén na bibliografía. Concretamente en: María Jesús Souto Blanco, *La represión franquista...*, 68-69. Tamén en: Carlos Fernández Santander, *El Alzamiento de 1936...*, 220-226.

supón unha notábel diferenza cos partidos de Ribadeo e Viveiro, así como unha similitude co partido xudicial de Mondoñedo. Porén, o partido de Vilalba destaca tamén polo reducido número de persoas que foron condenadas a penas de prisión.

En Begonte, a única persoa sentenciada foi Evaristo Iglesias Fariña[296]. En Guitiriz, a xustiza golpista condenou ao cárcere aos veciños José de Alba Díaz e Sebastián Rodríguez Carranza[297]. Finalmente, en Vilalba, só foi condenado á pena de prisión Enrique Ramil Cao, mentres que en Xermade sufriron o cárcere Genoveva Balsa Iglesia e Robustiano de Castro Carballeira[298].

En ningún destes casos chegou a rexistrarse unha pena superior aos 12 anos e un día de reclusión, o que constitúe outro trazo distintivo para o partido xudicial vilalbés. Alén disto, a análise dos diferentes procesos xudiciais, amosa que as persoas que remataron por ser condenadas a distintas penas de cárcere non foron acusadas de participar en grupos de resistencia á Sublevación[299].

En segundo lugar, a afirmación de que no partido xudicial de Vilalba non se chegaron a organizar grupos para opoñerse activamente ao Golpe atópase na prensa da época. Deste xeito, as informacións ás que tivemos acceso concordan na afirmación de que as autoridades militares golpistas se fixeran co mando da capital do Partido sen a menor oposición. Proba desta situación de tranquilidade, segundo a prensa controlada polos sublevados, era que en ningún momento chegaran a pechar as tendas e os cafés da localidade. A tranquilidade fora, por

[296] Para máis información: Buscando por vecinanza:Begonte suceso:Prisión - Nomes e Voces [Última visita: 19/12/2022].
[297] Para máis información: Buscando por vecinanza:Guitiriz suceso:Prisión - Nomes e Voces [Última visita: 19/12/2022].
[298] O perfil da veciña e veciño de Xermade que foron condenados a prisión após o Golpe pode consultarse en: Buscando por vecinanza:Xermade suceso:Prisión - Nomes e Voces [Última visita: 19/12/2022]. O do veciño de Vilalba en: Buscando por vecinanza:Vilalba suceso:Prisión - Nomes e Voces [Última visita: 19/12/2022].
[299] Ao veciño de Begonte Evaristo Iglesias Fariña foille incoada o seguinte proceso xudicial: AIMNOR, fondo Pontevedra, caixa 36, causa 1069. No caso de Guitiriz temos a José Alba Díaz, contra o que non figura que lle fora incoado ningún proceso xudicial militar a consecuencia do Golpe. Tamén a Sebastián Rodríguez Carranza, que foi condenado en AIMNOR, caixa 77, fondo Lugo, causa 1390. En Vilalba temos a Enrique Ramil Cao que foi sentenciado a prisión en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 73, causa 1512/37. Finalmente, en Xermade temos rexistrados a Genoveva Balsa Iglesia e Robustiano de Castro Carballeira, que foron sentenciados, respectivamente, en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 82, causa 207/38 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 43, causa 164/36.

tanto, "absoluta". Con todo, os golpistas realizaran detencións dos líderes "*de los partidos políticos del Frente Popular y otros elementos de izquierda*"[300].

Este relato dos feitos, que se refire apenas a Vilalba, concorda con outros rexistrados para distintas localidades do Partido. Deste xeito, nas actas municipais do concello de Guitiriz, quedou rexistro dun escrito de agradecemento ás autoridades sublevadas que foi impulsado, teoricamente, por unha "comisión" de veciños do antigo concello de Trasparga. Segundo o seu relato, as forzas militares, en colaboración coa Falanxe e a Garda Civil, foran capaces de manter a tranquilidade no concello, nun momento no que supostamente "se rumoreaba" que "*los elementos marxistas existentes en este término, pertenecientes a la Sociedad Oficios Varios e Izquierda Republicana*" tiñan a intención de "alterar a orde pública"[301].

Por último, cómpre dicir que existe unha relación cos incendios e destrucións producidos na provincia de Lugo a raíz do Golpe de Estado na que figuran 2 dos municipios do partido xudicial de Vilalba. Estes son Cospeito, onde se afirma que foron incendiadas 2 igrexas, e Xermade, onde tivo lugar a destrución de todos os cruceiros de cantería da parroquia de Lousada[302]. Con todo, estamos a falar de actos de pouca importancia se os comparamos cos acontecidos noutros partidos xudiciais, tal e como explicaremos. Ademais, temos que dubidar da veracidade do contido deste documento, debido á falta de inclusión de municipios nos que si sabemos que se produciron enfrontamentos armados reais, como Ribadeo e A Pontenova.

[300] *El Progreso: diario liberal*, 9 de agosto de 1936, consultado o 20 de decembro de 2022. Recuperado de: Biblioteca Virtual de Prensa Histórica > Lista de Números (mcu.es) [Última visita: 20/12/2022].
[301] Arquivo Municipal de Guitiriz, goberno, concello/pleno, rexistro de actas de sesións (1927-1941), libro de actas do 23 de maio de 1935 ao 12 de setembro de 1936.
[302] AGA, sección 8 (Interior), fondo antigo, caixa 44/02791, memorias gobernos civís, cuarta carpeta, "relación de los incendios, destrozos y saqueos llevados a cabo en la Provincia de Lugo por la Revolución Marxista anterior al 18 de julio de 1936".

5.1.3. As dinámicas políticas sociais e económicas presentes no partido xudicial de Mondoñedo

En 1936 o partido xudicial de Mondoñedo estaba formado por 8 municipios: A Pastoriza, Abadín, Alfoz, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, O Valadouro e Riotorto[303]. A súa poboación ascendía a un total 46.261 habitantes de dereito. A súa distribución entre os distintos concellos tiña un carácter máis homoxéneo que noutros partidos analizados, tal e como figura na Táboa 13.

Táboa 13: poboación do partido xudicial de Mondoñedo en 1936

Concello	Número de habitantes de dereito	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Alfoz	3828	8,27%
Riotorto	3903	8,44%
O Valadouro	4167	9,01%
Lourenzá	4414	9,54%
Abadín	5820	12,58%
A Pastoriza	7250	15,67%
Foz	7966	17,22%
Mondoñedo	8913	19,27%
Total	46.261	100%

Fonte: elaboración propia seguindo a metodoloxía da táboa 11.

En canto á súa vida social e política, sabemos que no partido xudicial de Mondoñedo había un mínimo de 131 asociacións rexistradas oficialmente a nivel provincial. Moitas delas cumprían funcións recreativas e asistenciais. Con todo, en todos e cada un dos concellos existían diversos partidos políticos que foron

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[303] Na actualidade o concello de Foz forma parte do partido xudicial de Viveiro.

prohibidos tras o Golpe, coma IR e UR. Tamén certificamos a presenza de agrupacións socialistas nos concellos de Foz, Mondoñedo e A Pastoriza[304].

Alén das agrupacións políticas rexistradas a nivel provincial, coñecemos que había unha sección de IR en Riotorto, que se constituíu o día 9 de decembro de 1935 e que chegou a ter 37 inscritos nos meses anteriores ao Golpe de Estado 1936[305]. Tamén comprobamos a presenza núcleos falanxistas en Cervo, Mondoñedo, Lourenzá, Riotorto e Foz. Nos 4 primeiros concellos, apenas puidemos certificar a existencia de individuos adheridos á Falanxe con carácter previo á Sublevación militar do 18 de xullo[306]. En Mondoñedo podemos citar, a modo de exemplo, o caso de Vicente Sante Posada, falecido nos combates pola toma de Oviedo o día 14 de marzo de 1937[307]. Sobre el sabemos que era falanxista desde antes da Sublevación, así como que a súa militancia provocara enfrontamentos con algúns veciños do termo municipal mindoniense[308].

No caso de Riotorto, temos a José Aguiar Mor, que foi identificado nas fontes como falanxista desde antes do Golpe[309]. O mesmo podemos dicir en Lourenzá de José Expósito Leis, fundador da agrupación local de Falanxe e xefe desta en novembro de 1940, "*procedente de la antigua Falange Española de las JONS en la que*

[304] AHPL, administración central delegada, goberno civil e réxime interior, orde pública, asociacións, libro de rexistro de asociacións por municipios (sen datas límite) e AHPL, administración central delegada, goberno civil, secretaría xeral, asociacións (1932-1941), asociacións acollidas á lei de 30 de xullo de 1887.

[305] Arquivo Municipal de Riotorto, sen clasificar, carpeta "Series Especiais: Falange", Libro de "*registro de socios*" da agrupación local de IR.

[306] A maioría dos falanxistas dos concellos pertencentes á nosa área de estudo preferente entraron no Partido após o Golpe, tal e como pode comprobarse para o caso de Foz, a través do libro de rexistro de afiliados: Arquivo Municipal de Foz, fondo Consello local do Movemento (Falange Española Tradicionalista y de las JONS), caixa 1317, libro nº1, rexistro de afiliados a Falanxe en Foz.

[307] *Vallibria*, 14 de marzo de 1937, consultado o 21 de decembro de 2021. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 21/12/2022].

[308] AIMNOR, fondo Coruña, caixa 50, causa 1119/37, folios 11 volto, 12 e 12 volto.

[309] Arquivo Municipal de Riotorto, sen clasificar, carpeta "Series Especiais: Falange. Izq. Republicana", informe do Xefe Local de FET y de las JONS de Riotorto Wesceslao Besteiro Fórneas (sen data nin número).

causó alta el 1 de febrero de 1936"[310]. Por último, en Foz sabemos que existía un grupo falanxista que tiña 29 afiliados a día 18 de xullo de 1936[311].

Nas eleccións de febreiro de 1936 a candidatura contrarrevolucionaria gañou en case todos os concellos do Partido. Porén, o centro esquerda conseguiu un maior número de votos en Lourenzá e A Pastoriza. Neste último municipio a vitoria foi incontestábel, con máis de 10.000 votos de diferenza[312].

Por todo isto, podemos afirmar que no partido xudicial de Mondoñedo existían grupos partidarios da República, tal e como sinalamos tamén para o caso do partido xudicial de Vilalba. Porén, ao igual que sucedera no anterior, no partido xudicial de Mondoñedo non se chegaron a organizar actos de resistencia ao Golpe, polo menos, se os comparamos cos rexistrados noutros partidos. Isto ten sido sinalado xa nalgúns traballos previos, os cales, serviron de base para a elaboración da nosa investigación[313]. Tamén polo cronista Silva Ferreiro:

> La ciudad de Mondoñedo, a pesar de su proximidad a los pueblos de Ribadeo y Vivero en donde los sucesos de julio revistieron no pequeña importancia, apenas si ofrece nada que merezca destacarse bajo el aspecto de oposición colectiva al Movimiento Nacional. […] nada pasó en la ciudad de Mondoñedo, ni tampoco en los demás pueblos del Partido: Abadín, Alfoz, Foz, Pastoriza, Riotorto, Valle de Oro… Solo en Villanueva de Lorenzana hubo un poquito de revuelta, debido a las actividades revolucionarias de José Lorenzo (a) "Roque", que compartía con el "Camacho", con José Bargo (a) Azaña, con el médico Donato Ron y otros compañeros de *su misma maldad*, la dirección de la sociedad sindicalista de Villanueva[314].

[310] AGA, sección 9 (Presidencia), fondo Delegación nacional de Provincias, caixa 51-20533, correspondencia administrativa de Falanxe, 1939-1940, "nombramiento de Jefes Locales Verificados: del 1 al 30 de noviembre de 1940".

[311] Arquivo Municipal de Foz, fondo Consello local do Movemento (Falange Española Tradicionalista y de las JONS), caixa 1317, libro nº1, rexistro de afiliados a Falanxe en Foz.

[312] Os resultados electorais aparecen no *BOP Lugo*, do 18 de febreiro de 1936 ao 26 de febreiro de 1936, consultado o 19 de decembro de 2022. Recuperado de: Lista de Números (galiciana.gal) [Última visita: 19/12/2022].

[313] Maria Jesús Souto Blanco, *La represión franquista...*, 55-58. Tamén Carlos Fernandez Santander, *El Alzamiento de 1936...*, 220-226.

[314] Manuel Silva Ferreiro, *Galicia y el Movimiento...*, 253-254.

A narración de Silva Ferreiro da conta do escaso clima de enfrontamento que se rexistrou no partido xudicial de Mondoñedo no contexto do asentamento no poder das novas autoridades golpistas. Con todo, contén importantes imprecisións, o cal, non resulta especialmente sorprendente dado o seu nulo rigor.

Deste xeito, por unha banda, sinala que o termo municipal de Lourenzá concretara a maior parte das resistencias ao Golpe que tiveran lugar no partido xudicial de Mondoñedo. Ademais, sinala unha serie de culpábeis dos cales só Donato Ron chegou a ser oficialmente perseguido polas autoridades golpistas. Agora ben, tal e como sinalaron diversas testemuñas, a actuación de Donato Ron limitárase a facer actos de propaganda en contra do Golpe. Posteriormente, a raíz do asentamento dos sublevados no poder municipal, fuxira da localidade xunto cos seus irmáns Rosendo e Francisco[315].

Por outra banda, obvia o feito de que no concello de Riotorto se organizaran requisas de armas que, supostamente, foran ordenadas por parte da alcaldía. Tales feitos, mereceron a atención das autoridades golpistas que procesaron e condenaron a distintas penas de cárcere a 3 veciños da localidade: Antonio Bermúdez Leivas, Eugenio Bermúdez Leivas e Ramón Iglesias Valiña.

Os 2 primeiros foron sentenciados a cadea perpetua. O último a 15 anos de cárcere. A súa sentenza xustificouse no argumento de que participaran na organización das resistencias ao "Alzamento" en Riotorto. Concretamente, foron acusados de participar en requisas de armas que se realizaron nos domicilios das persoas de dereitas da localidade. Estas requisas, segundo se explica, foran ordenadas por parte do alcalde republicano Antonio Bermúdez[316].

USC

[315] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 62, causa 1252, folio 7.
[316] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 321/36, folio 85.

5.1.4. As dinámicas políticas, sociais e económicas presentes no partido xudicial de Ribadeo

En 1936 o partido xudicial de Ribadeo estaba integrado por un total de 5 concellos: Barreiros, Ribadeo, Trabada, Vilameá e Vilaoudrid. Os 2 últimos, na actualidade atópanse fusionados no termo municipal da Pontenova. Con todo, no momento do Golpe eran dúas entidades administrativas distintas.

O partido xudicial de Ribadeo era, dos analizados no presente traballo, o que tiña unha menor cantidade de habitantes censados. Deste xeito, a súa poboación ascendía a un total de 26.000 persoas. Esta estaba distribuída dun xeito bastante homoxéneo entre os distintos municipios, tal e como figura na Táboa 14.

Táboa 14: poboación do partido xudicial de Ribadeo en 1936

Concello	Número de habitantes de dereito	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Trabada	3220	12,38%
Vilaoudrid	4036	15,52%
Vilameá	4424	17,02%
Barreiros	4952	19,05%
Ribadeo	9368	36,03%
Total	26.000	100%

Fonte: elaboración propia seguindo a metodoloxía da Táboa 11

A nivel asociativo, temos constancia da existencia dun mínimo de 72 agrupacións cidadás de distinto ámbito rexistradas a nivel provincial. Deste xeito, podemos dicir que Ribadeo era, despois de Mondoñedo, o partido xudicial con máis agrupacións deste tipo dos estudados nesta tese. Entre as diferentes asociacións temos organizacións que cumprían funcións recreativas ou mutualistas, mais tamén sindicatos de clase e partidos políticos que foron prohibidos tras o Golpe de Estado. Como exemplos podemos citar a agrupación

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

republicano socialista de Vilaoudrid, a agrupación municipal de IR en Barreiros ou a Agrupación Socialista de Ribadeo[317].

No eido económico, no partido xudicial de Ribadeo destacaba a sociedade mineira de Vilaoudrid, situada no actual concello da Pontenova. Esta estaba dedicada, desde comezos do século XX, á extracción de ferro. A súa constitución supuxera un acicate fundamental para a economía dunha zona onde non existía practicamente actividade industrial[318]. A explotación do mineral levou tamén á construción dunha vía férrea para comunicar o xacemento co porto de Ribadeo, o que repercutiu na creación de multitude de postos de traballo, sobre todo, a comezos de século[319].

No momento do Golpe de Estado, a sociedade mineira de Vilaoudrid atopábase nunha situación complicada desde o punto de vista económico. Esta era o resultado dunha tendencia que se facía notar desde había anos, tal e como se ve a través da prensa da época[320]. Desde xeito, en 1930, tivo lugar o "*lock out*" da fábrica, o que deixou sen traballo a uns 200 obreiros[321]. Non obstante, en 1935 iniciouse na mina unha segunda fase de explotación, o que volveu dinamizar dun xeito moi importante a economía da zona[322]. Deste xeito, o gobernador civil de Lugo Leopoldo Sousa, destacaba o complexo mineiro de Vilaoudrid nun informe redactado en 1938, ao que xa temos feito referencia con anterioridade ao falar da fábrica de automóbiles de Chavín, situada no partido xudicial de Viveiro. No seu escrito, Leopoldo Sousa facía explícita a debilidade financeira da empresa.

Con todo, o certo é que decidiu destacala como exemplo dun dos poucos centros de extracción de mineral a nivel da Provincia de Lugo. Alén disto, sinalou

[317] AHPL, administración central delegada, goberno civil e réxime interior, orde pública, asociacións, libro de rexistro de asociacións por municipios (sen datas límite) e AHPL, administración central delegada, goberno civil, secretaría xeral, asociacións (1932-1941), asociacións acollidas á lei de 30 de xullo de 1887.

[318] Gabriel Ramallal, *Las minas de hierra de Villaodrid. El fracaso de un proyecto extraordinario* (Madrid: Editorial del Economista, 2020), 23.

[319] José María Lombardero Rico, *Sociedade Ribadense...*, 11.

[320] *La voz de la verdad: diário católico con censura eclesiástica*, 9 de xullo de 1930, consultado o 30 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita 30/12/2022].

[321] *El Progreso: semanario independiente,* 15 de agosto de 1930, consultado o 30 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 30/12/2022].

[322] *El Ideal gallego: diario católico, regionalista e independiente,* 14 de xullo de 1935, consultado o 30 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última consulta: 30/12/2022].

que o ferrocarril que comunicaba o xacemento co porto de Ribadeo era unha das 2 únicas liñas férreas que se atopaban en funcionamento dentro do territorio lucense[323].

Por todo isto, podemos afirmar que a mina de Vilaoudrid tiña unha importancia notábel dentro do partido xudicial de Ribadeo. Isto non é só aplicábel ao eido económico senón tamén ao social. Deste xeito, na prensa da época quedaron rexistradas multitude de noticias que dan conta das diversas folgas e protestas que tiveron a estes mineiros de como protagonistas[324].

Alén da sociedade mineira de Vilaoudrid, dentro do partido xudicial de Ribadeo cómpre destacar a súa capital, que actuaba como centro administrativo e de servizos para os concellos da contorna. Ribadeo, destacaba polo seu porto, que se vira revitalizado polas actividades mineiras desde comezos do século XX. Ademais, era o lugar de residencia dun bo número de emigrantes retornados de América. Estes, en ocasións fixeran importantes fortunas que axudaron a dinamizar a economía local. Noutros casos, volveran sen diñeiro, mais con ideais progresistas que difundiron entre as súas veciñas e veciños[325].

[323] AGA, sección 8 (Interior), fondo antigo, caixa 44/02791, memorias dos Gobernos Civís, cuarta carpeta.

[324] Como exemplo podemos citar: *El Heraldo de Galicia: periódico consagrado a los intereses del pueblo galiciano y paladín de la colonia gallega en Cuba*, 22 de novembro de 1930, consultado o 30 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última consulta: 30/12/2022].

[325] José María Lombardero Rico, *Sociedade Ribadense...*, 11-13.

5.2. As resistencias

Dos 24 concellos que compoñen a nosa área de estudo preferente observamos que só chegaron a se organizar comités locais para a defensa da República en 6 destes municipios. 2 deles, Cervo e Viveiro, formaban parte do partido xudicial viveirense. O terceiro, Riotorto, formaba parte do partido xudicial de Mondoñedo. Os 3 restantes Ribadeo, Vilaoudrid e Vilameá, atopábanse integrados dentro do antigo partido xudicial ribadense.

Isto non significa que os actos de oposición á Sublevación se limitasen a estes puntos. Por unha banda, os membros do comité de Viveiro realizaron requisas nos concellos de Muras e Ourol. Por outra banda, os membros do comité de Cervo fixeron o mesmo en Xove.

Os resistentes de Viveiro e Cervo contaron, supostamente, co apoio dalgúns veciños dos concellos nos que actuaron, segundo as causas militares analizadas. Un exemplo de persoa procesada por realizar actividades de apoio aos membros do comité de Viveiro foi Antonio Lafuente Jiménez. Este, foi condenado á pena morte e executado a día 29 de xaneiro de 1937[326]. A xustificación da súa sentenza debeuse, en parte, á súa colaboración cos resistentes chegados desde Viveiro[327].

Alén das requisas, no concello de Ourol realizáronse outro tipo de accións para tentar frear o avance das tropas golpistas, así como para evitar perturbacións na orde pública. Ditas accións, de novo, foron organizadas polo comité de defensa da República de Viveiro mais contaron co apoio de diversos veciños da localidade. O afirmado pode exemplificarse mediante a análise da causa "*instruida por el delito de rebelión militar contra Francisco López Gil y otros*". Neste proceso xudicial xulgouse a diversos veciños de Viveiro e Ourol, coma o propio Francisco López Gil, coñecido co alcume de Tereso:

[326] A súa ficha pode consultarse dun xeito totalmente aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Antonio Lafuente Jiménez - Nomes e Voces [Última visita: 16/04/2023].

[327] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 50, causa 801/36 e 906-907/36, folios 340, 340 volto, 341 e 341 volto.

> En cumplimiento a cuanto se interesa en su respetable escrito a fecha 25 del mes próximo pasado, referente a que le informe sobre la actuación que haya podido tener en el movimiento antinacional el vecino de la parroquia de Bravos (Orol) Francisco López Gil (a) Tereso, actualmente soldado y al que se le instruye expediente, como así mismo la actuación que contra las fuerzas del Ejército hayan igualmente podido tener los vecinos de igual parroquia José Fernández Fernández y Manuel Cobo Porto y concepto que merece el vecino de igual parroquia Vicente Franco Durán; tengo el honor de participar a la superior autoridad de V.S. que, según informes adquiridos por el que suscribe se ha podido comprobar que el mencionado Francisco López Gil, el día 20 de Julio último, sobre las 10 horas, se presentó en el domicilio de Ramón Vázquez Rey, vecino del lugar de Curros, parroquia de Bravos, en unión [de] otros tres o cuatro individuos y en actitud violenta le exigieron las armas que tuviera y el Francisco López que, al parecer capitaneaba el grupo, fue de los primeros en entrar al domicilio para reconocerle, ocupándole la escopeta única que poseía…[328]

Este informe, que continúa vertendo argumentos acusatorios coma os indicados, foi redactado polo Comandante do Posto da Garda Civil de Viveiro Eduardo Sánchez Chinarro, con data do 9 de xaneiro de 1937. Nel aparecen os argumentos que serviron para xustificar a sentenza de cadea perpetua contra o procesado de Ourol Francisco López Gil. Dita sentenza resulta moi interesante para entender a natureza das resistencias ao Golpe en Ourol, nas cales, alén de requisas, chegaron a se organizar cortes de estradas con árbores:

> RESULTANDO: Que los mandos militares asumieron el Poder que detentaba el Gobierno del frente popular, cuya actuación de carácter antipatriótico ponía en peligro la existencia y la integridad de España y que contra el Poder legítimo de los mandos militares los elementos del frente popular organizaron una rebelión que todavía lucha por dominar nuestro Ejército y que se manifestó, con carácter más o menos agudo, en distintos puntos de España, entre otros, en la comarca de Vivero, donde el procesado de esta causa FRANCISCO LÓPEZ GIL, plenamente identificado con los rebeldes, procedió de modo voluntario a la requisa de armas y trabajó activamente en la tala y colocación de pinos que obstaculizaron el

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[328] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 62, causa 1386/36, folio 43 e 43 volto.

> tránsito por la carretera en el lugar denominado Coba de Bravos el día veintidós del pasado Julio…[329]

O sucedido en Ourol serve para exemplificar as diferenzas que existen entre as accións levadas a cabo polos resistentes nun concellos e noutros, disparidade esta que tamén afecta á magnitude dos enfrontamentos rexistrados. Deste xeito, dos 6 municipios nos que se realizaron requisas de armas, dentro da nosa área de estudo preferente, só se rexistraron enfrontamentos reais en 3 puntos: Viveiro, Ribadeo e A Pontenova. Nestes 3 concellos, os comités para a defensa da República foron suprimidos, con maiores ou menores niveis violencia, grazas á chegada das forzas militares rebeldes enviadas desde a cidade de Lugo, tal e como se explicará a continuación.

5.2.1. A toma de Viveiro

No termo municipal viveirense formouse un comité para a defensa da República, á fronte do cal, se colocou o alcalde democrático da vila: Balbino Cerdeiras Rey. A súa defensa da legalidade rematou por lle custar a vida. Así, foi condenado á pena de morte para posteriormente ser executado en Lugo, a día 12 de maio de 1937[330].

Na causa incoada contra Balbino Cerdeiras, investigouse a un grande número de veciños de Viveiro aos que se acusou de realizar requisas, de organizar gardas armadas e de opoñerse ás forzas do exército golpista. Tamén de organizar unha expedición até a cidade da Coruña para tratar de axudar aos grupos de resistentes ao Golpe que existían na cidade. Estes feitos foron relatados tamén polo cronista Manuel Silva Ferreiro, ao que xa temos feito referencia en diversas ocasións ao longo do presente texto[331].

A descrición das resistencias ao Golpe en Viveiro, realizada por Manuel Silva Ferreiro, cadra, en certos aspectos, coa información que aporta Luís Neira Río, fillo dun dos participantes nos grupos de resistentes referidos con anterioridade.

[329] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 62, causa 1386/36, folio 242.
[330] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 45, causa 212/36, folios 739, 739 volto e 740.
[331] Manuel Silva Ferreiro, *Galicia y el movimiento...* 256.

USC DE SANTIAGO

Iso si, as apreciacións que Luís Neira realizou acerca da lexitimidade de cada un dos bandos resulta totalmente oposta á dos cronistas partidarios da Sublevación.

Luís Neira foi testemuña directa dos sucesos que narra. De feito, na entrevista da que foi obxecto explica que o seu pai tomara parte na organización dos preparativos contra a Sublevación. No seu relato coincide con Silva Ferreiro en canto á localización temporal das resistencias nos días 20 e 21 de xullo de 1936, así coma no feito de que se organizaran partidas armadas destinadas a contribuír á defensa da cidade da Coruña fronte ao Golpe[332]. O seu testemuño ten moito valor por ser o único veciño do Concello de Viveiro que puido ser entrevistado en relación cos feitos referidos.

Deste xeito, no termo municipal viveirense a toma do poder polos golpistas produciuse na tarde do día 21 de xullo de 1936. Segundo se informou no xornal lugués *El Progreso,* con data do 22 de xullo do citado ano, a extinción das resistencias ao Golpe na localidade foi posíbel grazas ao envío das forzas da Garda Civil e de Carabineiros desde Lugo. Isto fíxose por orde do Comandante Militar Alberto Caso Agüero:

> El comandante militar de la plaza, señor Caso, recibió noticias de que en Vivero se habían registrado algunos disturbios provocados por elementos marxistas. Inmediatamente ordenó la salida de fuerzas de la Guardia Civil y de Carabineros con dirección a aquella ciudad.
>
> Mandando estas salieron los señores Aranguren y Baamonde, tenientes de la Guardia Civil y Carabineros, respectivamente[333].

Os responsábeis da conquista da localidade, Juan Aranguren Ponte e Manuel Vaamonde López, deixaron o seu testemuño sobre os feitos na documentación xudicial militar, concretamente, no atestado que da inicio á causa incoada contra Balbino Cerdeiras e outros veciños de Viveiro, Ourol, O Vicedo e Cervo, á que xa temos feito referencia con anterioridade:

---

[332] Entrevista a Luís Neira Río, realizada por Rocha, Mónica (Viveiro, Lugo, España, 10/10/2007). Nº 2253. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

[333] *El Progreso: diario liberal,* 22 de xullo de 1936, acceso o 17 de decembro de 2022. Recuperado de: Biblioteca Virtual de Prensa Histórica > Lista de Números (mcu.es) [Última visita: 17/12/2022].

> En la ciudad de Vivero, a los veinticuatro días del mes de julio de mil novecientos treinta y seis; Don Manuel Vaamonde López, Teniente Comandante accidental de la segunda Compañía de la décimo octava Comandancia de Carabineros (Asturias), provincia de Lugo, y Don Juan Aranguren Ponte, Teniente Comandante accidental de la primera Compañía de la Comandancia de la Guardia Civil de esta provincia, por el presente atestado hacen constar: Que en virtud de órdenes superiores se personaron en esta ciudad, sobre las dieciocho horas del día veintiuno de los corrientes, el señor Aranguren, con fuerza de los puestos de Baamonde, Mondoñedo y Villalba, con el fin de restablecer aquí el orden público con motivo de haber sido declarado el estado de guerra por el señor Coronel Comandante Militar de la provincia[334].

Após a toma do poder por parte dos sublevados na vila de Viveiro celebrouse o acto de imposición da primeira xestora golpista da localidade. Este tivo lugar o día 23 de xullo de 1936 e contou coa asistencia das autoridades militares sublevadas, os membros da nova xestora imposta e, tamén, algúns dos concelleiros anteriores, entre os cales, se atopaba o antigo alcalde Balbino Cerdeiras, así como outros concelleiros que foron asasinados tras o Golpe como Javier Victoriano Soto Valenzuela, César Parapar Sueiras e Carlos Morris Soriano[335].

[334] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 45, causa 212/36, folios 2, 2 volto e 3.

[335] Arquivo Municipal de Viveiro, Goberno, Pleno, caixa 742/7, expedientes de sesións do pleno (1933-1936), libro de actas de sesión do pleno do dez de novembro de 1935 ao dez de setembro de 1936.

5.2.2. A toma de Ribadeo

2 días despois da chegada das tropas golpistas á cidade de Viveiro tivo lugar a toma de Ribadeo. Dito concello destaca por ser un dos puntos de maior resistencia á Sublevación dentro do conxunto de municipios que integran a nosa área de estudo preferente. De acordo coa narración de Silva Ferreiro:

> Desde el día 19 de Julio del 36, los elementos afectos al F. P. [Frente Popular] se adueñaron de la población, organizando milicias rojas que hasta el día 23 actuaron libremente, llevando a cabo requisas y otros desmanes, entre los que merece destacarse la incautación del Hotel Lamas, desde cuya terraza hostilizaron los rebeldes a las fuerzas del Ejército[336].

O relato de Silva Ferreiro coincide, nalgúns puntos importantes, co do mestre ribadense Gregorio Sanz García, que foi sentenciado a 20 de prisión polas autoridades golpistas, e que deixou unha crónica escrita sobre a súa experiencia tras o inicio da Sublevación:

> Los carabineros se pusieron a las órdenes del Alcalde, los guardias civiles se concentraron en su cuartel […] Mientras, el Alcalde, algunos Concejales y varios representantes de las Organizaciones obreras y de los partidos de izquierda, habían ordenado (al parecer) la requisa de armas de fuego, quizá para evitar el mal uso de las mismas, y pudimos ver por las calles jóvenes con escopetas que iban de un lado para otro, en grupos de dos o tres, llamando en los domicilios de quienes suponían tenían escopetas porque eran cazadores. […] Prácticamente, Ribadeo estuvo aquellos días a merced de las Autoridades Municipales y de las Organizaciones obreras, quienes actuaron con gran serenidad, respetando personas y bienes plenamente, sin realizar ninguna detención, procurando en todo momento que la vida ciudadana siguiera su marcha normal, tratando de inculcar en el ánimo de todos, con su ecuanimidad, la necesidad y conveniencia del mutuo respeto, de la más absoluta convivencia, sin una frase malsonante ni

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[336] Manuel Silva Ferreiro, *Galicia y el Movimiento...*, 255.

> un gesto despectivo, con la serenidad propia de quienes basan sus actuaciones en el respeto a la Ley y a la dignidad de las personas, en la más natural y pura de las democracias. ¡¡¡ Cuan diferente había de ser la actuación de los que a partir del día 23 dominaron en la Villa!!![337]

Gregorio Sanz coincide con Silva Ferreiro no feito de que en Ribadeo se organizaran accións de resistencia ao Golpe. Non obstante, como pode apreciarse, o mestre ribadense realizou unha valoración dos actos de oposición á Sublevación que é diametralmente contraria á do cronista Manuel Silva Ferreiro. Neste punto, cómpre sinalar que o relato de Gregorio Sanz é o que coincide coas fontes analizadas. Deste xeito, segundo comprobamos, non houbo nin unha soa entrada na prisión municipal entre os días que transcorreron entre a declaración da rebelión militar do 17 de xullo en África e a chegada das tropas sublevadas a Ribadeo[338].

O que sucedeu en Ribadeo foi que, o día 19 de xullo de 1936, as forzas da dotación local de carabineiros decidiron apoiar á corporación democrática da localidade[339]. A partir deste momento, formouse, en aplicación do marco legal vixente, un comité de defensa da República, que estivo formado polos directivos e simpatizantes dos grupos políticos locais que estaban integrados na Fronte Popular. Estes en Ribadeo eran o PSOE, UR, IR e o Partido Galeguista (PG)[340].

Á fronte do comité de defensa da República en Ribadeo atopábase o alcalde democrático Rafael Fernández Cardoso. Este conseguiu eludir a persecución grazas ao exilio. Primeiro fuxiu a Asturias e finalmente acabou por trasladarse a Arxentina[341].

Alén do alcalde republicano, os actos de oposición ao Golpe en Ribadeo contaron coa participación destacada dalgúns concelleiros, como José López

---

[337] Gregorio Sanz, *Uno de tantos...*, 14-15.

[338] Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno, concello/pleno, relación de reclusos que perciben socorro.

[339] María Jesús Souto Blanco, "Golpe de Estado y represión...", 70.

[340] María Xesús Souto Blanco, "A represión franquista en Ribadeo (1936-1940", *Cadernos Ribadenses* 5 (2008): 3.

[341] A ficha de Rafael Fernández Cardoso pode consultarse, de xeito totalmente aberto, na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Rafael Fernández Cardoso - Nomes e Voces [Última visita: 02/01/2023].

Ramos, de UR[342]. Pola súa participación nas accións de defensa da legalidade en Ribadeo, José López Ramos foi sentenciado á pena de morte. Finalmente non foi executado, debido a que súa condena inicial foi conmutada por unha sentenza de cadea perpetua. Con todo, a análise do proceso xudicial que lle foi incoado serve para exemplificar moi ben o explicado até o momento sobre a participación do alcalde, e parte dos concelleiros, nas resistencias ao Golpe en Ribadeo:

> RESULTANDO: Que el procesado José López Ramos de Unión Republicana, Concejal del Ayuntamiento de Ribadeo, propagandista del Frente Popular, en los días veinte y siguientes del mes de Julio del pasado año, formando parte del Comité de Guerra se constituyó el Ayuntamiento de aquella villa y en constante comunicación con el Alcalde, extendió varios vales de requisa de armas dando órdenes de incautaciones de Radios de los domicilios particulares[343].

En Ribadeo, a toma do poder polos golpistas tivo lugar o día 23 de xullo de 1936, coa chegada á vila dunha forza formada por militares e falanxistas que conseguiu facerse co control dos núcleos resistentes tras unhas poucas horas. O continxente sublevado, estaba dirixido polo xefe da garda civil de Lugo Fernando Álvarez Holguín, así como polo comandante do corpo de carabineiros Antonio López Revuelta[344].

Fernando Álvarez Holguín declarou, o día 26 de xullo de 1936, que, ao aproximarse ás inmediacións de Ribadeo, as forzas ás súas ordes recibiran disparos "*efectuados con armamento de cañón largo y rayado*". Tal circunstancia, segundo o seu testemuño, fíxolle supoñer que os responsábeis do ataque foran as forzas de carabineiros de Ribadeo. As súas suposicións, segundo declarou, puideron ser comprobadas ao entrar na vila e descubrir os cadáveres dos carabineiros Casimiro Pérez Martínez e Manuel Mon Miranda[345].

---

[342] A ficha de José López Ramos pode consultarse, de xeito totalmente aberto, na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: José López Ramos - Nomes e Voces [Última visita: 02/01/2023].

[343] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 650/37, folio 32.

[344] María Jesús Souto Blanco, *La represión franquista...*, 58.

[345] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 190/36, folio 1, 1 volto e 2.

2 días antes, Álvarez Holguín declaraba ante a prensa que as forzas ás súas ordes conseguiran tomar a poboación ás 16.30, "*después de sostener una lucha enconada desde 10 kilómetros antes de la llegada*" a Ribadeo. Alén disto, declarou que "o inimigo" sufrira varios mortos e feridos, "*no pudiendo precisar el número de unos y otros*". Afirmou tamén, que se detivera a máis de 40 carabineiros, entre os cales, se atopaban o capitán e o tenente da gornición. Finalmente, declarou que as forzas da Garda Civil do posto de Ribadeo non tomaran parte nas resistencias. Sobre estas declarou: "*han permanecido leales, como buenos guardias civiles, a la causa justa de la razón y de la justicia*"[346].

A toma do poder por parte dos sublevados en Ribadeo foi narrada dentro do número 8 da publicación barcelonesa *Nova Galiza: Boletín quincenal dos escritores galegos antifeixistas,* o día 1 de agosto de 1937. O artigo, titulado "*La gesta de Ribadeo*", reproducía o testemuño dun suposto barbeiro da localidade chamado Ángel Nogueira Santos, que, para evitar ser asasinado, se atopaba agochado nun lugar descoñecido de Ribadeo.

No relato, sinálase que os preparativos para resistir aos sublevados foran realizados pola alcaldía xunto cos carabineiros da localidade. Sobre as forzas do posto da garda civil da vila, o autor afirma que se comprometeran falsamente a defender a República, mais que remataran por se encerrar no seu cuartel á espera da chegada das tropas sublevadas. Acerca das resistencias, realiza unha narración de carácter propagandístico, onde se resalta o heroísmo dos resistentes e infla enormemente o número de vítimas[347]:

[346] *El Progreso: diario liberal*, 24 de xullo de 1936, consultado o 2 de xaneiro de 2023. Recuperado de: Biblioteca Virtual de Prensa Histórica > Lista de Números (mcu.es) [Última visita: 02/01/2023].

[347] A tendencia a afirmar que o número de vítimas fora superior ao real aparece tamén na prensa da zona, a cal, estaba controlada pola censura dos sublevados. Como exemplo podemos citar o artigo titulado "*Batida a los focos rebeldes*", no que se afirma que os combates en Ribadeo se saldara con trinta mortos entre os resistentes ao Golpe: *El Diario de Pontevedra,* 30 de xullo de 1936, consultado o 5 de xaneiro de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 05/01/2023]. O número de trinta resistentes falecidos en Ribadeo tamén se aporta en: *El Ideal Gallego,* 30 de xullo de 1936, consultado o 5 de xaneiro de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 05/01/2023].

> A la una de la tarde, una descarga cerrada de los carabineros anunció la presencia de los rebeldes. La sorpresa fue terrible al ver que los que llegaban era todos los efectivos militares del Regimiento de Zamora, con ametralladoras y morteros. Pero la reacción fue terrible. Todos los hombres y mujeres se lanzaron a los sitios de mayor peligro, y la defensa ante fuerzas y material tan superior en número y calidad fue encarnizada. El fuego contra los fascistas era espantoso. No podían llegar a los arrabales. Tuvieron más de setenta muertos. Cañonearon el pueblo. Entraron a sangre y fuego por sus calles y, desde los balcones, ventanas y azoteas se les tiraban bombas, cartuchos de dinamita, piedras, muebles y agua y aceite hirviendo. Pero la fuerza se impuso y a las ocho de la noche, después de haber sacrificado a más de cien leales a la República, los fascistas se apoderaron de Ribadeo. Entonces se lanzó a la calle la Guardia civil, sumándose a la rebelión y comenzando a practicar detenciones y a repartir culatazos y palizas feroces. Más de trescientos vecinos salieron a pie por la carretera, atados, sangrando a causa de los golpes y heridas, camino de la capital[348].

A "*gesta de Ribadeo*" contén moitos datos de interese mais tamén un elevado grado de manipulación. Está redactada cun obxectivo claramente propagandístico e pode desmentirse mediante o uso doutras fontes. Deste xeito, se acudimos ao relato de Gregorio Sanz, que, como dixemos, foi testemuña directa dos feitos, veremos unha narración completamente diferente sobre a chegada das tropas sublevadas a Ribadeo:

> Fue el jueves, día 23, cuando la tensión llegó al máximo. Amaneció un día claro y resplandeciente, sin un soplo de brisa, sin una sola nube; los escopeteros iban de un lado para otro indecisos, sin control, nerviosos, oliendo la tragedia, cuando en las primeras horas de la tarde sonaron a lo lejos algunos disparos. Empezó así lo que algunos, exageradamente, han llamado LA BATALLA DE RIBADEO. Porque no hubo tal batalla; porque dos columnas procedentes de Lugo, bien armadas con fusiles y ametralladoras, avanzaban lentamente, disparando a diestro y siniestro, sin escatimar munición, hacia donde notaban algún movimiento extraño entre los pinos o los sembrados, sin que otras fuerzas armadas les hicieran frente. Apenas si un carabinero hizo uso de su fusil[349].

[348] O artigo de *La Gesta de Ribadeo* pertence ao noso arquivo persoal. Para a súa consulta aparece incluído no Anexo 3.
[349] Gregorio Sanz, *Uno de tantos...*, 15-16.

Así, o número de vítimas da toma de Ribadeo polas tropas sublevadas dista moito das 170 persoas que se indican na crónica de *Nova Galiza*, onde se fala de 70 baixas "fascistas" e de 100 "leais á República" "sacrificados". Deste xeito, por unha banda, cómpre sinalar que nas filas golpistas non se produciron mortes. Só houbo un soldado que foi ferido e que sufriu a amputación dun pé[350].

Por outra banda, entre a poboación de Ribadeo houbo 7 persoas que remataron por perder a vida. Destas, 6 eran resistentes: Ramón Luís Crespo Rodas, Justo Fernández Couto, Manuel Mon Miranda, Vicente Muíño Tojeiro, Casimiro Pérez Martínez e Manuel Tella[351]. A sétima vítima foi Rosalía Alonso Lastra, que recibiu un disparo cando se atopaba debruzada a unha varanda da súa casa[352]. Alén disto, a toma de Ribadeo saldouse con numerosas detencións. Así, temos rexistro, no libro de cárcere da localidade, que o día 24 de xullo de 1936 houbo 73 entradas na prisión municipal[353].

O asentamento oficial das autoridades golpistas no concello de Ribadeo tivo lugar o 23 de xullo de 1936, é dicir, o mesmo día da chegada das tropas sublevadas á localidade. Nesa xornada, o comandante militar da praza, Fernando Álvarez Holguín, nomeou alcalde – presidente ao avogado ribadense Antonio Moreda Rodríguez.

[350] María Jesús Souto Blanco, *La represión franquista...*, 58.

[351] As súas fichas poden consultar, de xeito totalmente aberto, na web de Nomes e Voces, concretamente, a través das seguintes ligazóns: Ramón Luis Crespo Rodas - Nomes e Voces, Justo Fernández Couto - Nomes e Voces, Manuel Mon Miranda - Nomes e Voces, Vicente Muíño Tojeiro - Nomes e Voces, Casimiro Pérez Martínez - Nomes e Voces e Manuel Tella - Nomes e Voces [Última visita: 03/01/2023].

[352] A ficha de Rosalía Alonso Lastra pode comprobarse, de xeito totalmente aberto, na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Buscando por rosalía alonso lastra - Nomes e Voces [Última visita: 03/01/2023].

[353] Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno, concello/pleno, relación de reclusos que perciben socorro.

5.2.3. A toma da Pontenova

O 25 de xullo de 1936, 2 días despois da conquista de Ribadeo polos sublevados, tivo lugar a toma dos concellos de Vilaoudrid e Vilameá, tal e como pode comprobarse grazas á prensa do momento:

> A las catorce treinta de hoy (ayer), y por un movimiento envolvente fue tomado Puentenuevo, sosteniendo nutrido fuego con el enemigo, al que se hicieron buen número de bajas y doce prisioneros.
>
> Nuestras tropas sin novedad.
>
> ¡Viva España! ¡Viva la República![354]

As tropas responsábeis da extinción das resistencias ao Golpe, nos municipios que hoxe forman o termo municipal da Pontenova, foron os mesmos militares que tomaran o control de Ribadeo 2 días antes. Dito continxente, estaba integrado tamén por membros da Garda Civil e a Falanxe[355]. As resistencias ao Golpe nos concellos de Vilaoudrid e Vilameá foron organizadas polos dirixentes e simpatizantes dos partidos que integraban a Fronte Popular e contaron, en ambos municipios, co apoio das corporacións locais.

No caso de Vilaoudrid, a análise dos feitos viuse complicada pola falta de conservación das actas dos plenos correspondentes aos días do Golpe de Estado. Con todo, temos moita información a través das causas militares que lles foron incoadas a parte dos seus veciños. Deste xeito, na sentenza a pena de morte ditada en contra do mestre David Labrador Zuil, con data do 10 de novembro de 1936 afirmábase:

---

[354] *El Progreso: diario liberal,* 26 de xullo de 1936, consultado o 5 de xaneiro de 2023. Recuperado de: Biblioteca Virtual de Prensa Histórica > Lista de Números (mcu.es) [Última visita: 05/01/2023].

[355] *El Ideal Gallego,* 30 de xullo de 1936, consultado o 5 de xaneiro de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 05/01/2023].

> Que por lo que concretamente hace referencia a las resultancias de estas actuaciones hacia el día veinte del mes que se cita y con anterioridad y posterioridad a esta fecha, ya patente el Alzamiento Nacional y el fin patriótico perseguido por las fuerzas armadas de la Nación, en el pueblo de Villaodrid y su comarca se reclutaron toda clase de medios materiales y personales con objeto de trasladarlos a esta ciudad de Lugo, para oponerse en ella a las tropas de España, como así se hizo, distinguiéndose en la organización de esta expedición, que venía a ponerse a las órdenes del Gobernador faccioso, el Maestro Nacional de dicho pueblo hoy procesado en esta causa David Labrador Zuil, hermano político del ex – Diputado del frente popular Díaz Villaamil. El procesado, sujeto de cultura y de influencia notoria en la comarca, por representar en ella la política del nefasto y citado frente popular, intervenía como director en la gestión de algunos Ayuntamientos de la comarca, además de ponerla en juego para la recluta a que nos referimos hizo personalmente guardia con armas como miliciano rojo[356].

Da expedición que se cita na sentenza anterior, formaban parte tamén o alcalde e o tenente de alcalde do concello de Vilaoudrid, tal e como se expón nas sentenzas dos seus respectivos procesos xudiciais[357]. É necesario tomar en consideración que os procesos xudiciais incoados tras o Golpe conteñen numerosas manipulacións que non deben condicionar as nosas análises. Con todo, a organización de resistencias ao Golpe nos concellos que hoxe forman A Pontenova, así como a organización dunha expedición para reunirse coas autoridades provinciais republicanas, é un feito do que se informa tamén noutras fontes.

Deste xeito, no libro de actas do concello de Vilameá quedou rexistro da sesión celebrada o día 19 de xullo de 1936, onde se acordou a constitución dunha comisión para ir a Lugo entrevistarse co gobernador civil, co obxectivo de saber as decisións que cumpría tomar após o inicio da Sublevación militar no Estado español, tal e como se amosa a continuación:

USC DE SANTIAGO

[356] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 58, causa 1017/36, folios 42, 42 volto e 43.
[357] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 77, causa 1293, folios 39 e 39 volto.

> En la consistorial de Villameá, a diecinueve de julio de mil novecientos treinta y seis se reunieron bajo la presidencia del Sr. Alcalde Don Francisco García Muruais los señores concejales cuyos nombres se relacionan al margen, con objeto de celebrar la sesión ordinaria de este día.
>
> Se dio principio a ella por lectura de la anterior, que fue aprobada y enterados de lo que se dispone en los periódicos y comunicaciones oficiales, se acordó su cumplimiento.
>
> Se acuerda acceder a lo solicitado por los comités de Izquierda Republicana de Villameá y Villaodrid, pidiendo se les facilite locomoción para trasladarse a Lugo en la tarde de hoy, acompañados de varios individuos de dicho comité y del socialista de ambos municipios, con el fin de ponerse a disposición del Excmo. Gobernador Civil y recibir de este las órdenes que tenga a bien darles, encaminadas al mantenimiento del orden y la defensa de la República[358].

Posteriormente, o día 22 de xullo, celebrouse unha suposta reunión para a constitución dun "comité da Fronte Popular" para os municipios de Vilaoudrid e Vilameá. Empregamos o termo supostamente porque, neste caso, a noticia aparece incluída dentro da sesión celebrada o día 25 de xullo de 1936, é dicir, despois do asentamento das autoridades golpistas na Pontenova. Segundo se indica, o secretario municipal Antonio García Díaz tomara nota do acordo o día 22 do citado mes e, tras a toma do poder polas tropas sublevadas, fixera entrega da acta ao "*Sr. Comandante de carabineros que vino con la columna del ejército y que tomó Puente Nuevo*". A acta contén a seguinte información:

[358] Arquivo Municipal de A Pontenova, Concello de Villameá/Puente Nuevo, goberno, concello, caixa 3, rexistro de actas de sesións, 1934-1963, libro de actas do trinta e un de maio de 1936 ao vinte e sete de agosto de 1938.

Comité de Frente Popular

En la Consistorial de Villameá, siendo las diecinueve horas y media del veintidós de julio de mil novecientos treinta y seis, hayándose presente el alcalde Don Francisco García Muruais, así como el primer teniente de alcalde Antonio Ogaza Ramallal, asistidos por el secretario del ayuntamiento, comparecieron en dicho local Don Ángel Pérez Gándaras, soltero, mayor de edad, farmacéutico, Don José Antonio Dopacio Mesa, mayor de edad, del comercio, vecinos de Puente Nuevo y Don Manuel Enríquez, casado, propietario, y Don Jesús Sampedro Vázquez, soltero, vecinos de Villaodrid, manifestando que se hallan constituidos en comité de Frente Popular circunstancial para actuar en este municipio y en el de Villaodrid debido a las circunstancias extraordinarias en que actualmente se halla colocada la nación y con el fin de defender en lo posible el actual régimen republicano tratado de perturbar por elementos desafectos a dicho régimen, para cuya defensa tienen organizada la correspondiente milicia armada al objeto de vigilar el paso por esta localidad de elementos que puedan alterar el orden en la misma como punto de paso de Asturias a Galicia o viceversa; aparte de que en esta misma localidad existe excitación de ánimos que pudiesen dar lugar a alterarse el orden, por cuyas razones interesaban de la alcaldía resignarse en ellas su autoridad por el tiempo que las circunstancias lo exijan que por el momento no pueden fijarse.

El señor alcalde vistas las razones alegadas por los comparecientes de las que en parte tiene cabal conocimiento, y así cuanto para este acto debiera haber requerimiento para poder convocar a la corporación en pleno, que también pertenece al Frente Popular, desde luego por su parte resigna la autoridad en los comparecientes para que entre ellos designen a la persona que ha de ejecutarla para poder dirigirse a ella en caso necesario, cuya designación se la haga saber, declinando la responsabilidad de los actos que ejerciten los comparecientes o las personas que los representes, con cuyo acuerdo se mostró conforme el primer teniente de alcalde haciendo igual salvedad.

Con lo cual se dio por terminada esta comparecencia de la que se levanta por triplicado la presente acta, que en prueba de verdad firman todos los señores que la intervienen y de ello yo el secretario confirmo[359].

[359] Arquivo Municipal de A Pontenova, concello de Villameá/Puente Nuevo, goberno, concello, caixa 3, rexistro de actas de sesións, 1934-1963, libro de actas do 31 de maio de 1936 ao vinte e sete de agosto de 1938.

A verosimilitude da acta municipal anterior debe ser posta en cuestión. Con todo, contén información de interese sobre as persoas acusadas de ser os principais dirixentes da resistencia localidade. Esta, correspóndese co sinalado noutras fontes. Deste xeito, segundo o testemuño do veciño da Pontenova José María Torviso Bermúdez, condenado á pena capital e executado, o comité local de defensa da República estaba formado por Jesús Sampedro Vázquez, Ángel Pérez Gándaras e outra persoa coñecida polo nome de "Manuel Grande"[360].

Alén disto, afirma "*que estos mismos nombres constan en el acta levantada al entregar el Ayuntamiento al repetido comité*"[361]. En sintonía co afirmado por José María Torviso Bermúdez, o procesado e finalmente executado Ángel Pérez Gándaras, recoñeceu a súa pertenza ao comité local de defensa da República[362]. Con todo, na súa declaración matizou que o fixera "*a requerimientos de elementos de derecha del mismo [ayuntamiento] para evitar que se confirmaran los rumores de asalto al cuartel de la Guardia Civil*"[363].

En base ao explicado, podemos afirmar que na Pontenova se formaron grupos de homes armados, co obxectivo de defender o marco legal republicano, tanto no concello de Vilameá coma no de Vilaoudrid. Estes, actuaron de xeito coordenado e contaron co apoio das corporacións locais de ambos municipios. Os seus esforzos incluíron a organización de gardas armadas, así coma a organización dunha expedición a Lugo para recibir instrucións das autoridades provinciais. As súas actividades interrompéronse bruscamente coa chegada das tropas golpistas, as cales, conseguiron dominar a situación en pouco tempo, ao igual que fixeran en Ribadeo.

No caso da Pontenova, temos rexistro da existencia de 2 vítimas mortais no contexto da oposición ao Golpe. Os falecidos foron José Antonio Dopacio Mesa e José Rodríguez Ramallal[364]. Dita circunstancia, converte á Pontenova nun caso

[360] A ficha sobre José María Torviso Bermúdez pode consultarse de forma totalmente aberta en Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: José María Torviso Bermúdez - Nomes e Voces [Última visita: 05/01/2023].

[361] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 47, causa 228/36, folio 11 e 11 volto.

[362] A ficha sobre Ángel Pérez Gándaras pode consultarse de forma totalmente aberta en Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Ángel Pérez Gándaras - Nomes e Voces [Última vista: 05/01/2023].

[363] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 47, causa 228/36, folio 10 e 10 volto.

[364] Os perfís de ambas vítimas poden consultarse a través de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Buscando por vecinanza:"A Pontenova" suceso:"Morte (outras tipoloxías)" - Nomes e Voces [Última visita: 05/01/2023].

particular dentro da nosa área de estudo preferente, por ser un dos 2 concellos nos que se teñen rexistrado asasinatos no marco dos combates que tiveron lugar nos primeiros compases da Sublevación.

5.2.4. Os factores catalizadores dos actos de oposición ao Golpe

Dos 24 concellos que compoñen a nosa área de estudo só chegaron a se organizar grupos para a defensa da República en 6 destes municipios, tal e como explicamos. 2 deles, Cervo e Viveiro, formaban parte do partido xudicial viveirense. O terceiro, Riotorto, formaba parte do partido xudicial de Mondoñedo. Os 3 restantes Ribadeo, Vilaoudrid e Vilameá, atopábanse integrados dentro do antigo partido xudicial ribadense.

Isto non significa que os actos de oposición se limitasen a estes municipios. Deste xeito, sabemos que se realizaron intentos, máis ou menos importantes, para defender a legalidade vixente noutros concellos estudados. Agora ben, unha cousa é ter unha suposta vontade de acción e outra moi distinta contar coa capacidade real e operativa de organizar grupos de oposición aos sublevados. Dita distinción, non se realiza con fins morais. Ao contrario: é unha circunstancia que tiveron moi presente as autoridades golpistas, polo menos no plano discursivo. De tódolos xeitos, observamos que os concellos nos que se realizaron actos de resistencia armada ao Golpe tiveron un maior número de vítimas segundo os rexistros dos que dispomos.

O feito de que os actos de oposición ao Golpe se atopen concentrados territorialmente, non responde á casualidade. Con todo, os factores que explican a aparición de resistencias nuns puntos e non noutros requiren dunha explicación demorada. En primeiro lugar, observamos que a capacidade de organización de comités para a defensa da República non se relacionou dun xeito automático coa poboación dos distintos concellos[365]. Deste xeito, en Vilalba, o termo municipal máis poboado dentro da nosa área de estudo, non se organizaron actos de oposición ao Golpe de ningunha clase. Tampouco en Guitiriz, o terceiro dos concellos con maior número de habitantes. Por último, cómpre destacar que a maior parte dos municipios nos que atopamos resistencias tiñan un reducido

[365] A poboación da cada concello aparece dentro das Táboas 10, 11, 12 e 13.

número de veciñas e veciños. Así, coa excepción de Viveiro e Ribadeo que eran, respectivamente, o segundo e o cuarto concello con maior número de habitantes, atopamos que Cervo, Riotorto, Vilaoudrid e Vilameá non chegaban, en ningún caso, ás 5000 veciñas e veciños censados.

En segundo lugar, cómpre sermos cautos á hora de valorar a posibilidade de aparición de actos de oposición ao Golpe, en función das dinámicas políticas presentes na Segunda República. Así, por unha banda, consideramos que os resultados electorais rexistrados nas eleccións xerais de 1936 non condicionaron nin determinaron a formación de comités de defensa da República dentro dos distintos concellos, tal e como se deduce a través dos datos expresados nas táboas 15 e 16.

Táboa 15: resultados das eleccións de febreiro de 1936 nos concellos onde se organizaron comités de defensa da República dentro da nosa área de estudo

Nome do concello	Candidatura electoral vencedora
Cervo	Centro – Esquerda
Ribadeo	Dereita
Riotorto	Dereita
Vilaoudrid	Dereita
Vilameá	Empate entre ambas candidaturas
Viveiro	Centro – Esquerda

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados publicados no BOP de Lugo[366].

[366] Os resultados dos votos obtidos polos distintos candidatos figuran no Boletín da Provincia de Lugo entre os días dezaoito e vinte e seis de febreiro de 1936. Con todo, o sistema electora de listaxes abertas obrigounos a saber cales eran os candidatos que integraban cada unha das candidaturas referidas. Dita análise fíxose a través da prensa. A listaxe definitiva de candidatos da Candidatura de Centro Esquerda, chamada "Candidatura Gubernamental" aparece en *Alborada: diario de Galicia*, 8 de febreiro de 1936, consultado o 7 de maio de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal). A listaxe definitiva da "Candidatura de las Derechas por Lugo" aparece en *Alborada: diario de Galicia*, 4 de febreiro de 1936, consultado o 7 de maio de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal).

Táboa 16: relación entre a vitoria electoral da candidatura de centro-esquerda nas eleccións de febreiro de 1936 e a formación de comités de defensa da República

Concellos nos que gañou a candidatura de Centro – esquerda	Formación de Comités de defensa da República
A Pastoriza	Non
Barreiros	Non
Cervo	Si
Lourenzá	Non
O Vicedo	Non
Ourol	Non
Trabada	Non
Viveiro	Si

Fonte: elaboración propia a partir da metodoloxía explicada para a táboa 15.

Deste xeito, de acordo coa información contida na Táboa 15, atopamos que a candidatura das dereitas obtivo un maior número de votos en 3 dos 6 municipios nos que temos rexistrada a formación de comités para a defensa da República. Estes foron Ribadeo, Riotorto e Vilaoudrid. Polo que respecta a candidatura de centro – esquerda, vemos que esta gañou soamente en 2 destes concellos: Cervo e Viveiro.

Alén disto, como se reflicte na Táboa 16, comprobamos que a candidatura de Centro – esquerda resultou ser a máis votada en 8 dos municipios estudados. Estes foron A Pastoriza, Barreiros, Cervo, Lourenzá, O Vicedo, Ourol, Trabada e Viveiro. Porén, só chegaron a se organizar comités para a defensa da República en 2 destes concellos, tal e como sinalamos anteriormente.

Por outra banda, dentro da análise das dinámicas políticas locais presentes durante a Segunda República, certificamos que a vida asociativa era algo común aos distintos municipios estudados. Todo isto, obríganos a rexeitar a idea de que a participación política presente durante a Segunda República se traducise, directamente, na formación de comités para a defensa da legalidade após a Sublevación militar do 18 de xullo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A concentración de resistencias en determinados concellos explícase, segundo o noso criterio, en base a 3 factores propiciatorios. Estes foron: o dinamismo económico das localidades, a localización xeográfica dos distintos concellos e a capacidade de contar co apoio das forzas e corpos de seguridade do Estado, que se atopasen radicados en cada un dos municipios. Estes factores puideron actuar dun xeito conxunto ou por separado e en ningún caso pretenden explicar a formación de resistencias dun xeito determinista.

En primeiro lugar, a relación entre o dinamismo económico e a capacidade de organización de resistencias obsérvase dun xeito moi claro en Viveiro, A Pontenova e Ribadeo. Estes concellos tiveran un destacado crecemento industrial desde comezos do século XX e víranse afectados pola chegada de grupos de emigrantes retornados que introduciran capitais e ideas progresistas nas distintas localidades. Todo isto, diversificara a economía máis alá do sector primario e introducira dinámicas de conflito que se traduciran na aparición de personalidades políticas e sindicais que se aliñaron coa Segunda República. Cómpre sinalar que estes concellos exerceron influencia nos termos municipais veciños. Deste xeito, se acudimos ao Mapa 1 comprobaremos a proximidade existente entre Cervo e Viveiro, así como entre Riotorto e A Pontenova.

En segundo lugar, a formación de comités para a defensa da República viuse influída, na nosa opinión, pola menor distancia xeográfica coa fronteira asturiana, realidade esta que pode observarse, sobre todo, nos concellos de Ribadeo e A Pontenova. Isto explícase, á súa vez, por 2 factores. Por unha banda, pola realidade política do Principado, onde se consideraba que as forzas republicanas tiñan unha elevada implantación e onde se produciran numerosos conflitos sociais nos anos precedentes. Por outra banda, a proximidade xeográfica con Asturias traducíase nunha maior separación coa cidade de Lugo, a cal, como explicamos, fora o punto de inicio da Sublevación na Provincia.

En terceiro e último lugar, a formación de comités para a defensa da República viuse potenciada pola capacidade de contar co apoio das forzas e corpos de seguridade do Estado. Isto, dentro da nosa área de estudo, aconteceu apenas en Ribadeo mais foi un dos factores que explican o fracaso dos intentos de oposición ao Golpe no conxunto da Galiza.

Finalmente, con respecto á extinción das resistencias, cómpre afirmar que só se produciron enfrontamentos propiamente ditos en 3 puntos: Viveiro, Ribadeo

USC DE COMPOSTELA

e A Pontenova. Nestes 3 concellos, os comités para a defensa da República foron suprimidos, con maiores ou menores niveis violencia, grazas á chegada das forzas militares rebeldes enviadas desde a cidade de Lugo. Cronoloxicamente, a situación en Viveiro foi controlada polos sublevados o día 21 de xullo. Posteriormente, o día 23 as tropas golpistas facían a súa entrada en Ribadeo. Finalmente, o día 25, os sublevados tomaban o control da Pontenova. Os combates tiveron lugar fundamentalmente nos termos municipais de Ribadeo e A Pontenova, tal e como amosan as distintas fontes consultadas e tal e como pode deducirse a través da distribución das vítimas mortais rexistradas para o período de toma do poder nas localidades que centran o noso estudo. Sexa como for, no resto de concellos a situación puido ser controlada polos grupos locais partidarios do Golpe. Nalgúns casos, coma en Cervo, isto tivo lugar após a retirada dos resistentes ante a conquista da capital do partido xudicial ao que pertencían.

5.3. As xestoras municipais golpistas

A toma do poder polos sublevados nos concellos da Galiza produciuse de 2 formas distintas, en función do éxito da resistencia armada ao plan deseñado polos militares sublevados para o conxunto do Estado. En primeiro lugar, existiron concellos nos que a extinción das resistencias foi posíbel grazas ás forzas dispoñíbeis nas propias localidades. En segundo lugar, houbo municipios nos que as autoridades locais republicanas foron quen de se manter no poder durante algunhas xornadas, non podendo falarse de éxito da Sublevación en sentido escrito. Con todo, nos puntos onde os sublevados locais non puideron impoñerse, os golpistas tomaron o poder após a chegada de contingentes militares rebeldes, tal e como explicamos no apartado precedente.

En ambos os 2 casos, a Sublevación deu lugar a cambios na vida municipal, máis ou menos profundos nuns concellos e noutros. A implantación das distintas xestoras nomeadas após a Sublevación, nos concellos que compoñen a nosa área de estudo, tivo lugar entre o 21 de xullo e o 5 de agosto de 1936, tal e como se reflicte na Táboa 17.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 17: toma de posesión das autoridades municipais nomeadas após o Golpe

Nome do concello	Partido xudicial ao que pertence	Día da toma de posesión
Cervo	Viveiro	23/07/1936
Muras	Viveiro	04/08/1936
Ourol	Viveiro	04/08/1936
Viveiro	Viveiro	23/07/1936
Xove	Viveiro	30/07/1936
Guitiriz	Vilalba	23/07/1936
Vilalba	Vilalba	23/07/1936
A Pastoriza	Mondoñedo	30/07/1936
Alfoz	Mondoñedo	21/07/1936
Foz	Mondoñedo	27/07/1936
Lourenzá	Mondoñedo	23/07/1936
Mondoñedo	Mondoñedo	23/07/1936
O Valadouro	Mondoñedo	28/07/1936
Riotorto	Mondoñedo	25/07/1936
Barreiros	Ribadeo	01/08/1936
Ribadeo	Ribadeo	23/07/1936
Trabada	Ribadeo	05/08/1936
Vilameá	Ribadeo	25/07/1936

Fonte: elaboración propia a partir das actas municipais e a prensa (para o caso do concello de Xove)[367]

En xeral, observamos que o cambio de poderes aconteceu, en primeiro lugar, nas cabezas dos partidos xudiciais, así como nas vilas cun maior número de habitantes censados. Tamén naquelas localidades onde se organizaran grupos destinados a defender a legalidade republicana. Deste xeito, após o día 25 de xullo, cando se produce a extinción das derradeiras resistencias dentro da nosa área de estudo, só quedaban sen constituír as xestoras municipais de Muras, Ourol, Xove, A Pastoriza, Foz, O Valadouro, Barreiros e Trabada. En todos os casos, estamos diante de concellos que non eran cabeza de partido xudicial. Alén

[367] A toma de posesión da primeira xestora golpista de Xove figura en: *BOP Lugo,* 19 de maio de 1938, consultado o 18 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 18/12/2022]. As actas municipais consultadas figuran no apartado de Fontes.

disto, sabemos que neles non se chegaron a organizar comités de defensa da República.

A necesidade de realizar cambios nos poderes locais dos distintos concellos oficializouse nos últimos días do mes de xullo de 1936[368]. Con todo, as xestoras golpistas comezarán a operar nunha situación de interinidade lexislativa até a publicación, en outubro dese mesmo ano, do Decreto número 140[369]. Coa promulgación deste decreto, as xestoras municipais pasaron a se organizar "*bajo el régimen de Comisión Permanente y Ayuntamiento Pleno"*. Todo isto, seguindo (en teoría) as disposicións da lei do 31 de outubro de 1935 para a organización dos municipios[370].

5.3.1. Os actos de toma de posesión

A análise dos actos de toma de posesión dos mandatarios golpistas, dentro dos distintos concellos, resulta de interese por 2 motivos fundamentais, que van máis alá de coñecer os nomes e apelidos das e dos edís impostos tras o Golpe. Deste xeito, por unha banda, permiten coñecer os mecanismos de lexitimación empregados polos sublevados. Por outra banda, axudan a entender o organigrama persecutorio golpista, a través da análise dos axentes encargados de conducir os actos de imposición das distintas xestoras.

Neste último punto, temos información sobre 18 dos 24 concellos que integran a nosa área de estudo preferente. Estes son: Cervo, Muras, Ourol, Viveiro, Xove, Guitiriz, Vilalba, A Pastoriza, Alfoz, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, O Valadouro, Riotorto, Barreiros, Ribadeo, Trabada e Vilameá.

A análise das actas municipais, correspondentes á destitución dos concelleiros democráticos e ao nomeamento das novas xestoras golpistas, amosa que os falanxistas e os membros dos corpos e forzas e de seguridade do Estado se atopaban subordinados ás autoridades militares sublevadas. Esta, é unha

[368] Rafael García Ferreira, "Violencia, persecucións e relato..., 175".
[369] Julio Prada Rodríguez, "La gestión del poder local: viejas y nuevas elites", en *No sólo represión. La construcción del franquismo en Galicia*, dir. por Julio Prada Rodríguez (Madrid: Editorial Biblioteca Nueva, 2014), 38.
[370] *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, 2 de outubro de 1936, consultado o 5 de maio de 2023.

USC DE SANTIAGO

dinámica que ten sido estudada xa para o conxunto de Galiza[371]. A primacía do poder militar sobre o civil era coherente coa mentalidade de boa parte dos líderes sublevados e atopábase claramente indicada nas Instrucións Reservadas de Mola, ás cales, xa temos feito referencia.

Polo que se refire á nosa área de estudo atopamos que, por unha banda, en Cervo, o acto de toma de posesión dos novos edís impostos tras o Golpe estivo presidido polo xuíz municipal José María Crego Fernández. Con todo, nas actas do pleno, correspondentes ao día 23 de xullo de 1936, José María Crego Fernández manifestou que presidía o acto "*por orden de la autoridad militar, que ejerce sus funciones en la capital de partido*"[372].

Por outra banda, en Muras, Ourol e Xove atopamos que os actos de toma de posesión das primeiras corporacións golpistas estiveron presididos polo líder falanxista de Viveiro Ramón Pita las Santas. Este tamén declarou, explicitamente, que actuaba por delegación da autoridade militar[373].

Do mesmo xeito, en Mondoñedo e Riotorto temos rexistro de que os actos de toma de posesión dos mandatarios locais impostos tras o Golpe estiveron presididos polos propios alcaldes golpistas. No caso de Mondoñedo por Jorge González Redondo y Serrano[374]. No de Riotorto por Gervasio Lamas Lourido[375]. Con todo, en ambos casos deixaron por escrito que foran designados previamente polas autoridades militares sublevadas.

Finalmente, en Vilalba, o acto de toma de posesión da primeira xestora sublevada da localidade estivo presidido polo propio alcalde, Manuel Pena Vidal, que era un militar retirado. Con todo, Manuel Pena Vidal sinalou que fora

---

[371] Julio Prada Rodríguez, "La gestión del poder local...", 45.

[372] Arquivo Municipal de Cervo, Goberno, Concello de Cervo, caixa 9, libros de actas do pleno (1936-1939), libro de actas que comeza en marzo de 1936 e remata en agosto de 1937.

[373] Arquivo Municipal de Muras, sen clasificar, Libro de Actas do Pleno desde o trinta de outubro de 1935 ao vinte e cinco de setembro de 1941, Arquivo Municipal de Ourol, Goberno, Concello, Rexistros de Actas de sesións (1841-1991), caixa 0033/1 (Rexistros de actas de sesións, 1932-1957), libro 33.3. (libro de actas que comeza o 14 de setembro de 1935 e remata o 14 de maio de 1938) e *BOP Lugo,* 19 de maio de 1938, consultado o 18 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 18/12/2022].

[374] Arquivo municipal de Mondoñedo, Goberno, Concello/Pleno, Libros de Actas de sesións do pleno, , caixa 1058, libro de actas que empeza o 9 de marzo de 1936 e remata o 20 de maio de 1943.

[375] Arquivo Municipal de Riotorto, sen clasificar, libro de actas do dezaoito de xaneiro de 1936 ao dous de marzo de 1938.

designado verbalmente para o seu posto polo comandante da Garda Civil de Lugo, o cal, á súa vez, actuaba en nome do gobernador militar da Provincia[376].

Este tipo de precisións foron tamén realizadas polos membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado, en case a totalidade dos concellos nos que os actos de toma de posesión estiveron presididos por responsábeis da Garda Civil. Así, en Guitiriz o comandante do Posto da Garda Civil Manuel Fernández Veiga afirmou que estaba a realizar as funcións de Comandante Militar da localidade, no acto de toma de posesión dos novos rexedores tras o Golpe[377].

O mesmo fixo o oficial da Garda Civil Ángel Prado Sanjurjo no acto de toma de posesión da primeira corporación golpista da Pastoriza e o xefe do posto da Garda Civil de Foz Enrique Arias Albo, no acto de toma de posesión da primeira xestora imposta en Barreiros tras o Golpe. Tamén, o Xefe da Comandancia da Garda Civil de Lugo, no acto de toma de posesión da primeira xestora de Lourenzá tras a Sublevación.

Así, por unha banda, temos rexistro de que os 2 primeiros, sinalaron que actuaban por orde do Comandante Militar da Praza de Lugo Fernando Álvarez Holguín[378]. Por outra banda, o Xefe da Comandancia da Garda Civil de Lugo, cuxo nome non se indica, informou aos concelleiros democráticos de Lourenzá da súa destitución, así como do nomeamento dunha nova corporación, en base ao ordenado polas autoridades militares[379].

Fronte a todos estes exemplos, a única excepción atopámola en Trabada. Trabada, foi o único concello onde o garda civil responsábel do acto de toma de posesión da primeira xestora imposta tras o Golpe, non fixo explícito que a súa actuación tiña lugar por delegación das autoridades militares. Este foi Juan Veiga

[376] Arquivo Municipal de Vilalba, goberno, concello/pleno, libros de actas de sesións (1842-1985), libro de actas que comeza o trinta de maio de 1936 e remata o vinte e cinco de maio de 1938.
[377] Arquivo Municipal de Guitiriz, goberno, concello/pleno, rexistro de actas de sesións (1927-1941), libro de actas do 23 de maio de 1935 ao 12 de setembro de 1936.
[378] Arquivo Municipal da Pastoriza, goberno, concello/pleno, libros de actas capitulares ou do pleno (1932-1953), libro de actas que comeza o dezaseis de novembro de 1932 e remata o quince de setembro de 1937 e Arquivo Municipal de Barreiros, goberno, concello/pleno, libros de actas de sesións do pleno, 1934-1938, libro de actas do vinte e oito de marzo de 1936 ao nove de outubro de 1936.
[379] Arquivo Municipal de Lourenzá, goberno, concello/pleno, caixa 47, libros de actas do pleno (1931-1937), libro de actas que comeza o vinte e tres de maio de 1936 e remata o nove de xullo de 1937.

Covas, quen sinalou que presidía o acto de toma de posesión da primeira corporación golpista da localidade en cumprimento das ordes ditadas pola comandancia da Garda Civil de Lugo[380]. Con todo, sabemos, en base aos exemplos de Vilalba e Lourenzá, que a Garda Civil de Lugo afirmaba actuar por en representación das autoridades militares da Provincia.

No resto de concellos analizados, os actos de substitución das corporacións democráticas polas xestoras sublevadas estiveron conducidos por militares. Deste xeito, nos concellos de Viveiro, Ribadeo e Vilameá, a responsabilidade recaeu nos comandantes militares das distintas localidades[381].

Polo que respecta aos mecanismos de lexitimación empregados polos sublevados, cómpre destacar que estes tentaron facer pasar por normal unha situación que era totalmente excepcional e buscaron lexitimar a súa acción escenificando o traspaso dos poderes en base aos protocolos democráticos. Así, xustificaron a destitución dos membros das corporacións democráticas en base a ordes procedentes das autoridades provinciais (neste caso militares) e, en ocasións, seguiron a empregar elementos simbólicos anteriores. A modo de exemplo resulta de interese analizar o sucedido en Riotorto. Neste concello, os membros da primeira corporación imposta tras o Golpe reuníronse co antigo alcalde democrático a día 28 de xullo de 1936 (2 días despois de aceptaren os seus cargos), para que este lles fixera entrega das "*investiduras e insignias inherentes a tal cargo*". O rexedor republicano manifestou que "*estaba conforme y, con los requisitos de rigor, le hacía entrega de tal mando, así como del bastón oficial, única insignia con que cuenta*"[382].

Os intentos de lexitimación dos golpistas incluíron a convocatoria de algúns dos concelleiros destituídos, os cales, acudiron aos actos nos que foron cesados. Isto tivo lugar en concellos nos que non se chegaran a producir actos de

[380] Arquivo Municipal de Trabada, goberno, concello/pleno, caixa 78, libros de actas 1935-1947, libro de actas do 3 de novembro de 1935 ao 16 de xullo de 1937.

[381] Arquivo Municipal de Viveiro, Goberno, Pleno, caixa 742/7, expedientes de sesións do pleno (1933-1936), libro de actas de sesión do pleno do dez de novembro de 1935 ao dez de setembro de 1936, Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno, concello/pleno, libros de actas de sesións do pleno, caixa 0055, libro de actas de que comeza o 22 de agosto de 1935 e remata o 5 de xuño de 1937 e Arquivo Municipal de A Pontenova, Concello de Villameá/Puente Nuevo, goberno, concello, caixa 3, rexistro de actas de sesións, 1934-1963, libro de actas do trinta e un de maio de 1936 ao vinte e sete de agosto de 1938.

[382] Arquivo Municipal de Riotorto, sen clasificar, libro de actas do dezaoito de xaneiro de 1936 ao dous de marzo de 1938.

resistencia, tales como Trabada e O Valadouro, mais tamén noutros onde se organizaran comités para a defensa da República, tales como Cervo e Viveiro[383]. Neste último caso, a toma de posición dos edís golpistas tivo lugar o día 23 de xullo de 1936 e contou coa asistencia de concelleiros que remataron sendo asasinados tras o Golpe como Javier Victoriano Soto Valenzuela, César Parapar Sueiras e Carlos Morris Soriano.

A asistencia de concelleiros democráticos aos actos de toma de posesión das novas autoridades golpistas podería explicarse en base ao medo ou á obriga. Porén, existiron concelleiros que se atreveron a emitir comentarios que poden ser interpretados como críticas máis ou menos veladas aos seu cese, tal e como pode comprobarse a través do exemplo do alcalde democrático de Lourenzá José López Rodríguez que afirmou que entregaba a alcaldía "*ante la actitud de fuerza que no puede contrarrestar*"[384].

As palabras de José López Rodríguez, con todo, deben de ser interpretadas con prudencia, dado que non se tratan dunha protesta explícita. Tamén polo feito de que o citado alcalde foi descrito en termos positivos polo cronista partidario da Sublevación Manuel Silva Ferreiro, quen destacou que a actuación de José López Rodríguez fora fundamental para evitar que se producisen actos de oposición ao Golpe na localidade. Segundo Silva Ferreiro, a prudencia amosada por José López Rodríguez fixera posíbel que a vila de Lourenzá fora tomada polas forzas de Falanxe mandadas por Marcial Minguillón. En base á súa actuación, Silva Ferreiro afirmou que o derradeiro alcalde republicano da localidade era unha "*persona honorabilísima y rara excepción entre los alcaldes del Frente Popular*"[385].

[383] Arquivo Municipal de Cervo, Goberno, Concello de Cervo, caixa 9, libros de actas do pleno (1936-1939), libro de actas que comeza en marzo de 1936 e remata en agosto de 1937, Arquivo Municipal de Viveiro, Goberno, Pleno, caixa 742/7, expedientes de sesións do pleno (1933-1936), libro de actas de sesión do pleno do dez de novembro de 1935 ao dez de setembro de 1936, Arquivo Municipal de O Valadouro, goberno, concello, caixa 007, rexistros de actas das sesións de 1921 a 1936), libro de actas do dezaseis de marzo de 1935 ao vinte e sete de agosto de 1936 e Arquivo Municipal de Trabada, goberno, concello/pleno, caixa 78, libros de actas 1935-1947, libro de actas do 3 de novembro de 1935 ao 16 de xullo de 1937.

[384] Arquivo Municipal de Lourenzá, goberno, concello/pleno, caixa 47, libros de actas do pleno (1931-1937), libro de actas que comeza o vinte e tres de maio de 1936 e remata o nove de xullo de 1937.

[385] Manuel Silva Ferreiro, *Galicia y el Movimiento...*, 254.

Con independencia de que as palabras de José López Rodríguez fosen críticas ou non, cómpre sinalar que sabemos que houbo edís que realizaron evidentes mostras de oposición fronte a súa destitución. Como exemplo podemos citar o caso do alcalde democrático da Pastoriza, que se negou a asinar a acta onde se ordenou o seu cese[386]. Tamén a do segundo tenente de alcalde da derradeira corporación republicana do concello de Cervo Fidel García Aramburu, o cal, deixou por escrito a súa oposición a ser cesado por un goberno que definiu, literalmente, como ilexítimo[387]. Tales actitudes permiten argumentar que o Golpe non conseguiu erradicar certas dinámicas democráticas que existían anteriormente. Dita circunstancia, como explicaremos, tivo consecuencias directas nos niveis de violencia rexistrados, así como nos mecanismos empregados para a eliminación física de persoas.

5.3.2. Os novos edís

O Golpe de Estado de 1936 supuxo unha ruptura en case todos os concellos estudados, onde se produciu a destitución da totalidade de concelleiros que formaban parte da derradeira corporación republicana. As excepcións, precisamente, atopámolas en 4 dos concellos nos que máis se demorou a designación das novas autoridades golpistas, tal e como pode comprobarse mediante a consulta da Táboa 17. Estes foron O Valadouro, Ourol, Muras e Xove.

Deste xeito, a primeira xestora municipal imposta tras o Golpe no Valadouro estaba formada por un total 4 persoas. Unha delas, José Moreda López, fora membro da corporación anterior, motivo que non impediu que fora nomeado alcalde[388]. Alén de José Moreda López atopamos que Ramón Canoura Fernández,

386 Arquivo Municipal da Pastoriza, goberno, concello/pleno, libros de actas capitulares ou do pleno (1932-1953), libro de actas que comeza o dezaseis de novembro de 1932 e remata o quince de setembro de 1937.

387 Arquivo Municipal de Cervo, Goberno, Concello de Cervo, caixa 9, libros de actas do pleno (1936-1939), libro de actas que comeza en marzo de 1936 e remata en agosto de 1937.

388 Arquivo Municipal de O Valadouro, goberno, concello, caixa 007, rexistros de actas das sesións de 1921 a 1936), libro de actas do dezaseis de marzo de 1935 ao vinte e sete de agosto de 1936.

designado tenente de alcalde no Valadouro tras o Golpe, ocupara un posto de edil no ano 1932[389].

En Ourol e Muras atopamos aínda un maior nivel de continuidade. Así, por unha banda, 3 dos 5 membros da primeira xestora golpista de Muras fixeron parte de todas as corporacións locais desde 1931, incluíndo aquí a última corporación democrática da localidade. Estes foron Luís Cal Otero, Manuel Gato Ramudo e José López[390].

Por outra banda, na primeira xestora imposta tras o Golpe en Ourol, comprobamos que 2 dos 5 edís designados formaran parte da derradeira corporación republicana da localidade. Estes foron o alcalde José Antonio Gómez Fernández e o Vocal Ramón Díaz Díaz. Xunto con estes, sabemos que Graciano Carballido González fora concelleiro na primeira corporación local tras a proclamación da Segunda República, no ano 1931[391].

Finalmente, en Xove, tras o Golpe, procedeuse a renovar nos seus postos á totalidade dos concelleiros que administraban a política local antes do 18 de xullo de 1936 coa excepción do alcalde democrático: Silvestre Rúa. Non obstante, isto non se debeu a ningún tipo de penalización, tal e como se deduce polas súas palabras de eloxio cara os novos xestores golpistas, así como cara o líder falanxista Ramón Pita las Santas, o cal, fora o responsábel de presidir o acto de toma do poder da primeira corporación golpista da localidade[392].

O cese ou o mantemento das corporacións municipais republicanas ten que ver, na nosa opinión, con 2 factores: o Golpe de Estado e as loitas de poder que tiveron lugar tras o asentamento dos sublevados no territorio. Polo que respecta ao primeiro factor, cómpre ter presente que, en boa parte dos concellos nos que non chegaron a se concretar actos de oposición ao Golpe, tiveron lugar supostas

[389] *BOP Lugo*, 22 de agosto de 1936, consultado o 29 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 29/12/2022].
[390] Arquivo Municipal de Muras, sen clasificar, Libro de Actas do Pleno desde agosto de 1928 a outubro de 1935 e Libro de Actas do Pleno desde o trinta de outubro de 1935 ao vinte e cinco de setembro de 1941.
[391] Arquivo Municipal de Ourol, Goberno, Concello, Rexistros de Actas de sesións (1841-1991), caixa 0033/1 (Rexistros de actas de sesións, 1932-1957), libro 33.3. (libro de actas que comeza o 14 de setembro de 1935 e remata o 14 de maio de 1938).
[392] *BOP Lugo*, 19 de maio de 1938, consultado o 18 de decembro de 2022. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 18/12/2022].

reunións e hipotéticos preparativos para tentar artellar unhas resistencias que non chegaron a se levar a termo.

Deste xeito, en Alfoz, existiron grupos de cidadáns que tentaron organizar accións de resistencia á Sublevación. Segundo o relato dos sublevados, o principal impulsor dos actos de oposición aos militares rebeldes foi o secretario do concello Francisco García Martínez. Este, contou co apoio do alcalde democrático Eloy Castro Dorrego. Xuntos, trataron de se coordinar coas autoridades provinciais de Lugo, así como con outros líderes políticos de concellos veciños, co obxectivo de defender a legalidade vixente[393].

En Foz non chegou a se organizar un comité de defensa da República. Con todo, segundo o líder falanxista focego Francisco Mañón Couto os elementos "esquerdistas e marxistas" da localidade buscaran *"organizar la guardia roja, la cual no llegó a actuar por haberse anticipado elementos de Falange, en colaboración con la Guardia Civil"*[394].

En Mondoñedo, as autoridades golpistas sinalaron que as "organizacións extremistas" estiveran a se organizar para unha suposta revolución desde o trunfo electoral da Fronte Popular. Estas, contaran co apoio dos gobernantes locais e tras o Golpe realizaran reunións para resistir a toma do poder por parte dos sublevados. Así, segundo o relato do alcalde golpista de Mondoñedo Jorge González Redondo y Serrano, José Sánchez Gacio, o alcalde democrático da localidade, chamara ao párroco de Mondoñedo para que falase cos grupos de civís armados partidarios do Golpe, co obxectivo de evitar posíbeis actos de violencia. Segundo Jorge González Redondo y Serrano o alcalde democrático afirmara que os "adictos ao Movemento" debían de ter presente que as autoridades lexítimas rematarían por recuperar o control da localidade[395].

O relato artellado polas autoridades golpistas ten que ser tomado con moita precaución, dado que foi formulado no marco dos procesos xudiciais incoados en contra de diversos veciños do concello, co claro obxectivo de os incriminar. Non obstante, contamos con declaracións que son verosímiles e que foron confirmadas, aínda que só en parte, por algúns acusados. O seu interese neste

[393] AIMNOR, fondo Coruña, caixa 50, causa 1119/37, folios 613, 613 volto, 614, 614 volto, 615 e 615 volto.
[394] AIMNOR, fondo Coruña, caixa 50, causa 1119/37, folios 199 e 199 volto.
[395] AIMNOR, fondo Coruña, caixa 50, causa 1119/37, folio 210.

punto é significativo, pois informan das dinámicas democráticas presentes no momento do Golpe.

O segundo factor que explica o grado de renovación das corporacións municipais republicanas dentro da nosa área de estudo preferente ten relación, tal e como sinalamos, coas loitas de poder que tiveron lugar entre os sublevados tras o seu asentamento no territorio. Ditos conflitos tiveron a súa orixe, en ocasións, en odios persoais presentes nalgúns dos concellos estudados, tal e como pode comprobarse a raíz da investigación incoada para valorar a continuidade do alcalde golpista de Cervo Justo Basanta Mariño. Este, foi investigado a raíz dunha serie de acusacións realizadas polo cura párroco de Santa María de Cervo, José Antonio Lagarón Bermúdez, co que tiña, segundo parece, moi mala relación[396].

Con todo, tal e como se ve no propio concello de Cervo, estamos ante un conflito que cómpre analizar no marco da pugna que se deu a nivel provincial a raíz dos intentos falanxistas por aumentar o seu nivel de influencia nas institucións. Isto vese claro no informe redactado por Benjamín Álvarez, "secretario provincial do Movemento" en Lugo con data do 4 de xullo de 1941 a respecto da necesidade de renovación dos xestores que rexían a vida municipal en Cervo:

> Como puede observarse en esta Jefatura Provincial, por los partes mensuales enviados por esta Local, los Sres., Gestores de la actual Corporación Municipal, vienen desempeñando tales cargos desde el año 1938, los cuales no pertenecen a la Organización y su prolongada permanencia como tales Gestores ha ocasionado un desgaste natural en sus energías cívicas, rogándote, por lo tanto, su relevo por los camaradas y excombatientes que al dorso se mencionan[397].

Tamén, nos distintos informes emitidos pola Xefatura Provincial de Falanxe de Lugo, con destino á Delegación Nacional de Provincias. Como exemplo podemos citar o escrito do responsábel falanxista lucense Ramón Ferreiro,

[396] AHPL, fondo Goberno Civil, caixa 12700, corporacións municipais (1937-1974), Cervo (1938-1974).

[397] AHPL, fondo Goberno Civil, caixa 12700, corporacións municipais (1937-1974), Cervo (1938-1974).

USC DE SANTIAGO

redactado a día 8 de xuño de 1940 no que se demandaba, entre outras medidas, a renovación dos concellos da Provincia, "*a ser posible con falangistas que la Organización señalaría entre los mejores*", co obxectivo de xuntar na mesma persoa os cargos de alcalde e "Xefe Local do Movemento"[398].

A imposición dos candidatos propostos polos responsábeis provinciais da Falanxe en Lugo tiñan que se facer coa aquiescencia do gobernador civil da Provincia, tal e como demostra un documento emitido polo citado gobernador con data do 2 de agosto de 1941 e que foi enviado ao Ministerio do Interior en Madrid[399]. As negociacións entre o Goberno Civil de Lugo e a Xefatura Provincial de Falanxe pasaron por distintas etapas, en función de distintos factores. Entre estes cómpre destacar, por unha banda, a simpatía entre existente entre os gobernadores civís e os responsábeis do Partido ao longo do tempo. Isto vese claro no informe redactado polo gobernador civil de Lugo Leopoldo Sousa con data do 8 de setembro de 1938 e con destino ao Ministerio de Interior. Neste incluíronse distintas críticas á Falanxe que foron matizadas nunha nota final na que congratulaban do cambio na Xefatura Provincial do Partido, coa esperanza de que o novo responsábel do Partido puxera solución á "*desastrosa organización de FET en la provincia":*

> En la actualidad la persona que ostenta el cargo de Jefe Provincial y que comprendió la necesidad de una depuración en FET, creemos que realizará esta, pareciéndonos acertada la orientación que sigue. Hacemos esta aclaración como consecuencia de lo que manifestábamos en el cuerpo de este informe, con relación a la Organización de FET y de las JONS[400].

O responsábel do Partido ao que se refire o gobernador civil Leopoldo Sousa era Ramón Ferreiro. Con todo, o seu nomeamento non puxo fin aos conflitos entre ambas institucións, a pesar de que o Gobernador Civil tamén posuía,

[398] AGA, sección 09 (Presidencia), fondo Delegación nacional de Provincias, caixa 39 (51-20533), "Informe sobre la situación de Orden Público en la Provincia (31-5-40)".

[399] AGA, Sección 8 (Interior), Fondo Antigo, caixa 44/02597, expedientes de renovación de xestoras, 1939-1944, documento S 104/4-3º.

[400] AGA, Sección 8 (Interior), Fondo Antigo, caixa 44/02791, memorias de gobernos civís, cuarta carpeta, informe do gobernado civil Leopoldo Sousa destinado ao Ministerio de Interior con data do oito de setembro de 1938.

USC

segundo sinala o propio Ramón Ferreiro, o carné de membro do partido fascista. Deste xeito, a día 6 de febreiro de 1941 Ramón Ferreiro enviou un informe ao goberno civil queixándose pola falta de renovación dos membros da corporación municipal de Lugo, así como do escaso grado de control que a FET JONS tiña sobre os concellos da Provincia. A solución, para Ramón Ferreiro, pasaba porque a Falanxe controlara os nomeamentos de concelleiros e alcaldes, mediante a proposición de listaxes de candidatos que debían ser aprobadas polo Gobernador Civil de Lugo[401].

Alén deste, o día 8 de xaneiro do mesmo ano, Ramón Ferreiro emitiu outro escrito destinado á Delegación Nacional de Provincias, no que se lamentaba das promesas incumpridas por parte do Gobernador Civil de Lugo e no que solicitaba axuda para conseguir a renovación da citada corporación municipal lucense, así como dos responsábeis da Deputación Provincial:

> Verbalmente, repetidas veces y en todos sus informes mensuales, esta Jefatura Provincial ha dado cuenta a la Delegación Nacional del Servicio de Provincias del disgusto con que vemos en Lugo la actuación desacertada de las comisiones gestoras del ayuntamiento y de las diputación provincial.
>
> Nuestras quejas han sido expuestas también, en reiteradas ocasiones, a la autoridad llamada a remediarlas, el Gobernador Civil, demandando un cambio de componentes de tales Organismos, hoy en manos de personas totalmente gastadas y ajenas a la disciplina de la Falange, que durante tres años solo han dado pruebas, en el ejercicio de sus cargos, de una incapacidad casi punible para administrar los intereses públicos[402].

A disputa entre o Goberno Civil e a Falanxe é moi interesante, xa que axuda a cuestionar certos apriorismos, tal e como pode comprobarse, mediante o sucedido na nosa área de estudo preferente. Isto é debido a que atopamos que os responsábeis provinciais do Partido criticaron o nomeamento de varias persoas que eran formalmente falanxistas dentro dos distintos municipios analizados.

[401] AGA, sección 09 (Presidencia), fondo Delegación nacional de Provincias, caixa 39 (51-20533), documento 31, "informes del Ayuntamiento", con data do seis de febreiro de 1941.
[402] AGA, sección 09 (Presidencia), fondo Delegación nacional de Provincias, caixa 39 (51-20533), Documento 23, "informe sobre el ayuntamiento y Diputación".

USC DE SANTIAGO

Este é o caso da Pastoriza onde atopamos informes sobre 3 veciños da localidade, asinados polos responsábeis provinciais de Falanxe. Estes foron Delfín Ónega Fernández, David Folgueira e Darío Fernández Carballo. Sobre o primeiro, afirmaron que:

> Delfín Ónega Fernández: actual alcalde, que está llevando a cabo una labor completamente injusta con nuestra Organización, cometiendo irregularidades con el subsidio, sobre todo cuando se trata de familias de combatientes de Falange. [...] Además, no se le ve a este señor labor administrativa alguna y, desde luego, sus procedimientos no encajan en el nuevo Estado[403].

Posteriormente, acerca de David Folgueira Grandela, sinalaron que este non debía ser nomeado edil, por ser un individuo sen ideoloxía e, sobre David Fernández Carballo, argumentaron que "*tampoco es elemento que reúna condiciones para una labor nueva, siendo además hombre egoísta".* Alén disto, é de destacar que as autoridades provinciais de Falanxe aceptaron 5 candidatos propostos polo Goberno Civil de Lugo, malia seren só 2 destes militantes do Partido [404].

Ao igual que sucedeu na Pastoriza, atopamos que os responsábeis provinciais da Falanxe emitiron duras críticas en contra dos alcaldes de Alfoz e Mondoñedo, malia seren, en ambos casos, militantes da Organización. Sobre o primeiro, chamado José Ramón Sixto, atopamos un informe de enorme interese, no que se afirma que durante o período republicano comezara sendo "radical socialista avanzado", até as eleccións de febreiro de 1936, nas cales, traballara en favor da candidatura de dereitas. Ademais, tras o Golpe pasara a formar parte da Falanxe, "*aunque negándose a poner la camisa azul porque, según él, como era alcalde tenía que "ser de todos*"[405].

Neste mesmo sentido, podemos referir o informe enviado polo xefe da Falanxe na provincia de Lugo, Ramón Ferreiro, ao secretario nacional do servizo

[403] AHPL, fondo goberno civil, caixa 12709, corporacións municipais 1937-1978, Pastoriza 1937-1978.

[404] AHPL, fondo goberno civil, caixa 12709, corporacións municipais 1937-1978, Pastoriza 1937-1978.

[405] AHPL, fondo goberno civil, caixa 12697, nomeamento corporacións locais, 1936-1974, Alfoz, 1936-1974.

de Provincias, Andrés Díaz Pereiró, con data do 8 de xaneiro de 1941, acerca do alcalde golpista de Mondoñedo Jorge González Redondo y Serrano. Neste, o rexedor mindoniense era definido coma un mal xestor e como profundamente contrario á FET JONS, malia posuír o carné de militante da Organización[406].

Por todo isto, cómpre sermos cautos á hora de analizar o perfil das persoas rexistradas como falanxistas dentro das distintas localidades, dado que, unha cousa era ter un carné de filiación e outra moi distinta ser considerado coma un activo de importancia para a Organización.

5.3.3. A política local tras o Golpe. Entre a propaganda e o control social

O asentamento das autoridades municipais nomeadas tras a Sublevación nos distintos concellos estivo acompañada de diversos actos de carácter propagandístico e simbólico. Deste xeito, na primeira sesión celebrada en Riotorto tras o Golpe, a día 5 de agosto de 1936, a nova comisión xestora acordou deixar constancia escrita da satisfacción da totalidade dos edís, así como da maior parte da veciñanza do concello, polo avance do "*Movimiento regenerador y salvador de la España única y grande*", ao que os distintos edís apostaron por amosar a súa "adhesión explícita". Alén disto, "a proposta da propia alcaldía", aprobouse por unanimidade facer constar "o fondo resentimento" da xestora municipal ante o "*vil y alevoso*" asasinato de José Calvo Sotelo[407].

Este tipo de acordos non foron, como pode deducirse, exclusivos do concello de Riotorto. Así, no concello de Guitiriz, chamado Trasparga no momento histórico ao que nos referirmos, acordouse, na terceira sesión celebrada na localidade após o Golpe, con data do 8 de agosto de 1936, facer oficial o agradecemento da xestora municipal aos principais responsábeis da toma do poder na localidade. Tal decisión, segundo se indica nas actas, ás que xa fixemos referencia ao explicar os pormenores da toma do poder por parte dos golpistas no concello, tivera a súa orixe nunha instancia presentada por unha serie de

[406] AGA, sección 09 (presidencia), fondo Delegación Nacional de Provincias, caixa 51-20533, correspondencia administrativa de Falanxe, 1939-1940, documento número 25.

[407] Arquivo Municipal de Riotorto, sen clasificar, libro de actas do dezaoito de xaneiro de 1936 ao dous de marzo de 1938.

veciños da localidade[408]. Neste mesmo sentido, en Trabada, na primeira sesión celebrada tras o Golpe, a día 5 de agosto de 1936, estipulouse, como "primeiro acordo" da nova comisión xestora, oficializar o agradecemento ao "exercito español" por "*salvar a nuestra querida Patria de las hordas revolucionarias marxistas"*[409]. Este tipo de actos de propaganda sublevada non tiveron lugar soamente nos primeiros momentos após o Golpe. Deste xeito, temos rexistro de que a xestora municipal de Barreiros acordou, nunha sesión que tivo lugar a día 3 de abril de 1937, celebrar a entrada das tropas rebeldes na cidade de Madrid, a cal, era considerada inminente[410].

A propaganda golpista a nivel municipal tivo un efecto inmediato na xeografía urbana, que non só afectou ao rueiro, senón tamén ás escolas até os cemiterios. Así, nos centros educativos dos distintos concellos, organizáronse actos para a reposición dos símbolos relixiosos. O seu obxectivo era buscar o encadramento das crianzas co Réxime que se estaba a construír. Por este motivo, buscábase a asistencia do cura párroco da localidade e máis do mestre, para que ambos lles transmitisen aos nenos "a magnitude do acto" que estaban a presenciar, tal e como quedou recollido na segunda sesión celebrada após o Golpe en Trabada, a día 23 de agosto de 1936[411].

Nos cemiterios acordouse revocar a "secularización decretada pola Fronte Popular" e aproveitouse para deixar constancia de que a medida supoñía un punto de inflexión no abandono da suposta persecución relixiosa que existira até o momento. Dita argumentación quedou rexistrada nas actas municipais do concello da Pastoriza, concretamente, dentro da sesión celebrada a día 3 de marzo de 1937[412]. A nivel do rueiro, decidiuse proceder á limpeza da propaganda partidista que estaba presente nalgunhas localidades. Así, tal e como acordou a xestora municipal de Viveiro, na segunda sesión celebrada tras o Golpe, con data

[408] Arquivo Municipal de Guitiriz, goberno, concello/pleno, rexistro de actas de sesións (1927-1941), libro de actas do 23 de maio de 1935 ao 12 de setembro de 1936.
[409] Arquivo Municipal de Trabada, goberno, concello/pleno, caixa 78, libros de actas 1935-1947, libro de actas do 3 de novembro de 1935 ao 16 de xullo de 1937.
[410] Arquivo Municipal de Barreiros, goberno, concello/pleno, libro de actas de sesións do pleno, 1934-1938, libro de actas do vinte e sete de marzo de 1937 ao once de setembro de 1937.
[411] Arquivo Municipal de Trabada, goberno, concello/pleno, caixa 78, libros de actas 1935-1947, libro de actas do 3 de novembro de 1935 ao 16 de xullo de 1937.
[412] Arquivo Municipal da Pastoriza, goberno, concello/pleno, libros de actas capitulares ou do pleno (1932-1953), libro de actas que comeza o dezaseis de novembro de 1932 e remata o quince de setembro de 1937.

USC

do 29 de xullo de 1936, era preciso facer desaparecer o letreiros e inscricións presentes en edificios, muros e rúas polo seu mal efecto sobre a imaxe da localidade[413]. Alén disto, procedeuse a cambiar o nome dalgunhas prazas e rúas das distintas localidades, co obxectivo de substituír as designacións que puideran facer referencia ás organizacións políticas e sindicais prohibidas. Deste xeito, en Ribadeo, acordouse, a día 17 de setembro de 1936, mudar os nomes da "*Plaza de la República*" e da "*Plaza de Pablo Iglesias*" polos de "*Plaza de España*" e "*Plaza de Calvo Sotelo*"[414]. Neste mesmo sentido, en Mondoñedo, acordouse, na terceira sesión municipal celebrada tras o Golpe, a día 10 de agosto de 1936, repoñer os nomes de "Marqués de Rodil", "Concepción Oswaldo Codida" e "*Obispo* Solís" a 3 rúas que foran renomeadas con anterioridade á Sublevación a suposta petición das "agrupacións marxistas da localidade". Posteriormente, o día 7 de setembro de 1936, acordouse, por parte da xestora municipal, dar os nomes de "*Plaza de España, Avenida Calvo Sotelo y Avenida Primo de Rivera"* á "*Plaza de la Constitución, Avenida de la República y Avenida 14 de abril"*[415].

Máis alá das distintas accións propagandísticas, o asentamento das autoridades sublevadas no poder municipal estivo acompañado de diversas medidas de control social, destinadas, tanto a evitar a aparición de novos actos de oposición, como a investigar as posíbeis accións que mediaran entre o 18 de xullo de 1936 e a supresión das xestoras democráticas. Para asentar a súa posición de dominio, as autoridades golpistas realizaron distintos cambios a nivel dos concellos. Así, en primeiro lugar, apostaron, de xeito case inmediato e xeral, por substituír aos alcaldes pedáneos e de barrio existentes[416]. Dita medida, rematou

[413] Arquivo Municipal de Viveiro, Goberno, Pleno, caixa 742/7, expedientes de sesións do pleno (1933-1936), libro de actas de sesión do pleno do dez de novembro de 1935 ao dez de setembro de 1936.

[414] Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno, concello/pleno, libros de actas de sesións do pleno, caixa 0055, Libro de Actas que comeza o 22 de agosto de 1935 e remata o 5 de xuño de 1937.

[415] Arquivo municipal de Mondoñedo, Goberno, Concello/Pleno, Libros de Actas de sesións do pleno, , caixa 1058, Libro de Actas que empeza o 9 de marzo de 1936 e remata o 20 de maio de 1943.

[416] Dita realidade foi observada en distintos concellos da nosa área de estudo preferente. A modo de exemplo podemos citar os municipios de Alfoz, Foz, O Valadouro, Ourol, Mondoñedo e Viveiro: Arquivo Municipal de Alfoz, goberno, concello, rexistro de actas de sesións, caixa 8-2, sesións de 1933 a 1938, libro de actas que comeza o catro de novembro de 1935 e remata o catro de agosto de 1938, Arquivo Municipal de Cervo, Goberno, Concello de Cervo, caixa 9, libros de actas do pleno (1936-1939), libro de actas que comeza en marzo de 1936 e remata en agosto de 1937, Arquivo Municipal de Foz, concello/pleno, caixa 371, libros de actas do pleno, 1924-1940, libro de actas de sesións de marzo de 1936 ao seis de febreiro de 1937Arquivo Municipal de O

por ser de obrigado cumprimento, así como de aplicación xeral na Provincia de Lugo, após a orde emitida, a día 20 de agosto de 1936, polo gobernador civil Ramón Bermúdez de Castro[417]. A utilidade desta norma era clara, dado que os alcaldes de barrio eran unha peza fundamental para obter información sobre a veciñanza, tanto en termos acusatorios como exculpatorios[418].

En segundo lugar, a toma de posesión de moitas xestoras municipais levou ao cese inmediato de certos traballadores do concello. Dita decisión, xustificábase, segundo o relato golpista, en base á súa suposta participación nas resistencias fronte á Sublevación. Así, no antigo termo municipal de Vilameá acordouse, dentro do primeiro pleno ordinario celebrado tras o Golpe, con data do 11 de agosto de 1936, a destitución de 2 persoas dos seus postos de traballo: o farmacéutico titular Ángel Pérez Gándaras e o practicante interino Jesús Sampedro Vázquez. Segundo as autoridades municipais de Vilameá a decisión fora tomada após comprobar que as persoas referidas non se tiñan reintegrado aos seus postos de traballo após o Golpe, así como por considerar que estaban "*complicados en el movimiento revolucionario contra el glorioso ejército español*". Dita medida, segundo sinalaron, tiña o seu respaldo normativo no bando publicado

Valadouro, goberno, concello, caixa 007, rexistros de actas das sesións de 1921 a 1936), libro de actas do dezaseis de marzo de 1935 ao vinte e sete de agosto de 1936, Arquivo municipal de Mondoñedo, Goberno, Concello/Pleno, Libros de Actas de sesións do pleno, , caixa 1058, Libro de Actas libro de actas que empeza o 9 de marzo de 1936 e remata o 20 de maio de 1943**,** Arquivo Municipal de Ourol, Goberno, Concello, Rexistros de Actas de sesións (1841-1991), caixa 0033/1 (Rexistros de actas de sesións, 1932-1957), libro 33.3. (libro de actas que comeza o 14 de setembro de 1935 e remata o 14 de maio de 1938), Arquivo Municipal de Riotorto, sen clasificar, libro de actas do dezaoito de xaneiro de 1936 ao dous de marzo de 1938 e Arquivo Municipal de Viveiro, Goberno, Pleno, caixa 742/7, expedientes de sesións do pleno (1933-1936), libro de actas de sesión do pleno do dez de novembro de 1935 ao dez de setembro de 1936.

[417] *La voz de la verdad: diario con censura eclesiástica*, 21 de agosto de 1936, consultado o 11 de xaneiro de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 11/01/2023].

[418] A acción exculpatoria do alcalde de barrio da parroquia de Becín, no concello de Guitiriz, obsérvase na sesión do vinte e un de abril de 1938. Nesta, a corporación faise eco dunha instancia subscrita polo citado alcalde de barrio que tiña como obxectivo restituír no seu posto ao mestre sancionado Sebastián Vázquez Álvarez. Cómpre dicir que a corporación non aceptou a retirada da sanción. Con todo, amosa moi ben as dinámicas municipais nas que interviñan os citados alcaldes de barrio e pedáneos: Arquivo Municipal de Guitiriz, goberno, concello/pleno, rexistro de actas de sesións (1927-1941), libro de actas do 3 de outubro de 1936 ao 29 de decembro de 1938.

polo comandante militar da provincia de Lugo Adolfo Velayos Valenciaga, con data do 29 de xullo de 1936[419]. Este, incluía as seguintes medidas:

> BANDO
>
> Don Adolfo Velayos Valenciaga. Teniente Coronel de Infantería. Comandante Militar de la Plaza y provincia de Lugo.
>
> Ordeno y mando:
>
> Artículo 1º: Quedan disueltas y declaradas fuera de la Ley todas las organizaciones y sociedades obreras, perdiendo, por tanto, sus condiciones y ventajas jurídicas.
>
> Artículo 2º: Quedan anulados todos los contratos de trabajo de los obreros que han dejado de acudir a sus labores, debiendo en lo sucesivo y para volver a disfrutar de él, tener necesidad de autorización de esta Comandancia Militar.
>
> Lugo, a 28 de Julio de 1936.
>
> El Teniente Coronel Comandante Militar: Adolfo Velayos Valenciaga[420].

Do mesmo xeito, no concello de Lourenzá a corporación local aprobou, na segunda sesión celebrada tras o Golpe, con data do 10 de agosto de 1936, a destitución do médico municipal Donato Ron Sánchez, debido a que posuía tendencias políticas "contrarias" ás novas autoridades e debido a que se tiña ausentado do seu posto de traballo a raíz da Sublevación[421]. En base a isto, acordouse informar ao Comandante Militar da Provincia para que tomara en consideración o informe e decidira sobre se oficializaba ou non o despedimento de Donato Ron Sánchez. De igual modo, en Ribadeo comprobamos que se despediu, durante o ano 1936, a un total de 6 empregados municipais a

[419] Arquivo Municipal de A Pontenova, Concello de Villameá/Puente Nuevo, goberno, concello, caixa 3, rexistro de actas de sesións, 1934-1963, libro de actas do trinta e un de maio de 1936 ao vinte e sete de agosto de 1938.

[420] *La voz de la verdad: diario católico con censura eclesiástica*, 29 de xullo de 1936, consultado o dez de xaneiro de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 10/01/2023].

[421] Arquivo Municipal de Lourenzá, goberno, concello/pleno, caixa 47, libros de actas do pleno (1931-1937), libro de actas que comeza o vinte e tres de maio de 1936 e remata o nove de xullo de 1937.

consecuencia do Golpe. Estes foron José Sanjurjo Vázquez, José Rey Vijande, José Antonio Lombardero Mon, Francisco Álvarez Díaz, Antonio Rodríguez e Salvador González Álvarez. 5 deles figuran no libro de rexistro de posesión e cese de empregados como despedidos por orde do "Comandante Militar". Pola súa banda, sobre José Lombardero Mon indicouse que fora cesado por ter abandonado o "servizo"[422].

A normativa provincial para o despedimento de empregados municipais completouse coa promulgación dun decreto lei, que foi publicado o 9 de decembro de 1936. Este, estaba pensado para ser aplicado dentro do conxunto de territorios dominados polos sublevados e estipulaba as regras xerais para "a separación definitiva do servizo de toda clase de empregados". Mediante a súa publicación declarouse "*cesantes, sin formación de expediente, a todos los funcionarios que se hallen fuera de su residencia, en territorio liberado, sin la debida autorización*"[423].

No concello de Ribadeo, a promulgación do decreto lei do 5 de decembro de 1936 tivo como consecuencia a incoación dun expediente para a depuración do "*personal técnico y subalterno del Ayuntamiento*". Este foi elaborado polo tenente de alcalde Manuel de la Barrera Rodríguez, que exercía nese momento o posto de alcalde accidental. O seu contido foi discutido nunha sesión extraordinaria, celebrada o 21 de abril de 1938 e tivo como único punto do día a discusión e aprobación do citado documento. As argumentacións que contén resultan dun significativo interese para a presente tese doutoral, por amosar os criterios de purga para os empregados municipais a través dun exemplo práctico[424].

Deste xeito, no escrito de Manuel de la Barrera realizouse un informe que afectou a un total de 19 empregados municipais. Estes, segundo comprobamos, correspóndense co conxunto de traballadores que o concello tiña en nómina no momento da realización da citada investigación[425]. Sobre o conxunto de

---

[422] Arquivo Municipal de Ribadeo. Administración. Persoal. Rexistros de administración de persoal. Libros rexistros de asistencia do persoal 1916-1951 (Caixa 0128). Libro de rexistro de posesión e cese de empregados 1916-1948 (0128/2).

[423] *Boletín Oficial del Estado (BOE)*, 9 de decembro de 1936, consultado o dez de xaneiro de 2023. Recuperado de: BOE-1936-51.pdf [Última visita: 10/01/2023].

[424] Arquivo Municipal de Ribadeo, Concello/Pleno, Libros de actas de sesións do pleno 1937-1945 (caixa 0056), Libro de actas que comeza o 17 de xuño de 1937 e remata o 18 de maio de 1940.

[425] Arquivo Municipal de Ribadeo. Administración. Persoal. Rexistros de administración de persoal. Libros rexistros de asistencia do persoal 1916-1951 (Caixa 0128). Libro de rexistro de posesión e cese de empregados 1916-1948 (0128/2).

USC DE SANTIAGO

traballadores municipais de Ribadeo, Manuel de la Barrera afirmou que había 11 que tiñan unha ideoloxía claramente dereitista. Finalmente, sinalou a existencia de 8 empregados municipais sobre os que se recibiran informacións que os facían, canto menos, sospeitosos "dalgúns cargos". Isto supón que case a metade dos empregados municipais, concretamente, o 42,1% destes, posuían un perfil dubidoso para as autoridades do Réxime, após case 2 anos de dominio golpista do termo municipal ribadense. Dita circunstancia, pode resultar sorprendente. Con todo, o verdadeiramente destacábel é o feito de que Manuel de la Barrera recomendara a continuidade de todos e cada un destes empregados. Os argumentos que deu foron, basicamente, 3. En primeiro lugar, a falta de probas que puidesen acreditar dun xeito claro a participación de ningunha destas persoas en actos de oposición ao Golpe. En segundo lugar, a realización de "ostensíbeis" mostras de adhesión ao Réxime por parte dos investigados tras a Sublevación. En terceiro lugar, a limitada cultura dalgúns deles, o que, segundo Manuel de la Barrera, provocara que fosen "enganados pola Fronte Popular". Isto, tendo en conta as 2 premisas anteriores, permitía ter con respecto a eles, unha posición benevolente.

O afirmado permite defender a tese de que a orixe da violencia se atopa no Golpe e non na República. Deste xeito, o factor que explica por que perseguen a unhas persoas e non a outras parece ser a participación en actos de oposición ao Golpe e non tanto a súa actuación política anterior. Con isto, non pretendemos defender que a violencia se guiase por criterios obxectivos. Así, cando sinalamos a existencia de factores explicativos da violencia debemos de ter presente que estamos ante argumentos que empregaron os golpistas para xustificar a súa violencia. Así, o nivel de manipulación da realidade e a falta de garantías non permiten estabelecer fronteiras firmes entre os criterios para a condena e/ou a salvación das distintas vítimas.

Tampouco podemos considerar que o relato dos feitos, elaborado polas autoridades sublevadas, estivese axustado á realidade. Deste xeito, a acusación de formar parte dun grupo revolucionario podería ser usado en contra dun individuo que, simplemente, podía ter acudido a unha reunión para decidir como actuar a raíz do Golpe, mentres que a caracterización dunha persoa como propagandista podería agochar que os golpistas quería xustificar a persecución dun individuo en base ao seu nivel de influencia entre as súas veciñas e veciños.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Con todo, o manexo da documentación amosa unha serie de pautas comúns para as distintas vítimas que poñen de manifesto a existencia de criterios de selección das vítimas, os cales, segundo comprobamos, xiran ao redor do Golpe de Estado. Consideramos, que esta é unha idea novidosa, que choca con certas interpretación que pretenden explicar a violencia en función da ideoloxía das vítimas. É por iso que trataremos de explicala do xeito máis extenso ao longo da presente investigación.

Con todo, consideramos importante destacar que existe unha explicación tradicional que podería servir para rebater as nosas afirmacións. Esta é a que culpa de parte da violencia aos chamados chaqueteiros, é dicir, ás persoas que apostaron por colaborar dun xeito activo coas autoridades golpistas para evitar seren perseguidas polo seu pasado esquerdista[426]. Tales afirmacións aparecen, en ocasións, dentro das entrevistas consultadas, tanto dentro da nosa área de estudo como fora dela[427]. Deste xeito, dentro dos concellos que centran o noso traballo, atopamos o testemuño da veciña de Ribadeo Elisa Secundina Fariña López, que sinalou que un dos denunciantes de seu pai fora un antigo socialista local[428]. Contamos tamén co relato de Dolores Torviso Barata que sinala que moitos antigos esquerdistas de Ribadeo pasaron a apoiar aos sublevados tras a chegada das tropas golpistas á localidade[429]. Non obstante, malia considerar plausíbel a existencia de persoas de pasado republicano, que apostasen por colaborar coas autoridades sublevadas, pensamos que a contribución coa expansión da violencia non foi a única vía para evitar a persecución.

Así, consultamos informes elaborados polas autoridades provinciais sublevadas nos que se sinala que era preciso incrementar os esforzos propagandísticos no territorio lucense, onde, segundo afirmaban, existían masas de labregos ignorantes que non comprenderan aínda o espírito de xustiza do "Movemento", motivo polo cal, continuaban a realizar acción solapadas de crítica. Isto, unido á falta de fondos e persoal cualificado, redundaba en

[426] Julio Prada Rodríguez, "Golpe de Estado y represión...", 114-115.
[427] Xabier Buxeiro, Aldara Cidrás, Rafael García e Conchi López, "La modulación de la violencia...", 1896.
[428] Entrevista a Elisa Secundina Fariña López, realizada por Vieites Salmonte, Eva; Hervella García, Gustavo (Ribadeo, Lugo, España, 31/05/2006). Nº 2006. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.
[429] Entrevista a Dolores Torviso Barata, realizada por Fernández Prieto, Lourenzo (, sen data). Nº 2217. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal [Última visita: 16/01/2023].

dificultades para realizar depuracións no persoal dos concellos e as institucións da Provincia[430]. Deste xeito, dentro do grupo de 8 traballadores municipais de Ribadeo caracterizados como esquerdistas, atopamos que só 3 actuaron como acusadores dentro dos procesos xudiciais estudados. Estes foron Agustín Martínez Tellado, José Bouso Castiñeira e Jesús Gómez y Gómez[431]. No resto de casos de empregados do concello de Ribadeo considerados esquerdistas, é preciso concluír, en función das fontes dispoñíbeis, que non colaboraron coa expansión da violencia para conservar os seus postos de traballo e evitar a persecución das novas autoridades.

5.3.4. A orde pública tras o asentamento das autoridades sublevadas no territorio

Na Provincia de Lugo, ao igual que no resto da Galiza, os golpistas conseguiron asentarse na totalidade dos concellos nunhas poucas semanas tras o Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. A rápida extinción das resistencias, permitiu o restabelecemento das comunicacións entre localidades, así como a apertura das empresas nas que se decretaran paros obreiros en resposta á rebelión militar.

Con todo, tal e como sinalaba o gobernador civil Leopoldo Sousa, nun informe destinado ao Ministerio de Interior con data do 8 de setembro de 1938, existía unha situación de tranquilidade que era só aparente mais non real. Isto debido á existencia de grupos de fuxidos armados, que se organizaban en partidas e que chegaran a perpetrar saqueos, roucos e atracos. Segundo Leopoldo Sousa, a falta de control sobre o territorio obrigara á autoridade militar de Lugo

[430] AGA, Sección 8 (Interior), Fondo Antigo, caixa 44/02791, memorias de gobernos civís, cuarta carpeta, informe do gobernado civil Leopoldo Sousa destinado ao Ministerio de Interior con data do oito de setembro de 1938.

[431] Agustín Martínez Tellado realizou testemuños acusatorios en tres causas militares: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 51, causa 335/36, AIMNOR, fondo Lugo caixa 79, causa 301/37 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 67, causa 1421/37. José Bouso Castiñeira fixo o mesmo en dúas: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 51, causa 335/36 e AIMNOR, fondo Lugo caixa 79, causa 301/37. Finalmente, Jesús Gómez y Gómez emitiu declaracións de tipo acusatorio en tres dos procesos xudiciais analizados: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 63, causa 421/36 e AIMNOR, fondo Lugo caixa 79, causa 301/37.

USC

a prohibir a caza con armas de fogo dentro dos límites da Provincia. Dita situación, na súa opinión, facía pertinente incrementar o número de efectivos da Garda Civil, co obxectivo de aumentar o grado de control sobre a cidadanía[432].

Nunha liña similar, a Xefatura Provincial de Falanxe emitiu diversos informes nos que denunciaba a situación de inseguridade da súa militancia tras o desarme ordenado por parte das autoridades sublevadas[433]. Dita medida fora demandada por parte do xa citado Leopoldo Sousa, a finais do ano 1938. Isto baixo o argumento de que parte dos militantes de FET JONS posuían historiais "non moi recomendábeis". Tamén, debido a que moitos falanxistas estiveran a facer continua ostentación do feito de iren armados[434].

O desarme dos falanxistas, segundo os dirixentes do Partido, fora un factor que animara aos fuxidos a realizar ataques contra os membros da Organización, a consecuencia da súa colaboración nas tarefas de persecución. Así, segundo un informe emitido pola Xefatura Provincial da Falanxe, con data de 9 de novembro de 1939, estaba a producirse unha intensificación nos actos de violencia a nivel da Provincia tras o remate da Guerra Civil.

Estes, eran obra de "*rojos desertores*", que se aproveitaban da dispersión dos núcleos de poboación, así como da escaseza de efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado na zona. Alén disto, segundo afirmaba o líder do partido fascista, os fuxidos contaban co apoio dos seus familiares. As súas actuacións eran especialmente perigosas para os afiliados falanxistas, debido a que non se atopaban sempre armados, a diferenza dos membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado:

[432] AGA, Sección 8 (Interior), Fondo Antigo, caixa 44/02791, memorias de gobernos civís, cuarta carpeta, informe do gobernado civil Leopoldo Sousa destinado ao Ministerio de Interior con data do oito de setembro de 1938.
[433] AGA, sección 9 (Presidencia), Fondo Delegación Nacional de Provincias, caixa 39 (51-20533), documento número 15, "Informe sobre la situación de orden público en la Provincia (31-5-40)".
[434] AGA, Sección 8 (Interior), Fondo Antigo, caixa 44/02791, memorias de gobernos civís, cuarta carpeta, informe do gobernado civil Leopoldo Sousa destinado ao Ministerio de Interior con data do oito de setembro de 1938.

USC

> Ocurre que con frecuencia los comandantes de Puesto de la Guardia civil solicitan individualmente la colaboración de falangistas para prestar servicios que sin estos no podrían realizarse, por carencia de personal o por falta de soldados adscritos a los Puestos, y en esos casos, el falangista es autoridad durante unas horas y después se incorpora a su vida diaria totalmente inerme para eludir los odios que su patriotismo y servicio voluntario han de granjearle[435].

Esta situación de inseguridade foi descrita tamén para distintos concellos da nosa área de estudo preferente. Neste, a principal ameaza era, segundo as autoridades golpistas, o fuxido Luís Trigo Chao, coñecido coma o Gardarríos. Luís Trigo era considerado capaz de cometer calquera tipo de crime, tanto sobre as propiedades como sobre as persoas. Nos informes emitidos pola Xefatura Provincia da Falanxe con destino á Delegación Nacional de Provincias chegou a ser acusado de asasinato[436].

As solucións propostas pola Xefatura Provincial de Falanxe consistían en armar aos falanxistas máis destacados e que maior confianza ofreceran dentro de cada concello. Para isto, elaboraron relacións nominais de "camaradas que merecen ser armados" dentro dos distintos informes analizados. Ademais, consideraban preciso realizar detencións gobernativas sobre as persoas caracterizadas como sospeitosas de alterar a orde pública, así como realizar redadas para atopar armas clandestinas agochadas nos domicilios de individuos de simpatías esquerdistas. En relación con isto último, propuñan revisar a concesión de licencias de armas, nos casos nos que puideran ter sido outorgadas en virtude de informes pouco meditados. Finalmente, recomendaban o aumento

[435] AGA, sección 9 (Presidencia), Fondo Delegación Nacional de Provincias, caixa 39 (51-20533), documento número 3, escrito dirixido ao Servizo Nacional de Provincias por parte da Xefatura Provincial de Lugo, para pedir a autorización para levar armas nos concellos de Cervantes e Chantada.

[436] A modo de exemplo podemos citar os seguintes: AGA, sección 9 (Presidencia), Fondo Delegación Nacional de Provincias, caixa 39 (51-20533), documento número 15, "Informe sobre la situación de orden público en la Provincia (31-5-40)", documento número 21 ,"Informe sobre la situación de orden público en la Provincia (31-7-40)", Documento número 29, "Informe general sobre la situación de orden público en la Provincia (6-8-40)" e Documento 46, "Informe sobre situación de orden público en la Provincia de Lugo en febrero de 1941".

do peso da Falanxe dentro das distintas corporacións locais, tal e como temos explicado[437].

Alén do problema dos fuxidos, os informes elaborados pola Xefatura Provincial de Falanxe, informan sobre actos de oposición protagonizados por persoas que non formaban parte da resistencia armada ao Réxime. Como exemplo, a día 6 de agosto de 1940, informábase da existencia de diversas reunións de persoas de simpatías esquerdistas nunha taberna da parroquia de Pousada, situada no concello da Pastoriza. Nestas xuntanzas, realizábanse supostos comentarios en contra do Golpe e dábanse vivas a Rusia e ao comunismo libertario[438].

Por todo o explicado, podemos afirmar que o asentamento dos golpistas no territorio permitiu que estes se instalaran oficialmente na totalidade dos concellos. Porén, a persistencia de núcleos de fuxidos, que se concentraban nas zonas rurais e que contaban co apoio de amizades e familiares, ocasionou unha serie de problemas de orde pública que, se ben non supuxeron unha ameaza para a estabilidade do Réxime, constituíron un motivo de preocupación para os partidarios da Sublevación, que viron comprometida a súa seguridade persoal. Isto, debido a que os sublevados foron quen de dominar o territorio mais non aos seus habitantes. Deste xeito, na xente do común mantivéronse certas prácticas de sociabilidade anteriores ao Golpe, que se traduciron na persistencia de lazos de solidariedade veciñal, así como de espazos de crítica informal ás novas autoridades. Todo isto, na nosa opinión, condicionou as actitudes da cidadanía ante a persecución golpista.

[437] Este tipo de recomendacións figuran en distintos informes redactados entre os anos 1940 e 1941. Como exemplo podemos citar: AGA, sección 9 (Presidencia), Fondo Delegación Nacional de Provincias, caixa 39 (51-20533), documento número 35, "informe sobre orden público de 31 de marzo de 1941".

[438] AGA, sección 9 (Presidencia), Fondo Delegación Nacional de Provincias, caixa 39 (51-20533), documento número 29, "Informe general sobre la situación de orden público en la Provincia (6-8-40).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6. Os asasinatos

Dentro do conxunto de veciñas e veciños dos concellos seleccionados para a realización da tese, temos rexistradas 104 vítimas mortais. Deste conxunto, 8 eran veciñas de concellos pertencentes ao Partido xudicial de Mondoñedo, 47 de concellos pertencentes ao Partido Xudicial de Ribadeo, 8 de municipios integrados no Partido Xudicial de Vilaba e 42 de concellos do partido xudicial de Viveiro.

Dita distribución, pon de manifesto unha realidade que xa foi sinalada na presente tese: os falecidos pola violencia sublevada non se distribuíron de xeito homoxéneo ao longo do territorio, tal e como se amosou nos Mapas 2 e 3. Isto pode apreciarse, máis unha vez, mediante a consulta da Táboa 18, onde se recolle a distribución do número de mortos en cada un dos concellos que estudamos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 18: concellos con veciñas e veciños falecidos a consecuencia do Golpe (1936-1950)

Partido xudicial	Concello	Número de mortes	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Viveiro	Burela	1	0,96%
Mondoñedo	O Valadouro	1	0,96%
Vilalba	Cospeito	2	1,92%
Vilalba	Guitiriz	2	1,92%
Vilalba	Muras	2	1,92%
Viveiro	Ourol	2	1,92%
Vilalba	Vilalba	2	1,92%
Mondoñedo	A Pastoriza	3	2,88%
Viveiro	O Vicedo	3	2,88%
Viveiro	Cervo	4	3,85%
Mondoñedo	Mondoñedo	4	3,85%
Ribadeo	A Pontenova	14	13,46%
Viveiro	Viveiro	31	29,81%
Ribadeo	Ribadeo	33	31,73%
Total	Total	104	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

Se contrastamos a listaxe total de concellos nos que centramos a nosa tese de doutoramento cos datos recollidos na Táboa 18 podemos comprobar que existen, dentro da nosa zona de estudo, 10 concellos nos cales non se rexistrou ningunha vítima mortal entre a súa veciñanza, o que se corresponde cun 41,6% do total de municipios estudados. Por orde alfabética, estes concellos son: Abadín, Alfoz, Barreiros, Begonte, Foz, Lourenzá, Riotorto, Trabada, Xermade e Xove. No momento histórico no que centramos o noso estudo, estes municipios tiñan un total de 49.579 habitantes, o que supón o 32,1% da poboación da nosa área de

estudo, a cal, ascendía, tal e como indicamos ao comezo deste traballo, a 154.347 habitantes de dereito.

Isto tradúcese no feito de que case un terzo das persoas dos concellos seleccionados para a tese, viviron en municipios entre cuxa veciñanza non se computou ningunha vítima mortal relacionada coa violencia golpista, o cal non quere dicir que neles non se perpetrasen asasinatos de persoas censadas noutros municipios máis ou menos distantes. Esta é unha realidade que pode observarse para o conxunto da Galiza. Con todo, comprobamos que dentro da nosa área de estudo, a porcentaxe de persoas que residían en municipios onde non se asasinou a ningunha veciña ou veciño é sensibelmente superior á observada para o conxunto do territorio galego.

Deste xeito, na Galiza, dun total de 313 concellos, só 68 quedaron libres de vítimas mortais entre a súa veciñanza, dato que se corresponde cunha porcentaxe do 21,7% do total de municipios. Estes 68 concellos, que se amosan no Mapa 2 en cor verde, contaban, en 1936, cunha poboación censada que se aproximaba ás 354.582 persoas[439]. Este dato, sobre o total da poboación das provincias de Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, correspóndese cunha porcentaxe do 14,01% do total de habitantes.

Finalmente, polo que se refire á nosa área de estudo preferente, analizamos que 78 das 104 vítimas mortais que temos rexistradas tiñan fixado o seu lugar de residencia, dun xeito oficial, en 3 municipios: Ribadeo, Viveiro e A Pontenova. Isto supón que o 75% dos falecementos rexistrados se concentraron en 3 concellos, os cales supuñan o 20,1% da poboación da nosa zona de estudo. A nivel provincial, onde temos rexistro dun total de 344 persoas mortas a consecuencia do Golpe de Estado, calculamos que 76 falecementos se corresponden cunha porcentaxe do 22,1% sobre o conxunto de falecidas e falecidos.

[439] Por orde alfabética, estes municipios son: A Bola, A Capela, A Peroxa, A Teixeira, Abadín, Agolada, Alfoz, As Somozas, Avión, Baltar, Baralla, Barreiros, Beade, Beariz, Begonte, Cabana de Bergantiños, Cartelle, Catoira, Chandrexa de Queixa, Coirós, Cualedro, Dodro, Dozón, Fornelos de Montes, Foz, Friol, Guntín, Laxe, Lourenzá, Manzaneda, Meira, Melide, Monterroso, Negueira de Muñiz, O Covelo, O Páramo, Oia, Oroso, Os Blancos, Outes, Palas de Rei, Pazos de Borbén, Pontecaldelas, Pontedeva, Porqueira, Portas, Portomarín, Rairiz de Veiga, Ramirás, Riós, Riotorto, Rois, San Amaro, San Cristovo de Cea, San Sadurniño, Taboada, Taboadela, Toques, Tordoia, Trabada, Trazo, Val do Dubra, Vilar de Santos, Xermade, Xove, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Zas.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

6.1. Os asasinatos con sentenza

Na base de datos de Nomes e Voces os asasinatos con sentenza clasificáronse dentro das categorías de "execución" e "execución fora de Galicia". Para o conxunto do territorio galego computouse un total de 1460 persoas que figuran como mortas a consecuencia da aplicación da pena capital. A nivel da provincia de Lugo este número descende até as 120 persoas, 37 das cales, residían en municipios que compoñen a nosa área de estudo preferente.

Se realizamos unha comparativa entre as persoas executadas e o conxunto das vítimas mortais do Golpe, atopámonos con que os executados constitúen unha minoría. A nivel galego, as vítimas incluídas nesta tipoloxía de violencia correspóndese co 31,14% do total de persoas falecidas a consecuencia da violencia golpista. Dita porcentaxe mantense se centramos o foco na provincia de Lugo e, tamén, se nos limitamos a analizar a nosa zona de estudo.

Así, por unha banda, na provincia de Lugo as vítimas de execucións supoñen o 34,88% do total de persoas mortas a consecuencia do Golpe. Por outra banda, na nosa zona de estudo, os executados correspóndese co 35,57% do total de falecidas e falecidos. Esta realidade non resulta excesivamente sorprende. De feito, concorda coa dinámica observada nas guerras civís que tiveron lugar en Europa, onde as persoas sentenciadas á pena capital sempre constituíron unha minoría con respecto ao total das vítimas mortais rexistradas[440]. Tamén, cos traballos que estudan a distribución relativa entre executados e asasinados alén dos mecanismos de aplicación da pena capital, tanto a nivel galego como Estatal[441].

Non obstante, o feito de realizar unha comparación entre as persoas asasinadas en aplicación da pena capital, co total de mortos rexistrados a consecuencia da violencia sublevada, é un tanto problemático. Isto é debido a non resulta moi rigoroso incluír, dentro do grupo de asasinadas e asasinados polas autoridades golpistas, a unha parte importante das persoas falecidas a raíz do Golpe. O noso argumento baséase en que unha parte das vítimas con

[440] Javier Rodrigo, "Guerra al civil...", 160.

[441] O cálculo a nivel estatal aparece en: José Babiano et al., *Verdugos impunes*..., 95. Polo que se refire a Galiza, o peso porcentual do executados sen sentenza aparece en: Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces...", 95.

USC

resultado de morte que temos clasificadas morreron mentres cumprían unha pena de prisión. Ditos falecementos, como explicamos, foron responsabilidade dos golpistas e moitos deles consecuencia das pésimas condicións das cárceres nas que se atopaban estes internos. Con todo, non podemos englobar as súas mortes nunha mesma categoría xunto cos asasinatos.

Deste xeito, en vista da clasificación en 3 grupos que formulamos no apartado de metodoloxía do presente traballo, as persoas propiamente asasinadas correspóndense co conxunto de individuos que incluímos dentro do Grupo III. Estes, sen ter en conta as excepcións comentadas, correspóndese cun total de 3682 vítimas para o conxunto da Galiza, 310 para a provincia de Lugo e 85 para a nosa zona de estudo preferente. Sobre estas cifras, a comparación entre executados e asasinados, amosa que o peso porcentual dos executados foi superior. Así, a nivel galego, os asasinados con sentenza supoñen o 39,65% do total de vítimas mortais incluídas no Grupo III. Dentro da Provincia de Lugo a porcentaxe é do 38,71%. Por último, na nosa de estudo, os executados correspóndese co 43,53% do total de asasinados a raíz da Sublevación.

Este matiz, segundo a nosa análise, é importante á hora de determinar cales foron os mecanismos empregados para a eliminación física de persoas tras o Golpe. Tamén, para estudar o nivel de organización da violencia e analizar aos individuos implicados nesta.

O discurso tradicional sobre a violencia golpista adoita distinguir 2 fases na cronoloxía dos asasinatos, tal e como introducimos anteriormente. A primeira delas foi denominada a da "violencia en quente" e caracterizouse pola existencia de asasinatos masivos que non buscaron ser xustificados en base á aplicación dunha sentenza de pena capital. Dita etapa, durou uns meses, até o outono de 1936[442].

Posteriormente, segundo algúns autores, os sublevados apostaron por encadrar as súas políticas de eliminación física de persoas a través dos xuízos sumarísimos, o que se que traduciu na substitución dos "paseos" polas "execucións"[443]. Con todo, segundo sinalan, a inexistencia de condenas a pena de morte para os primeiros asasinados non significa que non existise un control

[442] Julián Casanova, "Rebelión y revolución...", 159.
[443] Javier Rodrigo, *Hasta la raíz...*, 93.

efectivo por parte das autoridades sublevadas sobre os distintos crimes perpetrados[444].

En Galiza, como xa sinalamos, as investigacións publicadas desde comezos do século XXI confirmaron o carácter controlado da violencia. Porén, cuestionaron a división desta en 2 fases, en función da tipoloxía dos asasinatos. Deste xeito, apuntaron que as execucións e os asasinatos sen sentenza discorreran de xeito paralelo no tempo, tal e como demostra a existencia de fusilamentos en aplicación da pena de morte desde os primeiros momentos tras o Golpe[445].

6.1.1. As execucións no norte da provincia de Lugo

Nos concellos que compoñen a nosa área de estudo preferente rexistramos un total de 38 execucións, fronte ás 37 que figuran en Nomes e Voces. Do total de persoas executadas, sabemos que 18 eran veciñas de concellos pertencentes ao partido xudicial de Ribadeo. As 20 restantes estaban censadas en municipios que se atopaban integrados dentro do partido xudicial de Viveiro.

6.1.1.1. As execucións no partido xudicial de Ribadeo

En 1936, o partido xudicial de Ribadeo estaba formado por 5 concellos, tal e como dixemos anteriormente: Barreiros, Ribadeo, Trabada, Vilaoudrid e Vilameá. Dentro destes, as execucións concentráronse en 3 municipios, os cales, coinciden cos lugares onde se rexistraran resistencias ao Golpe. Estes foron Ribadeo, Vilaoudrid e Vilameá. Os 2 últimos, na actualidade, forman parte do concello da Pontenova. Tendo isto en conta decidimos analizar as execucións que afectaron aos veciños de Vilameá e Vilaoudrid dun xeito conxunto.

Deste xeito, en primeiro lugar, no concello da Pontenova executouse a un total de 7 veciños a raíz da Sublevación[446]. Todas as sentenzas leváronse a cabo na

[444] Julián Casanova, "Rebelión y revolución...", 86.

[445] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces...", 95.

[446] A listaxe completa de veciños da Pontenova que remataron por ser executados pode consultarse de forma aberta a través da web de Nomes e Voces, concretamente, a través da

cidade de Lugo. 1 dos executados da Pontenova, David Labrador Zuil, foi asasinado a día 21 de novembro de 1936. Posteriormente, en 1937, executouse a 5 veciños máis. 3 deles, Jesús Muruais Gasalla, Ángel Pérez Gándaras e José María Torviso Bermúdez, perderon a vida o 13 de febreiro. Os 2 restantes, Manuel Enríquez Fernández e José María Gallo y Gallo, foron executados o día 29 de abril do citado ano. Finalmente, en 1938 levouse a termo a última execución perpetrada sobre a veciñanza da Pontenova. O afectado foi Antonio Fernández Moirón, que foi executado o día 27 de xaneiro. Os executados da Pontenova foron procesados nun total de 4 causas militares distintas, tal e como figura na Táboa 19.

Táboa 19: causas militares incoadas contra os executados da Pontenova

Causa militar incoada	Executados da Pontenova encartados
Causa 228/36	Jesús Muruais Gasalla, Ángel Pérez Gándaras e José María Torviso Bermúdez.
Causa 1013/36	David Labrador Zuil
Causa 1017/36	Manuel Enríquez Fernández e José María Gallo y Gallo
Causa 1293/37	Antonio Fernández Moirón

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces, así como das seguintes causas militares: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 47, causa 228/36, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 58, causa 1013/36 e causa 1017/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 77, causa 1293/37.

3 destas causas foron instruídas en 1936 e unha en 1937. Con todo, nos 4 casos estamos diante de procesos militares que foron abertos para condenar aos supostos responsábeis das resistencias ao Golpe que tiveran lugar no concello da Pontenova. Estas, como indicamos anteriormente, consistiran, por unha banda, na organización dos preparativos para evitar a toma do poder por parte dos sublevados nos antigos concellos de Vilaoudrid e Vilameá. Por outra banda, os procesados foron sentenciados por considerarse responsábeis de teren

seguinte ligazón: Buscando por vecinanza:"A Pontenova" suceso:Execución - Nomes e Voces [Última visita: 18/01/2023].

organizado unha expedición que fora enviada a Lugo polo comité de defensa da República de ambos municipios.

En 3 das 4 causas, as investigacións comezaron de inmediato. Deste xeito, comprobamos que todos os procesados, coa excepción de Antonio Fernández Moirón, foron detidos entre os meses de xullo e agosto de 1936. No caso de Antonio Fernández Moirón, a súa detención non tivo lugar até o día 30 de setembro de 1937, debido a que o procesado estivera agochado desde a chegada das tropas sublevadas á localidade. Tal decisión, segundo el mesmo declarou, debérase ao medo que collera ante os rumores "*que oyó a varias personas que le decían que iban a matar a todos los que habían pertenecido a las izquierdas*"[447].

O estudo da cronoloxía dos procesos e non só das execucións é importante para cuestionar o relato que defende que as execucións foron unha forma de violencia que só estivo presente a partir dun determinado momento tras o Golpe. Deste xeito, cómpre tomar en consideración que o asasinato en virtude dunha condena a pena capital é só a culminación dun proceso que comeza bastante antes. Con isto, non pretendemos dicir que os asasinatos sen sentenza non tiveran premeditación, como posteriormente explicaremos. Tampouco, que a cronoloxía das execucións se poida explicar atendendo á necesidade de se adaptar aos prazos xudiciais[448].

Así, cómpre termos presente que non estamos ante uns tribunais que conten coas garantías da xustiza democrática. Con todo, non podemos esquecer que existe unha vontade de contar un relato, que se ten que xustificar en declaracións e trámites que obrigan a demorar no tempo os asasinatos. Deste xeito, antes de recibir unha sentenza de pena de morte todo procesado pasaba por un ritual que comezaba coa súa detención, presentación dos cargos, recollida de testemuños, xuízo, sentenza e aplicación da pena[449]. Alén disto, consideramos que na maioría das execucións existiu unha vontade real de selección das vítimas, tal e como explicaremos.

Deste xeito, polo que respecta á Pontenova observamos que 5 dos 7 executados foron procesados en macro causas, onde houbo persoas que recibiron

[447] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 77, causa 1293/37, folios 1 e 1 volto.
[448] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Os verdugos no Golpe...", 32.
[449] Julián Chaves Palacios, *Justicia militar y franquismo. Radiografía de los consejos de guerra* (Hervás (Cáceres): Ediciones del Ambrós, 2017), 63.

USC

condenas menos contundentes[450]. Deste xeito, por unha banda, no procedemento no que resultaron condenados Jesús Muruais Gasalla, Ángel Pérez Gándaras e José María Torviso Bermúdez procesouse formalmente a un total de 26 persoas[451]. Destas, só foron executadas 6, incluíndo aos 3 procesados citados[452]. Pola contra, ditáronse 3 absolucións, 1 condena a 15 de reclusión e 16 sentenzas de cadea perpetua. Por outra banda, na causa militar incoada contra Manuel Enríquez Fernández e José María Gallo y Gallo chegou a se procesar a un total de 16 persoas. Destas ningunha rematou por ser sentenciada á pena capital, alén dos veciños da Pontenova referidos. Pola contra, ditáronse 3 cadeas perpetuas, 6 sobresementos provisorios, 1 sobresemento por morte e a declaración en rebeldía de 4 dos encartados.

Finalmente, no concello de Ribadeo executouse a un total de 11 veciños a raíz do Golpe. 9 deles figuran como "executados" na base de datos de Nomes e Voces. Nestes casos, as súas sentenzas foron aplicadas dentro das fronteiras da actual comunidade autónoma galega, nas cidades de Lugo e Ferrol[453]. Pola súa banda, Elías Soliño Medín, foi executado fora de Galiza, na localidade asturiana de Castropol[454]. Alén destes, atopamos que Dositeo Álvarez Seivane, que figura como "paseado" en Nomes e Voces, foi asasinado en aplicación dunha sentenza de pena capital[455].

Con respecto á cronoloxía das distintas sentenzas sabemos que 5 dos executados ribadenses foron asasinados en 1936, 4 en 1937, 1 en 1938 e outro en

[450] Deste xeito, os procesados Jesús Muruais Gasalla, Ángel Pérez Gándaras, José María Torviso Bermúdez, Manuel Enríquez Fernández e José María Gallo y Gallo foron condenados en causas militares onde se investigou a máis varias ducias de persoas.

[451] Alén destes investigouse a bastantes máis persoas cuxos interrogatorios aparecen ao longo da citada causa militar.

[452] As outras 3 persoas que foron condenadas a morte foron os lugueses Alberto Cordero Marión e Jesús Cigarrán Campos, alén do veciño do concello asturiano de Vegadeo Julio Riera Álvarez.

[453] A listaxe dos 9 veciños de Ribadeo clasificados dentro do "suceso" "execución" poden consultarse de xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a partir da seguinte ligazón: Buscando por vecinanza:Ribadeo suceso:Execución - Nomes e Voces [Última visita: 18/01/2023].

[454] A súa ficha pode consultar se xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Buscando por elías soliño medín - Nomes e Voces [Última visita: 18/01/2023]. A certificación da súa execución aparece en AIMNOR, fondo Asturias, caixa 88, causa 621/37, folio 16.

[455] A ficha de Dositeo Álvarez Seivane pode ser consultada de xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente a través da seguinte ligazón: Buscando por Dositeo Álvarez Seivane - Nomes e Voces [Última visita: 21/01/2023]. Os datos de Nomes e Voces aparecen corrixidos en Xabier Buxeiro Alonso, "Os verdugos e a sociedade...", 187.

1941. Os primeiros 2 veciños de Ribadeo que foron asasinados en aplicación dunha sentenza de pena capital foron os carabineiros Ramón Lorenzo Fernández e Antonio Trujillo Rodero, que perderon a vida en Lugo o día 24 de outubro de 1936. Posteriormente, dentro do mesmo ano, foron executados, a día 29 de decembro de 1936, Fernando Bellón Fernández, Antonio Fernández Sánchez e Luciano Martínez Piñeiro. Logo, en 1937, executouse, o 24 de febreiro, a Dositeo Álvarez Seivane. Nese mesmo ano, asasinouse a Manuel Soliño Medina, o día 10 de xullo. Posteriormente, Faustino Penedo García foi privado da súa vida a dia 13 de setembro de 1937 e Elías Soliño Medín o día 13 de decembro. Por último, Antonio García Fernández foi executado o 12 de xullo de 1938 e Aurelio Fernández Fernández o 24 de abril de 1941.

Os 11 executados foron procesados nun total de 8 causas diferentes, tal e como se amosa na Táboa 20. Destas, só 2 foron incoadas en 1936. Con todo, nelas procesouse a un total de 5 dos 11 executados do concello. Isto supón unha porcentaxe do 45.45% sobre o total.

Táboa 20: causas militares incoadas contra os procesados de Ribadeo

Causa militar incoada	Executados de Ribadeo encartados
Causa 190/36	Ramón Lorenzo Fernández e Antonio Trujillo Rodero
Causa 309/36	Fernando Bellón Fernández, Antonio Fernández Sánchez e Luciano Martínez Piñeiro
Causa 81/37	Dositeo Álvarez Seivane
Causa 301/37	Antonio García Fernández
Causa 621/37	Elías Soliño Medin
Causa 689/37	Faustino Penedo García
Causa 699/37	Manuel Soliño Medina
Causa 32/38	Aurelio Fernández Fernández

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces, así como das seguintes causas militares: ANFER, caixa 189, causa 32/38; AIMNOR, fondo Asturias, caixa 88, causa 621/37; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 190/36; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causas 689/37 e 699/37; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 64, causa 81/37; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 309/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 301/37.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sexa como for, a data de incoación das causas non pode levar a confusións acerca dos argumentos empregados polos sublevados para a xustificación das condenas, as cales, xiraron, case sempre, ao redor das resistencias ao Golpe, que tiveran lugar na vila de Ribadeo o día 23 de xullo de 1936. As únicas excepcións son 2. En primeiro lugar, a de Faustino Penedo García, que foi executado após ser acusado de tentar convencer a unha serie de alumnos do instituto de Ribadeo, no que traballaba como bedel, de que non se alistaran para combater cos rebeldes na Fronte de Asturias[456]. En segundo lugar, a de Aurelio Fernández Fernández, que foi sentenciado á pena capital pola súa participación na resistencia armada contra o Golpe na zona de Valencia, onde residía[457].

Pola contra, atopamos que Ramón Lorenzo e Antonio Trujillo foron sentenciados á pena de morte por teren liderado as resistencias protagonizadas polo corpo de carabineiros de Ribadeo. Deste xeito, foron detidos xa no mesmo día no que se produciu a entrada das tropas[458]. No caso de Antonio Fernández Sánchez, Fernando Bellón Fernández e Luciano Martínez Piñeiro a sentenza a pena capital foi xustificada en base ao seu papel destacado na oposición ás forzas golpistas que tivera lugar na vila de Ribadeo. Deste xeito, Antonio Fernández Sánchez foi caracterizado como "*extremista peligroso*" e responsábel de ter formado parte "*del grupo que se incautó del Hotel Lamas e hizo fuego desde la terraza de este contra las fuerzas nacionales*". Pola súa banda Fernando Bellón Fernández foi considerado culpábel de ter feito oposición coas armas ao exército golpista. Por último, Luciano Martínez Piñeiro foi condenado en base á argumentación de que tiña tomado parte activa nos "sucesos revolucionarios", como presidente da sociedade obreira "Germinal", alén de considerarse responsábel de "*incautarse coactivamente de pescado que remitió a otros pueblos*"[459].

Nas causas incoadas en 1937 as razóns esgrimidas polos verdugos golpistas para xustificar os asasinatos foron as mesmas. O motivo de que os procesos xudiciais se incoen máis tarde explícase, por unha banda, pola fuxida a Asturias de parte dos procesados. Cómpre ter presente o carácter fronteirizo de Ribadeo, factor que posibilitou que algúns dos veciños que se destacaran nas resistencias

[456] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 689/37, folio 25.
[457] ANFER, caixa 189, causa 32/38, folios 105 e 105 volto.
[458] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 190/36. As súas detencións figuran no atestado polo que da comezo a causa. A sentenza de pena capital atópase localizada entre os folios 161 e 163 volto.
[459] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 309/36, folio 145, 145 volto e 146.

USC

ao Golpe decidisen marchar á zona controlada polo goberno da República. Así, Dositeo Álvarez Seivane permaneceu en liberdade até o 24 de decembro de 1936. Do mesmo xeito, Elías Soliño Medín non foi detido até finais do ano 1937. Finalmente, Antonio García Fernández puido evitar ser atrapado até comezos do ano 1938. Con todo, as súas sentenzas foron xustificadas, en parte, pola súa participación nos actos de oposición á Sublevación en Ribadeo[460].

Por outra banda, temos o caso de Manuel Soliño Medina, a quen lle foi incoada unha causa por atraco que acabou derivando no delito de rebelión militar. Esta mudanza argumentouse en base ao perfil dereitista da persoa atracada: José Rico Trabada, así coma no feito de que Manuel Soliño tivera tomado parte activa na resistencias ao Golpe en Ribadeo[461]. A acusación sobre a participación de Manuel Soliño nos actos de resistencias armada ao Golpe basease en datos reais (aínda que manipulados), tal e como demostra a súa primeira detención o día 23 de xullo de 1936[462].

Por último, polo que respecta as execucións perpetradas contra veciños de Ribadeo, podemos sinalar, ao igual que fixemos na Pontenova, que os ribadenses asasinados en aplicación dunha sentenza de pena capital foron unha minoría con respecto ao total de procesados do concello e, en ocasións, tamén con respecto aos encartados dentro das propias causas militares que lles foron incoadas.

Deste xeito, dentro das procesos xudiciais militares que non son individuais, atopamos que Dositeo Álvarez Seivane foi condenado a morte xunto con outras 3 persoas. Con todo, houbo outros 2 procesados que puideron conservar a súa vida, após seren condenados á cadea perpetua. Este é o único caso, dentro das causas incoadas contra veciños de Ribadeo, onde os executados foron maioría. Dentro do proceso no que foron sentenciados á pena capital os ribadenses Fernando Bellón Fernández, Antonio Fernández Sánchez e Luciano Martínez Piñeiro, só se ditou 1 sentenza a pena capital máis. Pola contra, houbo 4 persoas que non recibiron condena por ser asasinadas sen sentenza e outras 3 que

[460] A sentenza de Dositeo Álvarez Seivane atópase en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 64, causa 81/37, do folio 118 ao 119 volto. A condena de Antonio García Fernández AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 301/37, folio 94 e 94 volto. Por último, a sentenza de Elías Soliño Medín localízase en AIMNOR, fondo Asturias, caixa 88, causa 621/37, folios 11 e 11 volto.

[461] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 699/37, folio 92.

[462] A primeira detención de Manuel Soliño Medina pode comprobarse a través da declaración que realizou, en calidade de detido, o día vinte e nove de xullo de 1936. Esta localízase en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 47, causa 228/36, folio 25 e 25 volto.

remataron por seren penadas coa cadea perpetua. Alén destes, Manuel Soliño Medina foi sentenciado á pena capital nunha causa militar na que houbo outras 2 procesadas que remataron sendo postas en liberdade sen condena.

Por último, Ramón Lorenzo Fernández e Antonio Trujillo Rodero foron os únicos condenados a morte dentro dunha causa na que se procesou a 43 carabineiros do posto de Ribadeo. Neste proceso, houbo 4 procesados que foron sentenciados a cadea perpetua, 1 que foi condenado a 8 anos de prisión, 17 que foron sentenciados a 6 anos de reclusión, 10 cuxos casos foron sobresidos e 9 que remataron sendo absoltos. En ningún caso, como vemos, houbo máis sentenzas á pena capital. Isto resulta especialmente interesante se temos en conta que o máximo responsábel do posto de carabineiros de Ribadeo, Rafael Pérez Aleixandre, puido conservar a súa vida, posibelmente por non ter participado nas resistencias do día 23 de xullo e retirarse á súa casa, após alegar unha suposta enfermidade, tal e como figura na súa propia sentencia[463].

6.1.1.2. As execucións no partido xudicial de Viveiro

En 1936, o partido xudicial de Viveiro estaba formado por 6 concellos, tal e como dixemos anteriormente. Estes eran: Cervo (que incluía ao actual municipio de Burela), Muras, O Vicedo (chamado Riobarba naquela altura), Ourol, Viveiro e Xove. Dentro da veciñanza destes concellos, rexistráronse execucións en Cervo, Muras, Ourol e Viveiro. A distribución dos asasinatos con sentenza é claramente desigual e concorda coa distribución dos actos de oposición armada ao Golpe na zona. Deste xeito, cómpre lembrar que dentro do partido xudicial de Viveiro só se chegaron a constituír 2 comités locais para a defensa da República: en Cervo e Viveiro. Destes, o máis importante foi o constituído na capital do Partido.

O comité para a defensa da República de Viveiro organizou requisas de armas fora das fronteiras do municipio, concretamente, nos concellos de Muras e Ourol. Finalmente, a súa disolución tivo lugar após á chegada das tropas golpistas enviadas desde Lugo. Os enfrontamentos non revestiron a gravidade dos

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[463] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 190/36, do folio 161 ao 163 volto.

rexistrados na Pontenova e Ribadeo. Con todo, foron os terceiros en importancia a nivel da nosa área de estudo.

Polo que respecta ás execucións rexistradas nos distintos municipios, atopamos, en primeiro lugar, que no concello de Cervo se executou a un total de 3 veciños a raíz do Golpe. En todos os casos, as execucións tiveron lugar no ano 1936. 2 destas persoas, Benito Colín Veiga e José María Correa Miranda, eran veciñas do actual concello de Cervo. A terceira, Emilio Pardo Otero, residía en Burela. Emilio Pardo Otero foi executado sen xuízo o día 27 de setembro de 1936. O seu "delito" foi facer parte da tripulación do vapor Udondo. Dita embarcación foi apresada polo Bou Tritonia a unhas 10 millas ao norte da cidade de Xixón, o 12 de setembro de 1936, segundo informou o xefe da base naval de Ribadeo Fernando Parga Rapa. Posteriormente, os seus tripulantes foron investigados e finalmente executados por orde do auditor xefe da Base Naval de Ferrol: José García Renduelles Gutiérrez[464].

Deste xeito, pode afirmarse que a condena a morte e execución de Emilio Pardo Otero non tivo relación cos actos de oposición ao Golpe que tiveron lugar, no seu concello de orixe, en xullo de 1936. Isto supón unha importante diferenza cos outros 2 asasinados con sentenza de Cervo: Benito Colín Veiga e José María Correa Miranda. Estes eran, respectivamente, o alcalde e o secretario municipal. Benito Colín, foi detido o día 25 de xullo de 1936. José María Correa Miranda o 8 de agosto. Ambos foron sentenciados á pena capital o 28 de novembro de 1936 e executados, en Lugo, 1 mes despois, o día 10 de decembro do citado ano.

A súa sentenza xustificouse no argumento de que ambos procesados foran os dirixentes do comité para a defensa da República que se formara na localidade, o cal, como xa sinalamos ao falar do Golpe de 1936 no concello de Cervo, realizara diversos preparativos para se opoñer á Sublevación, incluíndo a requisa de armas[465]. Dentro da causa que lles foi incoada foron procesados outros 13 veciños de Cervo. 6 destes foron sentenciados a cadea perpetua, outros 5 a 15 anos de reclusión e, finalmente, 2 recibiron unha condena de 12 anos de prisión.

Deste xeito, en Cervo, ao igual que noutros concellos analizados, certificamos que os executados foron unha minoría, tanto con respecto ao total de procesados do concello, como con respecto ao resto de encartados dentro da causa militar

[464] ANFER, caixas 2064 e 2065, causa 22/36.
[465] AIMNOR, caixa 47, fondo Lugo, causa 222/36, do folio 364 ao 365 volto.

que lles foi incoada. Alén disto, observamos, a través das datas de inicio dos procesos xudiciais nos que recibiron condena, que a súa persecución comezou aos poucos días da instalación da autoridades golpistas no municipio.

En segundo lugar, no concello de Muras executouse a 1 só veciño a raíz do Golpe. Este foi Antonio Lafuente Jiménez. O seu asasinato perpetrouse en Lugo, o día 29 de xaneiro de 1937. Con todo, o proceso xudicial que lle foi incoado comezou antes. Deste xeito, sabemos que foi detido a día 17 de setembro de 1936, por orde do comandante do Posto da Garda Civil do seu concello, após ter recibido unha denuncia emitida pola Falanxe. A súa condena, xustificouse na colaboración do procesado cos membros do comité para a Defensa da República do concello de Viveiro, cando foran facer requisas de armas ao termo municipal de Muras. Na sentenza sinalouse que Antonio Lafuente Jiménez fora chamado a colaborar polos propios resistentes de Viveiro, a raíz do seu perfil de dirixente socialista da localidade. Alén disto, sinalouse que o procesado seguira facendo gala das súa ideas políticas após a Sublevación[466]. Por último, polo que respecta ás execucións no concello de Muras, cómpre sinalar que, dentro da causa que lle foi incoada a Antonio Lafuente Jiménez, foron procesadas outras 13 persoas. Porén, ningunha delas chegou a ser sentenciada á pena capital. Así, 10 destes procesados foron sentenciados a cadea perpetua e os outros 3 a 12 anos de reclusión.

En terceiro lugar, no concello de Ourol executouse tamén a 1 só veciño a raíz do Golpe. Este foi José Fernández Fernández. O seu asasinato perpetrouse en Lugo, o día 9 de xullo de 1937. A causa na que foi condenado instruíuse o 20 de marzo do citado ano e súa detención tivo lugar 5 días despois. Con todo, os feitos a investigar, "o roubo de dinamita a Tomás Chao Rodríguez" e a participación en actos de requisa de armas, tiveran supostamente lugar o 23 de xullo de 1936, no marco dos actos de oposición ao Golpe organizados na zona polo comité da defensa da República de Viveiro. O feito de que o procesado conservara a liberdade até o ano 1937 explícase pola súa fuxida. Segundo el mesmo declarou ao ser detido, estivera agochado tras o Golpe, en ocasións na súa casa, outras na da súa nai e a maioría do tempo no monte[467]. A pertinencia súa da sentenza de pena capital foi xustificada en base á suposta participación da vítima nas accións

[466] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 50, causa 801/36 e 906-907/36, do folio 340 ao 341 volto.
[467] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 354/37, folio 10 volto.

de oposición armada ao Golpe que tiveran lugar na comarca de Viveiro[468]. Por último, cómpre sinalar que dentro da causa militar na que resultou condenado procesouse a outras 7 persoas. 1 destas foi condenada a 20 anos de reclusión, 3 recibiron unha pena de 12 anos de prisión e 2 foron absoltas. Por último, o procesado José Temblás Paz foi declarado rebelde, ao non poder ser atopado polas autoridades sublevadas.

Finalmente, no concello de Viveiro executouse a un total de 15 veciños a raíz do Golpe[469]. 14 deles foron asasinados na cidade de Lugo e 1 na cidade da Coruña. Con respecto á cronoloxía das súas mortes, atopamos que 8 foron executados en 1936. Os 7 restantes, remataron sendo fusilados durante o ano 1937. Os 15 executados de Viveiro foron procesados nun total de 9 causas diferentes, tal e como se amosa na Táboa 21. Destas, 7 foron incoadas en 1936. Nese mesmo ano foron executados: Ángel Fraga Orosa, Ángel Varela Freijeiro, César Parapar Sueiras, Javier Victoriano Soto Valenzuela, Juan Antonio Martínez Corral, Manuel Guerreiro Rivera, Manuel Timiraos Cervo e Segundo Arias Rey. Posteriormente, en 1937, aplicóuselle a pena de morte a Agustín Rouco Vilar, Balbino Cerdeiras Rey, Eloy Prieto Fernández, Emilio Manuel Timiraos Cervo, Jesús Bellas Cao, José Vázquez Liz e Marcelino Albo Meitín.

[468] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 354/37, folios 111 e 111 volto.

[469] A listaxe completa de veciños de Viveiro executados a raíz do Golpe de Estado de 1936 pode consultarse de xeito aberto a través da web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Buscando por vecinanza:Viveiro suceso:Execución - Nomes e Voces [Última visita: 23/01/2023].

Táboa 21: causas militares incoadas contra os executados de Viveiro

Causa militar incoada	Executados de Viveiro afectados
Causa 212/36	Balbino Cerdeiras Rey e José Vázquez Liz.
Causa 581/36	Juan Antonio Martínez Corral
Causa 814/36	Ángel Fraga Orosa, César Parapar Sueiras, Javier Victoriano Soto Valenzuela e Segundo Arias Fernández.
Causa 839/36	Manuel Timiraos Cervo
Causa 903/36	Agustín Rouco Villar
Causa 949/36	Emilio Manuel Timiraos Cervo e Marcelino Albo Meitín
Causa 984/36	Ángel Varela Freijeiro e Manuel Guerreiro Rivera
Causa 45/37	Eloy Prieto Fernández
Causa 666/37	Jesús Bellas Cao

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces así como das seguintes causas militares: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 55, causa 903/36; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causas 814/36 e 984/36; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 45, causa 212/36; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 64, causa 45/37; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 949/36; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 666/37; AIMNOR, fondo Coruña, caixa 8, causa 581/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 839/36.

Con independencia da data de execución de cada unha destas persoas sabemos que os seus procesos persecutorios comezaron bastante antes. Deste xeito, coñecemos a data exacta na que se produciu a detención de 7 destes asasinados. Así, sabemos que Marcelino Albo Meitín, Segundo Arias Pérez e José Vázquez Liz foron detidos durante o mes de agosto de 1936[470]. O mes seguinte foron apresados Manuel Timiraos Cervo e Ángel Varela Freijeiro[471]. O 23 de outubro foi detido Emilio Manuel Timiraos Cervo[472]. Posteriormente, en decembro dese mesmo ano, foi apresado, por orde da Falanxe, Eloy Prieto Fernández[473]. Por último, Jesús Bellas Cao rematou por ser detido o día 14 de abril

[470] As súas detencións figuran en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 810/36, folio 1, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 814/36, 38 volto e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 45, causa 212/36, folio 260.

[471] As súas detencións figuran en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 839/36, do folio 1 ao 7 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 984/36, folio 2.

[472] A súa detención figura en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 45, causa 212/36, folio 565.

[473] A súa detención figura en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 249/36, folio 6.

de 1937[474]. Até ese momento estivera agochado e fora investigado en varios procesos militares abertos a consecuencia do Golpe[475].

No caso dos 7 executados de Viveiro restantes non coñecemos as súas datas de detención. Con todo, sabemos que realizaron declaracións en calidade de inculpados durante o ano 1936. Deste xeito, sabemos que Juan Antonio Martínez Corral declarou en calidade de inculpado a día 28 de xullo de 1936[476]. Menos dun mes despois, o día 25 de agosto, fixeron o mesmo César Parapar Sueiras, Balbino Cerdeiras Rey, Javier Victoriano Soto Valenzuela e Ángel Fraga Orosa[477]. Finalmente, comprobamos que Manuel Guerreiro Rivera declarou en calidade de inculpado a día 30 de setembro de 1936 e que Agustín Rouco Villar tivo que facer o mesmo o día 26 de outubro do citado ano[478].

Deste xeito, comprobamos que os veciños de Viveiro que remataron por ser executados após o Golpe foron detidos e/ou investigados desde os primeiros momentos após a instalación das novas autoridades. Isto permítenos partir da hipótese de que as súas sentenzas estiveron en relación directa cos actos de resistencia que tiveron lugar no concello após o inicio da Sublevación militar no Estado. Esta sospeita puido ser comprobada mediante a análise das xustificacións sobre as que se ditaron as diferentes condenas a morte. Deste xeito, sabemos que 11 dos procesados foron condenados a consecuencia de participaren en supostos actos de oposición ao Golpe na zona de Viveiro[479]. Nos 4 casos restantes, as acusacións centráronse no feito de que os procesados se desprazaran até a cidade

[474] A súa detención figura en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 666/37, do folio 1 ao folio 4.
[475] Jesús Bellas aparece como formalmente investigado en cinco causas máis alén da que contén a súa condena a morte. Todas elas foron incoadas ao longo do ano 1936: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causas 814/36, 976/36 e 984/36. AIMNOR, fondo Lugo, caixa 55, causas 851/36 e 903/36.
[476] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 8, fondo Coruña, causa 581/36, folio 2.
[477] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 814/36, folios 25, 26, 27 e 29.
[478] A declaración de Agustín Rouco figura en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 55, causa 903/36, folio 138. A declaración de Manuel Guerreiro aparece en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 984/36, folio 30.
[479] Estes foron Balbino Cerdeiras Rey, José Vázquez Liz, Juan Antonio Martínez Corral, Ángel Fraga Orosa, César Parapar Sueiras, Javier Victoriano Soto Valenzuela, Segundo Arias Fernández, Manuel Timiraos Cervo, Emilio Manuel Timiraos Cervo, Marcelino Albo Meitín, Eloy Prieto Fernández e Jesús Bellas Cao. As súas sentenzas aparecen en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 814/36, do folio 243 ao 244 volto; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 45, causa 212/36, do folio 739 ao 740; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 64, causa 45/37, folio 127; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 949/36, folio 248 e 248 volto; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 666/37, folio 56 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 839/36, do folio 66 ao 67 volto.

da Coruña para apoiar aos grupos que tentaban resistir o trunfo da Sublevación[480].

Por último, sobre a relación entre os veciños de Viveiro executados e o resto de procesados, dentro das causas nas que remataron por ser condenados á pena capital, atopámonos coa mesma situación que nos concellos previamente analizados. Deste xeito, dos 15 executados o único que foi sentenciado dentro dunha causa na que non se chegou a procesar a ninguén máis foi Jesús Bellas Cao. Con todo, como dixemos, a Jesús Bellas incoáronselle outros procesos xudiciais con carácter previo nos que si atopamos outros moitos encartados.

Así, en primeiro lugar, Balbino Cerdeiras Rey e José Vázquez Liz foron condenados nunha causa na que se procesou a outras 25 persoas. Ningunha delas rematou sendo sentenciada a morte. Deste xeito, ditáronse 19 cadeas perpetuas, 2 sentenzas de 20 anos de reclusión, 1 de 15 anos cárcere e 3 de 12 anos de prisión.

En segundo lugar, Juan Antonio Martínez Corral foi sentenciado á pena capital dentro dun proceso xudicial no que se procesou a outras 4 persoas. Destas, 1 foi condenada a morte, outra a cadea perpetua e as outras 2 remataron vendo sobresido o seu caso.

En terceiro lugar, Ángel Fraga Orosa, César Parapar Sueiras, Javier Victoriano Soto Valenzuela e Segundo Arias Fernández foron sentenciados dentro dunha causa militar na que procesou a outras 14 persoas. 2 destas foron condenadas á pena morte e outra a cadea perpetua. Outros 3 procesados foron sentenciados, respectivamente, a 20, 15 e 12 anos de prisión. Finalmente, os 8 encartados restantes foron declarados rebeldes.

En cuarto lugar, Manuel Timiraos Cervo foi condenado a morte dentro dunha causa na que se procesou a outras 4 persoas. 3 delas recibiron unha sentenza de 15 anos de prisión e outra unha condena de 12 anos.

En quinto lugar, Agustín Rouco Villar foi sentenciado á pena capital dentro dunha causa militar na que se rexistraron outros 36 encartados. 2 deles foron condenados a morte e outros 13 a cadea perpetua. Alén destes, atopamos unha

[480] Estes foron Agustín Rouco Villar, Juan Martínez Corral, Ángel Varela Freijeiro e Manuel Guerreiro Rivera. As súas sentenzas aparecen en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 55, causa 903/36, do folio 277 ao 279; AIMNOR, fondo Coruña, caixa 8, causa 581/36, folio 123; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 984/36, do folio 101 ao 102 volto.

condena a 20 anos de reclusión, 8 sentenzas de 15 anos de prisión, 1 de 8 anos e outra de 3. Por último, 10 dos procesados foron declarados en situación de rebeldía.

En sexto lugar, Emilio Manuel Timiraos Cervo e Marcelino Albo Meitín foron condenados a morte nun proceso militar no que compartiron acusación con outras 5 persoas. Destas, 2 recibiron unha sentenza de cadea perpetua e outras 2 remataron por ser absoltas. Finalmente, o último dos procesados foi declarado rebelde.

En sétimo lugar, Ángel Varela Freijeiro e Manuel Guerreiro Rivera recibiron unha sentenza de pena capital dentro dunha causa militar na que se procesou a outras 11 persoas. Destas, 1 rematou sendo condena a morte e 2 a cadea perpetua. Outro dos procesados recibiu unha condena de 20 anos de reclusión e outro rematou sendo absolto. Por último, houbo un encartado cuxo caso foi sobresido e 5 procesados que foron declarados en rebeldía.

Finalmente, en oitavo e último lugar, Eloy Prieto Fernández foi condenado a morte nun procedemento militar onde se procesou a 9 persoas, alén do veciño de Viveiro citado. Destas, 1 foi condenada a 15 anos de prisión e outra a 12. Os 7 encartados restantes viron os seus casos sobresidos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.2. As execucións no espazo e no tempo


O estudo das execucións nos distintos concellos axuda a entender os porqués dunha idea que expresamos anteriormente: as execucións en Galiza foron unha minoría se as comparamos co total de vítimas mortais da violencia sublevada. Así, á vista dos datos presentados a partir do noso estudo no norte da Provincia de Lugo, podemos argumentar que estamos ante unha realidade que deriva, en gran parte, do nivel de concentración das execucións dentro do territorio. Deste xeito, o número de municipios nos que a súa veciñanza non se viu afectada polos asasinatos con sentenza ascende a 163. Isto, con respecto ao número de 313 concellos que existen en Galiza, supón unha porcentaxe do 52,1%. Por tanto, podemos afirmar que en máis da metade dos concellos galegos non se aplicou ningunha sentenza de pena morte ás súas veciñas e veciños.

Dita realidade, supón unha significativa diferenza con respecto ao número de concellos nos que non se rexistraron vítimas mortais a raíz do Golpe. Deste xeito, sabemos que o número de municipios galegos nos que non se computou o falecemento de ningunha veciña ou veciño, a raíz da Sublevación militar do 18 de xullo de 1936, foi de 68. Este valor, tradúcese nunha porcentaxe do 21,7% con respecto ao total.

O mesmo acontece se realizamos a comparación entre o número de concellos nos que se produciron execucións fronte á cantidade de municipios nos que computamos vítimas pertencentes ao Grupo III. Dito conxunto, como explicamos, inclúe aos individuos directamente asasinados polas autoridades sublevadas. Así, sabemos que houbo 79 concellos nos que non se produciron este tipo de mortes. Tal valor, en relación co conxunto de municipios galegos, tradúcese nunha porcentaxe do 25,23% con respecto ao total. A explicación destes datos cómpre buscala no feito de que os asasinatos sen sentenza tiveron unha maior expansión territorial que os asasinatos con sentenza, tal e como explicaremos con posterioridade dun xeito máis extenso e tal e como se deduce da comparación dos Mapas 4 e 5.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mapa 4: concellos con e sen executados a raíz do Golpe de Estado (1936-1943)



Fonte: elaboración propia

Mapa 5: concellos con e sen asasinados (Grupo III) a raíz do Golpe de Estado (1936-1947)



Fonte: elaboración propia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En relación co expresado a través dos Mapas 4 e 5 podemos realizar unha comparativa entre os 10 concellos con máis executados e os 10 municipios con máis asasinados sen sentenza, tal e como se amosa nas Táboas 22 e 23.

Táboa 22: concellos con maior número de veciñas e veciños executados (dentro e fora de Galiza) (1936-1943)

Concello	Executadas e executados (de maior a menor)	Asasinadas e asasinados sen sentenza
Ferrol	114	130
A Coruña	87	177
Vigo	57	284
Pontevedra	39	27
Ourense	37	57
Tui	36	36
Santiago de Compostela	23	17
Marín	16	5
Viveiro	15	8
Vilamartín de Valdeorras	15	13

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 23: concellos con maior número de veciñas e veciños asasinados sen sentenza (1936-1947)

Concello	Asasinadas e asasinados sen sentenza (de maior a menor)	Executadas e executados
Vigo	284	57
A Coruña	177	87
Ferrol	130	114
Ourense	57	37
Vilagarcia de Arousa	41	11
Tui	36	36
O Porriño	35	2
Cangas	35	10
Fene	28	12
Pontevedra	27	39

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

A comparativa entre ambas táboas amosa que existe un cambio en 4 dos 10 concellos con maior número de vítimas, segundo a tipoloxía na que nos centremos. Tamén, que a posición relativa de 4 dos 6 municipios que repiten en ambas táboas muda, coa excepción da Coruña e Tui, que se manteñen, respectivamente, no segundo e sexto lugar.

Alén disto, é moi interesante que as execucións só superen aos asasinatos con sentenza dentro dos municipios con menor número de persoas asasinadas en aplicación da pena capital dentro da nosa lista. Deste xeito, en Ferrol, Coruña, Vigo, Pontevedra e Ourense rexistráronse sempre máis asasinatos sen sentenza que execucións, malia seren os municipios cun maior número de veciñas e veciños asasinados en aplicación da pena capital.

Sexa como for, se deixamos atrás a análise espacial para centrarnos no plano temporal tamén podemos extraer conclusións interesantes. Deste xeito, con respecto á distribución das execucións ao longo do tempo, a análise realizada dentro da nosa zona de estudo pon claramente de manifesto que os asasinatos con sentenza foron unha forma de violencia que estivo presente desde os primeiros momentos após a Sublevación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así, das 37 execucións rexistradas na nosa zona de estudo atopamos que 17 tiveron lugar no ano 1936, o que supón unha porcentaxe do 45,94% con respecto ao total de asasinatos con sentenza. Este dato resulta bastante elocuente. Con todo, o que pon de manifesto o noso estudo é que os procedementos xudiciais que levaron ás execucións comezaron bastantes antes. Deste xeito, se analizamos a data de incoación das causas militares nas que os executados do norte da Provincia de Lugo recibiron a súa sentenza, comprobaremos que 28 dos 38 condenados foron procesados en procedementos xudiciais incoados no ano 1936. Isto supón unha porcentaxe do 73,68% con respecto ao total.

Máis iso non é todo, dado que, como ilustramos a través do caso do veciño de Viveiro Jesús Bellas Cao, o feito de que ser condenado nunha causa militar aberta con posterioridade a 1936 non significa que a vítima non fose formalmente investigada con anterioridade. Deste xeito, se analizamos o conxunto dos executados galegos atopamos que 568 persoas, dun total de 1460, foron asasinadas durante o ano 1936, o que supón unha porcentaxe do 38,9%.

Porén, cómpre ter en conta que houbo 632 executados galegos que estiveron procesados en causas abertas en 1936, independentemente da súa data de morte. Isto, con respecto ao total de 1460 persoas que foron asasinadas sen sentenza, tradúcese nunha porcentaxe do 43,29% do total. Non obstante, este cálculo ten un carácter problemático dado que existen 555 executados que non teñen asignada unha causa militar na base de datos de Nomes e Voces. Por tanto, se realizamos a comparación cos 905 executados que teñen asignado un procedemento xudicial, obteremos que o 69,83% destes aparecen como formalmente investigados en causas militares incoadas no ano 1936.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.3. A selección das vítimas

En base ao explicado, podemos caracterizar as execucións coma un tipo de violencia que afectou a unha minoría das vítimas do Golpe de Estado de 1936. Alén disto, amosamos que os asasinatos con sentenza tiveron unha maior concentración xeográfica que os asasinatos sen sentenza. Tamén, que a distribución das execucións no territorio concorda, polo menos na nosa zona de estudo, coa distribución dos actos de resistencia á Sublevación.

Por último, se realizamos unha análise de xénero sobre os asasinatos perpetrados a raíz do Golpe na Galiza, observaremos unha diferenza clara entre os que se produciron en aplicación dunha sentenza de pena capital e o resto. Deste xeito, dentro do conxunto de 1460 persoas executadas comprobamos que 1452 eran homes e 8 mulleres. Pola contra, se atendemos ás 2222 persoas, que se inclúen no Grupo III de falecidas, cuxas mortes non se produciron após unha condena de pena capital, atopamos un total de 2161 homes e 60 mulleres.

Á vista destes datos, vemos que o grupo das persoas executadas se atopa moito máis masculinizado que o das persoas que remataron por seren asasinadas sen sentenza. Concretamente, calculamos que por cada muller executada existen 182 homes aos que se lles aplicou unha sentenza de pena capital. Fronte a isto, por cada muller que foi asasinada fora dos mecanismos de aplicación da pena de morte atopamos un total de 37 falecidos. Todos estes datos parecen apuntar nunha soa dirección: as autoridades sublevadas non quixeron ou non puideron condenar a morte á maior parte das vítimas que temos rexistradas.

Partindo destes datos, consideramos necesario matizar 2 ideas comúns sobre os asasinatos perpetrados após o Golpe. A primeira destas é que os sublevados tiveron unha política de exterminio baseada en criterios ideolóxicos[481]. Dita idea, deféndese en distintos traballos, entre os cales, cremos que resulta especialmente interesante sinalar a obra de Fernando Mikelarena: *Sin Piedad: Limpieza política en Navarra, 1936. Responsables, colaboradores y ejecutores*. Dito traballo, ten un nivel de rigor e detalle moi elevados e constitúe unha referencia fundamental na presente

[481] A posta en cuestión destes argumentos non é exclusiva desta tese doutoral. A orixe desta idea atópase en: Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces...", 96.

tese doutoral. Porén, na nosa opinión, parte dunha idea que pode levar a confusións.

Deste xeito, Fernando Mikelarena comeza a súa exposición tratando de dotar dun novo significado a expresión "*Navarra fue la primera*", a cal, como sinala, fora empregada durante décadas para subliñar o apoio da sociedade da actual Comunidade Foral ao bando sublevado. Ao redor deste concepto, o autor argumenta que a expresión de que Navarra foi a primeira debe de utilizarse para amosar que estamos ante o territorio no que se observa un maior número de vítimas mortais en relación co número de votantes da Fronte Popular nas eleccións de 1936[482].

Esta é unha proposta interesante, que ademais concorda coas valoracións de autores como Carlos Gil Andrés[483]. Non obstante, os resultados da nosa investigación amosan que cómpre centrarmos o foco no Golpe e nos actos de oposición organizados contra este e non tanto nas dinámicas presentes na Segunda República. Deste xeito, entendemos que a presenza de organizacións políticas nas distintas localidades foi un posíbel factor catalizador das resistencias á Sublevación. Con todo, foron estas as que determinaron a presenza dun maior ou menor número de asasinatos, sobre todo, polo que se refire aos asasinatos con sentenza.

A nosa argumentación baséase na xustificación da práctica totalidade das condenas, así como na súa distribución xeográfica que, como sinalamos, coincide cos puntos nos que se chegaron a organizar actos de resistencia á Sublevación[484]. Alén disto, podemos ir máis alá dunha análise cuantitativa e citar outras fontes, como por exemplo, a sentenza absolutoria que recibiu o veciño de Viveiro José Cabo Pardellas, dentro dun proceso no que se ditaron 2 sentenzas de morte, que

[482] Fernando Mikelarena, *Sin piedad…*, 13-17.

[483] Carlos Gil Andres. "La zona gris...", 128.

[484] A relación entre os actos de oposición á toma do poder polos golpistas e as condenas de pena capital aparece estudada na tese doutoral de Rafael García Ferreira. Neste traballo analízase que as sentenzas de pena de capital adoitar estar xustificadas en base á acusación de ter tomado parte nas resistencias ao Golpe. Alén disto, conclúe que a imposibilidade de relacionar a certas persoas co Golpe levou ás autoridades sublevadas a apostar por organizar asasinatos alén dos mecanismos de aplicación da pena capital: Rafael García Ferreira, "Violencia, persecucións e relato...", 287.

afectaron aos tamén viveirenses Ángel Varela Freijeiro e Manuel Guerreiro Rivera[485]:

> CONSIDERANDO: Que respecto al procesado José Cabo Pardellas si bien sus antecedentes son de marxista, no existe prueba en contra suya en cantidad suficiente para determinarle como responsable de delito alguno[486].

O explicado até aquí encaixa directamente coa segunda das ideas que queremos matizar: a de que o xuízos foron unha farsa debido a que as condenas estaban previamente decididas. O uso deste termo é moi común na bibliografía, tanto a nivel xeral coma dentro das obras que centran a súa análise na nosa área de estudo[487]. Con todo, os datos obtidos na nosa investigación parecen apuntar no sentido oposto. Deste xeito, comprobamos que non existe unha relación directa entre o número de veciñas e veciños e o total de executados en cada concello, tal e como debería de acontecer no caso de que as mortes fosen simplemente un recurso exemplificador.

Así, tal e como se amosa na Táboa 24, só se rexistraron asasinatos con sentenza entre a veciñanza de 2 dos 5 municipios con maior número de residentes dentro da nosa zona de estudo preferente. Ademais, como pode comprobarse, Viveiro e Ribadeo ocupan o segundo e o cuarto posto en canto ao número de veciñas e veciños dentro da nosa zona de análise preferente. O resto de concellos, entre cuxa veciñanza se produciron asasinatos con sentenza, ocupan, respectivamente, o sexto, doceavo, quinceavo e vixésimo segundo lugar en canto ao número de habitantes de dereito rexistrados. Estes foron, tal e como se explica anteriormente, A Pontenova, Ourol, Cervo e Muras. Deste xeito, se analizamos

[485] A súa ficha pode consultarse dun xeito a través da web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: José Cabo Pardellas - Nomes e Voces [Última visita: 27/01/2023].
[486] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 984/36.
[487] Como exemplos podemos citar: Carlos Nuevo Cal, "Impunidade e represión...", 123; Paul Preston, *El Holocausto español...*, 618-619; Julián Casanova, "Una dictadura de cuarenta años...", 21, Julio Prada Rodríguez, *La España masacrada...*, 116-117, Ángela Cenarro Lagunas, *Cruzados y camisas azules. Los orígenes del Franquismo en Aragón, 1936-1945* (Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza, 1997), 42, Javier Rodríguez González, "A implantación da ditadura...", 27 e Ángela Cenarro, "Miradas y debates sobre la violencia franquista", *Ayer* 91 (2013): 249. Recuperado de: 91-9-ayer91_GuerraIntelectuales_FuentesCodera.pdf (revistaayer.com) [Última visita: 03/04/2023].

por separado os antigos municipios de Vilaoudrid e Vilameá, comprobaremos que estes ocupan os lugares 15 e 19 dentro dun total de 24 concellos que existían en 1936[488].

Táboa 24: relación entre o número de habitantes e a cantidade de executados por concello

Concellos	Total de habitantes (de maior a menor para o mesmo número de executados)	Total de executados (de maior a menor)
Viveiro	13.180	15
Ribadeo	9368	11
A Pontenova	8460	7
Cervo	4869	3
Ourol	5425	1
Muras	3232	1
Vilalba	17.122	0
Guitiriz	11.092	0
Mondoñedo	8913	0
Foz	7966	0
Cospeito	7511	0
A Pastoriza	7250	0
Begonte	6644	0
Abadín	5820	0
Xermade	4998	0
Barreiros	4952	0
Lourenzá	4414	0
O Vicedo	4179	0
O Valadouro	4167	0
Riotorto	3903	0
Xove	3834	0
Alfoz	3828	0
Trabada	3220	0

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces e dos valores de poboación expresados nas Táboas 11, 12, 13 e 14.

[488] Tal e como se amosa anteriormente, o concello de Vilaoudrid tiña un total de 4036 habitantes censados e o de Vilameá 4424.

Non obstante, se comparamos o número de executados con respecto ao conxunto de veciñas e veciños que foron formalmente procesados a raíz do Golpe, tal e como se amosa na Táboa 25, veremos que a situación é diferente. Deste xeito, como pode comprobarse, os concellos cun maior número de executados coinciden con aqueles que contan cunha maior cantidade de veciñas e veciños procesados. Con todo, cómpre ter en conta que non existe unha relación directa entre o número de persoas que foron formalmente investigadas en causas militares incoadas a raíz da Sublevación militar do 18 de xullo e o número de executados final. Isto pode observarse tamén mediante a análise da Táboa 25, concretamente, a través da columna situada no extremo dereito desta, onde se expresa a importancia porcentual do colectivo de executados, con respecto ao conxunto de persoas procesadas, que aparecen rexistradas na base de datos de Nomes e Voces para cada concello.

Deste xeito, comprobamos que Viveiro e Ribadeo ocupan, respectivamente, o primeiro e segundo lugar se atendemos aos valores absolutos de executados. Porén, se comparamos o número de executados, coa cantidade de persoas procesadas dentro de cada concello, veremos que as porcentaxes de asasinados con sentenza en Viveiro e Ribadeo ocupan lugares moito máis modestos dentro do cómputo xeral. Concretamente, vemos que Viveiro e Ribadeo ocupan, respectivamente, o penúltimo e antepenúltimo lugar dentro dos municipios da nosa área de estudo entre cuxa veciñanza tiveron lugar execucións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 25: relación entre o número de executados e a cantidade de procesados por concello

Concellos	Total de executados	Total de procesados (de maior a menor)	% de executados
Viveiro	15	210	7,14%
Ribadeo	11	102	10,78%
A Pontenova	7	47	14,89%
Ourol	1	30	3,33%
O Vicedo	0	30	Non aplica
Cervo	3	27	11,11%
Mondoñedo	0	15	Non aplica
Guitiriz	0	13	Non aplica
Muras	1	7	14,29%
Lourenzá	0	5	Non aplica
Xove	0	5	Non aplica
Foz	0	4	Non aplica
Riotorto	0	4	Non aplica
A Pastoriza	0	3	Non aplica
Trabada	0	3	Non aplica
Vilalba	0	3	Non aplica
Barreiros	0	2	Non aplica
Xermade	0	2	Non aplica
Alfoz	0	1	Non aplica
Begonte	0	1	Non aplica
O Valadouro	0	1	Non aplica
Abadín	0	0	Non aplica
Cospeito	0	0	Non aplica

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces e dos valores de poboación expresados nas Táboas 11, 12, 13 e 14[489].

[489] Os datos de Nomes e Voces aparecen, en ocasións, incompletos. Porén, as disparidades son pouco importantes para as conclusións xerais. En base a isto, decidimos obvialas para poder realizar o estudo cuantitativo a través da base de datos.

Finalmente, cómpre rematar a nosa argumentación sobre o carácter selectivo da aplicación das sentenzas de morte atendendo a algúns casos concretos. O seu interese reside no feito de que amosan que a sorte de moitos procesados non tivo porque estar decidida desde un principio. O primeiro destes é o do veciño de Ribadeo Aurelio Fernández Fernández, que foi executado en Ferrol a día 24 de abril de 1941[490]. Na súa sentenza, Aurelio foi considerado culpábel dun delito de rebelión militar, por ter participado nas resistencias ao Golpe na localidade valenciana de Sedaví, na cal residía[491]. Con todo, o delito polo que foi inicialmente procesado non foi ese. Deste xeito, o procedemento xudicial no que foi condenado a morte incoouse a comezos do ano 1938, pola non comparecencia do procesado, após ser chamado a filas.

O delito de deserción foille tamén incoado a outros 3 veciños de Ribadeo. Porén, ningún deles chegou a recibir unha condena tan dura coma a de Aurelio. Estes foron Domingo Novo Fernández, Balbino Oroza Otero e Ramón Arias Fernández[492]. Por unha banda, os 2 primeiros foron simplemente procesados e non chegaron a recibir condena. No caso de Balbino Oroza Otero a súa sorte puido estar determinada pola súa fuxida do Estado español. Con todo, rematou por ser indultado no ano 1955, após regresar do seu exilio. Por outra banda, Ramón Arias Fernández foi xulgado e condenado a 12 anos de reclusión, dos cales só chegou a cumprir unha pequena parte. Sexa como for, estamos ante unha sentenza moito máis benigna que a de Aurelio Fernández Fernández.

A condena de Aurelio, con todo, non estivo para nada clara desde un principio, tal e como adiantamos anteriormente. Deste xeito, cómpre sinalar que a investigación da súa deserción quedou en suspenso ante a imposibilidade de atopar ao procesado. Posteriormente, ao rematar a Guerra Civil foi recluído nun campo de concentración. Porén, rematou sendo liberado após recibir informes positivos procedentes da súa localidade de orixe. Após a súa posta en liberdade decidiu volver a Ribadeo xunto co seu irmán e presentarse ante as autoridades sublevadas para regularizar a súa situación. Isto provocou que o seu caso volvera abrirse e que comezara unha nova procura de testemuños para decidir sobre a

[490] O seu caso foi estudado por quen escribe o presente traballo en "El asesinato de Aurelio..."

[491] A súa sentenza localízase en ANFER, caixa 189, causa 32/38, folio 105 e 105 volto.

[492] A causa militar aberta para investigar o caso de Domingo Novo Fernández localízase en ANFER, caixa 193, causa 71/38. O proceso xudicial incoado contra Balbino Oroza Otero localízase en ANFER, caixa 192, causa 72/38. Finalmente, a causa militar na que foi encartado Ramón Arias Fernández localízase en ANFER, caixa 184, causa 1308/38.

súa sorte. As declaracións recollidas foron nalgúns casos asépticas e noutros directamente exculpatorias. Debido a isto, as autoridades encargadas do seu caso decretaron a prisión atenuada para o noso protagonista a día 4 de setembro de 1939.

Non obstante, 4 días despois, a sorte de Aurelio mudou, após a recepción dunha serie de testemuños acusatorios procedentes da zona de Valencia. Estes serán a base da súa condena a morte. Con todo, a investigación demorará moitos meses e demandará informacións de diferentes puntos xeográficos, nos cales residira o procesado: Ribadeo, Santiago de Compostela, Sedaví, El Grao, Alfarar e Valencia del Cid.

Todo isto, permite concluír que Aurelio Fernández Fernández foi coidadosamente investigado, afirmación que non debe levar a unha excesiva sorpresa. Así, cómpre ter en conta que estamos ante unha persoa que non tiña unha importancia especial para os plans dos sublevados. Deste xeito, a súa condena explícase en base á súa suposta participación en actos de oposición ao Golpe, os cales, estiveron a piques de quedar sen condena, tal e como argumentamos.

O segundo dos casos que consideramos importante resaltar é o do veciño de Viveiro Marcelino Albo Meitín. O seu proceso garda moitas similitudes co de Aurelio, no sentido de que consideramos que existen indicios máis que suficientes para considerar que a sorte desta persoa non estivo decidida desde os primeiros momentos. Así, sabemos que Marcelino Albo Meitín foi executado en Lugo o 29 de abril de 1937. A súa sentenza de morte ditouse a comezos do mes no que rematou sendo asinado e xustificouse en base á súa participación nos actos de oposición ao Golpe en Viveiro. Textualmente afirmouse que:

> Marcelino Albo Meitin […] se hizo fuerte en el Ayuntamiento, contra la fuerza pública, que tuvo que disparar reiteradamente contra el edificio, y posteriormente, como funcionario municipal y ya dominado el movimiento rebelde, fue requerido para que auxiliase a la fuerza en un registro, negándose por alegar que él no obedecía más órdenes que las del Gobierno de Madrid,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> siendo además propagandista y agitador social, principalmente contra las ideas de orden y religiosas[493].

O ton co que está redactado a sentenza de morte de Marcelino Albo Meitín, unido ao feito de que fora procesado nunha causa na que houbo outras persoas que puideron conservar a súa vida e que, incluso, chegaron a ser nalgúns casos absoltas, podería servir para argumentar que estamos ante unha vítima que se atopaba no punto de mira das autoridades sublevadas desde os primeiros momentos tras a toma do poder. Con todo, sabemos que Marcelino Albo Meitín fora anteriormente procesado nunha causa militar e condenado, a día 13 de setembro de 1936, a unha pena moito máis leve: 6 anos de reclusión. A súa condena xustificouse nunhas supostas manifestacións que o procesado fixera en contra do Golpe:

> RESULTANDO: Que el día dos de Agosto último el procesado en esta causa paisano Marcelino Albo Meitín, cuando montado en bicicleta pasaba por la villa de Chavín en esta provincia de Lugo como viera un grupo de personas con el puño en alto grito: ¡Viva Rusia! ¡muera el Fascio!, ¡mueran todos los fascistas! Y días más tarde, en una taberna sita en la parroquia de Galdo, ante un grupo de paisanos hizo manifestaciones que encerraban censura para el movimiento militar actualmente en desarrollo en España[494].

Resulta moi interesante que Marcelino Albo Meitín fose condenado a unha pena moito máis leve, nun momento no que o nivel de violencia era máximo. Tamén que na investigación do seu caso non se descubrise nada acerca da súa participación nas resistencias ao Golpe en Viveiro, polas que posteriormente sería condenado á pena capital. De feito, sabemos que o procesamento de Marcelino Albo Meitín polas resistencias á Sublevación comentadas non tivo lugar até o día 18 de novembro de 1936, é dicir, 1 mes despois da súa sentenza a 6 anos de prisión[495].

[493] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 949/36, folio 248 e 248 volto.
[494] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 810/36, folio 38, 38 volto e 39.
[495] AIMNOR; fondo Lugo, caixa 48, causa 949/36, folio 179.

O terceiro dos casos que cómpre comentar é o do veciño de Viveiro Segundo Arias Pérez, que rematou por ser executado en Lugo a día 17 de decembro de 1936. Segundo Arias Pérez foi condenado a morte por participar en actos de oposición ao Golpe na súa vila, así como por organizar partidas armadas destinadas a axudar aos resistentes ao Golpe na cidade da Coruña. Xunto con el foron sentenciados á pena capital os tamén veciños de Viveiro Javier Victoriano Soto Valenzuela, César Parapar Sueiras e Ángel Fraga Orosa.

O particular do caso de Segundo Arias Pérez reside no feito de que foi posto en liberdade o día 20 de setembro de 1936, mentres estaba a ser investigado, após ser detido o día 27 de agosto do citado ano. Esta situación contrasta coa do resto dos condenados a morte na mesma causa, que estiveron presos no cárcere de Lugo mentres el desfrutaba dunha breve liberdade. Esta estenderase até o día 2 de novembro de 1936. Un mes despois, o día 1 de decembro comezaba o seu xuízo no que foi sentenciado á pena de morte[496].

O feito de que Segundo Arias Pérez recibira a prisión atenuada non é un asunto menor. Isto é debido a que as autoridades golpistas tomaron unha decisión que puido implicar a fuga do procesado, tal e como sucedeu, precisamente, co tamén executado de Viveiro Juan Antonio Martínez Corral. Juan Antonio Martínez Corral foi executado na cidade da Coruña a día 21 de novembro de 1936, menos de 10 días despois de ser condenado a morte. Xunto con el foi sentenciado á pena capital o veciño da Coruña Marcelino Angulo Rupérez, cuxo asasinato tivo lugar o 24 de novembro do citado ano[497].

Juan Antonio Martínez Corral foi condenado a morte por ter participado en actos de oposición ao Golpe na cidade da Coruña[498]. A raíz destes, o procesado fora gravemente ferido e internado no Hospital da Coruña. Porén, rematou sendo dado de alta, a diferenza de Marcelino Angulo Rupérez, que tivo que permanecer ingresado baixo vixilancia policial. Deste xeito, Juan Antonio Martínez Corral puido eludir por un tempo, aínda que breve, a persecución golpista. Por tanto,

[496] Os episodios aos que facemos referencia aparecen en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 814/36, folio 38 volto, 131, 194 volto, 218 e 239.

[497] A súa ficha pode consultarse dun xeito totalmente aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Buscando por Marcelino Angulo - Nomes e Voces [Última visita: 30/01/2023].

[498] AIMNOR, fondo Coruña, caixa 8, causa 581/36, folio 123.

desde un punto de vista hipotético, puido ter permanecido agochado e, incluso, ter chegado a salvar a súa vida[499].

Por todo o explicado, consideramos necesario partir da idea de que as executadas e executados galegos foron tratados dun xeito diferente polas autoridades golpistas nuns casos fronte a outros. Deste xeito, a súa sorte estivo determinada pola capacidade de obter (ou fabricar) probas que os incriminasen. Alén disto, as precaucións tomadas foron diferentes segundo as vítimas concretas, o que tivo implicacións directas na prevención dunha hipotética fuga. Por último, o destino dos executados con sentenza non estivo determinado só polas súas accións ou perfís individuais, senón pola realidade social das súas localidades de orixe e pola presencia ou ausencia de actos de oposición ao Golpe.

6.2. Os asasinatos sen sentenza

Os asasinatos sen sentenza foron, tal e como explicamos ao falar das execucións, maioritarios dentro do conxunto de vítimas mortais computadas a raíz do Golpe de Estado de 1936. Non obstante, cómpre comezar a nosa explicación matizando que, en Galiza, estes non chegaron a representar a xa referida porcentaxe de dous terzos do total de asasinadas e asasinados pola violencia sublevada[500]. Dito cálculo, resulta bastante problemático porque está realizado sobre o total de persoas falecidas a consecuencia do Golpe, sen ter por tanto en conta, a distinción en 3 grupos de vítimas mortais que realizamos con anterioridade.

Así, no presente traballo partimos da concepción de que as persoas que poden ser consideradas como propiamente asasinadas son as 3682 vítimas que incluímos dentro do Grupo III, tal e como se explica no apartado da metodoloxía. Dentro deste grupo humano, houbo un total de 2222 asasinatos que non se

[499] Como exemplo das dilixencias destinadas a localizar a Juan Antonio Martínez Corral temos: AIMNOR, fondo Coruña, caixa 8, causa 581/36, folio 14.

[500] O cálculo a nivel estatal aparece en: José Babiano et al., *Verdugos impunes*..., 95. Polo que se refire a Galiza, o peso porcentual do executados sen sentenza aparece en: Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Nomes e Voces...", 95.

produciron en aplicación dunha sentenza de pena capital. Ditos valores, correspóndense cunha porcentaxe do 60,35%.

Con todo, na nosa opinión, non resulta moi acaído considerar o grupo de "asasinatos sen sentenza" coma unha unidade, xa que, de facelo, estaríamos a incluír dentro dunha mesma categoría, mortes que tiveron lugar en circunstancias sensibelmente diferentes. De feito, se nos limitamos á base de datos de Nomes e Voces, estamos a analizar de xeito conxunto vítimas que se inclúen en 3 categorías distintas: "morte outras tipoloxías", "paseo" e "desaparición". Alén disto, as propias categorías teñen un carácter máis heteroxéneo que a de "execución", o que dificulta o estudo deste colectivo de vítimas. É por isto que consideramos pertinente comezar a nosa explicación realizando unha análise por separado de cada unha destas categorías, así como das vítimas que nelas se inclúen.

6.2.1. As mortes froito da toma do poder

Este grupo de vítimas, dentro da nosa zona de estudo, inclúe a un total de 8 persoas, que en Nomes e Voces se clasifican no suceso de "morte (outras tipoloxías)". 1 destes individuos, José Rodríguez Ramallal, era veciño da Pontenova. Os 7 restantes, tiñan fixada a súa residencia oficial en Ribadeo. Neste último grupo de persoas, atopamos 6 homes e 1 muller. Os seus nomes, por orde alfabética son: Rosalía Alonso Lastra, Ramón Luís Crespo Rodas, Justo Fernández Couto, Manuel Mon Miranda, Vicente Muíño Tojeiro, Casimiro Pérez Martínez e Manuel Tella.

As súas mortes tiveron lugar no contexto dos enfrontamentos pola toma do poder nos concellos de Ribadeo e A Pontenova. No caso dos 7 homes citados temos indicios suficientes para afirmar que se trataba de resistentes que morreron en enfrontamentos coas tropas golpistas[501]. No caso de Rosalía Alonso Lastra estamos ante unha morte que poderíamos tamén considerar accidental, por

[501] Alén dos datos recollidos en Nomes e Voces atopamos información en: María Jesús Souto Blanco, *La represión Franquista...*, 58-60.

tratarse dunha vítima que perdeu a vida cando se atopaba debruzada nun balcón do seu domicilio, durante a entrada das tropas sublevadas en Ribadeo[502].

Dentro da listaxe descartamos ao xa referido veciño de Ribadeo Manuel Torviso Barata, por considerar que as circunstancias do seu falecemento non permiten incluílo dentro do conxunto de vítimas da violencia sublevada. Alén deste, decidimos non ter en conta ao veciño da Pontenova José Antonio Dopacio. A súa morte tivo lugar no contexto da organización dos actos de oposición ao Golpe no seu concello de resistencia, circunstancia que permite que o consideremos como unha vítima. Con todo, a súa morte non foi responsabilidade directa dos sublevados. Deste xeito, como explicamos, o seu falecemento tivo lugar como consecuencia dun disparo accidental realizado por outro resistente.

Por último, decidimos non computar as 3 persoas da nosa zona que, malia seren asasinadas, aparecen clasificadas dentro da categoría de "proceso". Estas son Cándido Soto Gómez, Luís Trigo Chao e Manuel Lamelas Fernández[503]. A nosa decisión baséase no feito de que estas 3 vítimas foron asasinadas en accións de persecución da resistencia armada ao Franquismo, temática esta, que excede ao noso obxecto de estudo e que explica tamén as nosas reticencias a incluír aos asasinados do Grupo II dentro das nosas análises cuantitativas.

En relación con isto, cremos que resulta pertinente explicar o título do presente apartado, por ser 1 dos 3 tipos de asasinatos sen sentenza que decidimos individualizar. Isto é debido a que consideramos que cómpre diferenciar as mortes que tiveron lugar a consecuencia do Golpe e os asasinatos perpetrados no contexto de persecución da resistencia armada ao Réxime. Tamén, os casos de asasinatos propiamente ditos, das mortes en condicións de reclusión e os suicidios.

Deste xeito, se recuperamos a distinción en 9 subgrupos que realizamos para as 243 persoas incluídas no suceso de "morte (outras tipoloxías)" veremos que diferenciamos 2 perfís de vítimas. Por un lado, as persoas cuxas mortes poden

[502] A súa ficha pode consultarse dun xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Rosalía Alonso Lastra - Nomes e Voces [Última visita: 02/02/2023].

[503] As súas fichas poden consultarse de xeito aberto a través da web de Nomes e Voces, concretamente, a través das seguintes ligazóns: Cándido Soto Gómez (Soto de Cillero) - Nomes e Voces, Luis Trigo Chao (Gardarríos) - Nomes e Voces e Manuel Lamelas Fernández (Cabila) - Nomes e Voces [Última visita: 01/02/2023].

ser consideradas como pouco ou nada planificadas e, por outro lado, os asasinados cuxos perfís permiten a súa inclusión dentro doutros grupos[504].

Alén disto, con respecto ao primeiro conxunto de vítimas, cómpre que realicemos unha distinción entre os falecidos en accións de loita armada contra o Réxime e os asasinados durante a acción militar golpista para a toma do poder. Estes últimos, son os que nos interesan neste punto. Deste xeito, dentro das 243 vítimas incluídas no suceso "morte (outras tipoloxías)", atopamos un total de 124 persoas que foron asasinadas en xullo de 1936, no contexto da toma do poder en Galiza por parte dos golpistas. Dita cifra, correspóndese co 51,03% do total de vítimas incluídas no referido suceso.

Alén destas, atopamos que no mes xullo se rexistrou un total de 164 falecementos a raíz da Sublevación. 3 destas vítimas inclúense dentro do suceso "proceso", 19 en "paseo", 4 en "desaparición", e 14 en "execución". As 124 restantes, como dixemos, computáronse na categoría de "morte (outras tipoloxías)". Este grupo humano é o que propiamente podemos considerar como as vítimas mortais da toma do poder polos sublevados en Galiza, dado que, como xa sinalamos, esta tivo lugar durante o mes de xullo de 1936.

Se comparamos estas 164 persoas coas 4689 mortes que se produciron a raíz do Golpe, veremos que os falecidos durante o mes no que tivo lugar o asentamento das autoridades golpistas representaron o 3,5% do total destas. Alén disto, se realizamos o cálculo tendo en conta só ás 3682 asasinadas e asasinados, que incluímos no Grupo III, obteremos unha porcentaxe do 4,5%.

A análise do conxunto de persoas falecidas en xullo resulta moi interesante pola súa marcada concentración xeográfica. Deste xeito, observamos que só se rexistraron falecementos en 37 dos 313 concellos que existen actualmente en Galiza, o que supón unha porcentaxe do 11,8% do total de municipios. Alén disto, observamos que en 18 destes concellos só se produciu 1 vítima mortal. Noutros 10, houbo 2 falecementos.

Deste xeito, podemos afirmar que no 75,68% dos municipios nos que se rexistraron vítimas mortais durante o mes de xullo houbo 2 falecementos ou

[504] Anteriormente puxemos como exemplo ao guerrilleiro Benigno Andrade García, coñecido como Foucellas, que fora executado no ano 1952. Porén, podemos tamén citar outros casos coma o do veciño de Grove Juan Allo Sabor, que morreu intentando fugarse do penal de San Cristobal, en Navarra.

menos. Por último, comprobamos que nas cidades de Vigo, Coruña e Ferrol houbo, respectivamente, 38, 33 e 13 falecementos. Estas cifras, tradúcense en que o 51,2% do total de vítimas mortais, falecidas durante o mes de xullo en Galiza, perderon a vida nestes 3 concellos, nos cales, se computou un total de 84 falecementos.

Estes datos permiten partir da base de que o groso dos asasinatos perpetrados polos golpistas en Galiza tiveron lugar após o asentamento das novas autoridades no poder. Tal situación, deixa escaso marxe para argumentar a existencia de episodios violentos descontrolados e pon de manifesto a necesidade de estabelecer unha diferenza clara entre as persoas falecidas no contexto da acción militar golpista e os individuos asasinados durante as matanzas posteriores.

Esta realidade contrasta coa descrita en Estremadura e a zona occidental de Andalucía, onde os sublevados apostaron por asasinar masivamente aos detidos, ante a teórica imposibilidade de controlar un territorio aberto, sen grandes accidentes xeográficos e cuxa importancia estratéxica era decisiva para garantir o avance cara Madrid[505].

Por todo isto, podemos afirmar que, en Galiza, as grandes matanzas perpetradas durante os primeiros meses tiveron lugar nun período no que as autoridades golpistas exercían un control incontestábel sobre o territorio, que lles permitiu actuar de xeito controlado e sostido no tempo. Nesta situación, moitas das vítimas optaron por continuar coa súa vida, baixo a premisa de que non ían sufrir a violencia que chegaron a sufrir.

Na nosa zona, existen probas que permiten apoiar esta hipótese. Deste xeito, tal e como explicamos, o acto de constitución da primeira corporación municipal de Viveiro tras a Sublevación contou coa asistencia dalgúns concelleiros democráticos que remataron sendo asasinados, con sentenza e sen ela. Estes foron, o alcalde democrático Balbino Cerdeiras e os concelleiros Javier Victoriano Soto Valenzuela, César Parapar Sueiras e Carlos Morris Soriano.

[505] As matanzas perpetradas no sur do Estado foron amplamente estudadas por autores como Francisco Espinosa e Sebastián Balfour. Como exemplos de traballos podemos citar: Francisco Espinosa Maestre, *Guerra y represión en el sur...*, Francisco Espinosa, *La columna de la muerte...* e Sebastian Balbour, *Abrazo mortal...*

Neste mesmo sentido, podemos entender que o veciño de Muras Antonio Lafuente Jiménez non fora detido até o día 17 de setembro de 1936, tal e como figura no procedemento xudicial que lle foi incoado. Deste xeito, como denunciaba Eladio Rouces, xefe local da Falanxe en Muras, a día 12 de outubro de 1936, Antonio Lafuente Jiménez fora detido a raíz da súa suposta participación nos actos de oposición ao Golpe que tiveran lugar no concello. Porén, fora posto en liberdade aos 3 días. Alén disto, conservara o seu traballo como mestre e seguira amosando publicamente unha actitude de oposición ao Golpe[506].

A descrición da actitude de Antonio Lafuente Jiménez concorda coa de multitude de asasinados que decidiron non agocharse tras a toma do poder por parte dos sublevados, como posteriormente explicaremos. Un bo exemplo, témolo no "paseado" de Ribadeo José Torviso Fernández. Este, segundo relata a súa filla Dolores Torviso Barata, foi detido cando se presentou voluntario a declarar após a morte accidental do seu fillo[507].

A actitude de José Torviso non foi unha excepción. Deste xeito, se imos fora da nosa zona de análise preferente, podemos citar o caso de José Antonio Rivas Carballés, veciño do concello de Pol que foi asasinado sen sentenza polas autoridades golpistas a día 30 de agosto de 1936. Segundo o relato dun dos seus familiares, José Antonio Rivas Carballés consideraba que a súa detención tras a Sublevación era unha posibilidade mais que, sen dúbida, remataría por ser posto en liberdade dado que se consideraba totalmente inocente. De feito, pensaba que o feito de escapar era o que o ía incriminar porque, segundo dixera, "*el que escapa, delito tiene*"[508].

Este tipo de comportamentos, tiveron unha tradución directa no tipo de violencia que se implantou en Galiza tras o Golpe e explican, en parte, as dinámicas de eliminación física de persoas no noso territorio, como explicaremos posteriormente.

[506] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 50, causa 801/36 e 906-907/36, folio 244.

[507] Entrevista a Dolores Torviso Barata, realizada por Fernández Prieto, Lourenzo (, sen data). Nº 2217. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal [Última visita: 03/02/2023].

[508] Entrevista a Anónimo, realizada por Farias, Ruy (, 21/06/2006). Nº 2255. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal [Última visita: 20/09/2021].

6.2.2. Os paseos

O concepto de "paseo", referido ao contexto de violencia masiva que se iniciou a raíz do Golpe de Estado de 1936, emprégase para denominar os asasinatos de persoas que tiveron lugar alén dos mecanismos de aplicación da pena capital. Estabelecer esta diferenza, entre o normativo e o que non é, non implica recoñecer a existencia dunha violencia ilegal fronte a outra axustada ao código penal[509]. Partir desta dicotomía, obrigaría a aceptar como válidas as sentenzas ditadas por uns tribunais que as autoridades golpistas conformaron para xulgar por traizón e rebelión militar a persoas que o que fixeran fora defender a lei en vigor nese momento. É dicir, suporía validar a propaganda destinada a xustificar a sublevación militar do 18 de xullo de 1936, en base á propia legalidade republicana, tal e como temos explicado. Deste xeito, cómpre partir da base de que os asasinatos perpetrados polos golpistas foron todos ilegais, con independencia da súa xustificación en base a unha hipotética condena de pena capital.

O uso do termo "paseo" conta cunha significativa presenza dentro dos debates públicos que xiran ao redor da cuestión da memoria histórica no Estado español. De feito, a identificación das persoas que foron asasinadas dentro destas circunstancias continúa a ser unha das preocupacións fundamentais coas que conta o movemento memorialista desde comezos do século XXI. Non obstante, o grande interese que existe en saber máis sobre os "paseos", non se ten traducido nun coñecemento privilexiado sobre esta forma de violencia. O que acontece, de feito, é máis ben o contrario. Así, na nosa opinión, os "paseos" continúan a ser un dos aspectos máis descoñecidos dentro dos estudos sobre a chamada "represión franquista". Isto ten a súa lóxica, dado que estamos ante un tipo de asasinato que estivo pensado para ocultar a responsabilidade dos seus perpetradores.

Na cultura popular, lémbrase, de xeito habitual, que os "paseados" foron asasinados nas marxes das estradas ou en lugares como descampados ou bosques. Se comparamos estes espazos, cos escollidos para a aplicación das sentenzas de pena capital, veremos que se trata de localizacións dispersas e cuxa

509 Esta idea está presente, entre outros traballos, nunha das obras pioneiras no estudo da violencia golpista en Galiza: Carlos Fernández Santander, *El Alzamiento de 1936...*, 97-98.

identificación resulta moito máis complicada que a dos puntos nos que se levaron a termo os asasinatos con sentenza[510].

Alén disto, destácase que os "paseos" adoitaban realizarse pola noite (ou de madrugada), así como que as vítimas eran asasinadas en puntos bastante apartados dos seus lugares de residencia. Esta práctica é narrada en numerosas entrevistas. O relato de Elisa Secundina Fariña López, filla do paseado de Ribadeo Santiago Fariñas, é claro neste sentido. Deste xeito, Elisa Fariña sinala que o seu pai foi sacado do depósito municipal ribadense e trasladado até o concello do Vicedo, onde rematou sendo asasinado, na chamada Ponte do Barqueiro. Isto implica unha viaxe duns 75 quilómetros[511].

A confusión existente ao redor dos asasinatos sen sentenza ponse de manifesto se reflexionamos acerca da persistencia do termo "paseo". Dita circunstancia, exemplifica á perfección o mantemento do relato dos verdugos, dado que ao falar de "paseos" estamos a empregar un eufemismo que foi creado polos propios perpetradores para evitar falar de mortes ou, directamente, de asasinatos. Isto vese moi claro a través do testemuño de Pilar Carballo, veciña de Ribadeo cuxo pai (Florencio Carballo) foi asasinado sen sentenza a día 12 de setembro de 1936, após ser sacado do depósito municipal ribadense:

> *Bueno*, cando xa entraron as tropas aquí aos dous ou tres días xa empezaron a coller para o cárcere, xa presos. A meu pai non, que aínda tardaron, non sei se foi, en agosto ou en xullo, cando o viñeron buscar á casa. […] Estivo no cárcere metido… Non sei se foi até setembro. […] E cando foi miña nai [irmá] levarlle o *desayuno* díxolle o carcereiro: vaite co almorzo para a casa que teu pai vai de paseo. Miña irmá era pequena, tiña doce anos. Veu cunha caldeireta e miña nai xa empezou e logo non… Non, que dixo aquel señor que hai alí que ía de paseo[512].

[510] Antonio Míguez Macho, "Un pasado negado. Lugares de violencia y lugares de memoria del golpe, la guerra civil y el franquismo", *Confluenze. Rivista di studi americani* 10, nº 2 (2018): 132. Recuperado de: Un pasado negado. Lugares de violencia y lugares de memoria del golpe, la guerra civil y el franquismo | Confluenze. Rivista di Studi Iberoamericani (unibo.it) [Última visita: 06/02/2023].

[511] Entrevista a Elisa Secundina Fariña López, realizada por Vieites Salmonte, Eva; Hervella García, Gustavo (Ribadeo, Lugo, España, 31/05/2006). Nº 2006. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

[512] Entrevista a Pilar Carballo Rodríguez, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Ribadeo, Lugo, España, 08/06/2006). Nº 2009. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal

Por todo isto, cremos que resulta fundamental profundar no estudo da tipoloxía de violencia definida como "paseo". Deste xeito, entendemos que as vítimas incluídas nesta categoría foron asasinadas en base a 2 supostos básicos: as sacas e os asasinatos durante as detencións.

En primeiro lugar, o termo saca, na presente tese de doutoramento, remite ao asasinato dunha persoa, alén dos mecanismos de aplicación da pena capital, que se atopaba internada nun centro de detención, máis ou menos improvisado, a raíz do Golpe de Estado de 1936. Segundo a nosa análise, as sacas constitúen o tipo de "paseo" máis frecuente, polo menos, se nos referimos a Galiza, tal e como explicaremos máis en profundidade ao longo deste texto.

Dentro da nosa zona de estudo, certificamos que as sacas representaron practicamente o 40% do total dos "paseos" que afectaron aos veciños dos concellos que integran a nosa área de estudo preferente. Deste xeito, computamos 13 sacas dentro dun conxunto de 34 "paseos", o que supón unha porcentaxe do 38,23% do total. Con todo, cómpre sinalar que non coñecemos as circunstancias concretas de 12 destes asasinatos. Por tanto, podemos afirmar que as 13 sacas supoñen o 59,1% do total de "paseos", se nos limitamos a aqueles asasinatos cuxos procedementos coñecemos polo miúdo.

A presenza de sacas, dentro da nosa de estudo, aparece moi concentrada en 2 concellos: Viveiro e Ribadeo. En Viveiro rexistráronse 3 sacas, as cales, afectaron a 3 dos 8 "paseados" que eran veciños da localidade. Estes foron Andrés Vale Blanco, Domingo Galán Jambrina e Carlos Morris Soriano. O primeiro deles, Andrés Vale Blanco, foi asasinado en Mondoñedo, o 12 de setembro de 1936[513]. O día anterior fora sacado do depósito municipal de Ribadeo, no cal se atopaba retido. Xunto con el foron sacados e asasinados (alén dos mecanismos de aplicación da pena capital) 4 veciños do termo municipal ribadense: Florencio Carballo Novigil, Antonio María Martínez López e José Torviso Fernández[514].

[513] A súa ficha pode consultarse de xeito aberto na web de Nomes e Voces, conretamente, a través da seguinte ligazón: Andrés Vale Blanco (Moreno de Cobas) - Nomes e Voces [Última visita: 14/02/2023].

[514] O seu paso polo depósito municipal de Ribadeo quedou rexistrado en: Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno, concello/pleno, relación de reclusos que perciben socorro. As súas fichas persoais poden consultarse de xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través das seguintes ligazóns: Florencio Carballo Novigil - Nomes e Voces, Antonio María Martínez López - Nomes e Voces e Enrique Navarret García - Nomes e Voces [Última visita: 14/02/2023].

O asasinato de Andrés Vale Blanco buscou ser ocultado en base a unha suposta fuga. Isto non é unha excepción. O mesmo aconteceu cos 4 veciños de Ribadeo citados anteriormente[515]. Polo que se refire ao caso de Andrés Vale Blanco contamos coa declaración do Garda Civil de Ribadeo Pablo de la Puente Aguirre, responsábel da súa condución e, por tanto, do seu asasinato. O informe de Pablo de la Puente Aguirre, está pensado para ocultar a responsabilidade dos perpetradores do crime. Isto pode deducirse dun xeito doado se atendemos ao relato dos feitos. Así, no escrito afírmase que o "paseado" estaba a ser trasladado desde o cárcere de Ribadeo ao depósito municipal de Tapia. Dita localidade, atópase no actual Principado de Asturias. Para chegar a Tapia desde Ribadeo é preciso seguir o camiño oposto ao que se dirixe a Mondoñedo, é dicir, ao lugar no que a vítima rematou por ser asasinada. Textualmente, Pablo de la Puente Aguirre declarou:

> Que el día doce del pasado [mes] acompañado de varios números de los cuales no recuerda más que a un Guardia llamado Manuel Devesa Álvarez, recibió orden el declarante de conducir desde el Depósito Municipal de esta villa al de Tapia a los detenidos Florencio Carballo Novejil, Enrique Navarré García y Andrés Vale Blanco y que, pasado Castropol y muy próximo ya a Tapia tuvo el coche una avería por lo que se fue a la cuneta; que no recuerda el coche de que se trata toda vez que cogió el primero que pasó de vacío por las inmediaciones del Depósito; que los tres detenidos sufrieron ligeras contusiones así como también el conductor y el declarante, por lo que hubo necesidad de quitarles las cadenas al objeto de atenderlos debidamente y cuando se encontraban en esta operación salieron los tres huyendo como si estuviesen de común acuerdo en dirección a un pinar muy próximo donde, refugiándose en los árboles allí existentes, les fue relativamente fácil la huida a pesar de habérseles hecho fuego con mucha intensidad hasta el punto de que el declarante consumió tres cargadores de la pistola ametralladora que portaba; verificando un reconocimiento por las inmediaciones y hechas las averiguaciones propias del

Por último, José Torviso Fernández non se atopa validado na base mais sabemos que foi vítima dun paseo, tal e como argumentamos en Xabier Buxeiro Alonso, "Os verdugos e a sociedade...".

[515] A suposta fuga de Antonio María Martínez López figura en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 51, causa 491/36, folio 28. Os de José Torviso Fernández, Enrique Navarret e Florencio Carballo figuran en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 309/36, folios 84, 85 e 86.

USC

caso no dieron resultado favorable por lo que decidieron retirarse y dar cuenta a sus superiores[516].

O asasinato de Andrés Vale Blanco garda bastantes similitudes co do seu veciño Domingo Galán Jambrina, asasinado en Viveiro a día 20 de setembro de 1936. Neste caso, contamos tamén cunha descrición detallada, elaborada polos seus propios asasinos, os cales, neste caso, recoñeceron a morte da vítima. Deste xeito, segundo o relato do xefe de milicias de Falanxe na localidade Antonio Cora Montero, Domingo Galán Jambrina fora detido o día 20 de setembro de 1936, por orde súa. Os falanxistas viveirenses responsábeis foran Pedro López Galindo, José Puentes, Ramón Palmeiro Maseda, Bernardo de la Iglesia e Manuel Dovale Mariño. Posteriormente, segundo conta, Domingo Galán Jambrina, foi conducido até o cuartel de Falanxe, onde, ao ser interrogado, "*manifestó que en la parroquia de Cobas, y en un punto que se hallaba próximo al lugar de Escourido, sabía que se ocultaban pistolas*". En vista desta suposta confesión, o "paseado" fora trasladado ao lugar indicado por parte dos falanxistas Ramón Pita Las-Santas, Elías López Necega e Jesús Soto Fernández, os cales, lle advertiron a Domingo Galán Jambrina que non intentase fuxir. Porén, o "paseado" fixo caso omiso e intentou escapar aproveitando a escuridade da noite. Nesta situación, os falanxistas déronlle o alto mais remataron por disparar e alcanzalo, "*causándole la muerte*"[517].

En base ao explicado, vemos que Domingo Galán Jambrina foi asasinado após atoparse baixo custodia, aínda que permanecese retido moito menos tempo que outras das persoas que remataron por ser asasinadas tras unha saca. Alén disto, o seu caso é algo diferente dos até o momento citados, dado que a súa morte foi recoñecida polos seus verdugos. Isto último, non é algo único. Así, a morte do terceiro dos veciños de Viveiro que identificamos como vítima dunha saca, tamén foi recoñecida polos verdugos, neste caso pola Garda Civil.

O asasinado chamábase Carlos Morris Soriano e aparece en Nomes e Voces como "paseado" o día 24 de agosto de 1936. Concretamente, afirmouse que faleceu a consecuencia dos disparos que recibiu durante un traslado[518]. A

[516] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 309/36, folio, 113 volto.
[517] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 932/36, folio 1 e 1 volto.
[518] A súa ficha pode consultarse dun xeito completamente aberto a través da web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Carlos Morris Soriano - Nomes e Voces [Última visita: 15/02/2023].

xustificación do seu asasinato aparece perfectamente detallada na causa que foi incoada para investigar a súa morte a mans da Garda Civil. A descrición dos supostos feitos resulta moi semellante á explicada para o caso de Domingo Galán Jambrina, tal e como se deduce da lectura do informe emitido a día 17 de setembro desde a Xefatura de Policía de Ferrol:

> En contestación a su respetable oficio de fecha de ayer; tengo el honor de poner en conocimiento de su respetable Autoridad, que las órdenes para trasladar al detenido en esta ciudad, Comandante de Infantería Marina en situación de retirado D. Carlos Morris Soriano, a Viveiro, fueron dadas por el Delegado que suscribe, toda vez que el interesado había manifestado que, como dirigente del Frente Popular de Viveiro, sabía donde se encontraban armas y municiones escondidas, como asimismo dinamita que habían llevado con anterioridad los mineros, las cuales, se encontraban ocultas en un monte de las inmediaciones de aquella Villa; por lo que se ordenó su traslado, siendo encomendado este servicio al corneta del benemérito Instituto de la Guardia Civil de este puesto, Ángel Muñoz Mosquera y guardias Baltasar Piñeiros Sánchez y José Martínez Núñez, participando el jefe de conducción que al llegar al kilómetro 16 de la carretera del Ferrol a Viveiro, el citado Sr. Morris, interesó de los que le conducían permiso para evacuar una necesidad, cosa que le fue concedida, ocultándose detrás de unos matorrales, aprovechando este momento para intentar su fuga emprendiendo veloz carrera, por lo que sus conductores se vieron en imprescindible necesidad de haber fuego contra él, causándole la muerte […] El Ferrol, 17 de setiembre de 1936. El Delegado Gubernativo. Victoriano Suanzes y Suanzes[519].

Para o caso de Ribadeo sabemos que, dos 11 paseos rexistrados, houbo un total de 10 sacas. Todas elas, tiveron a súa orixe no depósito municipal ribadense, espazo no que as distintas vítimas estaban recluídas e desde o cal foron trasladadas até o punto no que se lles quitou a vida. Os veciños de Ribadeo asasinados en base a este procedemento foron: Marcelino Álvarez López, José Cantalapiedra Caparrós, Florencio Carballo Novigil, José Antonio Díaz Álvarez, Santiago Fariñas Reinante, Jesús Longarela Maciñeira, Bruno Martínez

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[519] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 812/36, folio 25.

Fernández, Antonio María Martínez López, Enrique Navarret García e José Torviso Fernández.

En 9 destes 10 casos, as vítimas estiveron recluídas no cárcere municipal de Ribadeo até a véspera do seu asasinato, tal e como se amosa na Táboa 26. A excepción atopámola no caso de José Antonio Díaz Álvarez, que estivo recluído no depósito municipal de Ribadeo entre o 27 de agosto e o 1 de setembro de 1936, é dicir, 19 días antes do seu asasinato. Non obstante, o seu caso foi tamén unha saca. Isto é debido a que a vítima foi trasladada desde o depósito municipal de Ribadeo para ser asasinada, mais conseguiu fuxir dos seus verdugos. Porén, recibiu un disparo que o deixou nunha situación crítica. Con todo, conseguiu refuxiarse nunha casa na que permaneceu uns días até foi denunciado e asasinado. Non obstante, segundo relata un familiar seu cuxo anonimato temos que respectar, o disparo que recibiu era, moi posibelmente, incompatíbel coa vida[520].

USC

[520] Entrevista a Anónima, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Ribadeo, Lugo, España, 27/06/2006). Nº 2026. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

Táboa 26: veciños de Ribadeo paseados

Nome e apelidos	Data de morte (de máis temperá a máis tardía)	Paso polo depósito municipal
José Cantalapiedra Caparrós	01/09/1936	Do 27/07/1936 ao 31/08/1936
Santiago Fariñas Reinante	04/09/1936	Do 03/08/1936 ao 03/09/1936
Marcelino Álvarez López	05/09/1936	Do 02/08/1936 ao 04/09/1936
Jesús Longarela Maciñeira	07/10/1936	Do 24/07/1936 ao 06/10/1936
Bruno Martínez Fernández	12/09/1936	Do 12/07/1936 ao 11/09/1936
Antonio María Martínez López	12/09/1936	Do 23/07/1936 ao 11/09/1936
Enrique Navarret García	12/09/1936	Do 03/08/1936 ao 11/09/1936
José Torviso Fernández	12/09/1936	Do 05/08/1936 ao 11/09/1936
Florencio Carballo Novigil	12/09/1936[521]	Do 03/08/1936 ao 11/09/1936
José Antonio Díaz Álvarez	20/09/1936	Do 27/08/1936 ao 01/09/1936
César Margolles de la Vega	Descoñecida	Non consta

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces e de Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno, concello/pleno, relación de reclusos que perciben socorro.

A outra excepción é César Margolles de la Vega, cuxa data de morte exacta nos é descoñecida. Sabemos, porén, que foi acusado por parte das autoridades sublevadas, de ter un papel dirixente na resistencias ao Golpe en Ribadeo. Todo isto, dentro dunha causa na que se investigou ao alcalde democrático Rafael Sánchez Cardoso e se rematou por condenar a morte ao veciño de Ribadeo Antonio García Sánchez.

En contra de César Margolles de la Vega recolléronse diversos testemuños acusatorios. Estes foron emitidos por Maximino Vázquez Carballino, así como polos empregados municipais Jesús Gómez y Gómez, Agustín Martínez Tellado, José Bouso Castiñeira e Vicente Rivas Lozano. Alén destes, César Margolles foi incriminado polo alcalde golpista Antonio Moreda, o comandante militar de

[521] En Nomes e Voces figura que foi asasinado o día quince de setembro de 1936. Porén, isto é un erro tal e como se deduce do informe sobre a súa suposta fuga, o cal, aparece en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 309/36, folio 86.

Ribadeo Ignacio María Esperanza Albareda e o Garda Civil e falanxista Pablo de la Puente Aguirre[522].

Ao longo do procedemento xudicial referido, César Margolles non chegou a declarar, dado que fuxiu á Asturias, á zona controlada polo goberno da República. Após a toma do poder por parte dos sublevados no Principado tentou permanecer agochado mais foi localizado polas autoridades golpistas na localidade de Santalla de Ozcos, onde foi asasinado[523]. Segundo o relato da súa irmá Mercedes Margolles de la Vega, César tiña pensado fuxir a Portugal desde Asturias, onde se atopaba após a súa fuxida de Ribadeo. Porén, afirma que foi denunciado, localizado e asasinado, aparentemente, sen maior trámite[524].

O asasinato de César Margolles tivo lugar, por tanto, durante a súa detención. O mesmo aconteceu con outras 5 vítimas que temos rexistradas dentro da nosa zona de estudo preferente dentro da tipoloxía de "paseados". Estas eran veciñas dos concellos de A Pontenova, O Vicedo e Viveiro.

O veciño da Pontenova que perdeu a vida durante a súa detención foi Antonio Díaz y Díaz Villamil. Segundo temos rexistro, Antonio Díaz y Díaz Villamil faleceu no Hospital de Lugo, o día 2 de setembro de 1936. O feito de que a súa morte tivera lugar nun hospital coincide co caso do veciño de Ferrol Juan Antonio Ardao Seijido, o cal, como explicamos, fora clasificado de xeito errado como ribadense. Os pormenores do asasinato de Antonio Díaz y Díaz Villamil aparecen detallados, desde o punto de vista golpista, no procedemento xudicial que foi incoado a raíz da súa fuxida após o Golpe. Este comeza cun atestado asinado polo sarxento da Garda Civil e Comandante do Posto da Pontenova Juan Veiga Covas, o cal, está datado no día 2 de setembro de 1936. Nel, Juan Veiga Covas explica que recibira noticias de que os fuxidos José María Díaz y Díaz Villamil, David Labrador Zuil, Gabriel Díaz y Díaz Villamil e Antonio Díaz y Díaz Villamil estaban a se refuxiar nos montes próximos ao seu domicilio familiar, no lugar do Cerdeiral. Tendo isto en conta, afirma que ordenou cercar a casa durante a noite do citado día 2 de setembro. O operativo estivo formado por 6 falanxistas de Vilaodrid, cuxos nomes non se indican, e outros 6 gardas civís: Juan Peinó,

[522] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 301/37.

[523] Santalla de Ozcos pertence administrativamente ao Principado de Asturias, onde recibe a denominación oficial de Santa Eulalia de Oscos.

[524] Entrevista a Mercedes Margolles de la Vega, realizada por Hervella García, Gustavo (Gijón, Asturias, España, 01/03/2008). Nº 2305. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal

Modesto Dacal Val, Francisco Hespido Arias, Sabino Blanco Carballo, Valeriano Fernández Castro e Jaime Montero Márquez.

Horas despois de se constituír o operativo, de madrugada, Juan Veiga Covas afirmou que os membros da forza enviada até o Cerdeiral viran saír a 2 individuos da casa que estaban a cercar, os cales, "*al darles el alto, se pararon en actitud de hacer resistencia*". Nestas circunstancias, os gardas civís e falanxistas seguiron as ordes recibidas polos seus superiores e fixeron fogo. Os disparos alcanzaron a Antonio Díaz y Díaz Villamil. As feridas da vítima foron avaliadas polo médico de Riotorto Gervasio Loureiro Lamas, o cal, cualificou o estado da vítima como moi grave e recomendou o seu traslado ao hospital, onde esta acabou por falecer[525].

Polo que respecta ao concello do Vicedo rexistramos un total de 2 veciños que foron asasinados durante a súa detención. Estes foron José Fernández Rolle e Emilio Ríos Martínez. Ambos, segundo o relato do alcalde golpista do Vicedo Agustín Infante Parapar, formaban parte dos grupos de fuxidos que se atopaban agochados polos montes próximos ao concello. Estes eran considerados un problema de orde público de primeira orde, motivo polo cal, as autoridades destinaran recursos humanos e económicos para neutralizalos. No marco destes esforzos, o día 20 de agosto, as autoridades golpistas localizaron un grupo de fuxidos nun punto chamado "Bico do Nabo". De acordo coa narración de Agustín Infante Parapar, os fuxidos sostiveron un enfrontamento coas forzas que buscaban detelos. Como consecuencia houbo 2 mortos, que foron os referidos José Fernández Rolle e Emilio Ríos Martínez. Neste caso, non se detalla a composición da forza que foi responsábel deste asasinato[526].

Por último, dentro do concello de Viveiro temos rexistro de 2 persoas que encaixan dentro da categoría dos asasinados sen sentenza durante un proceso de detención. Estes son Luís Sánchez Mendezona e Modesto Villar Ínsua. No caso deste último, sabemos que a súa morte tivo bastantes similitudes coa dos veciños do Vicedo José Fernández Rolle e Emilio Ríos Martínez, por tratarse dun fuxido que foi asasinado "no monte" polas forzas golpistas, tal e como acreditou o xuíz municipal de Ortigueira Luciano Blanco a día 28 de abril de 1939. Dito informe inclúese dentro dun proceso xudicial incoado para investigar a unha serie de

USC DE SANTIAGO

[525] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 57, causa 744/36, folio 2 e 2 volto.
[526] ANFER, caixa 100, causa 243/37, do folio 53 ao 54 volto.

fuxidos que estiveran a cometer "atracos a man armada" entre os concellos de Viveiro e Ortigueira[527].

O caso de Luís Sánchez Mendezona constitúe un asasinato con certas particularidades. En base aos datos dispoñíbeis, sabemos que o crime tivo lugar na súa propia casa, na madrugada do día 26 de setembro de 1936. Segundo se detalla no procedemento xudicial incoado (teoricamente) para investigar a súa morte, Luís Sánchez Mendezona foi asaltado no seu domicilio por un grupo de falanxistas (ou de persoas vestidas como tal), que lle dispararon varias veces en presenza da súa familia. Posteriormente, o cadáver da vítima apareceu tirado no concello de Mañón, o cal, se sitúa na provincia da Coruña, xusto na fronteira coa Provincia de Lugo. Con todo, descoñecemos en cal dos 2 puntos se produciu realmente o asasinato da vítima. O que si que sabemos é que Luís Sánchez Mendezona estivera previamente recluído no cárcere municipal de Viveiro, mais fora posto en liberdade a comezos do mes de setembro, é dicir, poucas semanas antes do seu asasinato[528].

O asasinato de Luís Sánchez Mendezona foi investigado, polo menos desde o punto de vista formal, coma un crime, que cumpría resolver pola vía xudicial. O seu asasinato non foi o único que levou á apertura dun sumario xudicial. En relación con isto, é interesante analizar as causas de investigación incoadas en contra das persoas que temos computadas como vítimas de "paseos" en Galiza. Temos rexistro de que, polo menos, 416 dos 1806 "paseados" que existen para as provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, foron investigados no marco de procedementos militares abertos a raíz do Golpe de Estado de 1936.

Estas 416 vítimas, que se corresponden co 23% do total de "paseados" rexistrados en Galiza, aparecen como encartados dentro de 273 causas militares. Destas, 44 foron incoadas co obxectivo de investigar a morte dalgunha destas persoas, tal e como aconteceu co caso de Luís Sánchez Mendezona. Concretamente, sabemos que os 44 procedementos xudiciais referidos foron

[527] A certificación oficial do falecemento de Modesto Villar Ínsua atópase en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 95, causa 659/39, folio 189.
[528] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 981/36.

abertos, polo menos desde o punto de vista oficial, para coñecer as circunstancias do falecemento dun total de 61 "paseados"[529].

En termos porcentuais, estamos a falar do 16,12% do total de causas abertas contra "paseados" en Galiza. Ditas pescudas afectaron ao 3,38% do total de vítimas de "paseo" e ao 14,66% do conxunto de "paseados" que figuran como encartados en causas militares abertas a raíz do Golpe. Á vista destes valores, podemos afirmar que estamos a falar dunha minoría. Con todo, cómpre analizarmos a distribución xeográfica destes procesos, a cal, non foi en absoluto homoxénea, tal e como se amosa na Táboa 27.

[529] Os cálculos que aquí presentamos foron introducidos por primeira vez en Xabier Buxeiro Alonso, "Paseos, execucións e outros...". Para o presente traballo foron corroborados e corrixidos para soster novas preguntas e hipóteses que se presentarán ao longo da tese.

Táboa 27: paseados galegos cuxas mortes foron investigadas (1936-1939)

Veciñanza	Número de paseados investigados	Número total de paseados	Porcentaxe sobre o total de paseados (de menor a maior)
Vigo	1	224	0,45%
Concello descoñecido	2	346	0,58%
A Coruña	1	130	0,78%
Vilagarcía de Arousa	1	30	3,3%
Boiro	1	13	7,7%
Ponteareas	2	16	12,5%
Lousame	1	5	20%
A Pobra do Brollón	1	4	25%
Santiago de Compostela	4	15	26%
Monforte de Lemos	4	14	28,6%
Culleredo	1	3	33,3%
Folgoso do Courel	2	6	33,3%
O Saviñao	1	3	33,3%
A Fonsagrada	1	3	33,33%
Viveiro	3	8	37,5%
Sarria	2	5	40%
O Incio	2	5	40%
Quiroga	4	10	40%
Ribas de Sil	5	12	41,6%
A Illa de Arousa	3	7	42,86%
Carballedo	1	2	50%
Lugo	3	7	60%
Pantón	3	4	75%
Boimorto	6	6	100%
Chantada	1	1	100%
Fisterra	1	1	100%
Ordes	1	1	100%
Santa Comba	1	1	100%
Santiso	2	2	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da base interna do proxecto Nomes e Voces

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Á vista dos datos expresados na Táboa 27 podemos observar que as causas militares destinadas a investigar a morte de persoas "paseadas" só se abriron para coñecer as casuísticas do falecemento de veciños de 27 dos 313 concellos que existen en Galiza, o que supón unha porcentaxe do 8,63% do total. Alén disto, observamos que non existe unha correlación entre o maior número de vítimas de "paseo" rexistradas a nivel municipal e o maior número de casos investigados. Deste xeito, a Táboa 27 amosa que en Vigo e A Coruña a importancia proporcional do número de paseos que levaron á apertura dunha investigación pola vía das causas militares é pequena en relación co resto de concellos referidos. Pola contra, observamos que existen municipios nos cales se abriron dilixencias xudiciais para investigar a morte da totalidade ou da maior parte dos veciños que remataron sendo "paseados".

Se analizamos a poboación dos concellos nos que se incoaron sumarios para investigar a morte do 50% ou máis dos seus veciños "paseados" observamos que só Lugo posuía máis de 20.000 habitantes[530]. Outros 5 destes municipios: Santa Comba, Ordes, Chantada, Pantón e Carballedo contaban cunha poboación aproximada duns 10.000 habitantes de dereito. Por último, Santiso, Fisterra e Boimorto eran concellos que posuían ao redor duns 5000 veciños entre 1930 e 1940[531]. Isto indica que estamos maioritariamente ante municipios cun limitado número de veciñas e veciños.

Alén disto, os concellos nos que se incoaron procesos xudiciais para investigar as circunstancias da morte do 50% ou máis das vítimas de "paseo", caracterízanse por posuír un número de persoas asasinadas que resulta moderado ou baixo para os rexistros que temos a nivel das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Isto vese claro na Táboa 27, concretamente, na columna onde se recolle o número de "paseados" totais de cada municipio.

Deste xeito, certificamos que o número de persoas vítimas desta tipoloxía violenta en Santiso, Santa Comba, Ordes, Fisterra, Chantada, Boimorto, Pantón, Lugo e Carballedo foi sempre inferior ás 10 persoas. Por último, se comparamos

[530] Os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) amosan que a poboación de Lugo era de 32.259 habitantes de dereito en 1930, ascendendo até un total de 41.011 en 1940, tal e como pode comprobarse a través da seguinte ligazón: INEbase. Alteraciones de los municipios [Última visita: 16/05/2023].

[531] Os datos de poboación para os anos 1930 e 1940 poden consultarse en: INEbase. Alteraciones de los municipios [Última visita: 16/05/2023].

a Táboa 27 coa 23, na cal se recollían os 10 municipios galegos con maior número de veciñas e veciños asasinados sen sentenza, observaremos que non existe nin un só municipio repetido que alcance unha porcentaxe de sumarios incoados para a investigación de "paseos" que sexa superior ao 3,3% que posúe Vilagarcía de Arousa.

Dita tendencia, lévanos a concluír que a apertura de sumarios de investigación de "paseos" non foi un recurso de aplicación xenérica. Pola contra, a nosa análise amosa que foi unha práctica concentrada en localidades de tamaño pequeno e intermedio, nas cales, se rexistrou un número de vítimas moderado en termos relativos. Alén disto, consideramos que a incoación de procesos xudiciais militares, para a investigación de "paseos", estivo en relación co mantemento de dinámicas sociais e administrativas previas ao Golpe, as cales, dependeron da vontade de actuación da xustiza civil que exercía as súas competencias nos distintos concellos. Deste xeito, se analizamos os 3 sumarios incoados na nosa área de estudo preferente para a suposta investigación dos asasinatos dos veciños de Viveiro Carlos Morris Soriano, Domingo Galán Jambrina e Luís Sánchez Mendezona, comprobaremos que os corpos foron "levantados" por un xuíz municipal. Tamén, que se realizou unha autopsia, así coma un enterro suxeito a formalismos[532].

Alén disto, comprobamos que as investigacións se incoaron máis alá de 1936 e, por último, que investigaron falecementos considerados responsabilidade tanto da Garda Civil, como das milicias de Falanxe e a Garda Cívica de Vilagarcía. Isto, permite argumentar (máis unha vez) que os asasinatos sen sentenza foron unha forma de violencia que estivo controlada desde os primeiros momentos. Tamén, que os mecanismos de control deseñados polas autoridades sublevadas estaban pensados para o conxunto de forzas encargadas de levar adiante a persecución sobre o terreo[533].

Proba deste control é a listaxe elaborada pola policía de Ferrol onde se recolle a relación das persoas que resultaran mortas na cidade, entre o 15 de agosto e o

[532] O asasinato de Luís Sánchez Mendezona foi investigado en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 981/36. O de Domingo Galán Jambrina en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 932/36. Por último, o asasinato de Carlos Morris Soriano foi investigado en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 812/36.

[533] Ángela Cenarro, "El triunfo de la reacción: fascistas y conservadores en Teruel", en *El pasado oculto. Fascismo y violencia en Aragón (1936-1939)*, ed. por Julián Casanova et.al (Madrid: Siglo XXI, 1992), 176-177.

29 de outubro de 1936, con motivo de supostas fugas, teóricos intentos de agresión "á forza armada" e outros feitos considerados "análogos" por parte dos golpistas[534]. Tamén a aprobación de medidas coma o nomeamento de Inspectores Provinciais de Milicias, os cales, estaban destinados a perfeccionar e a acoutar as actuacións destes corpos paramilitares. Ademais, sabemos que se realizaba un control individual dos distintos milicianos, os cales, precisaban rexistrarse se querían percibir as tres pesetas diarias que se fixaban como recompensa polos seus esforzos[535].

As investigacións foron realizadas tanto para valorar os casos de persoas que foron sacadas como para "paseados" que foron asasinados durante a súa detención. Dita realidade, amosa que os golpistas continuaron a ser dependentes das prácticas de identificación de cadáveres e investigación de crimes previa á Sublevación, sobre todo, naqueles puntos nos que os niveis de violencia resultaron ser máis modestos.

Finalmente, a análise sobre os "paseos" amosa que estamos ante mortes que buscaron ser lexitimadas en base á existencia dunhas supostas garantías xurídicas. Deste xeito, o asasinato de persoas sen sentenza non se xustificaba a través dunha condena á pena capital, mais si en base á propia actitude das vítimas, que tentaran fuxir durante un suposto traslado ou resistir unha hipotética detención.

USC DE SANTIAGO

[534] Eliseo Fernández Fernández, "A Delegación de Orden Público...", 96-97.
[535] Antonio Míguez Macho, *La genealogía genocida...*, 92-93.

6.2.3. As desaparicións

As desaparicións son unha tipoloxía de violencia creada para clasificar os casos de persoas que foron asasinadas fora dos mecanismos de aplicación da pena capital. A diferenza entre as desaparicións e os paseos ten sido realizada en base á posibilidade de recuperación do cadáver da vítima. Tal circunstancia ten unha importancia central na nosa cultura. Alén diso, a posibilidade de certificar ou non o falecemento dun familiar tiña implicacións prácticas nas herdanzas, así como na condición de viúva de moitas mulleres. Con todo, en base á nosa investigación, consideramos que estamos ante unha categoría que resulta problemática a nivel analítico e que, por tanto, debería de ser revisada.

Dentro da nosa de área de estudo preferente atopamos que na base de Nomes e Voces se computaron 2 persoas como "desaparecidas". Estas, foron o veciño de Guitiriz Ángel Romero Vázquez e o veciño de Ourol José Fernández Picos. José Fernández Picos aparece como encartado nunha causa militar aberta contra unha importante cantidade de veciños de Ourol e Viveiro a raíz do Golpe de Estado de 1936. Contra el recolléronse distintos testemuños, tanto acusatorios como exculpatorios, mais nunca chegou a declarar como testemuña[536]. Segundo os datos de Nomes e Voces "semella que foi torturado e asasinado"[537]. Na actualidade descoñecemos a súa data de falecemento, así coma o lugar no que foi asasinado. O que sabemos é que foi considerado oficialmente morto a día 17 de xaneiro de 1950, polo xuíz de primeira instancia de Viveiro Antonio Fernández Rodríguez. As actuacións deste último, segundo consta na prensa da época, tiveron inicio a petición do fillo do asasinado José Fernández Picos, sobre o cal se afirmaba que "*desapareció del indicado domicilio el día 20 de julio de 1936, sin que desde entonces haya habido noticia alguna suya*"[538].

No caso de Ángel Romero Vázquez tampouco coñecemos a súa data de morte, nin o lugar no seu falecemento. O que sabemos é que era mestre, así como que

[536] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 814/36.

[537] A súa ficha pode consultarse de xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: José Fernández Picos (Barrendeiro) - Nomes e Voces [Última visita: 17/02/2023].

[538] *El Progreso*, 18 de febreiro de 1950, consultado o 17 de febreiro de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 17/02/2023].

puido terse suicidado após fuxir do seu domicilio[539]. Segundo a prensa, sabemos que lle foi incoado un expediente de responsabilidades políticas, o cal, nos permite relacionar a súa desaparición coa violencia sublevada dun xeito claro[540].

Alén destes, cómpre citar un caso máis, o do veciño de Trabada Pablo Martínez Crespo, que figura en Nomes e Voces como "procesado" de forma errada[541]. Porén, na actualidade a súa morte é unha circunstancia coñecida e datada no mes de setembro de 1936[542]. De feito, ten sido obxecto dunha homenaxe celebrada o día 6 de outubro de 2019 na localidade de Santiso de Abres, no lugar no que a vítima foi soterrada, xunto con outras 5 persoas cuxa identidade se descoñece[543]. Alén disto, grazas ao contido da causa que lle foi incoada, sabemos que Pablo Martínez Crespo estivo retido no cárcere de Castropol, desde onde foi sacado para ser asasinado.

Segundo a versión oficial golpista, a vítima fuxira o día 2 de setembro de 1936, cando estaba a ser conducida desde o depósito municipal de Castropol ao cárcere de Lugo. O seu informe de fuga, está asinado polo Comandante Militar de Ribadeo: Juan Aranguren Ponte, autor de outros escritos similares, tal e como explicaremos. Sobre a súa suposta fuga contamos con 2 declaracións asinadas polos dous Gardas Civís encargados da súa condución: Pablo de la Puente Aguirre e Manuel Devesa Álvarez. Segundo ambos, Pablo Martínez Crespo conseguira fuxir deles despois de ter sido liberado das súas cadeas "*al objeto de hacer una necesidad*"[544].

En base ao explicado, vemos que a sorte de Pablo Martínez Crespo foi idéntica á de boa parte dos asasinados sen sentenza que temos clasificados como "paseados" na base de datos de Nomes e Voces. Entón, como deberíamos de o clasificar? Na actualidade está claro: o seu cadáver está localizado e o seu

[539] A súa ficha pode consultarse de xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligaón: Ángel L. Romero Vázquez - Nomes e Voces [Última visita: 17/02/2023].
[540] *BOP Lugo,* 26 de novembro de 1943, consultado o 17 de febreiro de 2023. Recuperado de: Consulta › Resultados (galiciana.gal) [Última visita: 17/02/2023].
[541] A súa ficha pode consultarse de xeito aberto na web de Nomes e Voces, concretamente, a través da seguinte ligazón: Pablo Martínez Crespo - Nomes e Voces [Última visita: 17/02/2023].
[542] A homenaxe a que facemos referencia aparece en: *La Voz de Galicia,* 6 de outubro de 2019, consultado o 19 de febreiro de 2023. Recuperado de: Unha placa na fosa común de Abres en memoria dos represaliados nas terras do Eo (lavozdegalicia.es) [Última visita: 19/02/2023].
[543] Na actualidade Santiso de Abres forma parte do Principado de Asturias e conta co nome oficial de San Tirso de Abres.
[544] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 52, causa 564/36, folios 28, 43 e 43 volto.

asasinato tivo lugar alén dos mecanismos de aplicación da pena capital, por tanto, podemos afirmar dun xeito claro que Pablo Martínez Crespo foi "paseado". Porén, que deberíamos de ter feito de realizarmos esta tese no ano 2006? Ou, como deberíamos analizar o seu caso de non ter aparecido o seu cadáver?

Ao noso ver, a importancia destas preguntas é fundamental, dado que cuestionan a diferenciación entre "paseados" e "desaparecidos" como 2 tipoloxías de violencia diferentes. Ditas categorías, teñen a súa orixe, segundo a nosa opinión, nun determinado enfoque analítico sobre a violencia derivada do Golpe de Estado de 1936. Esta é: a que centra o seu interese nas vítimas da persecución e non inclúe aos perpetradores no relato.

Deste xeito, se centramos o foco nas vítimas, pode ter sentido entender que a aparición ou desaparición do cadáver é unha diferenza importante, de cara á cuantificación do número de persoas asasinadas, así como á hora de poñer en cuestión os datos procedentes da historiografía tardo franquista, aos que xa nos temos referido con anterioridade. Non obstante, se pretendemos ir alén do relato tradicional sobre a "represión franquista", cómpre ampliarmos o foco e non construír as nosas análises a partir das vítimas, senón da violencia en si mesma. Así, se retomamos o debate sobre o concepto de xenocidio, que introducimos ao comezo deste traballo, cómpre lembrar que, para algúns autores, a pertinencia do uso do termo xenocidio, para a caracterización dun determinado fenómeno de violencia, non debía avaliarse en función do número de vítimas, senón en base á presenza ou ausencia de prácticas xenocidas dentro do contexto que sexa obxecto da nosa análise[545].

En relación con isto, nós pensamos que cómpre falarmos de practicas de desaparición forzada e non de desaparicións coma un resultado da violencia. Isto é debido a que consideramos que a intención de desaparecer os cadáveres foi algo presente en outros moitos asasinatos que temos clasificados como "paseos". Deste xeito, a localización das vítimas tivo lugar alén dos desexos dos perpetradores e grazas ao mantemento de lazos comunitarios presentes con anterioridade ao Golpe. Esta realidade pode exemplificarse a través da análise do caso do "paseado" ribadense Santiago Fariñas. Deste xeito, segundo o relato da súa filla (que concorda con outras fontes que analizamos na presente tese de doutoramento), sabemos que Santiago Fariñas foi sacado do cárcere municipal

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[545] Antonio Míguez Macho, "Nuestro pasado presente...", 402-426.

de Ribadeo e asasinado no concello do Vicedo, o cal, se atopa a unha distancia de 80 quilómetros. Alí, a vítima foi fusilada sen sentenza e tirada ao mar. O seu cadáver foi recuperado por uns veciños, que o localizaron ao ver unha mancha de sangue na auga. Xa en terra, puido ser identificado grazas ao xuíz municipal de Viveiro, que era natural de Castropol e que o coñecía, pola relación de veciñanza existente entre Ribadeo e a vila asturiana[546].

O acontecido no caso de Santiago Fariñas permite argumentar que un cambio nalgunha das casuísticas explicadas podía ter derivado na imposibilidade de recuperar o seu cadáver, ao igual que aconteceu co "paseado" máis famoso do Estado: Federico García Lorca. De feito, as elevadas cifras de persoas desaparecidas que atopamos en lugares como Andalucía e Estremadura, amosan que as prácticas de desaparición tiveron moito éxito nalgunhas zonas[547]. Porén, en Galiza a situación foi diferente, dado que, como xa explicamos, as persoas desaparecidas constitúen unha clara minoría.

Esta realidade pódese deducir, curiosamente, a partir cifras de Salas Larrazabal. Tal e como amosamos no Gráfico 1, Ramón Salas Larrazabal cifrara as vítimas mortais da violencia subleva nun total de 57.808 persoas. Estas cifras, en comparación coas recollidas na bibliografía actual, amosan unha enorme desproporción. Tal e como explicamos, Salas Larrazabal subestimou entre o 61,62% e o 55,6% do total de asasinatos perpetrados polos golpistas, dependendo de se tomamos os datos de *Verdugos impunes* ou os de Francisco Espinosa. Esta realidade, ten a súa orixe na súa peculiar aposta metodolóxica, que exclúe do cómputo de vítimas ás persoas cuxas mortes non foron inscritas nun rexistro, é dicir aos desaparecidos[548].

Como explicamos, a súa lei xeral subestima a maior parte das vítimas da violencia golpista do conxunto do Estado Español. Porén, en Galiza a realidade é diferente. Deste xeito, cómpre sinalar que o autor cifraba en 3254 as vítimas mortais correspondentes ás provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e

[546] Entrevista a Elisa Secundina Fariña López, realizada por Vieites Salmonte, Eva; Hervella García, Gustavo (Ribadeo, Lugo, España, 31/05/2006). Nº 2006. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal

[547] Francisco Espinosa, *La columna...*, 232-233.

[548] Ramón Salas Larrazabal, *Perdidas de la guerra...*, 20.

Pontevedra[549]. Se comparamos esta cifra cos 3682 asasinados que compoñen o Grupo III de vítimas comprobaremos que Salas Larrazabal subestimou parte das vítimas, porén, nunha porcentaxe do 11,62%, a cal, resulta claramente inferior á calculada para o conxunto do Estado.

A comparación co Grupo III é a que consideramos máis acaída en base á metodoloxía do autor. Con todo, se realizamos o cálculo en base ao número total de 4689, comprobaremos que o autor subestimou o 21,48% do total de vítimas mortais, valor que segue a ser rotundamente inferior ao que se refire ao conxunto do territorio español.

Partindo destas ideas, entendemos que resulta moi interesante estudar a distribución espacial das vítimas mortais clasificadas na categoría de "desaparición" dentro do territorio galego, co obxectivo de comparalas coas incluídas na categoría de "paseo". Os datos semellan bastante claros. Así, atopamos que se computaron vítimas de "desaparición" nun total de 70 concellos. Na maioría deles tamén atopamos "paseados".

As excepcións hai que buscalas en 11 municipios, os cales, supoñen unha porcentaxe do 18,33% do total de concellos. Alén disto, en 10 destes 11 concellos só rexistramos 1 persoa como desaparecida. A excepción é Forcarei, onde se computaron 9 desaparicións e ningún "paseo". Deste xeito, a nivel porcentual, sobre o conxunto de 173 desaparecidas e desaparecidos que figuran como falecidos en Nomes e Voces, atopamos que estas 19 persoas desaparecidas se corresponden cunha porcentaxe do 10,98% do total de vítimas incluídas dentro da categoría.

Alén disto, cómpre sinalar que o caso de Forcarei permite apuntar certos matices. Así, en primeiro lugar, atopámonos con que a maioría dos desaparecidos foron asasinados bastante lonxe do seu lugar de residencia, o que nos leva a pensar que é posíbel que non estiveran a residir nel no momento da súa morte. En segundo lugar, comprobamos que en Nomes e Voces figuran o lugar e a data do asasinato dos únicos 3 desaparecidos do concello que semella que estaban a residir en Forcarei no momento da súa morte. Estes foron: Jesús González, Manuel Pedreira Pazos e José María Taberneiro Fraiz[550]. Deste xeito, atopámonos

[549] *Ibidem*, 201, 227, 240 e 248.

[550] A listaxe completa de veciños de Forcarei clasificados dentro do suceso "desaparición" pode consultarse de xeito aberto a través da web de Nomes e Voces, concretamente, a través da

diante de persoas cuxos cadáveres puideron ser localizados e cuxa inclusión na base como "desaparecidos" se deba a unha disparidade de criterios entre as investigadoras e investigadores responsábeis.

Por último, se analizamos a fonte oral observaremos que as similitudes entre as categorías de "paseo" e "desaparición" son moi importantes. Deste xeito, analizamos 9 entrevistas realizadas a familiares de persoas que figuran como "desaparecidas" na base de datos de Nomes e Voces e descubrimos que en 6 casos as vítimas estiveron no cárcere até o momento do seu asasinado, o cal, tivo lugar tras unha saca, ao igual que explicamos para os casos de moitos dos "paseados" que analizamos[551].

Por todo isto, consideramos pertinente cuestionar a existencia da tipoloxía de "desaparecido". Isto, na nosa opinión, tradúcese na necesidade de clasificar a estas persoas dentro do resto de categorías de vítimas que estivemos a analizar; fundamentalmente na dos asasinados sen sentenza (aínda que tamén rexistramos un caso de "desaparecido" que morreu nun campo de concentración en Francia). As tipoloxías de asasinados sen sentenza que distinguimos anteriormente, son basicamente 2. Por unha banda, a das persoas que resultaron falecidas froito dos combates pola toma do poder. Por outra banda, a dos individuos que foron asasinados en base aos distintos mecanismos incluídos dentro da categoría de

seguinte ligazón: Buscando por vecinanza:Forcarei suceso:Desaparición - Nomes e Voces [Última visita: 19/02/2023].

[551] Entrevista a Anónimo, realizada por Teijeiro, Margarita (, sen data). Nº 2411. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Antonio Piñeiro Avendaño, realizada por Domínguez Almansa, Andrés (Limens, Cangas do Morrazo, Pontevedra, España, 09/10/2006). Nº 2135. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Anónima, Anónima, realizada por Farias, Ruy (, 19/12/2006). Nº 2260. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Ramona Jaso Ramírez, realizada por Domínguez Almansa, Andrés (Tui, Pontevedra, España, 25/09/2006). Nº 2124. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Anónimo, realizada por Botana, Rocío (, sen data). Nº 2081. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Antonio Munch Iglesias, realizada por Miguez Macho, Antonio (, 21/06/2006). Nº 2023. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a María del Carmen Nores Graña, realizada por Andrés Domínguez Almansa (Cangas do Morrazo, Pontevedra, España, 14/10/2008). Nº 2360. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Manuel Pérez Fernández, realizada por Hervella García, Gustavo (Ourense, Ourense, España, 06/07/2006). Nº 2060. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Elena Rodríguez Carballo, realizada por Rocha Novoa, Mónica (Arcos de Furcos, Cuntis, Pontevedra, España, 05/07/2007). Nº 2269. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal [Última visita: 15/09/2021].

"paseo". Esta última, resulta a máis acaída para incluír á maioría das e dos desaparecidos.

6.3. Entre a historia e a memoria. Un estudo sobre os asasinatos sen sentenza

Os asasinatos sen sentenza, tanto no caso daqueles que foron perpetrados durante a toma do poder, como nos que tiveron lugar tras o asentamento das autoridades sublevadas, teñen recibido un importante grao de atención, por parte da historiografía e as asociacións memorialistas. Dita realidade non resulta demasiado sorprendente, dado que estamos ante a tipoloxía de violencia máis frecuente no Estado español (de entre as que tiveron resultado de morte) e tamén, quizais, ante a máis traumática. Isto é debido, a que as familias das vítimas non tiveron que se enfrontar só á perda dun ser querido, senón tamén ás prácticas de ocultación dos corpos e ás dinámicas de negación dos crimes.

As políticas de ocultación oficial postas en práctica polo Réxime Franquista tiveron a súa resposta nas propias familias das persoas asasinadas. Estas, tiveron o valor e a determinación necesarias para rescatar e honrar aos seus familiares, a través de actos simbólicos como a colocación de flores ou cruces nos lugares nos que se tiñan producido os asasinatos e/ou os enterramentos irregulares das vítimas[552]. Este tipo de prácticas, sentaron as bases para a creación de numerosas asociacións memorialistas, as cales, a partir da Transición cara a democracia, puideron facer públicas as súas actuacións e reivindicacións. Co paso das décadas, as asociacións creadas en prol da identificación e dignificación das vítimas da Sublevación do 18 de xullo de 1936 teñen conseguido ocupar un lugar de influencia dentro da sociedade civil española.

A chegada do século XXI inaugurou un cambio de ciclo político, no cal, o interese pola recuperación da chamada "memoria histórica", se ten incrementado enormemente. O cambio, de feito, ten sido cualitativo alén de cuantitativo, como xa explicamos no estado da cuestión da presente tese doutoral. Como sinalamos, no ano 2000 tivo lugar a primeira exhumación dunha foxa común, relacionada coa Guerra Civil española, en base ao rigor da metodoloxía científica. Dita acción marcou a creación da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica

[552] Iria Morgade Valcarcel, "Rosa Branca...", 361-429.

(ARMH), cuxo principal obxectivo ten sido a exhumación das vítimas mortais da violencia golpista soterradas fora dos recintos funerarios e, tamén, nas foxas comúns do interior dos cemiterios[553]. Isto é: a recuperación e dignificación dos restos das persoas que foran asasinadas alén dos mecanismos de aplicación da pena capital.

Porén, o movemento memorialista non se ten limitado a recuperar cadáveres de vítimas. Deste xeito, as exhumacións que realizaron non se entenderon nunca coma un fin en si mesmo, senón coma un acto de maior alcance, destinado a buscar a reparación dos crimes, así coma o recoñecemento público das vítimas[554]. É por isto que o traballo das asociacións en prol da recuperación da memoria histórica ten permitido cambios na significación de numerosos espazos en multitude de vilas e cidades do Estado español. Estas accións teñen unha importancia clara, pois permiten que o pasado se fixe no territorio de forma permanente, o que contribúe á aprendizaxe democrática[555].

Dita idea, está ligada co concepto de *lieux de memoria*, popularizado polo historiador francés Pierre Norá. Segundo Norá, os *lieux* son lugares (físicos e non físicos) creados para conservar o recordo de comunidades humanas que se atopan en proceso de desaparición. Neles, a memoria colectiva e a historia relaciónanse para crear un discurso que se considera necesario transmitir ás xeracións do futuro[556].

Na construción destes espazos memoriais, ao igual que acontecía coas accións globais de homenaxe ás vítimas da violencia golpista, os "paseados" e "desaparecidos" teñen recibido unha atención destacada. Con todo, como xa sinalamos, o grande interese que existe ao redor dos asasinatos de persoas alén dos mecanismos de aplicación da pena capital, non se ten traducido nun coñecemento privilexiado sobre esta forma de violencia. Dita circunstancia, ten exercido unha influencia evidente nas políticas públicas sobre o pasado. Deste

[553] Mirta Núñez, "Representaciones...", 34.
[554] Francisco Etxeberria Gabilondo, "Las políticas de memoria...", 78.
[555] Conxita Mir, "Acción pública y regulación memorial del territorio", en *El Estado y la memoria. Gobiernos y ciudadanos frente a los traumas de la historia*, ed. por Ricard Vinyes (Barcelona: Memorial Democràtic, 2009), 523.
[556] Pierre Norá, "Between Memory and History: Les Lieux de Mémoire", *Representations*, nº 26 (1989): 7-24.

xeito, certos lugares de memoria teñen sido convertidos en lugares de esquecemento e negación[557].

Para explicarmos esta idea cómpre termos presente que, a día de hoxe, non existen investigacións sistemáticas sobre os lugares de violencia e a súa eventual transformación en lugares de memoria[558]. Dita circunstancia, tradúcese na inexistencia dun censo actualizado no que se recollan e clasifiquen estes espazos, o que nos obriga a valorar soamente algúns destes *lieux*, para así defender a pertinencia das nosas hipóteses[559].

Para levar adiante a nosa proposta combinaremos as perspectivas macro e micro. A primeira, será de moita utilidade para analizar grandes áreas rexionais, incluso, o conxunto do Estado, e consistirá, basicamente, nunha aproximación a través da bibliografía. A segunda, a perspectiva micro, aportará unha visión máis sistemática, ao centrármonos só en certas localidades, co obxectivo de formular preguntas de alcance xeral a partir dunha realidade concreta.

Deste xeito, se realizamos unha análise de conxunto para o Estado español observaremos que é posíbel dividir os lugares de memoria, relacionados cos asasinatos perpetrados alén dos mecanismos de aplicación da pena capital, en 2 grandes grupos. Estes, na nosa opinión, defínense pola súa relación espacial coa violencia.

O primeiro conxunto de *lieux* está formado polos espazos nos que se conmemora un feito violento sucedido nese mesmo punto. Como exemplos podemos sinalar o Campo da Rata, na cidade da Coruña, e o Cemiterio de San Esteban de las Cruces, que se localiza en Oviedo[560].

O grupo 2 de lugares de memoria que consideramos preciso delimitar é o que se atopa constituído por aqueles que se sitúan en localizacións alleas ao feito violento en si mesmo. Este é o caso da Biblioteca Ánxel Casal, que se nomeou en

[557] Antonio Míguez Macho, "Un pasado negado...", 127-151.
[558] *Ibidem.*, 129.
[559] Dito esforzo foi iniciado en Xabier Buxeiro Alonso, "Memory and forgetting...", 65-82. Na presente tese tomamos este traballo como orixe, para corrixir e completar as súas afirmacións, de modo que poidan integrar o presente traballo en relación co resto de ideas que presentamos.
[560] Amaya Caunedo Domínguez, "Espacios y monumentos para el recuerdo de las víctimas en el norte", en *Duelo y memoria. Espacios para el recuerdo de las víctimas de la represión franquista en perspectiva comparada*, ed. por Coxita Mir Curcó e Josep Gelonch Solé (Lleida: Universitat de Lleida, 2013), 82, 85.

Santiago de Compostela co obxectivo de preservar e dignificar a memoria o último alcalde republicano da cidade. Con todo, a súa localización non se corresponde en absoluto co punto xeográfico no que foi asasinado. Isto mesmo acontece, por exemplo, coa estatua, colocada no Bulevar de la Constitución de Granada, en lembranza do poeta Federico García Lorca.

Neste apartado, consideramos pertinente centrar a nosa atención nos lugares de memoria que se localizan en puntos onde tiveron lugar as violencias que pretenden ser obxecto da nosa análise. Isto é debido a que noso obxectivo é valorar como certos lugares de violencia chegaron a se converter en lugares de memoria, mentres que outros remataron quedando no máis absoluto esquecemento.

Tomando esta idea como base, realizamos unha aproximación, a través da bibliografía, a distintos lugares de memoria localizados nas comunidades autónomas de Galiza, Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña e Andalucía. Nesta aproximación, como explicamos, centramos a nosa atención naqueles *lieux* que posuíran unha relación espacial co feito violento a homenaxear. Seguindo este esquema interpretativo, observamos que os lugares de memoria rexistrados son aqueles que se corresponden cos puntos onde as vítimas foron asasinadas e/ou soterradas[561].

Isto é unha realidade que pode observarse tanto no norte coma no sur do Estado. Así, na área setentrional, podemos destacar os monumentos memoriais construídos no cemiterio de Ciriego, que dista uns 5 quilómetros da cidade de Santander e, tamén, os que se localizan nas cidades da Coruña e Oviedo, tal e como temos explicado con anterioridade. Na zona norte do territorio español atópanse tamén numerosas placas conmemorativas localizadas en multitude de bosques e localizacións montañosas situadas na Cordilleira Cantábrica.

[561] Coxita Mir Curcó, "Rememorar a las víctimas: un recorrido por los espacios de duelo de las violencias de guerra y posguerra en Cataluña", en *Duelo y memoria. Espacios para el recuerdo de las víctimas de la represión franquista en perspectiva comparada*, ed. por Coxita Mir Curcó e Josep Gelonch Solé (Lleida: Universitat de Lleida, 2013). Javier Giráldez Díaz, "El recuerdo de las fosas comunes de la guerra civil y el franquismo en los cementerios de la Andalucía democrática", en *Duelo y memoria. Espacios para el recuerdo de las víctimas de la represión franquista en perspectiva comparada*, ed. por Coxita Mir Curcó e Josep Gelonch Solé (Lleida: Universitat de Lleida, 2013). Amaya Caunedo Domínguez, "Espacios y monumentos para el recuerdo…".

No sur do Estado, a situación é semellante. Así, é posíbel afirmar que existen multitude de lugares de memoria que se atopan diseminados por todo o territorio e que se sitúan en puntos onde se asasinou e/ou se soterrou a persoas que foron asasinadas alén dos mecanismos de aplicación da pena capital. Deste xeito, observamos que en Andalucía existen máis de 600 foxas, as cales, teñen sido escollidas de forma predilecta polos grupos memorialistas para construír lugares de memoria.

Deixando a un lado esta análise macro, decidimos realizar un estudo máis sistemático, centrado nos 11 concellos nos que se rexistraron "paseos", segundo Nomes e Voces. Estes, por orde alfabética, son A Pastoriza, A Pontenova, Cervo, Cospeito, Guitiriz, Mondoñedo, Muras, O Vicedo, Ribadeo, Vilalba e Viveiro. Na nosa análise decidimos centrarnos apenas nos "paseos" e non nas "desaparicións". Tal decisión foi adoptada polo feito de que, neste último caso, se descoñece o lugar de asasinato e/ou enterramento das vítimas, o que podería ter condicionado a escolla de espazos para a súa conversión en hipotéticos lugares de memoria.

Sexa como for, dentro dos 11 concellos estudados, atopamos que se conservan lugares de memoria, relacionados coas vítimas de "paseos", en A Pontenova, Cervo, Guitiriz, Mondoñedo, Ribadeo e O Vicedo. Con todo, cómpre ter presente que as intervencións memorialistas difiren bastante nuns casos e noutros, de modo que é posíbel dividilas en 3 grupos en función do tratamento dispensado cara as vítimas:

a) Concellos con lugares de memoria nos que non se realiza unha mención específica aos "paseos": Ribadeo, Cervo, A Pontenova
b) Concellos con lugares de memoria centrados nos "paseados" localizados en puntos que non teñen relación co feito violento: Mondoñedo, Guitiriz.
c) Concellos con lugares de memoria centrados nos "paseados" localizados en espazos que se relacionan co feito violento: O Vicedo, Mondoñedo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na Pontenova, existe unha placa na que se lembra aos "demócratas republicanos" do concello, sen entrar en detalles sobre o tipo de violencia que sufriron, tal e como se ve na Foto 2. En Cervo, localízase outra placa memorialista que foi colocada na parroquia de San Cibrao na Praza do Lugar no ano 2012. 10 anos antes colocárase unha primeira placa, porén, rematara por ser destruída a consecuencia dun acto vandálico[562]. A inscrición, como sinalamos, ten un carácter xenérico, ao estar dedicada á "honra dos/das demócratas republicanos de Cervo, tal e como se ve na Foto 3.

Foto 2: placa en lembranza dos/das demócratas republicanos/as da Pontenova



Fonte: arquivo do autor

[562] Disto temos constancia a través da prensa: *Atlántico*, 17 de agosto de 2012, consultado do 22 de febreiro de 2023. Recuperado de: El BNG de Cervo homenajea a 63 represaliados por el franquismo (atlantico.net) [Última visita: 22/02/2023].

Foto 3: placa en lembranza dos/das demócratas republicanos/as de Cervo



Fonte: arquivo do autor

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No concello de Guitiriz existen 2 *lieux* de memoria, 1 dos cales se relaciona cos paseos[563]. Trátase dun monólito que se localiza no cemiterio da parroquia de Santa Mariña de Lagostelle, nun lugar onde se localizou unha foxa con 8 corpos de persoas que non eran veciñas do concello mais que remataron por ser asasinadas alí. Nel, como se amosa na Foto 4, gravouse unha inscrición en "homenaxe ás persoas vítimas do Franquismo nas fosas de Guitiriz".

Foto 4: monólito en homenaxe ás persoas vítimas do Franquismo nas fosas de Guitiriz



Fonte: arquivo do autor

No concello de Ribadeo realizáronse 2 intervencións memorialistas sobre o espazo público. A primeira (Foto 5) consistiu na colocación dunha placa en honra dos demócratas republicanos da vila, que foi colocada nunha praza situada na parte traseira do concello. A segunda (Foto 6), na colocación dunha serie de

[563] O segundo lugar de memoria trátase dunha escultura de ferro que honra aos chamados irmáns da Lexía, os cales, foron executados na Coruña o día 29 de xullo de 1936. Estes eran naturais de Ribadeo mais veciños da cidade herculina.

ladrillos en lembranza das vítimas mortais da persecución golpista. Estas colocáronse nos lugares nos que as vítimas vivían ou traballaban. En caso de descoñecer ese dato, os responsábeis municipais optaron por situalas no parque que se localiza enfronte ao consistorio municipal.

Foto 5: placa en lembranza dos/das demócratas republicanos/as de Ribadeo



Fonte: arquivo do autor

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foto 6: ladrillo en lembranza de Aurelio Fernández Fernández



Fonte: arquivo do autor

No concello do Vicedo existe un *lieux* formado por 2 placas conmemorativas que se localizan na ponte do Barqueiro, lugar que marca o límite entre as provincias de A Coruña e Lugo e, no cal, se perpetraron multitude de asasinatos. Este, recóllese na Foto 7.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foto 7: placas situadas na Ponte do Barqueiro en lembranza do alcalde de Mañón e do resto de persoas asasinadas no lugar



Fonte: arquivo do autor

Finalmente, en Mondoñedo, existen 3 *lieux*. O primeiro deles (Foto 8), está localizado no cemiterio vello da localidade e nel homenaxéase a 6 veciños de Ribadeo e 1 veciño de Viveiro que foron asasinados en distintos puntos do concello. O segundo (Foto 9), consiste nun monólito que está situado nas inmediacións do referido cemiterio. Este último, foi erixido para recuperar e honrar a memoria de 3 veciños de Mondoñedo que foron asasinados sen sentenza nese mesmo lugar: Siervo González, Graciano Paz e Manuel Rodríguez. O derradeiro lugar de memoria ao que faremos referencia, consiste nunha placa, que se amosa na Foto 10. Esta que lembra ao "paseado" ribadense José Antonio Díaz Álvarez e sitúase no lugar do seu asasinato, na parroquia de Argomoso.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foto 8: placa colocada no cemiterio de Mondoñedo en lembranza dos veciños de Ribadeo e Viveiro asasinados en distintos puntos do Concello



Fonte: arquivo do autor

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foto 9: monólito situado no cemiterio de Mondoñedo en lembranza de tres veciños da localidade asasinados



Fonte: arquivo do autor

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foto 10: placa en lembranza de José Antonio Díaz Álvarez



Fonte: arquivo do autor

Como vemos, os lugares de memoria dos "paseados" pertencentes á nosa área de estudo preferente, cuxa localización se relaciona co feito violento a lembrar e dignificar, están sempre situados en espazos nos que as vítimas foron asasinadas e/ou soterradas. Deste xeito, estase a obviar a existencia doutros espazos relacionados co asasinato das vítimas citadas, os cales, están a se converter sistematicamente en lugares de amnesia. Estes son os espazos de reclusión, desde os cales, sabemos que moitas destas persoas foron sacadas para ser asasinadas alén dos mecanismos de aplicación da pena capital.

Dentro da nosa zona de estudo explicamos que existe constancia da realización de sacas desde o cárcere municipais de Ribadeo. Porén, este edificio, malia ter unha localización céntrica na vila, carece de calquera referencia aos "paseos" das persoas que se atopaban alí retidas, tal e como pode ilustrarse a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

través da Foto 11, onde aparece o panel informativo situado na fachada do cárcere de Ribadeo. Isto, na nosa opinión, non é casualidade, senón unha realidade que pode explicarse en función de tres hipóteses que actúan de forma conxunta.

Foto 11: panel explicativo do cárcere municipal de Ribadeo



Fonte: arquivo do autor

En primeiro lugar, as dinámicas de escolla dos lugares de memoria dos "paseos" teñen que ver coa tradición. Deste xeito, as asociacións memorialistas estiveron a dar continuidade as homenaxes realizadas polos familiares das vítimas desde os anos da Ditadura. Este tipo de accións son perfectamente comprensíbeis desde un punto de vista cultural, dado que concordan á perfección coas tradicións familiares de visita aos lugares de enterramento oficiais. Alén disto, con este tipo de actos lembrábase o acto máis dramático de todo o proceso de persecución desa persoa. Por último, a localización apartada de moitos destes lugares outorgaba ás familias o anonimato necesario en tempos de Ditadura.

En segundo lugar, consideramos que a escolla dos *lieux* pode interpretarse coma unha consecuencia do descoñecemento que aínda existe sobre os asasinatos

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

sen sentenza. Deste xeito, non consideramos casual que a política de escolla dos lugares de memoria relacionados cos paseos omita sistematicamente espazos fundamentais para a persecución destas persoas.

En terceiro lugar, o feito de que os lugares de reclusión se teñan convertido en lugares de amnesia, atópase en relación co enfoque das investigacións sobre o Golpe e a violencia, as cales, como explicamos, estiveron a se centrar nas vítimas de xeito exclusivo, esquecendo, por tanto, aos vitimarios. Deste xeito, ao homenaxear ao "paseado" no lugar da súa morte ou do seu enterramento non ten porque irse alén do feito evidente: a persoa foi asasinada e soterrada. Alén disto, resulta francamente curioso que as intervencións memorialistas estivesen a se realizar en localizacións pensadas para ocultar a identidade dos verdugos, en lugares nos que as únicas testemuñas do crime que quedan vivas foron os propios criminais.

Porén, si resulta posíbel coñecer o nome e os apelidos das persoas encargadas de custodiar as vítimas nas distintas prisións nas que se atopaban retidas no momento no que foron sacadas para ser asasinadas. Deste modo, a recuperación da memoria das sacas permitiría estudar os "paseos" dun xeito distinto, introducir aos perpetradores no relato e analizalos coma o que foron: unha tipoloxía de violencia controlada, en cuxa aplicación estiveron implicadas as autoridades golpistas.

Alén disto, a relación entre os espazos de reclusión e os asasinatos de persoas máis alá dos mecanismos de aplicación da pena capital é algo do que se nos informa en multitude de entrevistas analizadas no marco da presente tese de doutoramento. Deste xeito, observamos que o esquecemento público desta faceta dos lugares de reclusión contrasta coa lembranza privada que se transmite en multitude de fontes orais. Esta é unha conclusión que temos desenvolvido a través da análise dun total de 75 entrevistas que se atopan dispoñíbeis no fondo Terra e Memoria. A selección das entrevistas realizouse a partir de tres criterios:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a) Que as entrevistas aportasen datos sobre "paseos" e "desaparicións".
b) Que as entrevistas fosen realizadas a familiares directos das persoas asasinadas.
c) Que os familiares entrevistados tivesen nacido ante de se producir o asasinato.

A decisión de analizar conxuntamente as entrevistas destes 2 grupos de asasinados sen sentenza pode xustificarse en base ao explicado anteriormente. Deste xeito, pensamos que a aparición ou desaparición dos cadáveres das vítimas non debe de ser considerado como un factor determinante á hora de separar ás asasinadas e asasinados en 2 tipoloxías diferentes, dado que as casuísticas que levaron aos seus falecementos foron, en ambos casos, semellantes.

En base a estes criterios, atopamos 75 entrevistas. Co obxectivo de descubrir hipotéticas particularidades locais, que se puideran producir ao longo do noso territorio, decidimos consultadas todas, de modo que podemos dicir que a presente tese analiza o 100% das entrevistas que existen até o momento en Galiza, de acordo cos criterios anteriormente definidos. Deste xeito, entendemos que a mostra comentada é o suficientemente representativa como para extraer conclusións firmes e axustadas á realidade documental.

As 75 entrevistas analizadas distribúense entre as 4 provincias que forman a actual comunidade autónoma de Galiza. Con todo, comprobamos que a súa localización non é homoxénea, tal e como se amosa na Táboa 28. Alén disto, cómpre sinalar que a clasificación xeográfica á que nos referimos foi realizada en base ao lugar de veciñanza da persoa asasinada, o cal, pode coincidir ou non coa residencia das distintas persoas entrevistadas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 28: relación de entrevistas, vítimas e concellos analizados

Provincia	Número de concellos	Número de entrevistas	Número de vítimas referidas
A Coruña	13	21	27
Lugo	5	13	12
Ourense	4	4	4
Pontevedra	18	37	42
Total	40	75	85

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas referidas no Anexo 2

Para a análise das 75 entrevistas referidas seguimos un esquema conxunto. Por unha banda, tratamos de determinar cales foron os trazos definitorios dos "paseos" e "desaparicións" perpetradas a raíz do Golpe de Estado de 1936. Por outra banda, buscamos testar a validez da caracterización de "paseo" que realizamos anteriormente.

A nosa definición de "paseo", fai referencia aos asasinatos intencionados de persoas alén dos mecanismos de aplicación da pena capital que tiveron lugar a raíz do Golpe de Estado de 1936. Nesta, como explicamos, cómpre que encadremos tamén a boa parte das vítimas que aparecen clasificadas no suceso "desaparición", dentro da base de Nomes e Voces. Partindo destas premisas, consideramos que as vítimas ás que facemos referencia foron asasinadas en base a 2 casuísticas diferentes, tal e como temos explicado con anterioridade:

a) Asasinatos de persoas que foron detidas e internadas en centros de detención por un tempo máis ou menos prolongado e cuxas mortes tiveron lugar de xeito planificado e espazado no tempo.
b) Asasinatos de persoas que tiveron lugar no momento da súa detención.

A análise das distintas entrevistas referidas amosa, en primeiro lugar, que os asasinatos sen sentenza foron unha forma de violencia controlada e suxeita a formalismos. Deste xeito, de 75 entrevistas escoitadas só atopamos 2 nas que se

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nos describen asasinatos que podemos definir como pouco planificados[564]. Na primeira delas introdúcese o caso da morte do veciño do concello ourensán de Arnoia César Alberte Domínguez, que foi asasinado por un grupo de falanxistas que irromperan na súa casa despois de celebrar unha comida. Na segunda destas entrevistas, trátase a masacre perpetrada contra a familia Ramos no concello coruñés de As Pontes de García Rodríguez o día 5 de setembro de 1936. As persoas asasinadas foron 5: Juana Ferreiro Rodríguez, Manuel Ramos Fernández, Manuel Ramos Ferreiro e José Ramos Ferreiro. Segundo deixou testemuñado un parente das vítimas, Jesús Ramos Viveiro, o asasinato foi perpetrado por grupo de falanxistas e gardas civís, á cuxa fronte se atopaba o líder local do Partido: Narciso Corral[565].

Neste crime concreto, descoñecemos se Narciso e o resto de asasinos contaron co permiso tácito das autoridades golpistas. Quizais, iso sexa imposíbel de determinar. O que si coñecemos é que Narciso Corral chegou a ser expulsado da Falanxe, debido a que os seus actos deixaban á organización en mal lugar. Tamén que os familiares dos asasinados se atreveron a iniciar dilixencias para que os seus crimes foran investigados durante a propia Ditadura Franquista[566]. Ambas circunstancias, lévannos a concluír que este tipo de asasinatos resultaron moi pouco frecuentes, tal e como temos explicado mediante a análise de diversas fontes.

En segundo lugar, a consulta das 75 entrevistas referidas amosa que os 2 tipos de asasinato que distinguimos (as sacas e os asasinatos durante as detencións) non foron igual de frecuentes. Así, o suposto b), no que os individuos foran asasinados durante a súa captura resulta infrecuente. Isto é debido a que a maioría das vítimas non se atopaban fuxidas no momento da súa detención, o que se pode explicar en base a 2 circunstancias. A primeira delas, é que os asasinados pensaban que non ían perder a vida, dado que consideraban que non

[564] Entrevista a Jesús Ramos Viveiro, realizada por Miguez Macho, Antonio (, 27/11/2006). Nº 2179. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal y Entrevista a Nicolás Alberte Meixengo, realizada por Hervella García, Gustavo (Mondariz-Balneario, Pontevedra, España, 12/07/2006). Nº 2049. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal [Última visita: 21/02/2023].

[565] Entrevista a Jesús Ramos Viveiro, realizada por Miguez Macho, Antonio (, 27/11/2006). Nº 2179. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

[566] Rafael García Ferreira e Conchi López Sánchez, "A violencia no Golpe e na retagarda galega: o concello das Pontes (1936-1939)", *Hume historia: revista de estudos históricos locais*, nº 13 (2020), 9-63.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tiñan cometido delito algún, tal e como xa explicamos ao longo deste traballo. A segunda circunstancia que explica o feito de que a maioría de vítimas decidisen non escapar ten que ver, na nosa opinión, co contexto socio político existente no momento do Golpe de 1936, no cal, como argumentamos, non existía unha ruptura social.

Deste xeito, moitas das vítimas decidiron seguir coa súa vida normal após o asentamento no poder dos sublevados. Moitos deles, ademais, tiñan responsabilidades persoais que decidiron manter, o que impediu que fuxisen. Un exemplo disto último témolo no "paseado" do concello coruñés de Fene Maximino González López, quen afirmaba que non se ía agochar dado que tiña que coidar aos seus 4 fillos, os cales, non tiñan outro titor tras a recente morte da súa muller[567].

Así, das 75 entrevistas analizadas só atopamos datos en 9 delas que nos permitan soster a tese de que os "paseados" e "desaparecidos" decidisen escapar para non ser detidos, de modo que remataran por ser asasinados durante a súa captura[568]. En termos porcentuais, isto supón falarmos de valores inferiores ao 12% sobre o total.

---

[567] Entrevista a Concepción González Rodríguez, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Fene, A Coruña, España, 15/02/2007). Nº 2221. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal [Última visita: 20/09/2021].

[568] As entrevistas referidas son as seguintes: Entrevista a Guillermo Gallego Abeledo, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Mugardos, A Coruña, España, 01/06/2006). Nº 2007. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Manuel Pérez Fernández, realizada por Hervella García, Gustavo (Ourense, Ourense, España, 06/07/2006). Nº 2060. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Manuela Iglesias Fernández, realizada por Rocha, Mónica (Narón, A Coruña, España, 31/01/2007). Nº 2218. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Concepción Villamor, realizada por Miguez Macho, Antonio (Castrón d'Ouro, Santiago de Compostela, A Coruña, España, 07/03/2007). Nº 2227. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Esteban Fernández Valverde, realizada por Rocha Novoa, Mónica (O Porriño, Pontevedra, España, 16/05/2007). Nº 2242. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Anónima, Anónima, realizada por Farias, Ruy (, 19/12/2006). Nº 2260. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Mercedes Margolles de la Vega, realizada por Hervella García, Gustavo (Gijón, Asturias, España, 01/03/2008). Nº 2305. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal, Entrevista a Anónimo, realizada por Paz, Jorge (, sen data). Nº 2401. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal y Entrevista a Augusto Sierra Cidranes, realizada por Hervella García, Gustavo (Vilamartín de Valdeorras, Ourense, España, 29/01/2009). Nº 2403. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal [Última visita: 20/09/2021].

Deste xeito, cremos estar en posición de afirmar que a fonte oral amosa que a maior parte das asasinadas e asasinados se atopaban na casa, no traballo ou incluso na praia no momento da súa detención. En ocasións cómpre recoñecer que fuxiran nun primeiro momento, mais remataron por volver aos seus domicilios ante as promesas de clemencia das autoridades golpistas, así como en base aos consellos de amigos e familiares.

Por todo isto, consideramos que resulta pertinente partirmos da idea de que a maioría das vítimas analizadas neste apartado foron asasinadas despois de ter sido sacadas dunha prisión na que se atopaban retidas a raíz do Golpe de Estado. Isto dicímolo en base á información das 85 persoas "desaparecidas" e "paseadas", das que se fala nas 75 entrevistas analizadas. Con todo, o traballo co resto de fontes semella confirmar as nosas conclusións.

Deste xeito, temos valorado que existen datos suficientes para considerar que 52 das vítimas estudadas foron internadas nalgún tipo de cárcere até o momento do asasinato. Isto supón falarmos dunha porcentaxe do 61% con respecto ao total. Alén disto, estamos ante unha realidade que se cumpre tanto para os "paseados" como para os "desaparecidos" e que está presente dentro das 4 provincias que forman parte da actual comunidade autónoma, tal e como pode apreciarse mediante a consulta da Táboa 29.

Táboa 29: vítimas asasinadas (sen sentenza) cando se atopaban baixo custodia segundo a fonte oral (1936-1939)

	Galiza	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de persoas sacadas	52	16	10	3	23
Porcentaxe sobre o total	61%	59%	83%	75%	55%

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas referidas no Anexo 2

Estes datos teñen unha significativa importancia á hora de interpretar a persecución sublevada en Galiza. Así, se consideramos que a maioría das persoas asasinadas sen sentenza foron sacadas, teremos que partir da base de que o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

número de colaboradores necesarios nos asasinatos sen sentenza foi moito máis importante do que se adoita sinalar, tanto na bibliografía coma os debates sociais que existen ao respecto.

Alén disto, amosan a importancia da fonte oral para o estudo dos asasinatos perpetrados alén dos mecanismos de aplicación da pena capital. Isto é debido a que as entrevistas permiten realizar valoracións, aplicábeis ao conxunto do territorio galego, que teñen sido moi útiles para avaliar a frecuencia de cada unha das prácticas de eliminación física de persoas que aparecen clasificadas dentro da categoría de "paseo". A súa análise, pon de manifesto que os asasinatos sen sentenza seguiron unha pautas claras na maioría dos casos, de modo que non se trataron de formas de violencia suxeitas á improvisación.

Por último, cómpre sinalar que as fontes orais amosan que a maior parte das vítimas non contaban con experimentar o nivel de violencia que sufriron. As entrevistas, amosan que as vítimas non chegaron a entender a tempo a magnitude que ía ter a violencia sublevada, razón pola que non escaparon dos seus domicilios para non ser detidas. Isto é algo normal, dado que nunca se vivira algo semellante no Estado español, o que se traduciu en que non existía unha memoria acerca de como actuar nunha situación como a anteriormente descrita.

Tal circunstancia xerou (e aínda xera) un elevado grao de incomprensión sobre os porqués da persecución, o que se manifesta na transmisión de certos tópicos que se repiten nas entrevistas. Estamos a falar aquí das apelacións á inocencia das persoas asasinadas, da adxudicación de culpas a individuos concretos e da explicación das mortes en base a supostos problemas persoais entre as vítimas e os verdugos. Estas afirmacións, aínda que poidan estar baseadas na realidade, transmiten unha visión moi limitada do que foi a violencia golpista, circunstancia que obriga a contextualizalas e analizalas en relación con outras fontes.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.4. A violencia como exemplo. Unha análise a partir dos lugares de morte

Unha das afirmacións máis repetidas sobre a persecución sublevada consiste en afirmar que as mortes cumprían unha dobre función. Por unha banda, constituían un recurso para eliminar certos individuos. Por outra banda, tiñan como obxectivo acadar a paralización da sociedade e evitar a aparición de resistencias á Sublevación no territorio controlado polas autoridades golpistas[569].

Tal circunstancia redunda na existencia de relatos acerca de que os corpos das persoas asasinadas, alén da aplicación dos mecanismos da pena capital, eran tirados nas beiras das estradas, para que foran atopados pola xente común[570]. Todo isto, co obxectivo de sementar o terror entre a cidadanía galega[571].

Este tipo de afirmacións atópanse tamén nalgunhas das entrevistas que analizamos[572]. Porén, existen autores que, malia aceptar a tese de que os asasinatos sen sentenza buscaban amedrentar ao conxunto da cidadanía, matizan que o máis normal é que os "paseados" rematasen sendo enterrados en foxas de abertas no interior ou nas proximidades dos cemiterios, nos que moitas destas persoas eran asasinadas[573].

Neste punto, cómpre falarmos de "paseos" e non de "desaparicións" polo feito de que, nestas últimas, non se produciría, teoricamente, a aparición do cadáver que debería servir de exemplo. Tampouco dos asasinatos perpetrados en aplicación dunha sentenza de pena capital, dado que estes se realizaban en lugares concretos e dado que as vítimas eran inhumadas de xeito oficial após seren asasinadas. Por último, tampouco cómpre falarmos dos asasinatos froito da toma do poder, dado que estes constitúen unha clara minoría, a cal, ademais, conta cunha extensión xeográfica moi limitada, tal e como explicamos anteriormente.

Sexa como for, resulta doado de entender que a aparición de cadáveres fora un impacto tremendo para a cidadanía do momento. Con todo, cremos que a

[569] Emilio Grandío Seoane, "Os días da Frente Popular...", 94-95.
[570] María Jesús Souto Blanco, "Golpe de Estado y represión...", 295.
[571] Julio Prada Rodríguez, *La España masacrada....*, 119,162.
[572] Como exemplo podemos referir: Entrevista a Pilar Carballo Rodríguez, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Ribadeo, Lugo, España, 08/06/2006). Nº 2009. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.
[573] Emilio Grandío Seoane, "Os días da Frente Popular...", 94-95.

teoría de que os asasinatos sen sentenza tiñan unha función exemplicadora resulta bastante problemática. De feito, na nosa opinión, estamos ante unha afirmación que deriva de certos prexuízos que están presentes no debate público. Concretamente, estamos a falar das visións que consideran que a solución para os problemas da criminalidade se atopa no endurecemento das condenas en contra dos hipotéticos delincuentes. Dita teoría, levada ao extremo, serve para xustificar incluso a pena de morte, coma un mal necesario para conseguir un efecto disuasorio e evitar así asasinatos de persoas inocentes. Con todo, esta teoría non se sostén en datos, debido a que os países nos que está vixente a pena capital adoitan ter niveis de criminalidade moi superiores a outros nos que este castigo foi abolido.

Partindo desta idea, cremos tamén importante traer a colación o dito por Stathis Kalyvas. Para este autor, nun enfrontamento bélico os actores en conflito precisan recorrer a un certo nivel de violencia para impoñerse sobre os territorios que pretenden controlar. Para isto poden apostar tanto pola violencia selectiva como pola violencia indiscriminada. Non obstante, cómpre deixar claro que, esta última, non é resultado da irracionalidade, así como que conta cunha vantaxe clara sobre a selectiva: é máis doada de aplicar ao carecerse da necesidade de recoller información coa que seleccionar os obxectivos a eliminar. Porén, será menos efectiva para acadar o control dun determinado territorio. Isto explícase pola ausencia de incentivos para a colaboración co poder e polo feito de que a violencia indiscriminada poida ser contraproducente e levar á poboación a apoiar ao bando contrario[574].

Con isto, non pretendemos defender que os asasinatos sen sentenza sexan un tipo de violencia indiscriminada. De feito, temos explicado o contrario en diversas ocasións ao longo da presente tese. Porén, concordamos con Kalyvas en que a violencia pode chegar a ser contraproducente, máxime, en espazos nos que non se produciran practicamente actos de oposición á Sublevación con carácter previo.

En relación co explicado, cómpre lembrar que na Galiza as mortes non se distribuíron de forma homoxénea ao longo do territorio, tal e como explicamos. Deste xeito, existen bastantes concellos entre cuxa veciñanza non se chegou a computar ningunha vítima mortal. Non obstante, o argumento de que os

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

574 Stathis Kalyvas, *La lógica de la violencia...*, 202-203, 211, 224 e 228.

"paseos" puideran actuar coma un recurso para infundir o medo no conxunto do territorio podería sosterse se os cadáveres se distribuísen de xeito máis homoxéneo dentro de Galiza. Deste xeito, a violencia podería ser, ao mesmo tempo, selectiva e un recurso para adoutrinar á cidadanía. Isto grazas a práctica, xa explicada, de asasinar aos paseados en concellos dos cales non eran veciños. Para testar esta hipótese, decidimos comparar o número de concellos que tiñan "paseados" entre a súa veciñanza co número de municipios nos cales se practicaran asasinatos deste tipo de vítimas.

Os resultados, por unha banda, amosaron a existencia de 201 concellos nos que se ten constancia dalgunha veciña ou veciño que fora "paseado". Por outra, o estudo sobre os lugares de morte amosou que o número de municipios nos que se perpetraran este tipo de asasinatos foi de 212. Deste xeito, vemos que estamos en valores moi parellos. En termos relativos, estamos a falar, respectivamente, dunhas porcentaxes do 64,22% e do 67,73% con respecto ao total de 313 concellos que existen actualmente en Galiza.

Ademais, se realizamos unha análise cualitativa veremos que, dentro da listaxe de concellos nos que se asasinou a un maior número de "paseados", atopámonos con municipios onde se rexistraron niveis baixos niveis de violencia (en termos relativos) en contra da súa veciñanza. O exemplo máis claro é Aranga, onde se soterrou a 36 vítimas mais só se asasinou a 1 veciño.

En base a isto, cómpre preguntarnos a quen se buscaba atemorizar aquí? E de ser isto certo porque non se optou por perseguir á súa propia veciñanza dun xeito máis directo? Alén disto, cómpre preguntarse como conciliamos o efecto adoutrinador da violencia co feito de que se traslade á xente a outros concellos para ser asasinada, o que contrasta con outras formas de violencia como as rapas de mulleres, que eran exhibidas polas rúas dos propios concellos nos que residían.

Por último, é importante sinalar que os asasinatos sen sentenza constituíron un tipo de violencia oculta, se a comparamos cos asasinatos con sentenza. Así, o manexo da prensa da época amosa como as execucións eran anunciadas e xustificadas en base aos supostos delitos cometidos pola vítima. Porén, os paseos, como vimos a través da análise da nosa zona de estudo eran ocultados, negados ou explicados coma o resultado de tentar evitar a fuga da persoa asasinada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.5. As vítimas (mortais) e os seus verdugos

Non existen vítimas sen verdugos mais tampouco verdugos sen vítimas. Esta afirmación pode parecer algo evidente, incluso un xogo de palabras, mais non o é en absoluto. Cómpre ter presente que moitas veces cando se fala dos vitimarios non se explica en que consistiu a súa participación nos distintos crimes, de modo que se inclúe nunha mesma categoría aos asasinos, aos denunciantes, aos entusiastas do Golpe e a calquera persoa que se considere moralmente responsábel da expansión da violencia.

Non obstante, o que pode ser correcto desde un punto de vista moral non o é desde un prisma analítico. No presente estudo consideramos que o coñecemento dos perpetradores debe vir precedido dunha análise sistemática e profunda dos distintos tipos de violencia, co obxectivo de descubrir as prácticas concretas que se agochan detrás das categorías máis globais.

Porén, antes de explicar os distintos perfís de vitimarios que estiveron implicados nos asasinatos perpetrados tras o Golpe, cómpre sinalar que os verdugos golpistas amosaron unha dualidade. Por unha banda, é posíbel identificar ao perpetrador que se amosou abertamente orgulloso das súas actuacións, mediante a realización de declaracións públicas ou comentarios que o identificaban como responsábel dalgún feito violento (máis ou menos grave). Por outra banda, atopamos o vitimario que, malia ter unha implicación evidente na expansión da violencia, intentou (e en moitos casos conseguiu) ocultar a súa participación nos feitos, circunstancia que non se traduce en que o seu papel non poida ser probado a través do traballo coas fontes primarias.

Como exemplo do primeiro perfil, o do verdugo orgulloso, podemos citar á persoa que ocupou o posto de Comandante Militar de Ribadeo tras a Sublevación. Este foi, Juan Aranguren Ponte. O seu comportamento pode ilustrarse claramente a través do relato da xa citada Elisa Fariña, filla do "paseado" ribadense Santiago Fariñas, quen deixou testemuñando que consideraba a Aranguren coma o máximo responsábel dos asasinatos perpetrados na localidade. Para ilustrar o seu perfil de verdugo orgulloso, Elisa Fariña fala do caso dunhas amigas da súa nai, que foran entrevistarse con Aranguren para buscar a súa intercesión en favor de Santiago Fariñas. No citado encontro, Aranguren non ocultou a súa marxe de decisión no caso, mais

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

recomendou ás súas interlocutoras que non pedisen clemencia para o detido (que non fora aínda condenado a nada) se non querían correr a súa mesma sorte[575].

Como representante do perfil de perpetrador que conseguiu permanecer fora da memoria pública da violencia atopamos, entre outros, a Antonio Moreda Rodríguez, que foi designado alcalde de Ribadeo tras o trunfo da Sublevación na vila. Moreda, tal e como temos explicado noutros traballos, foi unha das persoas que máis se destacou na labor de acusación en contra das súas veciñas e veciños. Porén, non é nomeado como verdugo en ningunha das entrevistas analizadas no termo municipal de ribadense.

A memoria pública adoita centrarse no primeiro perfil de perpetrador, aínda que as fontes amosan que este foi claramente minoritario. A procura do anonimato por parte dos vitimarios non resulta unha circunstancia especialmente sorprendente nin tampouco unha realidade que deba de argumentarse, exclusivamente en base a criterios morais. A explicación, cómpre buscala na realidade política e social que existía no momento da Sublevación militar do 18 de xullo de 1936, así como no clima político internacional co que coexistiu o Franquismo ao longo das décadas.

Ao remate da Segunda Guerra Mundial, a desaparición dos aliados naturais do Réxime, así coma os xuízos de Nüremberg, convenceron a moitos dos perpetradores da conveniencia de gardar silencio acerca dos seus crimes[576]. Con todo, unha parte dos vitimarios comprenderon, desde o inicio do conflito, os perigos que as súas accións comportaban, motivo polo cal, optaron por non gabarse da súa responsabilidade en ningún crime.

Cómpre lembrar que a Sublevación militar do 18 de xullo non se produciu nun clima de axitación extrema, que comportara o risco dunha revolución inminente e impedira a convivencia democrática, tal e como xa explicamos anteriormente. En realidade, o que aconteceu foi que un grupo de militares decidiron revelarse contra a lei vixente e contra os seus propios mandos, circunstancia que os convertía automaticamente en culpábeis do delito de traizón.

[575] Entrevista a Elisa Secundina Fariña López, realizada por Vieites Salmonte, Eva; Hervella García, Gustavo (Ribadeo, Lugo, España, 31/05/2006). Nº 2006. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

[576] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Os verdugos no Golpe...", 34.

Por todo isto, non resulta difícil de entender que, desde os primeiro momentos, existise certa resistencia á colaboración. Isto puido deberse ben a criterios morais ou ben ao temor dalgúns dos perpetradores a sufrir as hipotéticas consecuencias dunha posíbel derrota sublevada.

Este tipo de actitudes quedaron fixadas nalgunhas crónicas redactadas no momento dos feitos, tal e como deixou escrito Antonio Ruíz de Villaplana. O interese do seu relato reside en que Antonio Ruíz de Villaplana ocupara o posto de secretario do xulgado de instrución de Burgos após o Golpe. Porén, tras pasar un tempo na zona sublevada, rematou por se exiliar en Francia. Unha vez instalado en París decidiu redactar unha obra na que describiu as súas impresións sobre a xustiza golpista. Segundo a súa narración a maioría dos profesionais do dereito eran contrarios a participar nos tribunais militares conformados polos golpistas. Deste xeito, cando podían empregaban calquera escusa para non mesturarse con estas prácticas[577]. As súas palabras son de moita importancia pois axudan a entender porque os sublevados apostaron por executar a unhas persoas en aplicación de sentenzas de pena capital mentres que outras foron asasinadas sen teren recibido condena algunha. Alén disto, serven para comprender a dificultade que existe para proceder á identificación dos perpetradores.

Partindo desta última idea, na presente tese de doutoramento, apostamos por realizar unha análise pormenorizada sobre as diferentes tipoloxías de vítimas, co obxectivo de coñecer o mellor posíbel as circunstancias das distintas mortes. Ao explicar isto, argumentamos que o número de actores que interviñeran nos crimes fora superior aos dos propios asasinos. Sexa como for, consideramos pertinente distinguir entre 3 tipos de contextos nos que podemos identificar aos perpetradores. En primeiro lugar, as campañas de ocupación do territorio e de detención das vítimas. En segundo lugar, os procesos de inculpación que se abriron a raíz do Golpe de Estado. En terceiro e último lugar, os asasinos en si mesmos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[577] Antonio RUÍZ VILAPLANA. *Doy fe…*, 160-161.

6.5.1. Os perpetradores nas campañas de ocupación do territorio e de detención das vítimas

A toma do poder nos distintos concellos estivo dirixida por forzas militares, ao igual que a organización do Golpe de Estado. Nos municipios nos que se chegaron a constituír grupos de resistentes, a ocupación do territorio foi realizada por forzas do exército sublevado, as cales, como explicamos, contaron, en ocasións, co apoio de membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado, así como de grupos de civís de armados. Estes últimos, na nosa zona, estaban organizados ao redor da Falanxe.

Ditos axentes, son os que posteriormente foron responsábeis da realización das detencións. Nuns casos actuaron en solitario, noutros moitos en colaboración entre uns e outros. Na presente tese realizamos unha análise da totalidade das 410 detencións que aparecen descritas ao longo das causas militares analizadas. Estas, afectaron a 408 persoas dun total de 656 vítimas que aparecen clasificadas na base de datos de Nomes e Voces, dentro da nosa área de estudo preferente.

Das 656 vítimas computadas temos rexistro de que 515 aparecen como encartadas nas causas militares analizadas. Alén disto, cómpre matizar que incluímos 10 persoas que non figuran como validadas na base pública de Nomes e Voces, mais cuxas detencións aparecen claramente referidas nas causas consultadas.

Deixando a un lado estas excepcións, as cales, teñen unha escasa importancia cuantitativa, observamos que os valores expostos supoñen que a nosa análise sobre as detencións abarca o 62,5% das vítimas dos concellos analizados e o 79,61% do total de persoas que aparecen como encartadas en causas militares na nosa área de estudo.

Á vista destas porcentaxes, consideramos que a nosa mostra resulta bastante representativa para a análise deste tipo de manifestación da violencia. Sobre os seus responsábeis, que se indican na Táboa 30, atopamos que as detencións foron practicadas por un total de 6 forzas diferentes, as cales, como afirmamos puideron actuar en solitario ou de xeito coordenado con outras.

Estas foron o exército, a Falanxe, a Garda Civil e as forzas de carabineiros. Alén destas, distinguimos un último grupo de responsábeis que denominamos

forzas non especificadas. Dito grupo, como figura na Táboa 30, foi responsábel de 31 detencións. En 30 destas, os autores das detencións que figuran nos sumarios analizados foron "forzas as ordes da Comandancias Militares de Ribadeo e Viveiro". Ditas forzas, en base ao observado noutros casos de detencións ordenadas polas respectivas comandancias militares, consideramos que estaban compostas por membros do exército e a Garda Civil.

No sumario restante, a detención foi practicada pola "forza ás ordes do xuíz instrutor". Neste caso, temos que recoñecer que carecemos de datos que nos permitan teorizar a composición concreta do grupo humano que practicou a detención do veciño de Viveiro Segundo Arias Pérez. Con todo, pensamos que este tivo que estar formado por algún dos axentes anteriormente descritos.

Táboa 30: detencións practicadas a raíz do Golpe (1936-1939)

Axente da detención	Número de detencións realizadas	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Carabineiros	2	0,49%
Garda Civil, Carabineiros e Falanxe	5	1,22%
Forzas non especificadas	31	7,56%
Falanxe	47	11,46%
Garda Civil e Exército	55	13,41%
Garda Civil e Falanxe	55	13,41%
Exército	56	13,66%
Garda Civil	159	38,78%
Total	410	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces, así como das causas militares analizadas referidas no apartado de Fontes

Os datos da Táboa 30 amosan que a Falanxe só realizou en solitario 47 do total de 410 detencións analizadas. No resto, que supoñen unha porcentaxe do 88,53%, certificamos que as forzas responsábeis eran directa e xerarquicamente responsábeis ante as autoridades golpistas. Alén disto, certificamos que as detencións realizadas exclusivamente por falanxistas foron menos frecuentes que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aquelas nas que os militantes do partido fascista actuaron de xeito conxunto con membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Ademais, é imporante destacar que a ampla maioría das detencións realizadas en exclusiva pola Falanxe non remataron en asasinatos.

Alén disto, cómpre sinalar que aínda que a Falanxe tivera cuarteis propios aos que conduciu a algúns dos detidos, tal e como ilustramos a través do caso do paseado Domingo Galán Jambrina, tamén realizou detencións de persoas que foron entregadas ás autoridades municipais. Un destes casos foi o do veciño de Viveiro Marcelino Albo Meitín, quen, como explicamos, rematou sendo condenado a morte. Porén, antes de se lle incoar a causa militar na que foi sentenciado á pena capital foi detido por, supostamente, lanzar vivas a Rusia e á República Democrática, así como berrar frases en contra do "fascismo".

A súa detención, segundo o informe do xefe de milicias da Falanxe na localidade Ramón Pita Las Santas fora realizada, o día 16 de agosto de 1936, polos falanxistas viveirenses Pedro Cora Montero e José Antonio Fernández Sánchez, "*quienes condujeron al detenido al depósito municipal*". Tal circunstancia aparece confirmada, o día 24 de agosto de 1936, por parte do Comandante Militar da localidade Manuel Vaamonde[578]. O mesmo aconteceu co veciño de Ribadeo Manuel Fernández Boado que foi detido polos falanxistas Manuel González Pérez e Manuel López Rivadulla e conducido ao cárcere municipal da vila, tal e como deixou testemuñando o Comandante militar ribadense Juan Aranguren Ponte[579].

Finalmente, existen documentos que ilustran dun xeito claro que as autoridades militares se preocuparon de controlar ás milicias de civís armados responsábeis de realizar detencións, tal e como pode amosarse a través dun escrito, xa citado no apartado de metodoloxía da presente tese doutoral. Dito documento, foi redactado polo xeneral da Oitava División Militar e reenviado á alcaldía de Lourenzá pola máxima autoridade militar da provincia de Lugo, a día 15 de setembro de 1936: o Comandante Militar Cecilio Arias.

O escrito foi recibido pola alcaldía e fotocopiado para a súa entrega "*a los respectivos jefes de Falange y de Milicias de esta localidad*", co obxectivo de facer cumprir as normativas estabelecidas polos militares en relación ás detencións

USC DE SANTIAGO

578 AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 810/36, folios 1 e 4.
579 AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 974/36, folio 1.

realizadas por estas forzas, as cales, debían de se realizar baixo o estrito mando da superioridade. A importancia deste texto é digna de destacar por que amosa os mecanismos de control deseñados polas autoridades militares golpistas para os distintos concellos galegos:

> Las detenciones solo podrán llevarse a cabo por mandamiento regular con excepción de los casos de flagrante delito contra la Patria y demás graves incumplimientos de Leyes o Bandos publicados. Las diversas milicias que tan valiosos servicios prestan a la Patria, bajo el control del Ejército, carecen de derecho para tomar iniciativas referentes a personas o a sus propiedades; su ayuda que sería rechazada por completo si no fuese francamente desinteresada ha de tener por base extremada subordinación a las Autoridades, acatamiento a todos los derechos ciudadanos y ejemplaridad con el cumplimiento de los ciudadanos deberes. Esto es lo que ha de darles la máxima satisfacción interior y la mayor gratitud de la Patria, desechando falsas satisfacciones de mando e independencia que por perjudiciales a la Nación no he de permitir. La importancia suma de la colaboración de estas fuerzas obliga a que por todos se extreme sin desmayos ni debilidades la selección para admitir a sus individuos y para separar a los que no sean dignos o convenientes. Haga conocer estos conceptos a las Autoridades a sus órdenes y a los diversos mandos de las milicias para que no haya un solo individuo de ellas que pueda alegar ignorancia[580].

Deste xeito, os datos amosan unha imaxe clara de colaboración entre a Falanxe e as autoridades sublevadas, que confirman que o Partido non tivo unha actuación realmente autónoma. Todo isto permítenos argumentar que as detencións foron unha práctica totalmente controlada polas autoridades golpistas, as cales, non deixaron marxe para actuacións independentes. Tal circunstancia, explica que as detencións, na maioría dos casos, non tiveran consecuencias letais para as vítimas que as sufriron, segundo os datos que temos analizado. As nosas hipóteses parten da nosa zona de estudo máis específica. Así, comprobamos que en Ribadeo houbo, polo menos, 128 detencións nos meses de

USC DE SANTIAGO

[580] Arquivo Municipal de Lourenzá, Administración, Correspondencia, Correspondencia de entrada 1936-1937, caixa 689, escrito sen numerar.

xullo e agosto de 1936, segundo figura no libro de cárcere do municipio[581]. Destas, sabemos que ningunha rematou coa morte durante a captura da persoa detida.

6.5.2. Os perpetradores nos procesos de inculpación

Os asasinatos perpetrados a raíz do Golpe de Estado de 1936 en Galiza foron, na maior parte dos casos, planificados. Deste xeito, explicamos como as vítimas que debían ser asasinadas foron escollidas entre unha maioría de detidos e procesados que puideron conservar a súa vida.

Se partimos da hipótese de que a violencia non foi indiscriminada, así como de que as persoas asasinadas non foron escollidas ao azar, cómpre que analicemos o papel xogado polas denuncias e acusacións. No caso dos executados resulta evidente que, na ampla maioría dos casos, houbo un proceso de recollida de testemuñas con carácter previo ao xuízo no que as vítimas foron condenadas. Isto foi o que aconteceu coa maioría das persoas asasinadas en aplicación dunha sentenza de pena capital, aínda que non con todas.

Dentro da nosa zona de estudo observamos unha destas excepcións, a través da análise do procedemento xudicial incoado contra o veciño de Burela Emilio Pardo Otero. Este, foi procesado xunto co resto da tripulación do vapor Udondo. Finalmente, foi executado por orde do auditor xefe da Base Naval de Ferrol José García Renduelles Gutiérrez, o día 27 de setembro de 1936. Ao longo da súa causa, existen algúns procesados que chegaron a declarar, así como a recibir unha acusación específica. Porén, Emilio Pardo Otero non foi un deses procesados. Deste modo, certificamos que foi executado en base a unha acusación de carácter xenérico que afectou á totalidade das persoas embarcadas no citado vapor.

Sexa como for, as excepcións coma a que acabamos de comentar non contradín a tendencia xeral. Así, se os executados foron asasinados en aplicación dunha sentenza é porque foron xulgados e se foron xulgados é porque se recolleron testemuños para amosar (ou construír) a súa culpabilidade. Porén, a pregunta que consideramos máis interesante responder é a que afecta aos

[581] Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno/pleno, xunta de Partido Xudicial, caixa 1132, relación de reclusos que perciben socorro, 1931-1962.

asasinatos sen sentenza. Deste xeito, cremos interesante cuestionar se existiu unha recollida de testemuños contra as vítimas desta tipoloxía de violencia ou se, pola contra, as súas vítimas foron asasinadas sen que quedase rexistro oficial de testemuños que os incriminasen.

Para responder a esta pregunta cómpre que analicemos os casos das persoas que, malia seren asasinadas sen sentenza, aparecesen como encartadas dentro dun procedemento xudicial incoado a raíz da Sublevación militar do 18 de xullo. Isto implica pensarmos en pouco máis do 23% do total de paseados, dado que o resto non aparecerían como encartados no marco dunha causa militar, polo menos, se nos cinguimos aos datos de Nomes e Voces.

Alén disto, dentro deste 23%, é preciso que descartemos aqueles sumarios que foran incoados após o falecemento da vítima. Isto é debido a que, estes últimos, como explicamos, foran precisamente abertos para "investigar" as circunstancias das mortes das distintas vítimas, o que impide que estas puideran chegar a declarar. Por último, se analizamos o conxunto de persoas clasificadas no suceso "desaparición" atopamos que existe un 31,03% destas vítimas ás que lles foi incoada unha causa militar a raíz do Golpe e que, ademais, figuran como falecidas en Nomes e Voces.

Dentro da nosa zona de estudo atopamos que se abriron causas militares a 20 asasinados sen sentenza. 3 delas foron incoadas tras a morte dos investigados e a súa apertura xustificouse na necesidade de investigar as circunstancias dos distintos falecementos. Estes 3 casos foron os dos veciños de Viveiro Domingo Galán Jambrina, Carlos Morris Soriano e Luís Sánchez Mendezona[582].

Alén destes, atopamos outras causas incoadas cando os "paseados" se atopaban aínda vivos. Con todo, estes non chegaron a declarar. Ditos individuos foron os veciños do Vicedo José Fernández Rolle e Emilio Ríos Martínez, os veciños de Viveiro Modesto Villar Ínsua e Severino Bouza Pardo e os veciños de Ribadeo César Margolles e Jesús Longarela Maciñeira[583]. Nestes 6 últimos casos,

[582] A morte de Domingo Galán Jambrina foi formalmente investigada en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 932/36. A de Carlos Morris Soriano en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 812/36. Por último, as pescudas acerca das circunstancias do falecemento de Luís Sánchez Mendezona aparecen en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 981/36.

[583] José Fernández Rolle e Emilio Ríos Martínez figuran como encartados en ANFER, caixa 100, causa 243/37. Modesto Villar Ínsua foi investigado en varias causas mais non chegou a declarar por atoparse fuxido, tal e como se indica en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 95, causa 659/39.

USC

as vítimas non chegaron emitir testemuños, mais si que foron obxecto de declaracións acusatorias.

Finalmente, existen 11 asasinados sen sentenza, dentro da nosa zona de estudo, que realizaron testemuños en calidade de acusados, no marco das causas militares analizadas. Estes, en todos os casos, foron obxecto de acusacións. O primeiro deles, Pablo Martínez Crespo, era veciño de Trabada e figura en Nomes e Voces como "procesado"[584]. O segundo, Andrés Vale Blanco, era veciño de Viveiro[585]. Os 9 restantes eran veciños de Ribadeo. Os seus nomes, por orde alfabética, son: Marcelino Álvarez López, José Cantalapiedra Caparrós, Florencio Carballo Novigil, José Antonio Díaz Álvarez, Santiago Fariñas Reinante, Bruno Martínez Fernández, Antonio María Martínez, Enrique Navarret e José Torviso Fernández[586].

En base á nosa análise, podemos afirmar que se recolleron testemuños inculpatorios en contra de 15 asasinados sen sentenza, dentro da nosa área de estudo preferente. Alén destes, 37 dos 38 executados recibiron acusacións específicas, tal e como temos explicado. En todos os casos, observamos que os seus procesos de incriminación foron similares aos do resto de procesados. Por tanto, cremos non ten sentido analizar por separado os testemuños que se centraron neles, dado que as conclusións serían as mesmas que as que exporemos ao analizar as actitudes sociais ante a persecución golpista, no sexto apartado da presente tese doutoral.

Severino Bouza Pardo foi investigado en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 55, causa 903/36 e César Margolles en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 301/37. Por último, Jesús Longarela aparece con encartado en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 47, causa 228/36.

[584] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 52, causa 564/36.

[585] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 309/36.

[586] Marcelino Álvarez López declarou en calidade de acusado en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 320/36. José Cantalapiedra en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 630/36. Florencio Carballo, Santiago Fariñas, Enrique Navarret e José Torviso fixérono en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 309/36. Finalmente, José Antonio Díaz Álvarez testemuñou en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 63, causa 421/36; Bruno Martínez Fernández en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 51, causa 491/36 e Antonio María Martínez en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 52, causa 520/36.

USC

6.5.3. Os perpetradores nos asasinatos

Na nosa análise realizamos unha primeira distinción en 2 tipos de mecanismos para a eliminación física de persoas. Por unha banda, as execucións. Por outra banda, os asasinatos perpetrados alén dos mecanismos de aplicación da pena capital. Dentro deste último conxunto realizamos, á súa vez, unha distinción entre 3 grandes grupos, baseándonos nas circunstancias concretas que levaron á morte das distintas persoas tras o Golpe de Estado de 1936.

En primeiro lugar, presentamos un conxunto de vítimas de pouca importancia cuantitativa. Este é o que está formado polas persoas que perderon a vida durante a toma do poder por parte das autoridades golpistas. En segundo lugar, analizamos o grupo de vítimas que foran asasinadas após a toma do poder polos sublevados.

Neste punto, distinguimos 2 tipos de crime: os "paseos" e as "desaparicións", en función de se os cadáveres das persoas asasinadas apareceran ou non. Con todo, a individualización das "desaparecidas" e "desaparecidos" foi realizada para explicar as similitudes dos seus casos cos das persoas asasinadas (sen sentenza) cuxos corpos puideran ser localizados.

Deste xeito, con independencia de que se conseguise identificar e recuperar ás persoas asasinadas, cremos que resulta pertinente considerar que os asasinatos perpetrados tras a toma do poder, alén da aplicación dos mecanismos da pena capital, tiveron lugar en 2 contextos diferentes. Estes son: as sacas e os asasinatos de persoas durante un proceso de detención. Tal e como explicamos, o groso das accións que precederon e/ou condicionaron os asasinatos estiveron controladas polas autoridades sublevadas. Isto redunda en que as actuacións das milicias, formadas por grupos de civís armados, estiveron moi limitadas. Dita idea, supón unha novidade interpretativa, que permite cuestionar a tese de que os asasinatos sen sentenza non foran responsabilidade dos militares sublevados, a diferenza das execucións en aplicación dunha sentenza de pena capital. Esta é unha afirmación que se atopa en multitude de traballos que teñen analizado a Sublevación en Galiza durante as últimas décadas, tal e como pode comprobarse

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mediante a lectura da obra pioneira de Carlos Fernández Santander *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la Guerra Civil*[587].

Con todo, se o noso obxectivo é coñecer o conxunto de persoas directamente implicadas nas mortes das vítimas, cómpre recoñecer que só podemos intuír parte dos responsábeis, salvo algún exemplo concreto que detallaremos a continuación. Sexa como for, nunha parte dos asasinatos, non é posíbel identificar aos verdugos concretos que tiveron a responsabilidade de levar os crimes a termo na práctica.

Así, en primeiro lugar, polo que respecta ás mortes que tiveron lugar durante a toma do poder, cómpre recoñecer que non é posíbel identificar aos verdugos concretos implicados, coa excepción das persoas que lideraban as columnas que ocuparon os concellos de Ribadeo e A Pontenova e que, por tanto, poden considerarse responsábeis das mortes que se rexistraron nestes durante as campañas para a toma do poder. Ditas persoas foron o xefe da Garda Civil de Lugo Fernando Álvarez Holguín e o Comandante de Carabineiros Antonio López Revuelta.

En segundo lugar, en canto aos individuos implicados nos procesos de execución, é preciso deixar claro que coñecemos os nomes e apelidos dos militares encargados da instrución do caso, os do fiscal e o avogado defensor, o dos membros do tribunal e os dos médicos encargados de certificar a morte destas vítimas. Temos constancia tamén dos responsábeis das detencións dos executados (en caso de que estas se indiquen), así como das testemuñas que tiveron participación dentro da causa. O único que non se especifica nunca é a composición do piquete de execución designado para asasinar ás distintas vítimas en aplicación dunha sentenza de pena capital. Así, comprobamos que as execucións sempre foron descritas seguindo un esquema común e xustificadas en base ao Código de Xustiza Militar[588].

Por todo isto, cómpre termos presente un feito que pode resultar contra intuitivo. Isto é: resulta máis doado coñecer aos individuos implicados nos asasinatos que foron perpetrados alén dos mecanismos de aplicación da pena

[587] Carlos Fernández Santander, *El Alzamiento de 1936...*, 97-98.

[588] A modo de exemplo podemos referir a sentenza na que foron condenados á pena capital os carabineiros de Ribadeo Ramón Lorenzo Fernández e Antonio Trujillo Rodero: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 190/36, folios 171 volto e 172.

capital, que os perpetradores últimos daqueles que foron realizados en base a unha sentenza de pena morte. O explicado non quere dicir que sexa posíbel coñecer a identidade de todos e cada un dos implicados, nin tampouco que poidamos determinar, na grande maioría dos casos, quen foron as persoas concretas que estiveron encargadas de tirar do detonador nos asasinatos sen sentenza.

Sexa como for, polo que respecta aos 6 asasinatos que tiveron lugar no contexto das distintas detencións, dentro da nosa zona de estudo preferente, cómpre dicir que coñecemos parte dos verdugos concretos implicados en 2 destas mortes.

En primeiro lugar, temos o caso do veciño da Pontenova Antonio Díaz y Díaz Villamil. Sobre este sabemos, en base ao exposto na causa militar que se incoou para investigar as circunstancias do seu falecemento, que foi disparado no marco dunha detención practicada por unha forza composta por 12 persoas. 6 delas eran falanxistas e as outras 6 Gardas Civís. No caso destes últimos, o procedemento xudicial recolle todos e cada un dos seus nomes, tal e como temos sinalado con anterioridade.

En segundo lugar, cómpre referirmos o asasinato de Luís Sánchez Mendezona. Neste caso, como explicamos, as autoridades golpistas incoaron un proceso de investigación no que trataron o seu asasinato coma un crime. A investigación rematou sen identificar a ningún dos seus verdugos, aínda que todas as probas apuntaban á Falanxe.

Alén destes perpetradores que acabamos de referir, no marco dos asasinatos perpetrados no contexto das detencións, coñecemos os nomes das autoridades sublevadas que controlaban os operativos e que tiveron, por tanto, unha responsabilidade igual ou maior que a dos integrantes dos grupos encargados de realizar batidas para a localización dos fuxidos. Isto último, afecta tamén ao caso das sacas.

Polo que se refire ás sacas atopamos 3 perfís de perpetrador, os cales, xogaron un papel distinto dentro do asasinato. En primeiro lugar, os responsábeis dos cárceres nos que os asasinados se atopaban retidos. Dentro da nosa zona de estudo temos constancia do encargado do depósito municipal de Ribadeo no momento no que se produciron sacas. Este era Agustín Martínez Tellado, un traballador municipal que estivera a ocupar o posto de carcereiro desde o ano

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

1932[589]. Agustín Martínez Tellado tivera afinidades coa esquerda durante a Segunda República. Porén, tras o Golpe amosara unha clara adhesión, en base á cal, era pertinente que conservase o seu emprego. As probas da súa adhesión non se limitaron á súa colaboración evidente nas sacas de presos, dado que realizou declaracións de tipo acusatorio en contra de 13 persoas dentro das causas estudadas. 4 destas, remataron por ser asasinadas[590].

O segundo perfil de colaborador necesario nas sacas foi o das persoas encargadas de redactar e rubricar os informes nos que se detallaba o intento de fuga da persoa asasinada, tivera ou non éxito. No caso do veciño de Viveiro Carlos Morris Soriano o informe sobre a súa suposta fuga, foi redactado polo delegado gobernativo Victoriano Suazes y Suazes, en Ferrol, a día 17 de setembro de 1936. Nel, recoñécese que a morte da vítima fora responsabilidade de 3 Gardas Civís do Posto de Ferrol: Ángel Muñoz Mosquera, Baltasar Piñeiro e José Martínez, cuxa actuación foi xustificada en base ao suposto intento de fuga da vítima[591].

No caso do tamén veciño de Viveiro Domingo Galán Jambrina atopamos un informe redactado polo xefe de milicias de Falanxe da localidade: Antonio Cora Montero. Este recoñece e xustifica o asasinato da vítima en base a un suposto intento de fuga. Alén disto, da os nomes dos falanxistas responsábeis dos disparos: Ramón Pita las Santas, Elías López Nécega e Jesús Soto Fernández. As súas palabras aparecen recollidas nun informe asinado polo Comandante Militar de Viveiro Manuel Vaamonde con data do 20 de setembro de 1936[592].

Finalmente, atopamos outras 7 sacas das que temos noticia a través de informes redactados polo Comandante Militar de Ribadeo Juan Aranguren Ponte. As vítimas foron o veciño de Trabada Pablo Martínez Crespo, o veciño de Viveiro Andrés Vale Blanco e os veciños de Ribadeo Santiago Fariñas Reinante, José Cantalapiedra Caparrós, José Torviso Fernández, Florencio Carballo Novigil

[589] Arquivo Municipal de Ribadeo, administración, persoal, rexistros de administración de persoal, caixa 0128, libros de rexistros de asistencia do persoal 1916-1951, libro de rexistro de posesión e cese de empregados municipais.

[590] As declaracións referidas aparecen en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 301/37, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 51, causa 335/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 67, causa 1421/27.

[591] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 812/36, folio 1.

[592] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 932/36, folios 1 e 1 volto.

e Enrique Navarret García[593]. Segundo os informes, a maioría das supostas fugas tiveran éxito, coa excepción da de José Cantalapiedra Caparrós.

O terceiro perfil de verdugo que atopamos nas sacas é o dos individuos que compuñan a forza encargada do traslado das distintas vítimas, no momento no que estas intentaron (supostamente) fugarse. En base a isto, sabemos que a Falanxe foi responsábel da condución (e por tanto do asasinato) do veciño de Viveiro Domingo Galán Jambrina e do veciño de Ribadeo José Cantalapiedra Caparros. En ambos casos, as súas mortes foron recoñecidas de xeito oficial.

No resto de casos, non se realizan especificacións da forza que trasladaba aos detidos no momento do seu asasinato. Destes falecementos, o único que se recoñeceu de xeito oficial foi a de Marcelino Álvarez López[594]. Así, as de Pablo Martínez Crespo, Andrés Vale Blanco, Santiago Fariñas Reinante, José Torviso Fernández, Florencio Carballo Novigil e Enrique Navarret García foron ocultadas mediante o relato de que conseguiran fugarse con éxito.

Na causa militar incoada contra Andrés Vale Blanco, Santiago Fariñas Reinante, José Torviso Fernández e Enrique Navarret García figuran unha serie de testemuños dos individuos que foran responsábeis do seu traslado no momento no que estes conseguiran fugarse. A narración da suposta fuga de Santiago Fariñas foi realizada polo cabo de carabineiros Ignacio García Frutos e a de José Torviso foi descrita por parte do garda civil Gumersindo Díaz Álvarez[595]. Por último, atopamos a declaración do brigada da Garda Civil e xefe de milicias de Falanxe Pablo de la Puente Aguirre, que declarou a raíz da suposta fuxida de Florencio Carballo, Enrique Navarret e Andrés Vale Blanco[596].

Este último, tamén informou sobre os pormenores da suposta fuxida do veciño de Trabada Pablo Martínez Crespo, no marco do procedemento xudicial que lle fora incoado. A continuación da declaración de Pablo de la Puente Aguirre

[593] O informe sobre a suposta fuga de Pablo Martínez Crespo aparece en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 52, causa 564/36, folio 28. O da fuxida de José Cantalapiedra Caparros figura en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 630/36, folio 22. O escrito que relata a fuxida de Bruno Martínez Fernández e Antonio María Martínez López aparece en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 51, causa 491/36, folio 28. Finalmente, os das fuxidas de Santiago Fariñas, José Torviso, Florencio Carballo, Enrique Navarret e Andrés Vale figuran en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, folios 66, 84 e 86.

[594] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 320/36, folio 56.

[595] AIMNOR, fondo Lugo, causa 309/36, folios 112, 112 volto e 113.

[596] AIMNOR, fondo Lugo, causa 309/36, folios 113 e 113.

atopamos tamén a do garda civil Manuel Devesa Álvarez, cuxo contido é semellante[597].

O explicado amosa que as sacas foron realizadas pola Falanxe, a Garda Civil e outras forzas que non se especifican. Alén disto, amósase que se trataron dunha práctica controlada por parte das autoridades sublevadas, as cales, tentaron sempre dotalas de rigor formal. Neste sentido, cómpre rematar este apartado referindo un escrito do xa citado Juan Aranguren, que amosa que os traslados de presos eran solicitados aos xuíces instrutores das causas:

> Teniendo en cuenta la escasez de fuerza de que dispone esta Comandancia y la reducida y alguna vez nula vigilancia que sobre los distintos depósitos municipales puede ejercerse y como quiera que en alguno de ellos hay mucha aglomeración de presos, ruego a V.S. me autorice para poder trasladar a otros Depósitos los procesados a su disposición que se encuentren en las diversas cárceles y depósitos a que alcanza mi jurisdicción, siempre que por las circunstancias dichas lo considere conveniente, todo ello atendiendo a la buena marcha de la Justicia y a la mayor garantía de los procesados.
>
> Dios guardia a V.S. muchos años. Ribadeo, 3 de septiembre de 1936.
>
> El Comandante Militar [Juan Aranguren Ponte][598].

O escrito ao que facemos referencia figura dentro da causa militar na que figuran como encartados os asasinados Santiago Fariñas Reinante, José Torviso Fernández, Florencio Carballo Novigil, Enrique Navarret García e Andrés Vale Blanco. A súa data de redacción, no día 3 de setembro de 1936, amosa a relación directa entre o "permiso de traslado" e o asasinato dos procesados. Así, o de Santiago Fariñas Reinante tivo lugar o día 4 do citado mes. O do resto, o 12 de setembro de 1936.

USC DE SANTIAGO

[597] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 52, causa 564/36, folios 43 e 43 volto.
[598] AIMNOR, fondo Lugo, causa 309/36, folio 59.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

7. A persecución e a sociedade. Un estudo a partir das causas militares do Golpe de 1936 no norte da Provincia de Lugo

Os asasinatos constitúen, moi posibelmente, a cara máis dramática da persecución sublevada. Isto explica que, en moitas ocasións, as vítimas mortais reciban unha atención especial por parte das asociacións memorialistas e, tamén, dentro das investigacións históricas. Dita tendencia, é común a outras análises que estudan fenómenos de violencia extrema. Isto, nalgúns casos, tense traducido nunha eiva que o politicólogo grego Stathis Kalyvas denomina "nesgo selectivo". O nesgo selectivo consiste en centrar demasiado o foco nos fenómenos máis claros e extremos dentro dun determinado contexto de violencia e, como consecuencia, deixar de lado o estudo doutros episodios e prácticas, consideradas como de menor intensidade.

A presente tese de doutoramento dedica unha grande parte da súa atención ao estudo dos asasinatos, tal e como se deduce da extensión do punto precedente. Con todo, cremos que resulta fundamental ir máis alá. É por isto que decidimos dedicar a terceira parte da nosa investigación ao estudo da persecución que se deu alén das prácticas de eliminación física de persoas. Concretamente, decidimos centrar o foco na análise dos procesos xudiciais abertos a raíz do Golpe de Estado nos concellos que compoñen a nosa área de estudo preferente, con independencia de que rematasen no asasinato das e dos procesados.

O interese desta fonte para a análise da persecución é moi significativo. Isto é debido a que a toma do poder por parte dos golpistas se traduciu na promulgación dunha serie de bandos de guerra, en virtude dos cales, se declarou en suspenso o marco lexislativo anterior e se certificou a primacía da xustiza castrense fronte á ordinaria[599]. Dita situación, na práctica, supuxo que a maior parte dos delitos (ou supostos delitos) pasaran a se investigar en procedementos xudiciais incoados pola xurisdición militar. Estes foron as chamadas causas militares.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[599] Erik Zubiaga Arana, *La huella del terror...*, 28-29.

Os procedementos xudiciais militares incoados a raíz do Golpe foron, segundo diversos autores, o paradigma de colaboración da xente común coa violencia[600]. Dita hipótese, segundo os datos dos que dispoñemos, resulta bastante acertada. En primeiro lugar, polo feito de que a inculpación foi unha opción máis segura e, sobre todo, menos traumática que a participación en torturas e/ou asasinatos. En segundo lugar, polo feito de que a lexislación ordinaria perdeu a maioría das súas competencias, de modo que quedou limitada a investigacións de escasa importancia e que pouco tiveron que ver coa violencia sublevada[601].

A perda de competencias da lexislación ordinaria é algo que pode exemplificarse a través dos expedientes de denuncia incoados no concello de Guitiriz entre o comezo do Golpe e o inicio da década de 1940. Deste xeito, comprobamos que no Arquivo Municipal de Guitiriz se conservan un total de 7 expedientes, os cales, en ningún caso, foron abertos por casuísticas relacionadas coa Sublevación, senón por problemas derivados da división de fincas, a construción de muros en terreos contiguos e a ocupación da vía pública para fins particulares. Cómpre dicir ademais que na redacción de todas estas denuncias non se realiza nin unha soa mención ao Golpe nin a actos contrarios ás novas autoridades[602].

Neste mesmo sentido, analizamos as multas impostas en contra da veciñanza do concello de Lourenzá, alén dos procedementos militares[603]. Na nosa análise

[600] Esta proposta metodolóxica tivo o seu inicio no proxecto de investigación "Mecanismos de adaptación social en contextos de violencia estatal masiva. O caso de Galicia (1936- 1939) en perspectiva comparada (Proxectos de Grupos Emerxentes)" 2012-PG190. Referencia: EM 2012/035. Entidade financiadora: Xunta de Galicia. Duración: 26/06/2012-25/06/2015. Financiamento: 99.200€. IP. Antonio Míguez Macho, 10 investigadores/as. A metodoloxía de análise deseñada deu lugar distintos traballos, entre os que cómpre destacar a tese doutoral de Concepción López Sánchez, "O golpe de Estado...".

[601] Malia exceder ao obxecto de estudo da presente doutoral, non descartamos a importancia que puidera ter realizar unha análise máis profunda das fontes xudiciais civís tal e como se argumenta en: Conxita Mir, *Vivir es sobrevivir...*, 14-15.

[602] Arquivo Municipal de Guitiriz, servizos, seguridade cidadá, policía local, expedientes de policía local, expedientes de denuncias (1923-1996), "expediente contra Ángel Carballo Río y otros sobre aprovechamiento de terreno en Pígara", "apropiación de terreno en Barreiras-Pígara", "apropiación de terreno comunal", "denuncia" (por peche de finca), "apropiación de terreno y ocupación de la vía pública", "expediente contra Manuel Rodríguez Martínez por cierre de monte comunal" e "expediente contra Calixto Corral Solmo de Pígara por aprovechamiento de terreno comunal en Pígara".

[603] Arquivo Municipal de Lourenzá, servizos, seguridade cidadá, caixas 453, 516 e 805.

observamos que o total de persoas afectadas foi de 17, das cales, só 3, foron penadas por accións que podemos considerar claramente políticas. Unha delas foi o líder falanxista local Federico Minguillón Curiel, que foi multado por ter unha conducta oposta á unidade do "Movemento Nacional".

A segunda destas multas foi interposta contra Carlos Docampo Cuadrado e a terceira contra Gervasio García Ron. Ambos foron acusados de blasfemia. No caso de Gervasio García Ron a multa foi xustificada ademais polo cargo de insultar a un falanxista. Deste xeito, observamos que foron acusados dunha falta que garda relación con feitos que adoitan xulgarse en causas militares. Non obstante, ningún destes 2 homes rematou sendo procesado nun sumario destas características, o que nos permite supoñer que as autoridades golpistas non consideraron os seus delitos como de suficiente gravidade para lles incoar un procedemento xudicial militar.

O resto de multas rexistradas no Arquivo Municipal de Lourenzá foron interpostas por delitos de corte económico. Estes foron a compra venda de café a prezos superiores aos fixados pola lei, a ocultación de produtos para a venda, o sacrificio de gando fora das normativas en vixencia, a compra ilegal de gando, as irregularidades na compra de talonarios do subsidio "Pro-Combatente" e o transporte ilegal de comida.

Por último, a afirmación de as causas militares constitúen o paradigma da colaboración da xente común coa violencia, pode explicarse en base ao elevado grado de control que existiu dentro das prácticas de detención e eliminación física de persoas, tal e como temos explicado. Deste xeito, consideramos que os maiores niveis de colaboración coas autoridades sublevadas tiveron que se producir dentro das canles nas que a axuda cidadá foi máis demandada, dado que, como explicamos, non existiron grupos de perpertadores que tiveran unha actuación independente das autoridades castrenses. Unha destas canles, segundo as nosas análises, foron as causas militares, nas cales atopamos un maior número de colaboradores fronte a prácticas como as detencións e as sacas.

Temos analizado que a resistencia a testemuñar podía traer consecuencias máis ou menos graves para as persoas implicadas. Así, sabemos que o veciño de Ribadeo Jesús Gómez y Gómez foi suspendido no seu emprego de sereno municipal, a día 2 de decembro de 1937, por non ter aportado a información que lle fora requirida acerca dunha serie de persoas que estaban a ser investigadas

USC DE COMPOSTELA

por ter simpatías coa Fronte Popular[604]. Dita decisión, foi tomada polas autoridades sublevadas a pesar de que Jesús Gómez y Gómez xa testemuñara de xeito acusatorio con anterioridade en 2 causas xudiciais incoadas a raíz do Golpe en contra doutros veciños da localidade[605].

A demanda de testemuños no marco das causas foi explicada por algúns autores en base a unha política destinada a forxar novas lealdades e cimentar o apoio á causa sublevada mediante a implicación da cidadanía no exercicio da violencia[606]. Na nosa opinión esta é unha hipótese válida. Con todo, pensamos que a recollida de testemuños foi algo necesario, antes de ningunha outra cousa, para permitir o propio funcionamento das causas[607]. É dicir, se os procesos militares non foron simplemente unha farsa, senón un mecanismo para a selección das vítimas e a escolla das distintas condenas, temos que partir da premisa de que a obtención de testemuños foi algo necesario.

Por último, cremos necesario destacar, tal e como introducimos no apartado de metodoloxía da presente tese doutoral, que as causas militares cumprían unha función propagandística. Deste xeito, eran un mecanismo fundamental para construír o relato dos verdugos, para retorcer a realidade até facer pasar por rebeldes aos defensores do marco legal vixente nese momento[608].

Isto é algo que pode verse en boa parte das declaracións consultadas, así como nas sentenzas que analizamos. Polo que respecta a estas últimas consideramos interesante citar, a modo de exemplo, o inicio da sentenza onde se que se condenou á pena de morte aos veciños de Cervo Benito Colín Veiga e José María Correa Miranda:

[604] Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno, concello/pleno, libros de actas de sesións do pleno, caixa 0056, , libro de actas que comeza o 17 de xuño de 1937 e remata o 18 de maio de 1940.
[605] As declaracións acusatorias ás que facemos referencia figuran en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 421/36, folio 5 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 301/37, folio 10.
[606] Erik Zubiaga Arana, *Lo que no pudo...*, 85.
[607] Peter Anderson, *The Francoist Military Trials...*, 75.
[608] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Quen matou a Antonio Azarola...", 46.

RESULTANDO: Que iniciado un Movimiento Nacional hacia mediados de Julio último, con el fin de rescatar a España del mando de los Gobiernos del Frente Popular, que pretendían desmembrarla y hacerle perder su independencia, el Ejército, columna vertebral de la Nación, personalizó y dirigió tal movimiento bajo el régimen legal de los Bandos declaratorios del Estado de Guerra y el fin perseguido de dar a la Nación una nueva estructura en consonancia con sus auténticas esencias de personalidad.

RESULTANDO: Que contra esta acción salvadora del Ejército se opusieron resistencias de diversa índole provenientes de un conglomerado compuesto por adictos y simpatizantes del Gobierno antinacional, todos los que al alzarse en armas contra la Institución Castrense, plantearon una verdadera guerra que aún perdura, si bien el triunfo de las fuerzas nacionales va imponiendo rápidamente la paz y el orden, que en las provincias de Galicia se impusieron en breves días a partir del veinte del mes antedicho, en que fue proclamado el Estado de Guerra en la Octava División Orgánica.

RESULTANDO: Que por lo que afecta concretamente a las resultancias de esta causa en el Ayuntamiento de Cervo en esta provincia los días veinte y veintiuno del pasado Julio por orden del entonces Alcalde y hoy procesado Benito Colín Veiga y de José María Correa Miranda, Secretario del Juzgado municipal, se hizo recluta de medios personales y materiales para adueñarse de la comarca y hacer oposición en su caso a las fuerzas nacionales, para lo que se requisaron armas privando de su tenencia a sus legítimos tenedores lo que se hizo de manera violenta y coactiva en varios domicilios entre ellos los de los señores curas párrocos de Lage y Samos, practicándose detenciones de significadas personas de derechas como las de los señores Basanta y Cillero, habiendo disparado contra el último el procesado Colín, que también tomaba parte directa en los hechos en los cuales se distinguió notablemente como Jefe y por su actuación de agresividad y violencia.

RESULTANDO: Que todos los procesados en esta causa de ideología extremista y afiliadas al socialismo tomaron parte en los sucesos dichos y en la forma que personalmente a continuación se expresa Luís Diéguez Mariño, lugarteniente del procesado Colín, le acompañó tomando parte activa en la requisa de armas; Ramón Martínez Paleo intervino destacadamente en dicha requisa armado en unión de Sergio Correa y Manuel Ponte; Antonio Abad Gómez formaba también en el grupo capitaneado por Colín y se le vio el día veinte en una camioneta desde la que se victoreaba a Rusia y al comunismo; Esteban Castro Alonso, el día veintiuno en casa del Sr. Sacido Ribas le amenazó enseñándole cartuchos de dinamita; José Otero Álvarez y Nicolás Rey López estaban entre los requisantes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> de los domicilios del Sr. Cura Lieiro y del Sr. Sacido; Claudio Pernas Campo se distinguió en la persecución de las personas derechistas tomando parte en la requisa; Sergio Correa y José Costa Pardo, maestro nacional, eran intermediarios entre el José Maria Correa y los grupos revolucionarios; José Murados Fernández, que desempeñó un cargo directivo en el partido socialista además de figurar en el grupo requisante dio algunas órdenes al grupo en el que formó también Valeriano González Díaz[609].

Deste xeito, na sentenza citada alúdese, por unha banda, á lexitimidade do Golpe, a consecuencia da caótica situación na que se atopaba o país após a chegada ao poder da Fronte Popular. Por outra banda, arguméntase que os procesados eran culpábeis de alzarse en armas contra a institución castrense, así como de practicar requisas ilegais de armas, detencións e agresións contra persoas a raíz da súa ideoloxía dereitista. Finalmente, alúdese á relación entre a Fronte Popular e a Unión Soviética, de modo que o Golpe se presenta coma unha medida encamiñada á protección da independencia nacional española.

Polo que respecta ás declaracións, tamén atopamos argumentacións semellantes. Estas foron realizadas, na maioría de ocasións, por membros do núcleo persecutorio golpista, os cales se caracterizaron, como logo explicaremos, pola súa reincidencia acusatoria. Porén, tamén identificamos persoas que realizaron este tipo de argumentacións, malia participaren unha soa vez ao longo dos sumarios estudados. Un exemplo claro é o de Ramón Rego González, xuíz municipal de Mondoñedo. Este emitiu un testemuño acusatorio en contra de varios dos seus veciños a día 16 de agosto de 1937. Neste, recóllense boa parte dos tópicos xustificativos do Golpe de Estado[610].

En primeiro lugar, argumentou que sabía por "rumor público" que José Sánchez Gacio tiña coñecemento dunhas "célebres listas negras" nas que se relacionaban dereitistas mindonienses dos que querían vingarse. Posteriormente, ao falar sobre outro procesado da localidade, Patricio Vijande Villar, afirmou que este era tamén coñecedor da relación de persoas que figuraban na "célebre lista negra confeccionada en la Casa del Pueblo", para cuxos integrantes "se rumoreaba la diversidad de suplicios a que sería sometidos".

USC DE SANTIAGO

[609] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 222/36, do folio 364 ao 365 volto.
[610] AIMNOR, fondo Coruña, caixa 50, causa 1119/37, folios 11 volto, 12 e 12 volto.

En segundo lugar, Ramón Rego González relatou que tiña coñecemento de que existían grandes depósitos de armas ocultas tanto en Mondoñedo coma en distintos lugares próximos. Estas foran supostamente recompiladas polos directivos da Casa do Pobo, os cales, se reuniran en diversas ocasións para organizar a persecución contra as persoas consideradas de dereitas.

En terceiro lugar, aludiu a distintos tópicos coma á manipulación electoral no referendo sobre o Estatuto de Autonomía de Galiza e a persecución relixiosa existente en contra dos católicos, que podía exemplificarse a través de prácticas como a secularización dos cemiterios.

Dentro do mesmo sumario cómpre traer a colación a declaración emitida polo párroco de Mondoñedo José María Agrelo Rego a día 17 de decembro de 1937. De entre as súas palabras interesa a matización que realizou para xustificar que o procesado José Sánchez Gacio era "marxista", após telo negado con anterioridade. A súa argumentación é un fiel reflexo da propaganda sublevada, na cal, se tiña construído a figura do "criptocomunista" para ligar a persoas de simpatías políticas moi dispares, ou incluso apartidistas, cunha suposta ideoloxía que estaban moi lonxe de profesar[611]. Deste xeito, no sumario incoado en contra de José Sánchez Gacio (e outros) José María Agrelo Rego sinalou que:

> Cree haber afirmado por último que el señor Sánchez no era marxista. Al decir esto tuvo en cuenta el verdadero sentido de la palabra, si bien hoy puede aseverarse que todos los elementos integrantes del Frente Popular son marxistas, pero no así en un principio; pues a la formación de dicho partido concurrieron galleguistas, Vizcaitarras, Catalanistas, Izquierda Republicana, etc, sin renunciar ninguno a su credo político. El Señor Sánchez como amigo político y personal que era de Casares Quiroga pertenecía a Izquierda Republicana[612].

[611] Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, "Quen matou a Antonio Azarola?...", 51.

[612] AIMNOR, fondo Coruña, caixa 50, causa 1119/37, folio 290 volto.

7.1. As causas militares

Na presente tese doutoral analizamos un total de 176 sumarios. 136 destes foron incoados pola xurisdición de terra e localízanse no Arquivo do Cuartel "Baluarte". Os 40 restantes foron abertos pola xurisdición de Mariña e localízanse no Arquivo Naval. Ambas institucións teñen a súa sede na cidade de Ferrol.

Nas 176 causas analizadas, procesouse dun xeito oficial a un total de 515 persoas, segundo os datos que figuran en Nomes e Voces. Con todo, na nosa investigación descubrimos que existen outros individuos que chegaron a declaran en calidade de investigados, alén dos propios procesados. Tal circunstancia, debería de servir para catalizar o interese en revisar a base de datos de cara a inclusión de novas tipoloxías de vítimas.

Sexa como for, ao igual que explicamos ao falar das vítimas mortais da violencia sublevada, cómpre sinalar que a apertura de procedementos xudiciais a raíz do Golpe non afectou por igual á veciñanza dos distintos concellos que forman parte da nosa área de estudo preferente, tal e como figura na Táboa 31.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 31: número de veciñas e veciños procesados por cada concello (1936-1939)

Concello	Número de veciñas e veciños procesados	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Abadín	0	0%
Cospeito	0	0%
Begonte	1	0,19%
Alfoz	1	0,19%
O Valadouro	1	0,19%
Barreiros	2	0,39%
Burela	2	0,39%
Xermade	2	0,39%
A Pastoriza	3	0,58%
Ourol	3	0,58%
Trabada	3	0,58%
Vilalba	3	0,58%
Foz	4	0,77%
Riotorto	4	0,77%
Lourenzá	5	0,97%
Xove	5	0,97%
Muras	7	1,36%
Guitiriz	13	2,52%
Mondoñedo	15	2,91%
Cervo	25	4,85%
O Vicedo	30	5,83%
A Pontenova	47	9,12%
Ribadeo	102	19,08%
Viveiro	210	40,78%
Total	515	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Nomes e Voces

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En base aos datos que amosa a Táboa 31, vemos que existen concellos que non tiveron nin sequera un só veciño procesado. Alén disto, observamos que ao redor do 60% dos procesados residían en 2 dos 24 concellos que, a día de hoxe, existen dentro da nosa área de estudo preferente. Estes son, Ribadeo, onde se procesou a un total de 102 persoas e Viveiro, onde computamos un total de 210 veciñas e veciños procesados.

Polo que respecta ás 176 causas militares analizadas sabemos que 73 foron incoadas no ano 1936, 66 no ano 1937, 25 no ano 1938, 11 no ano 1939 e 1 no ano 1941. Á vista dos datos vemos que 1936 foi o ano no que se produciu unha maior apertura de causas a raíz do Golpe de Estado, feito que concorda coa idea de que os procesos militares foron un piar central dentro do organigrama persecutorio deseñado polas autoridades golpistas[613].

O número de procedementos xudiciais abertos en 1936 é minoritario, dado que chega só o 41,47% do total de causas militares estudadas. Con todo, se analizamos a xustificación para a apertura dos distintos sumarios, atoparemos que a Sublevación tivo unha gran importancia, tal e como se amosa na Táboa 32.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

[613] Concepción López Sánchez, "O golpe de Estado...", 450.

Táboa 32: xustificación para a apertura das causas militares analizadas

Motivo de apertura[614]	Número de causas	Porcentaxe sobre o total (de menor a maior)
Posuír un perfil ideolóxico incompatíbel co Golpe	1	0,6%
Prácticas de usura	1	0,6%
Reunión ilegal posterior á toma do poder	2	1,1%
Incendios e destrucións posteriores á toma do poder	3	1,7%
Tenencia ilegal de armas e aparición de explosivos	4	2,3%
Investigación de asasinatos	4	2,3%
Captura de soldados republicanos	4	2,3%
Atracos e roubos posteriores á toma do poder	8	4,5%
Manifestacións en contra do Golpe e os Sublevados	17	9,6%
Captura de fuxidos	21	11,9%
Non presentación a filas e deserción	34	19,2%
Actos de oposición ao asentamento das autoridades golpistas	77	44,1%
Total	176	100%

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

[614] A denominación de cada un dos 12 motivos para a apertura das causas foi realizada en base á información contida nas causas. Deste xeito, cómpre ter presente que non estamos ante denominacións empregadas polos propios golpistas dun xeito literal.

Se confrontamos os procedementos militares abertos en base a casuísticas relacionadas coa toma do poder polos sublevados e os contrastamos coas causas militares incoadas por sucesos que tiveron lugar con posterioridade ao asentamento dos golpistas no territorio, observaremos que os primeiros son maioría. Para realizar a comparación cremos que cómpre descartar as causas militares cuxa apertura se atopa xustificada por un suceso que pode non ser clasificado, unicamente, como anterior ou posterior ao Golpe[615].

Neste punto, estamos a falar, en primeiro lugar, das causas abertas para a investigación de procesados cuxo perfil ideolóxico se consideraba incompatíbel coas dinámicas políticas posteriores á Sublevación. Isto é debido a que as persoas procesadas en base a esta casuística non cometeran ningún delito segundo as propias autoridades golpistas, alén de continuar a profesar unhas ideas que posuían con carácter previo ao Golpe. Tal circunstancia, permite individualizar esta casuística fronte as 11 restantes que se indican na Táboa 32.

Dentro desta categoría atopamos soamente 1 sumario, que afectou ao veciño de Guitiriz Sebastián Rodríguez Carranza. Este foi procesado polo seu papel como propagandista con carácter previo ao Golpe. Así, como declarou a día 6 de outubro de 1937 o alcalde golpista de Guitiriz, Manuel Rodríguez, Sebastián Rodríguez Carranza non chegara a realizar ningún acto de oposición após o inicio da Sublevación debido a que fora detido nos primeiros momentos. Con todo, de non ter sido así, a xuízo do declarante, a súa actuación tería sido outra. Dita intuición, levábao a concluír que o procesado era "*un elemento pernicioso y peligroso dentro de la Sociedad, y para la nueva España*"[616].

En segundo lugar, é preciso que descartemos os procedementos abertos a raíz da pescuda e captura de fuxidos, para dotar de rigor á comparativa entre os sumarios xudiciais abertos por casuísticas relacionadas coa oposición ao Golpe e os incoados por accións posteriores ao asentamento dos sublevados no poder. Isto xustifícase polo feito de que moitos destes fuxidos escaparan dos seus domicilios no momento mesmo do Golpe e, sen dúbida, animados polo temor a ser detidos polas novas autoridades a raíz da súa actuación no contexto da organización de actos de oposición á Sublevación.

[615] Dito descarte só se realiza neste punto, para clarificar o noso argumento. Deste xeito, os sumarios aludidos foron analizados e referidos noutros puntos do texto.
[616] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 77, causa 1390/37, folios 3 e 3 volto.

Como exemplos, podemos citar, por unha banda, o caso do veciño da Pontenova Antonio Díaz y Díaz Villamil, que foi asasinado durante a súa captura e que se atopaba fuxido xunto con outros familiares a raíz da toma do poder polos sublevados no seu concello de residencia[617]. Por outra banda, podemos referir o procedemento xudicial incoado en contra do veciño de Viveiro Jesús Bellas Cao, que foi detido polas forzas da Garda Civil e a Falanxe no termo municipal de Muras, a día 14 de abril de 1937 e que estivera fuxido a raíz da súa participación nas resistencias ao Golpe no seu concello de orixe[618].

Pola contra, outros fuxidos abandonaron os seus domicilios após a instalación das autoridades sublevadas no poder. Deste xeito, non podemos analizar de xeito conxunto estes procedementos e incluílos como anteriores ou posteriores ao Golpe en función dos argumentos esgrimidos para a súa incoación.

En terceiro e último lugar, cremos pertinente descartar tamén os sumarios abertos para a investigación de asasinatos. Isto en base a 2 criterios. En primeiro lugar, debido a que existen asasinatos que foron perpetrados con carácter previo á toma do poder[619]. En segundo lugar, porque moitas das vítimas asasinadas após a instalación no poder por parte dos sublevados foran previamente detidas e/ou investigadas a raíz da Sublevación, de modo que a súa selección por parte dos verdugos foi realizada en base á súa traxectoria política e social previa ao Golpe[620].

En base ao explicado, entendemos que o máis pertinente é comparar o número de causas, cuxa apertura se xustificou en función de supostos actos de oposición á toma do poder por parte dos golpistas, co resto dos sucesos que non consideramos pertinente descartar. Estes son: incendios e destrucións que tiveran lugar con posterioridade ao Golpe, atracos e roubos posteriores ao asentamento dos sublevados no poder, reunións ilegais que tiveran lugar após a extinción das

[617] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 57, causa 744/36.
[618] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 666/37.
[619] Neste punto estamos a falar da causa militar incoada para a investigación da morte do veciño da Pontenova José Antonio Dopacio, cuxo falecemento sabemos que se produciu no contexto das resistencias ao Golpe mais sen a intervención dos perpetradores, tal e como figura en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 72, causa 943/37, folio 6 e 6 volto.
[620] Este é o caso dos veciños de Viveiro Carlos Morris Soriano, Domingo Galán Jambrina e Luís Sánchez Mendezona, cuxas mortes foron investigadas, respectivamente en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 812/36, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 932/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 981/36.

USC

resistencias, tenencia ilegal de armas e aparición de explosivos, non presentación a filas e deserción do exército golpista, captura de soldados republicanos e realización de manifestacións contrarias ao Golpe, o exército ou as novas autoridades. Estes últimos, suman, entre todos, un total de 73 sumarios, fronte ás 77 causas incoadas por actos de oposición á instalación no poder das autoridades golpistas. A nivel relativo, estamos a falar dun 48,7% dos sumarios fronte ao 51,3% das causas.

Alén disto, é preciso destacar que as causas incoadas por actos de oposición á toma do poder, investigaron sucesos que implicaron a un maior número de persoas, se os comparamos co resto de circunstancias individualizadas. Como exemplo, podemos citar a macro causa incoada contra o corpo de carabineiros de Ribadeo, na cal computamos un total de 43 procesados[621].

Por último, se atendemos aos axentes responsábeis da apertura das causas militares analizadas observaremos que os procedementos xudiciais teñen o seu inicio en trámites realizados por 5 tipos de persoas diferentes. Estas son:

a) Os militares responsábeis do recrutamento.
b) Os xefes locais de Falanxe.
c) Os xefes dos postos da Garda Civil e policía local das distintas localidades nas que se realizaron investigacións.
d) Os comandantes militares de cada un dos concellos nos que rexistramos a apertura de causas en contra das súas veciñas e veciños.
e) Os propios xuíces militares, tal e como se ve, por exemplo, no sumario incoado contra o veciño de Ribadeo José López Ramos, o cal, tivo o seu inicio na iniciativa do xuíz de primeira instancia do mesmo Partido Carlos Santaló y Ponte, que no momento realizaba funcións de xuíz militar na columna de "operacións en Asturias"[622].

USC

[621] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 190/36.
[622] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 650/37, folio 1.

Deste xeito, en 3 dos 5 supostos descritos observamos que a iniciativa para a apertura das causas militares foi obra de persoal militar. Alén disto, nos 2 supostos restantes nos que a iniciativa non foi cousa de militares propiamente ditos, observamos que os procedementos se realizaron co coñecemento das autoridades castrenses, as cales, se atopaban na cuspide do organigrama persecutorio dos golpistas. Para ilustrar esta afirmación tomaremos como exemplo 2 causas que foron abertas, respectivamente, pola iniciativa da Falanxe e a Garda Civil. A primeira delas foi aberta a raíz da detención do veciño de Ribadeo Manuel Fernández Boado. Esta, fora practicada polos falanxistas Manuel González Pérez e Manuel López Rivadulla. Iniciada a causa, Manuel López Rivadulla emitiu un testemuño para explicar a súa actuación no que destacou que actuara co permiso do Comandante Militar de Ribadeo:

> Declara: Que hallándose destacado en el pueblo de Ribadeo tuvo noticia por la dueña del Hotel la Ferrocarrilana y Médico Sr. Ocampo de que el Registrador don Manuel Manuel Fernández Boado era el principal dirigente del movimiento revolucionario ocurrido en este pueblo; y en virtud de esta noticia, previa orden que reclamó del Comandante Militar de la plaza, procedió, en unión de su compañero Manuel G. Pérez, que actualmente se halla en el frente de Guadarrama a la detención del Fernández Boado ingresándolo en la cárcel[623].

A segunda das causas que cómpre citar neste punto é a incoada contra o veciño da Pontenova David Labrador Zuil. Esta tivo o seu inicio nun atestado instruído polo xefe do Posto da Garda Civil de Ribadeo Pablo de la Puente Aguirre a día 28 de setembro de 1936. No seu informe Pablo de la Puente Aguirre sinala que a detención do procesado tivo lugar no marco dunha acción destinada á captura de fuxidos, ordenada polo Comandante Militar de Ribadeo Juan Aranguren Ponte[624].

Por todo isto, podemos concluír, en primeiro lugar, que as causas militares foron un instrumento empregado polas autoridades golpistas desde os momentos iniciais da Sublevación. Tamén, que a súa función principal foi a

[623] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 974/36, folio 62.
[624] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 58, causa 1013/36, folios 1 e 1 volto.

persecución de conductas e accións observadas no contexto da toma do poder por parte dos golpistas.

En segundo lugar, cremos estar en posición de sinalar que os sumarios afectaron de xeito claramente diferente á veciñanza duns concellos e outros. Tal circunstancia, permítenos argumentar que as causas militares foron un recurso que permitiu aos sublevados controlar a intensidade e a cronoloxía da violencia, a cal, se atopou fundamentalmente determinada pola actuación da veciñanza dos distintos concellos no contexto da toma do poder por parte dos sublevados.

En terceiro lugar, podemos afirmar que as autoridades castrenses contaron coa colaboración da Falanxe, así como dos membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado, para perseguir e castigar ás persoas que consideraban o inimigo. Con todo, dita cooperación tivo lugar sempre dun xeito asimétrico, no marco dun organigrama en cuxa cúspide estiveron sempre os militares, tal e como explicamos ao analizar as detencións e as sacas, dentro do capítulo anterior.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7.2. Os testemuños

Dentro das 176 causas militares analizadas rexistramos un total de 2603 testemuños, os cales, foron emitidos por un conxunto de 1824 persoas distintas. Neste punto, cómpre lembrarmos a diferenza entre testemuño e declaración. Na presente tese doutoral analizamos as causas militares partindo da premisa de considerarmos un só testemuño por declarante e causa. Así, cada testemuño recolle o total de declaracións que esa persoa realizara dentro dun determinado sumario. Segundo o sentido das súas palabras, definimos 4 tipos de testemuños: acusatorios, mixtos, neutrais e exculpatorios, en base aos criterios que indicamos no apartado de metodoloxía. A frecuencia destes catro tipos de testemuño non é igual ao longo das causas, tal e como se ve na Táboa 33.

Táboa 33: testemuños por declarante

Tipo de testemuño	Número de testemuños	Número de declarantes	Testemuños por declarante
Acusatorios	1376	891	1,54
Mixtos	90	64	1,41
Neutral	546	505	1,08
Exculpatorios	591	557	1,06
Total	2603	2016	1,29

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares recollidas no apartado de Fontes

Á vista dos datos da Táboa 33 cómpre realizarmos unha primeira precisión, dado que o total de declarantes que nela se indican non se corresponde co número de 1824 persoas que dixemos anteriormente. Isto é debido a que existen 192 individuos que realizaron testemuños de distinto signo ao longo dos sumarios analizados. Deste xeito, consideramos pertinente indicalos nos cómputos particulares, diferenciados por tipo de testemuño, mais non dentro do reconto global de declarantes. Partindo desta precisión, a relación correcta de testemuños por declarante non sería de 1,29 senón de 1,43.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sexa como for, a Táboa 33 amosa claramente que os testemuños acusatorios foron maioritarios dentro dos sumarios analizados. Se realizamos a comparación cos outros 3 tipos de testemuños, os acusatorios supoñen o 52,8% do total. Se excluímos os testemuños mixtos, dado que presentan unha dobre compoñente de exculpación é inculpación, observaremos que os acusatorios se corresponden co 54,74% do total de testemuños computados.

Porén, se nos remitimos ao total de declarantes a realidade é outra. Deste xeito, se comparamos ás autoras e autores dos testemuños acusatorios coas persoas que emitiron o resto de testemuños, observaremos que estas supoñen o 44,17% do total de declarantes. Ademais, se excluímos os declarantes mixtos do cómputo veremos que os acusatorios só incrementan a súa importancia proporcional até o 45,62%, o que implica que continúen a ser unha minoría con respecto ao total.

A maior frecuencia de testemuños acusatorios sobre o resto explícase en base ao nivel de reincidencia das distintas persoas computadas, o cal se expresa na columna de "testemuños por declarante" dentro da Táboa 33. Tendo en conta este dato, é posíbel realizar unha distinción entre os testemuños acusatorios e mixtos, por unha banda, e os neutrais e exculpatorios por outra banda. Isto implica realizarmos unha diferenciación entre os que presentan unha compoñente inculpatoria e os que non. Dita escolla non é en absoluto arbitraria, senón que se basea no comportamento duns e outros declarantes.


En primeiro lugar, cómpre destacar que 33 das 65 persoas que realizaron testemuños mixtos emitiron tamén testemuños acusatorios. Isto, a nivel porcentual, correspóndese cunha porcentaxe lixeiramente superior á metade, do 50,77% con respecto ao total. Pola contra, se analizamos os grupos de declarantes neutrais e exculpatorios observaremos que só o 20,9% das persoas incluídas chegaron a realizar declaracións con carácter incriminatorio no conxunto de causas analizadas.

En segundo lugar, a diferenciación entre os testemuños inculpatorios e os non inculpatorios deriva dos distintos perfís que observamos ao longo das causas cando procedemos á análise das e dos declarantes. Para explicar esta idea máis claramente cómpre distinguirmos entre 2 grupos de declarantes, que denominaremos estruturais e non estruturais. Os primeiros caracterízanse por formaren parte intrínseca do organigrama persecutorio. Debido a isto, foron

USC DE COMPOSTELA

definidos como fonte primordial de información nos "*índices de principales actuaciones*" que aparecen ao longo das causas, tal e como se ve na Foto 12.

Foto 12: fragmento da causa 90/37, caixa 64, fondo Lugo, AIMNOR (contraportada)



INDICE DE PRINCIPALES ACTUACIONES:

Orden de proceder

Audiencia de los encartados

Ratificación de la denuncia

Informes de la G. C.

Informes de F. E. T.

Informes de la Alcaldía

Autopsia Enterramiento Identificación

Declaraciones de perjudicados

Preexistencia Tasación

Partes médicos Sanidad

Inspección ocular

Auto de procesamiento

Auto de rebeldía

Indagatorias

Certificaciones de nacimiento y antecedentes:

Hojas de filiación y castigos

Fonte: arquivo do autor

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Alén dos grupos de informadores recollidos na Foto 12 cómpre considerarmos como declarantes estruturais aos militares, dado que ocupaban o lugar máis alto dentro da cadea de mando dos sublevados, tal e como explicamos ao longo da tese. Deste xeito, podemos dicir que os declarantes estruturais son aqueles que ocupaban postos na administración local dos distintos concellos, aqueles que formaban parte do exército, así como do que hoxe coñecemos como corpos e forzas de seguridade do Estado, e aqueles que pertencían á Falanxe, xa fose en calidade de dirixentes ou de militantes. Isto último debido a que pertencían a unha organización xerárquica, que se atopaba controlada polas autoridades militares golpistas, e que colaboraba con estas nas tarefas de ocupación do territorio, así como nas labores de detención e condución de presos.

Fronte aos declarantes estruturais atopamos un grupo humano máis heteroxéneo, cuxos membros non formaban parte do núcleo persecutorio golpista, mais que apostaron por colaborar nas labores de incriminación por distintos motivos. Con todo, cómpre sinalar que tiveron un nivel de reincidencia menor, tal e como se ve na Táboa 34.

Táboa 34: comparativa entre os testemuños dos declarantes estruturais e non estruturais

Tipo de declarante	Nº de testemuños	Nº de declarantes	Testemuños por declarante	% testemuños	% declarantes
Estrutural	1110	626	1,77	42,64%	31%
Non estrutural	1493	1390	1,07	57,36%	69%
Total declarantes	2603	2016	1,29	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

De acordo co expresado na Táboa 34, observamos que, no grupo de testemuñas estruturais, existe unha media de testemuños por declarante que case duplica aos emitidos polos declarantes non estruturais. Non obstante, cómpre ter presente que a propensión á reincidencia nos declarantes estruturais non foi igual

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dentro de cada tipo de tipo de testemuño, tal e como se pon de manifesto nas Táboas 35, 36, 37 e 38.

Táboa 35: comparativa entre os testemuños acusatorios emitidos polos declarantes estruturais e non estruturais

Tipo de declarante	Nº de testemuños	Nº de declarantes	Testemuños por declarante	% testemuños	% declarantes
Estrutural	781	366	2,13	56,76%	41,08%
Non estrutural	595	525	1,13	43,24%	58,92%
Total declarantes	1376	891	1,54	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

Táboa 36: comparativa entre os testemuños mixtos emitidos polos declarantes estruturais e non estruturais

Tipo de declarante	Nº de testemuños	Nº de declarantes	Testemuños por declarante	% testemuños	% declarantes
Estrutural	60	35	1,71	66,66%	54,69%
Non estrutural	30	29	1,03	33,33%	45,31%
Total declarantes	90	64	1,41	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 37: comparativa entre os testemuños neutrais emitidos polos declarantes estruturais e non estruturais

Tipo de declarante	Nº de testemuños	Nº de declarantes	Testemuños por declarante	% Testemuños	% declarantes
Estrutural	118	93	1,26	21,61%	18,42%
Non estrutural	428	412	1,04	78,39%	81,58%
Total declarantes	546	505	1,08	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

Táboa 38: comparativa entre os testemuños exculpatorios emitidos polos declarantes estruturais e non estruturais

Tipo de declarante	Nº de testemuños	Nº de declarantes	Testemuños por declarante	% Testemuños	% declarantes
Estrutural	151	130	1,16	25,55%	23,38%
Non estrutural	440	426	1,03	74,45%	76,62%
Total declarantes	591	556	1,06	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

Os datos das Táboas 35, 36, 37 e 38 amosan que os declarantes estruturais tiveron un maior nivel de reincidencia en todos e cada un dos tipos de testemuños definidos. Non obstante, existe unha clara diferenza entre os testemuños acusatorios e mixtos fronte aos neutrais e exculpatorios. Nestes últimos, a maioría de testemuños rexistrados foron emitidos polos declarantes non estruturais. Alén disto, se analizamos o número de testemuños por declarante observaremos que a diferenza entre ambos grupos de declarantes é máis sutil no caso dos neutrais e exculpatorios que no caso dos acusatorios e mixtos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dita diferenza é moito máis acusada se comparamos o nivel de reincidencia das 5 persoas que emitiron un maior número de testemuños dentro de cada un dos 4 grupos definidos: acusatorios, mixtos, neutrais e exculpatorios, de acordo co expresado nas Táboas 39, 40, 41 e 42.

Táboa 39: testemuñas acusatorias cun maior nivel de reincidencia

Nome e apelidos	Número de testemuños	Pertenza ao grupo de declarantes estruturais	Observacións
Eduardo Sánchez Chinarro	42	Si	Comandante do Posto da Garda Civil de Viveiro
Ramón Palmeiro Maseda	25	Si	Alcalde golpista de Viveiro
Juan Veiga Covas	23	Si	Comandante do Posto da Garda Civil da Pontenova e Ribadeo
Antonio Moreda Rodríguez	20	Si	Alcalde golpista de Ribadeo
Valdés Valdés, Francisco	16	Si	Garda Civil do Posto de Viveiro

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 40: testemuñas mixtas cun maior nivel de reincidencia

Nome e apelidos	Número de testemuños	Pertenza ao grupo de declarantes estruturais	Observacións
Ramón Palmeiro Maseda	11	Si	Alcalde golpista de Viveiro
Eduardo Sánchez Chinarro	8	Si	Comandante do Posto da Garda Civil de Viveiro
Carreira Castro, Miguel	4	Si	Garda Civil do Posto de Viveiro
Puente Aguirre, Pablo	3	Si	Xefe de liña do Posto da Garda Civil de Ribadeo
Coladas Andía, Antonio	2	Si	Alcalde golpista de Vilameá
Justo Moreda Díaz	2	Non	Empregado municipal do concello de Ribadeo
Antonio Moreda Rodríguez	2	Si	Alcalde golpista de Ribadeo
José Palmeiro Fernández	2	Si	Falanxista de Viveiro

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 41: testemuñas neutrais cun maior nivel de reincidencia

Nome e apelidos	Número de testemuños	Pertenza ao grupo de declarantes estruturais	Observacións
Miguel Carreira Castro	7	Si	Garda Civil do Posto de Viveiro
José Amador Fernández	5	Si	Garda Civil do Posto de Cervo
Ramón Palmeiro Maseda	4	Si	Alcalde golpista de Viveiro
Antonio Abad	3	Si	Alcalde golpista de Xove
Manuel Arias Rouco	3	Non	Traballador na mina da Silvarosa
Antonio Moreda Rodríguez	3	Si	Alcalde golpista de Ribadeo

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 42: testemuñas exculpatorias cun maior nivel de reincidencia

Nome e apelidos	Número de testemuños	Pertenza ao grupo de declarantes estruturais	Observacións
Agustín Infante Parapar	5	Si	Alcalde golpista do Vicedo
Sánchez Chinarro, Eduardo	5	Si	Comandante do Posto da Garda Civil de Viveiro
Doval Val, Manuel	4	Si	Comandante do Posto da Garda Civil de Cervo e Mondoñedo
Pascual Méndez	4	Si	Alcalde golpista de Cervo
Ramón Palmeiro Maseda	4	Si	Alcalde golpista de Viveiro

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

As Táboas 39, 40, 41 e 42 inclúen un total de 24 nomes malia estaren pensadas para referir os 5 declarantes con maior nivel de reincidencia dentro de cada un dos 4 tipos de testemuños delimitados. Isto é debido a que tivemos que enfrontar o problema da existencia de 2 empates nas Táboas 40 e 41 que decidimos solucionar incluíndo 4 declarantes mais.

En base aos criterios definidos atopamos que as testemuñas estruturais foron as que tiveron un maior nivel de reincidencia en todos os tipos de testemuño. As únicas excepcións, a nivel individual, atopámolas en Justo Moreda Díaz e Manuel Arias Rouco, os cales, figuran, respectivamente, nas táboas que analizan os testemuños mixtos e neutrais. Alén destes, observamos que os individuos pertencentes ao grupo de declarantes estruturais ocupaban postos de mando dentro dos distintos ámbitos que rexían a vida diaria na zona sublevada dentro de cada un dos concellos.

O seu maior ou menor nivel de reincidencia explícase en base ao número veciñas e veciños procesados nos diferentes municipios e tamén en base á mobilidade individual dos membros das distintas estruturas que integraban o

USC DE COMPOSTELA

núcleo persecutorio golpista. Deste xeito, cómpre ter presente que a labor informadora dos alcaldes era completada por outros membros das distintas corporacións das que formaban parte. Así, no caso de que estes se atopasen ausentes por distintos motivos, observamos que outros edís actuaban no seu nome de forma "accidental".

A anterior afirmación pode ilustrarse a través da análise dos procesos xudiciais incoados en contra da veciñanza do concello do Vicedo, o cal, como sinalamos, forma parte da nosa área de estudo preferente. Nestes, segundo analizamos, aparecen diversos informes que foron emitidos desde a alcaldía. En case todos eles, a persoa asinante é o referido Agustín Infante Parapar. Concretamente, Agustín Infante Parapar participa en 13 das 14 causas incoadas en contra de veciños do Vicedo[625].

A única excepción atopámola nunha causa incoada, pola xurisdición de Mariña, en contra de varios veciños de Cervo, O Vicedo e Viveiro polos supostos delitos de deserción e auxilio á rebelión. En dito sumario, atopamos un informe da alcaldía de Riobarba asinado por Marcelino Iglesias Pérez en calidade de alcalde a día 10 de maio de 1940[626]. Marcelino Iglesias Pérez era, a día 5 de maio de 1938, o primeiro tenente de alcalde da localidade, razón pola que non podemos determinar se fora nomeado oficialmente para o posto ou se estaba actuando como alcalde accidental ante a ausencia temporal de Agustín Infante Parapar[627].

A dinámica descrita, afectou tamén aos responsábeis das estruturas militares, aos dirixentes de Falanxe e aos membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Así, por exemplo, para valorar a magnitude acusatoria da Comandancia Militar de Ribadeo é preciso sumar as declaracións de Juan Aranguren Ponte, Ignacio María Esperanza Albareda e Florencio Yubero, entre os cales, emitiron 22 testemuños acusatorios.

[625] Agustín Infante Parapar testemuñou nos seguintes procesos xudiciais incoados a raíz do Golpe de Estado de 1936: ANFER, 124/37, caixa 91, causa 124/37; ANFER, caixa 92, causa 136/37; ANFER, caixa 100, causa 243/37; ANFER, caixa 159, causa 649/37; ANFER, caixa 159, causa 660/37; ANFER, caixa 160, causa 696/37; ANFER, caixa 379 (1º rolo) e caixa 381 (6º rolo), causa 1189/39; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 45, causa 212/36; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 353/37; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 51, causa 412/36; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 50, causas 801/36 e 906-907/36; AIMNOR, fondo Lugo, caixa 60, causa 1041/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 61, causa 1162/36.

[626] ANFER, caixa 105, causa 267/37, folio 104.

[627] AHPL, fondo Goberno Civil, caixa 12715, corporacións municipais 1937-1976, Riobarba.

Do mesmo xeito, se queremos valorar a importancia acusatoria que tivo a corporación municipal de Ribadeo, ou a dirección comarcal da Falanxe na vila, teríamos que computar dun xeito conxunto os testemuños emitidos polos seus membros, así como a porcentaxe destes que realizaron declaracións deste tipo ao longo das causas consultadas, tal e como se recolle na Táboa 43[628].

Táboa 43: actitudes acusatorias da Dirección comarcal da Falanxe e as dúas primeiras corporacións golpistas de Ribadeo

Responsábeis das acusacións	Número de testemuños emitidos	Membros de cada estrutura	Número de declarantes	Testemuños por declarante	% persoas que testemuñan en cada estrutura
Membros das corporacións	46	16	8	5,75	57,14%
Membros da Dirección Comarcal da Falanxe	58	14	8	7,25	50%

Fonte: elaboración propia a partir das causas militares referidas no apartado de Fontes

Se analizamos os datos da Táboa 43 observaremos que a reincidencia declarante se atopa intimamente ligada á pertenza a estruturas encargadas da emisión de informes sobre as persoas procesadas dentro de cada concello. Alén disto, cómpre ter presente que parte dos membros das 2 primeiras corporacións golpistas de Ribadeo, así como da Dirección Comarcal de Falanxe, integraban outras estruturas que constituían o núcleo persecutorio sublevado. Como

[628] Os membros das dúas primeiras corporacións golpistas de Ribadeo coñecémolos grazas ás Actas Municipais consultadas: Arquivo Municipal de Ribadeo, goberno, concello/pleno, libros de actas de sesións do pleno, caixa 0055, libro de actas que comeza o 12 de decembro de 1933 e remata o 13 de agosto de 1935 e libro de actas que comeza o 22 de agosto de 1935 e remata o 5 de xuño de 1937 e caixa 0056, libro de actas que comeza o 17 de xuño de 1937 e remata o 18 de maio de 1940, libro de actas que comeza o 25 de maio de 1940 e remata o 6 de marzo de 1943 e libro de actas que comeza o 20 de maio de 1943 e remata o 13 de abril de 1945. A dirección comarcal da Falanxe en Ribadeo coñecémola para o día 20 de febreiro de 1937 grazas á prensa, concretamente, grazas a *Las Riberas del Eo*, 20 de febreiro de 1937, consultado o 27 de marzo de 2023.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

exemplos podemos citar a Herminio Díaz Núñez e Pablo de la Puente Aguirre. O primeiro, posuía responsabilidades na xestión municipal de Ribadeo mais tamén actuaba como xefe de liña do Posto da Garda Civil na vila. O segundo, era xefe de milicias da Falanxe en Ribadeo mais tamén ocupaba un lugar de responsabilidade no mesmo Posto ca Herminio Díaz Núñez.

Estes datos, permiten propoñer algunhas conclusións. En primeiro lugar, que os individuos pertencentes ao núcleo estrutural da persecución golpista constituían un grupo humano relacionado entre si e non un conxunto de compartimentos estancos cuxos membros actuaban de xeito independente. Dita circunstancia tradúcese en que as persoas que integraban o grupo de testemuñas estruturais podían formar parte de máis dunha das estruturas que definimos como constituíntes do núcleo persecutorio sublevado.

En segundo lugar, os datos recollidos posibilitan sostermos a idea de que existiu unha clara selección das vítimas por parte das autoridades sublevadas. Isto, por unha banda, en base ao estudo das declaracións neutrais e exculpatorias. Deste xeito, observamos que as persoas que integraban o grupo de declarantes estruturais foron as que amosaron unha maior reincidencia nestes 2 tipos de testemuños. Por outra banda, en base á análise dos testemuños mixtos, os cales, foron emitidos maioritariamente por persoas pertencentes ao grupo de declarantes estruturais, circunstancia que permite descartar a hipótese de que o motivo para acusar a certos individuos fose buscar a exculpación doutros, en base a hipotéticas simpatías persoais.

En terceiro lugar, a análise dos testemuños acusatorios amosa, na nosa opinión, que as declaracións que xustificaron as distintas condenas foron responsabilidade, fundamentalmente, dun número limitado de persoas, as cales, ademais, posuían un perfil individual bastante concreto. Deste xeito, as 5 testemuñas cun maior nivel de reincidencia na acusación pertencían todas ao grupo de declarantes estruturais e chegaron a emitir o 9,16% dos testemuños acusatorios, malia non representar mais que o 0,56% dos declarantes. Pola contra, se analizamos o papel xogado polas 5 persoas que amosaron unha maior reincidencia na exculpación atopámonos con que emitiron o 3,72% do total de testemuños exculpatorios. Isto malia pertencer na súa totalidade ao grupo de declarantes estruturais e representar o 0,9% do total de exculpadores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tendo isto en conta podemos concluír que a xente común non se destacou no seu apoio á persecución xudicial golpista. Pola contra, observamos que o peso testemuñal do grupo non estrutural de declarantes foi superior nas actitudes neutrais e de exculpación. Todo isto, tradúcese en que non existiron grandes exculpadores, senón grandes acusadores. Deste xeito, tal e como se amosa na Táboa 42, atopamos que o numero máximo de testemuños exculpatorios por declarante foi de 5, así como que dita cifra só foi alcanzada por 2 persoas: Agustín Infante Parapar e Eduardo Sánchez Chinarro. Fronte a eles, atopamos un total de 32 persoas que realizaron 5 testemuños acusatorios ou máis. Entre elas Agustín Infante Parapar, que emitiu 5, e Eduardo Sánchez Chinarro, que emitiu 42.

O grupo de 32 testemuñas acusatorias que realizaron 5 ou máis testemuños representa o 3,59% dos declarantes e foi responsábel do 23,9% do total de testemuños. 30 dos seus membros pertencían ao grupo de declarantes estruturais. As 2 excepcións foron o veciño de Ribadeo Eugenio López Yáñez e o de Viveiro Gonzalo Rodríguez Salvador, os cales, realizaron un total de 5 testemuños acusatorios cada un. Ambos posúen un perfil declarante que nos permite presupoñer que se atopaban comprometidos coa persecución. Esta idea refórzase se temos en conta que foron das poucas persoas que se destacaron como denunciantes dentro das causas militares analizadas, tal e como explicaremos posteriormente.

Porén, no referente ao conxunto de testemuñas acusatorias non pertencentes ao grupo de declarantes estruturais cómpre partirmos de que as súas declaracións dependeron, na maior parte dos casos, de razóns conxunturais. Basicamente, estamos ante individuos que foron testemuñas dalgúns dos feitos investigados no marco dos sumarios ou de vítimas de requisas que tiveron lugar no marco da organización das resistencias ao Golpe de Estado.

Deste xeito, se analizamos a listaxe de 524 testemuñas acusatorias non pertencentes ao grupo protagonista atopamos que só 54 realizaron 2 ou máis testemuños, o que se corresponde cunha porcentaxe do 10,3% do total de persoas computadas no citado conxunto. Alén disto, observamos que o número de declarantes descende até 10 se tomamos o criterio de que a persoa emitise 3 ou máis testemuños e a 3 se consideramos só aos declarantes que realizaron 4 ou máis de 4 intervencións acusatorias no marco das causas analizadas. Nestes 2

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

últimos casos estamos a falar de porcentaxes do 1,91% e do 0,57% con respecto ao total de testemuñas acusatorias non estruturais que computamos.

Pola contra se realizamos a análise para o conxunto de 366 testemuñas pertencentes ao grupo de declarantes estruturais atopamos que 113 realizaron dous ou máis testemuños, 59 tres ou mais de tres e 41 catro ou mais de catro. A nivel porcentual isto tradúcese nunhas porcentaxes do 30,87%, 16,12% e 11,2% con respecto ao total. Tales datos, na nosa opinión amosan que a reincidencia acusatoria presente no grupo estrutural non se debeu só á existencia duns poucos grandes acusadores, senón ás dinámicas globais presentes no conxunto.

Con todo, certificamos que 7 de cada 10 testemuñas acusatorias pertencentes ao grupo de declarantes estruturais realizou 1 só testemuño no marco das causas analizadas. Non obstante, esta realidade, en moitos casos, explícase pola procedencia xeográfica dalgunhas destas persoas, tal e como pode exemplificarse a través dos casos de Licinio del Amo Centol, que era Garda Civil no Posto de Friol, ou do de Antolín Barredo Magadán que pertencía ao Posto de Garda Civil de Lugo. Deste xeito, é posíbel que descubrísemos que tiveron un maior nivel de reincidencia no caso de que incluíramos ditos concellos no marco da nosa área de estudo preferente.

En base a isto, podemos afirmar que a reincidencia testemuñal do grupo non estrutural se debeu a razóns conxunturais, tales coma o compromiso individual coa persecución ou o feito de teren sido testemuñas dos feitos concretos investigados. Pola contra, no grupo de declarantes estruturais as explicacións para a maior ou menor reincidencia testemuñal cómpre buscalas na posición de cada declarante dentro do organigrama persecutorio, así como no lugar de residencia deste.

Outra diferenza clara entre os grupos estrutural e non estrutural reside no peso que as declaracións emitidas por unhas persoas e outras teñen nas distintas condenas. Así, das 176 causas analizadas atopamos que os membros do grupo estrutural realizaron declaracións incriminatorias nun total de 154 sumarios, o que supón unha porcentaxe do 87,5% con respecto ao total. Con todo, dentro dos 22 sumarios nos que non se atoparon acusacións de individuos pertencentes ao grupo protagonista, atopamos 20 causas que non contan con ningún testemuño

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de tipo inculpatorio[629]. Os 2 sumarios restantes, remataron sen xuízo nin condena para os seus protagonistas[630]. Deste xeito, sabemos que a totalidade das sentenzas ditadas en contra das veciñas e veciños da nosa área de estudo preferente dependeron, en maior ou menor medida, da presenza de testemuños emitidos por persoas pertencentes ao grupo estrutural de declarantes. O papel xogado polos declarantes estruturais concorda co desempeñado polos declarantes "profesionalizados" aos que alude Conxita Mir. Tamén co que Aldara Cidrás denomina "actitudes tipo"[631].

Na nosa zona de análise temos identificado persoas que encaixan totalmente con este perfil. Un exemplo foi o falanxista Leonardo Cuervo Cortés que denunciaba "*a Dios y a su madre*" segundo o relato do ribadense José Ramón Díaz Pais[632]. Concretamente, sabemos que testemuñou dun xeito acusatorio nun total de 7 causas militares[633]. En ocasións describiu feitos dos que fora testemuña directa, tal e como declarou na causa incoada en contra do veciño de Ribadeo Elías Soliño Medina:

> Que le consta directamente que dicho individuo fue el que organizó la defensa de Ribadeo distribuyendo las fuerzas y armando a la chusma para oponerse al paso del Ejército liberador. El mismo declarante le vio de aquellos días que dominaban los marxistas en Ribadeo armado de pistola y escopeta, así como también llevaba dos cartuchos de dinamita.

---

[629] Os vinte e un sumarios referidos foron: ANFER, caixa 106, causa 270/37, ANFER, caixa 137, causa 374/37, ANFER, caixa 159, causa 649/37, ANFER, caixa 159/11, causa 651/37, ANFER, caixa 159/11, causa 652/37, ANFER, caixa 159/15, causa 655/37, ANFER, caixa 159/17, causa 657/37, ANFER, caixa 159, causa 660/37, ANFER, caixa 161, causa 720/37, ANFER, caixa 163, causas 741/37 e 742/37, ANFER, caixa 202/39, causas 238/38 e 283/38, ANFER, caixa 231, causa 684/38, ANFER, caixa 379, rolo 1º e caixa 381, rolo 6º, causa 1189, ANFER, caixa 394, causa 1533/39, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 932/36, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 981/36, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 69, causa 64/37 e AIMNOR, fondo Ferrol, caixa 8, causa 1381/37.

[630] Estes foron: ANFER, caixa 160, causa 696/37 e ANFER, caixa 302/10, causa 2826/38.

[631] Aldara Cidrás, "A construción da culpabilidade..., 233-234.

[632] Entrevista a José Ramón Díaz Pais, realizada por Domínguez Almansa, Andrés; Miguez Macho, Antonio (Ribadeo, Lugo, España, 31/05/2006). Nº 2005. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

[633] ANFER, caixa 189, Causa 29/38 AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, Causa 329/36, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 60, Causa 1040/36, AIMNOR, fondo Lugo, , caixa 88, Causa 621/37, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, Causa 675/37, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 73, Causa 1549/37 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 88, Causa 688/38.

> Que vio al mismo individuo sacar la dinamita de un coche que acababa de llegar al pueblo, introduciéndola en el Ayuntamiento del mismo[634].

Non obstante, en ningún dos casos declarou ter sufrido ningún tipo de dano ou requisa por parte das persoas ás que acusou ao longo das causas, factor que dificulta a proposición da hipótese de que actuase movido por desexos de vinganza. Dita idea resulta tamén problemática se temos en conta que, en diversas ocasións, participou como declarante nos procesos xudiciais após ser nomeado como posíbel testemuña, por parte das autoridades sublevadas en Ribadeo, xunto con outras persoas de "recoñecida solvencia" que, ao igual ca el, se destacaron nas labores de inculpación ao longo dos sumarios analizados[635]. Deste xeito, o brigada da Garda Civil Juan Veiga Cobas sinalou que Leonardo Cuervo Cortés era unha persoa de recoñecida sensatez que podía informar sobre o procesado de Ribadeo Juan Martínez Fernández. Nesta listaxe figuran tamén algúns dos maiores incriminadores da localidade coma o alcalde golpista Antonio Moreda, o párroco e falanxista Enrique López Galuá ou o tamén membro da corporación Wenceslao Alonso Casariego[636].

Perfís coma os de Leonardo Cuervo Cortés, Antonio Moreda Rodríguez, Enrique López Galuá ou Wencesalao Alonso Casariego foron descritos tamén por Peter Anderson. Deste xeito, o autor inglés sinalou que existían denunciantes que se destacaran especialmente nas labores de incriminación. De feito, cita o caso dun falanxista da localidade cordobesa de Alcaracejos que testemuñou dun xeito acusatorio en máis do 70% dos procesos militares incoados en contra das veciñas e veciños da localidade[637].

A importancia das declaracións emitidas polas persoas que constituían o que definimos como grupo de testemuñas estruturais pode comprobarse tamén mediante a análise pormenorizada das causas. O exemplo máis claro atopámolo no caso do veciño de Ribadeo Aurelio Fernández Fernández. Este, foi condenado

[634] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 88, Causa 621/37, folio 5.
[635] En tres das sete causas analizadas contamos coa proba explícita de que Leonardo Cuervo Cortés actou testemuña. Estas foron: ANFER, caixa 189, Causa 29/38, a AIMNOR, fondo Lugo, caixa 73, Causa 1549/37 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 88, Causa 688/38.
[636] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 88, Causa 688/38, folios 7 e 7 volto.
[637] Peter Anderson, *The Francoist Military Trials...*, 75.

a morte por ter participado nas resistencias ao Golpe na localidade de Valencia. Con todo, na sentenza matízase:

> que en la sumaria existen indicios que no se encuentran debidamente aclarados, de la intervención del procesado en el asesinato de la Junta de Falangistas del pueblo de Canals y en las salidas de presos del buque prisión nombrado "Legazpi" que más tarde fueron asesinadas[638].

Este parágrafo ten un notábel interese, dado que axuda a entender o nivel de veracidade que se daba a uns declarantes e outros. Deste xeito, cómpre sinalar que a acusación do asasinato da xunta de falanxistas de Canals tivo a súa orixe nun médico chamado Roberto Alarco Romaní. Este, segundo Aurelio Fernández Fernández fora o seu principal acusador e o responsábel dos informes dados á Garda Civil e Falanxe, segundo deixou testemuñado na súa carta do 19 de febreiro de 1941. Alén disto, Roberto Alarco Romaní asinou unha declaración dentro do sumario referido. Nesta acusou a Aurelio de ter ocupado postos de responsabilidade na CNT, así como de ser un asasino[639]. Dita acusación foi asumida por diversos responsábeis de Falanxe e a Garda Civil nos seus informes. Con todo, tal e como se deduce en base ao escrito do Comandante do Posto da Garda Civil de El Grao a día 1 de febreiro de 1940, así como da correspondencia de Aurelio, a incriminación por delitos de sangue tivo a súa orixe, moi posibelmente, na persoa de Roberto Alarco Romaní[640].

En base a isto consideramos que se poden propor 2 ideas. En primeiro lugar, a de que as declaracións dos membros que non pertencían ao grupo de declarantes estruturais eran investigadas e corroboradas polas autoridades golpistas. Pola contra, as declaracións realizadas polos membros do grupo estrutural eran o resultado desas mesmas pescudas, nas cales, se valoraban e referían os informes confidencias aos que se alude en multitude de ocasións ao longo das causas analizadas. En segundo lugar, cremos pertinente propor que as declaracións do grupo non estrutural de declarantes non constituían a base pola que se condenaba ás distintas persoas, senón unha fonte de información

[638] ANFER, caixa 189, causa 32/38, folios 105 e 105 volto.
[639] ANFER, caixa 189, causa 32/38, folio 89.
[640] ANFER, caixa 189, causa 32/38, folio 45 volto.

complementaria. Esta idea concorda coa análise cuantitativa anterior, na que sinalábamos que non existe ningunha vítima que fose condenada en exclusiva por testemuños procedentes do grupo non estrutural de testemuñas.

7.3. As denuncias

O concepto de denuncia, neste punto da presente tese doutoral, fai referencia ás declaracións que provocaron a apertura dun procedemento xudicial incoado pola xurisdición militar. Fronte a estas, os testemuños foron definidos como as declaracións realizadas unha vez que os sumarios deran comezo. Dita diferenciación, xustifícase en base a 2 ideas que xa foron indicadas. Por unha banda, debido a que a apertura das causas militares se traduciu na busca activa de testemuños. Por outra banda, debido a que observamos que a opción de non prestar declaración cando esta era demandada polas autoridades sublevadas podía traer consecuencias máis ou menos graves para as persoas consideradas responsábeis, tal e como explicamos a través do caso do empregado municipal de Ribadeo Jesús Gómez y Gómez, o cal fora cesado pola súa actitude pouco colaboradora. Deste xeito, pensamos que a realización de denuncias amosa un maior nivel de implicación co Golpe que a emisión de testemuños no marco de sumarios previamente abertos.

Para avaliar correctamente a participación da cidadanía nas denuncias dentro das causas militares, cómpre que realicemos unha diferenciación entre os denunciantes e os axentes encargados do inicio dos trámites para a apertura dos procesos xudiciais. Isto é debido a que os denunciantes foron individuos que, sen ter as competencias para dar inicio a un sumario, buscaron influír nas autoridades responsábeis para que así o fixeran.

En base a este matiz, cómpre que descartemos, á hora de elaborar a listaxe de denunciantes, ás persoas que formaban parte de 4 dos 5 grupos humanos que tiveron a capacidade para provocar a apertura de causas xudiciais, de acordo coa enumeración que realizamos anteriormente. Estes 4 grupos humanos son: os militares responsábeis das labores de recrutamento de soldados, os xefes dos Postos da Garda Civil e policías locais, os Comandantes Militares das distintas prazas e os xuíces castrenses.

USC DE COMPOSTELA

Por último, polo que respecta ás Xefaturas Locais da Falanxe, observamos que estas actuaron de 2 formas diferentes. Por unha banda, ordenando detencións que deron inicio a procedementos xudiciais, sempre, como dixemos, baixo o control xerárquico das autoridades castrenses. Por outra banda, asinando informes pedindo ás forzas militares e de orde pública que procedesen a deter a persoas que sinalaban nos seus escritos. Isto constitúe unha diferenza cos 4 grupos anteriores.

Deste xeito, para o cómputo de denuncias non tivemos en conta os trámites que foron feitos polas forzas encargadas da detención das persoas procesadas, senón apenas as declaracións que foron empregadas como base para a apertura dun procedemento xudicial militar. Este é un criterio que seguimos tamén para o resto de individuos que realizaron detencións, foran falanxistas, militares ou membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Tomando como base as precisións explicadas, observamos que, dentro das 176 causas militares analizadas, rexistramos un total de 26 sumarios que foron incoados a raíz dunha denuncia emitida por 1 ou varias persoas. Dentro destes cómpre descartar 3, dado que as e os denunciantes non chegaron a acusar a ninguén, simplemente relataron uns feitos obxectivos. Deste xeito, atopamos que, por unha banda, José María García Lago denunciou a aparición dunha arma de fogo abandonada[641]. Por outra banda, Justa Sampedro Gato Losada, Jesús Guerreiro Pardo, Josefa Sierra Fraga e Jesús Campos Fraga denunciaron que foran vítimas de roubo, mais non chegaron a acusar a ninguén, de modo que se limitaron a enumerar os obxectos que botaban en falta nos seus domicilios[642]. Finalmente, Luís Tiagómez Caballero limitou o seu testemuño a sinalar a aparición duns explosivos no portal da súa casa. Con todo, ao igual que nos casos anteriores, non chegou a acusar a ningunha persoa ao longo do sumario[643].

En base a estas precisións podemos afirmar que o número de causas militares que se iniciaron a consecuencia dunha denuncia en contra de 1 ou máis persoas foron só 23, o que se corresponde cunha portaxe do 13,1% do total de procedementos xudiciais analizados, é dicir, unha clara minoría. Dentro destes,

[641] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 60, causa 1041, folio 1.
[642] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 100, causa 1010/39, folio 2.
[643] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 249/36, folio 2 e 2 volto.

computamos un total de 49 denunciantes, dos cales, só 1 chegou a denunciar en máis dunha causa. Este foi o falanxista Ribadense Gumersindo García Presno[644].

Destes 49 denunciantes, computamos que 28 pertencían á Falanxe no momento de realizar a citada denuncia. Outros 7 eran militares. Ambos grupos humanos declararon en 12 sumarios, é dicir, no 52,17% das causas iniciadas a raíz dunha denuncia en contra de 1 ou máis persoas[645]. Con respecto ao total de declarantes, os militares e os falanxistas supuxeron o 71,43% do total de denunciantes computados dentro da nosa área de estudo preferente.

Polo que respecta aos 14 denunciantes que non eran nin falanxistas nin militares no momento de realizar a súa denuncia, comprobamos que 1 deles, Rogelio Fernández Cotarelo, era considerado unha peza destacada do Partido en Vilaoudrid, o seu concello de resistencia, no ano 1940. Así, quedou rexistro de que foi proposto como candidato para ser armado dentro dunha listaxe na que figuran outros falanxistas da localidade[646].

A militancia na Falanxe doutros 3 denunciantes non puido ser comprobada. Porén, sabemos que as súas denuncias foron realizadas de forma conxunta con persoas que posuían unha militancia falanxista que si puido ser acreditada. Estes foron: Benito García Espina, Rafael Quiroga e Desiderio Gutiérrez de Castro[647].

Alén destes, atopamos 2 empregados municipais, Lorenzo Ares López e Eugenio López Yáñez. Este é un feito que cómpre destacar. Como xa explicamos, o grupo humano formado polos empregados municipais foi purgado despois do Golpe en base ao criterio das corporacións golpistas e, de xeito máis sistemático, a partir da promulgación do decreto lei do 9 de decembro de 1936[648].

---

[644] O papel como denunciante de Gumersindo García Presno certificouse en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 88, causa 675/37 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 76, causa 1238/37.

[645] Os 7 sumarios iniciados a raíz de denuncias de membros da Falanxe foron: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 60, causa 1052, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 61, causa 1115/36, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 88, causa 675/37, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 689/37, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 76, causa 1238/37, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 88, causas 587/38 e 688/38. As tres causas militares incoadas a partir das denuncias de membros do exército golpista foron: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 46, causa 630/36, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 61, causa 1187/36 e AIMNOR, fondo Burgos, caixa 141, causa 19/38.

[646] AGA, sección 09 (Presidencia), fondo Delegación nacional de Provincias, caixa 51-20533, Documento número 15: "informe sobre la situación de orden público en la Provincia (31-5-40)".

[647] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causa 689/37.

[648] Este pode consultarse de xeito totalmente aberto a través da seguinte ligazón: BOE-1936-51.pdf [Última visita: 10/03/2023].

Grazas a esta labor de depuración, sabemos que Eugenio López Yáñez posuía un perfil claramente dereitista, segundo o criterio das autoridades municipais golpistas do seu concello de residencia: Ribadeo[649]. Ademais, certificamos que realizou outras declaracións de carácter acusatorio no marco de sumarios previamente abertos, concretamente, en 5 causas[650].

Neste mesmo sentido, é preciso individualizar tamén o caso de Enrique Pernas Corral, que denunciou a un veciño seu por emitir frases en favor dos "comunistas" e contrarias aos militares[651]. Isto é debido a que Enrique Pernas Corral ocupaba un posto de responsabilidade municipal: era alcalde de barrio na parroquia de Magazos, no concello de Viveiro. A nosa investigación fainos concluír que os alcaldes de barrio eran considerados pezas de importancia para a investigación da conducta dos seus veciños, motivo polo cal, foron substituídos tras o Golpe nos concellos que compoñen a nosa área de estudo preferente.

Outros 6 destes 15 denunciantes emitiron denuncias contra persoas que realizaran actos concretos que lles causaran un dano obxectivo. Así, por unha banda, Antonio Guerreiro González, José Trobo Pardo e Gonzalo Rodríguez Salvador centraron as súas denuncias nas requisas das que foron vítimas[652]. Por outra banda, Marina Fraga Carreiras, Policarpo Ramil Pardo e Severino Sanjurjo denunciaron agresións[653].

As súas declaracións tiveron, por tanto, unha clara compoñente conxuntural, a cal, ademais, quedou reforzada polo feito de que non testemuñaron de xeito acusatorio en ningún outro dos sumarios analizados dentro da nosa área de estudo, coa excepción de Gonzalo Rodríguez Salvador. Este emitiu testemuños acusatorios noutros 5 procesos previamente abertos. En 2 destas declaracións centrou as súas intervencións nas requisas que se produciran no seu comercio no

649 Arquivo Municipal de Ribadeo, Concello/Pleno. Libro de actas de sesións do concello 1536-2013, Libros de actas de las sesións do pleno 1937-1945, caixa 0056, Libro de actas de sesións que comeza o 17 de xuño de 1937 e remata o 19 de maio de 1940.

650 Estas foron: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 75, causas 675/37 e 650/37, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 329/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 77, causa 1435/37.

651 AIMNOR, fondo Lugo, caixa 69, causa 1202/36.

652 As súas denuncias figuran, respectivamente, en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 55, causa 851/36, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 353/37 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 77, causa 466/37.

653 As súas denuncias figuran, respectivamente, en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 73, causas 990/37 e 1512/37 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 85, causa 667/39.

contexto das resistencias ao Golpe[654]. Porén, nas outras 3 realizou outro tipo de acusacións, nas cales, se denunciaron feitos que non lle afectaran directamente[655].

Finalmente, Rafael Blanco Soto denunciou ao seu veciño Lorenzo Pereiras por non querer aportar diñeiro para a "Obra Nacional", para a cal fora nomeado recadador[656]. Deste xeito, observamos que tamén denunciou un feito concreto que lle afectou directamente, aínda que neste caso desde un punto de vista de subxectivo. Isto outórgalle tamén á súa denuncia un carácter conxuntural, o cal, se reforza se tomamos en consideración que non emitiu ningún outro testemuño acusatorio ao longo das causas militares analizadas.

Por todo isto, consideramos que a denuncia, no marco dos procesos incoados pola xurisdición militar, foi unha práctica infrecuente. Ademais, con respecto aos denunciantes, cremos que o noso estudo amosa que estes tiveron un perfil persoal bastante marcado. Basicamente, foron soldados golpistas e membros da Falanxe. Alén destes, atopamos outro conxunto de denunciantes formado polas persoas que foron vítimas de actos máis ou menos violentos a raíz do Golpe.

Dita circunstancia, lévanos a propor a idea de que a colaboración coas autoridades sublevadas respondeu máis a demandas activas, formuladas nun momento concreto, que á existencia dun hipotético entusiasmo por facer parte da violencia. Isto permite explicar as actitudes sociais ante a persecución golpista en función do mantemento de dinámicas de solidariedade entre a cidadanía após o Golpe. Porén, tamén en base ao chamado "problema do polisón", máis coñecido polo termo inglés de *free rider*.

O problema do *free rider* foi formulado por primeira vez polo economista e sociólogo norteamericano Marcur Olson no ano 1965. Segundo Olson os membros dun grupo social relativamente extenso non actuarán por propia iniciativa para favorecer os intereses do grupo, se non se lles aplica un determinado nivel de coerción ou se non se lles presentan incentivos individuais.

[654] Estes dous procesos foron: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 54, causa 814/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 96, causa 344/39.

[655] Estes tres procesos foron: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causas 949/36 e 212/36 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 55, causa 903/36.

[656] A súa denuncia figura en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 926/36.

Isto, para Olson, é independente do feito de que os membros do grupo referido estean a favor de que o obxectivo común do grupo se cumpra[657].

Se aplicamos o problema do polisón ao caso da violencia sublevada, teríamos que considerar que o grupo de responsábeis directos da violencia foi inferior aos dos partidarios da mesma. É dicir, teríamos que partir da hipótese de que existiron persoas que posiblemente se alegrasen da violencia exercida en contra das súas veciñas e veciños, mais que se amosaron reticentes ou contrarias a tomar parte activa na persecución.

Este é un modelo que pode resultar contra intuitivo, dado que parece lóxico que os individuos se mobilicen para lograr aquelo que desexan. Ademais, polo que se refire á violencia sublevada, existen distintas análises que destacan que o Golpe inaugurou un contexto especialmente propicio para a emisión de denuncias e testemuños de carácter acusatorio. Deste xeito, tense argumentado que os contextos ditatoriais estimulan unha práctica que é común a todas as sociedades: a denuncia[658].

Para o caso da Alemaña nazi contamos, entre outros, cos interesantes traballos de Robert Gellatelly, que amosan a importancia da colaboración social coas autoridades do Réxime de Hitler. Concretamente, Gellatelly presenta datos cuantitativos, após consultar unha mostra dos expedientes incoados pola Gestapo, e afirma que o 60% dos informes de denuncias foran realizadas por xente común, sen vinculacións orgánicas co Partido Nazi[659].

Após a Segunda Guerra Mundial existen estudos que defenden o importante fluxo de denuncias recollido polas autoridades francesas no contexto da descolonización de Alxeria. A comezos do século XXI, no contexto da Guerra de Irak, as tropas norteamericanas comprobaron que existían multitude de iraquís que lles pasaban información e que denunciaban a outros de ser partidarios do goberno de Sadam Hussein[660].

---

[657] Marcur Olson, *La lógica de la acción colectiva. Bienes públicos y la Teoría de Grupos* (México D.F.: Editorial Limusa, 1992), 148-149.

[658] Sheila Fitzpatrick e Robert Gellatelly, "Introduction to the patrices of denunciation in Moder European History", en *Accusatory Practices: Denunciation in Modern European History, 1789-1989*, ed. por Sheila Fitzpatrick e Robert Gellatelly (Chicago: University of Chicago Press, 1997), 13.

[659] Robert Gellatelly, *No solo Hitler...*, 187-189.

[660] Sthatis Kalyvas, *La lógica de la violencia...*, 464.

Dentro do Estado español contamos con algúns traballos moi interesantes que analizan as actitudes sociais da xente común ante a persecución. Algúns xa foron referidos como a obra *Vivir es sobrevivir* de Conxita Mir, que centra a súa análise na zona de Lleida e que explica que existiron multitude de persoas que colaboraron coa persecución a través da práctica das denuncias[661].

Nunha liña similar, Julián Casanova argumenta que a maquinaria do terror requiría dunha ampla participación popular nas tarefas de denuncia e acusación[662]. Segundo Ángela Cenarro, as autoridades golpistas apostaron por estimular ao máximo a obtención de información, como vía para a implicación da xente común na violencia. Para dinamizar ditas prácticas construíron un sistema organizado para a recepción de denuncias, cuxo exemplo máis acabado é, moi posibelmente, a Causa General, creada após o remate da Guerra Civil, no ano 1940[663].

Outros autores que destacan a elevada cantidade de denuncias son Erik Zubiaga e Claudio Hernández Burgos[664]. Ambos fanse eco das análises do investigador inglés Peter Anderson. Anderson, ten argumentado que a obtención de información tras a ocupación dos distintos territorios foi unha prioridade para as autoridades sublevadas[665]. Tamén, que a maioría dos xuízos por el analizados comezaron a raíz de denuncias. Dito patrón, segundo a súa opinión, sería extensíbel ao resto do Estado[666].

As explicacións sobre a orixe das denuncias son diversas, o cal, resulta lóxico dado a enorme cantidade de casos investigados e, tamén, das distintas aproximacións metodolóxicas. Deste xeito, Aritz Ipiña sinala, na súa análise centrada na depuración do persoal da Deputación de Biscaia, que os traballadores que non foran perseguidos durante o período de dominio

661 Conxita Mir, *Vivir es sobrevivir...*, 12, 245, 253 e 255.
662 Julián Casanova, "Una dictadura de cuarenta años...", 29-31.
663 Ángela Cenarro, "Matar, vigilar y delatar...", 79.
664 Erik Zubiaga Arana, "Lo que no pudo...", 95 e Claudio Hernández Burgos, *Franquismo a ras...*, 126.
665 A importancia da recollida de información por parte das autoridades golpistas non é un argumento exclusivo de Peter Anderson, como temos explicado previamente. Outros traballos que defenden argumentos semellantes son: Emilio Grandío Seoane, "A información, o piar...", 57-58 e Manuel Pérez López, "Que no queden ocultos...", 126-129.
666 Peter Anderson, *¿Amigo o enemigo? Ocupación, colaboración y violencia selectiva en la Guerra Civil española,* (Granada: Comares Historia, 2017), 209, 216-217.

republicano partían dunha presunción de culpabilidade, que os obrigaba a realizar mostras de adhesión ás autoridades golpistas[667].

Outros autores argumentan que un dos factores máis importantes que levaron á emisión de denuncias foi a vinganza, a raíz da persecución sufrida polas autoridades republicanas[668]. Así, tense estudado que moitos denunciantes ou testemuñas presentes nos sumarios militares viviran en primeira persoa episodios de brutalidade por parte de membros das organizacións de sindicais e dos militantes dos partidos de esquerda, mentres que outros tiñan visto embargadas as súas propiedades[669].

Noutras ocasións explícase que as denuncias tiñan a súa orixe en problemas persoais. Isto permitiu arranxar disputas individuais e desfacerse dos inimigos, tal e como se argumenta en diversos estudos centrados en distintas partes do Estado, desde Galiza até Andalucía[670]. Ditas prácticas, aparecen referidas en diversas ocasións ao longo das causas militares analizadas. Como exemplo podemos citar as declaracións emitidas por Gonzalo Rodríguez Salvador en contra dos seus veciños Eugenio e Manuel del Valle Fernández. Este acusounos de teren participado nas requisas que se produciran no seu comercio no contexto da organización das resistencias ao Golpe na localidade[671]. Deste xeito, as requisas foron un feito demostrado. Porén, a acusación en contra dos irmáns del Valle Fernández tivo a súa orixe, moi posibelmente, na animadversión que Gonzalo Rodríguez Salvador sentía en contra de ambos procesados. Deste xeito, o sarxento José Gómez Cociña declarou a día 16 de xuño de 1939:

667 Aritz Ipiña, *Represión y terror franquista...*, 15.
668 Carlos Fuertes Muñoz, *Viviendo en dictadura...*, 35.
669 Peter Anderson, *Amigo o enemigo...*, 218-219.
670 Óscar Rodríguez Barreira, *Migas con miedo...*, 41-42 e Ana Cabana Iglesia, *Xente de orde...*, 251-252.
671 A investigación deste caso localízase en varias causas, entre elas: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 96, causa 344/39.

> Que conoce a los hermanos EUGENIO Y MANUEL DEL VALLE FERNÁNDEZ por razón de vecindad y de los cuales sabe y le consta que son de buena conducta moral social pública y privada. […] Que no se explica la huida de dichos hermanos más que al temor de que pudieran ser objeto en los primeros días del Movimiento de represalias por parte de Gonzalo Rodríguez (a) Rocambole, el cual en los primeros días del Movimiento profirió amenazas contra dichos hermanos con los cuales estaba enemistado por cuestiones de negocio. Que por haber presenciado el asalto al comercio del "Rocambole", puede asegurar de una manera categórica que dichos hermanos no tomaron parte en dicho asalto ni de una manera directa ni indirectamente[672].

A versión de José Gómez Cociña coincide coa doutros declarantes que participaron ao longo causa e que emitiron declaracións que temos considerado exculpatorias. Estes foron, por exemplo, o brigada de infantería José Gueimúndez López e o recadador de cédulas Justo Pérez López. Ambos realizaron unha descrición positiva dos irmáns procesados e, ademais, apuntaron a animadversión do denunciante cara eles, así como ás ameazas das que ambos foran obxecto por parte de Gonzalo Rodríguez Salvador[673].

Deste xeito, vemos como existiu xente que puido aproveitar o contexto do Golpe para solucionar problemas persoais. Con todo, cómpre tamén destacar que Gonzalo Rodríguez Salvador chegou a realizar testemuños inculpatorios en varios dos sumarios analizados. Ademais, en ocasións chegou a informar de feitos que non lle afectaban directamente, circunstancia que nos permite considerar que tiña un certo nivel de compromiso persoal coa persecución golpista, que puido convivir (ou non) con posíbeis odios a certos individuos concretos.

Esta última idea cadra con estudos recentes que cuestionan o argumento de que as denuncias se deberan á acción de persoas ordinarias movidas polo desexo de resolver problemas persoais[674]. Tamén coas conclusións da tese de doutoramento de Concepción López, que amosa que a participación social nos

[672] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 96, causa 344/39, folio 53 volto.
[673] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 96, causa 344/39, folios 61 e 61 volto.
[674] Peter Anderson, *The Francoist Military Trials...*, 88.

sumarios non foi en absoluto masiva e que explica que a denuncia e a acusación non se traduciron en beneficios sociais para as persoas responsábeis[675].

Alén disto, segundo as nosas análises cómpre sinalar que, ao igual que existían motivos para denunciar e acusar, tamén existían razóns para non facelo ou, canto menos, para non facelo dun xeito oficial. Así, temos atopado diversos indicios que nos falan da persistencia de dinámicas sociais anteriores, que apuntan a que existía unha certa censura social cara a violencia.

Deste xeito, a veciña de Ribadeo Elisa Secundina Fariña López deixou testemuño de que o xa citado Leonardo Cuervo Cortés lles foi dar o pésame á súa casa após o asasinato de seu pai Santiago Fariñas Reinante[676]. Outra veciña de Ribadeo, cuxo nome non pode referirse aquí, deixou testemuñado que un falanxista de Ribadeo, alcumado Tipití, fora expulsado da súa casa por parte das súas irmás, ao coñeceren estas a súa participación nos asasinatos[677]. Este relato coincide co de Pilar Carballo Rodríguez, filla do paseado ribadense Florencio Carballo Novigil[678].

Dentro destas dinámicas a denuncia (ao igual que a acusación) implicaba un nivel de exposición pública que moitas persoas non quixeron asumir. Isto sabémolo ben grazas á documentación privada do executado de Ribadeo Aurelio Fernández Fernández, concretamente, grazas a unha carta que lles escribiu ao seu irmán Higinio a día 19 de febreiro de 1941 e que incluímos no apartado de Fontes, concretamente, no punto de "Documentación de carácter privado":

> Pues Higinio: esta [carta] es para decirte que con esta misma fecha escribimos y hablamos por teléfono con Don Ernesto para decirle que, con motivo de venir a leerme los cargos el juez, para ir a consejo de guerra, supimos que quien me denuncia de las cosas más graves es Don Roberto Alarco Romaní, a pesar de que a don Ernesto se lo habría negado varias veces.

[675] Concepción López Sánchez, "O golpe de Estado...", 453.
[676] Entrevista a Elisa Secundina Fariña López, realizada por Vieites Salmonte, Eva; Hervella García, Gustavo (Ribadeo, Lugo, España, 31/05/2006). Nº 2006. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal
[677] Entrevista a Anónima, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Ribadeo, Lugo, España, 27/06/2006). Nº 2026. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.
[678] Entrevista a Pilar Carballo Rodríguez, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Ribadeo, Lugo, España, 08/06/2006). Nº 2009. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

O relato de Aurelio ilustra 2 ideas de interese. En primeiro lugar, a de que os procesados que foron a xuízo puideron coñecer, polo menos nalgunhas ocasións, o nome dos seus denunciantes, podendo as vítimas informar ás súas familias desde o cárcere. En segundo lugar, que moitos dos denunciantes non querían quedar expostos, polo menos ante certas persoas. Neste caso, estamos a falar dun médico que residía en Valencia e que acusou a un veciño de Ribadeo de diversos "crimes" polos que rematou por ser executado. Por tanto, o desexo de permanecer no anonimato sería moito máis comprensíbel para as persoas que convivían coas vítimas e os seus familiares.

O temor non só se explica en base á existencia dunha suposta censura social ao redor das denuncias. Isto pode ilustrarse a través do caso dunha veciña de Ribadeo, cuxo nome non pode ser publicado. Esta, relatou nunha entrevista que se atopou un día cun home que considera que podía ser o guerrilleiro Luís Trigo Chao, coñecido coma o Gardarríos. Segundo testemuñou, o suposto guerrilleiro preguntáralle polo nome dos asasinos de seu pai co obxectivo de vingar a súa morte[679]. Neste caso concreto non sabemos se a entrevistada falou con Luís Trigo, nin tampouco se as ameazas en contra dos asasinos de seu pai remataron por se levar a termo. Con todo, coñecemos un caso dentro da nosa área de estudo onde se axustizou a un delator por parte duns fuxidos, a raíz da súa colaboración coa persecución. Neste punto, estamos a falar do xa citado veciño da Pontenova Hermenegildo Alonso Sánchez, o cal, foi erradamente clasificado como vítima por parte das investigadoras e investigadores responsábeis de Nomes e Voces. Deste xeito, tal e como se recolle no proceso xudicial incoado para a investigación do seu falecemento, a morte de Hermenegildo fora obra de 3 fuxidos chamados Francisco Torviso Arruñada, Francisco Calvín e Justo Novo Verdes. Estes actuaran movidos polo perfil de Hermenegildo Alonso, quen se destacara como informante do Posto da Garda Civil da Pontenova e participara persoalmente na captura do deputado republicano José Díaz Villamil[680].

Por todo o explicado, consideramos que é posíbel aplicar o problema do polisón ao estudo das actitudes sociais ante a violencia sublevada. Segundo Marcur Olson, desde un punto de vista egoísta, a maioría de persoas que integran un colectivo humano grande tenderán a absterse de tomar acción en favor dos

[679] Entrevista a Anónima, realizada por Vieites Salmonte, Eva (Ribadeo, Lugo, España, 27/06/2006). Nº 2026. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.
[680] AIMNOR, fondo Asturias, caixa 330, causa 50/40, folios 1 a 4 e 34 e 34 volto.

intereses do grupo, debido a que buscarán maximizar o seu benestar persoal. En base a este modelo, o seu obxectivo será tentar obter o beneficio que desexan sen asumir os esforzo ou o custo das accións necesarias[681]. Dita idea, pode ilustrarse a través de 2 causas que foron incoadas en contra do veciño de Ribadeo Manuel Fernández Boado[682]. A primeira delas iniciouse a consecuencia da súa detención por parte do falanxista lugués Manuel López Rivadulla[683]. Este, segundo deixou testemuñado, actuara após unha conversa informal con 2 persoas: o médico de Ribadeo Carlos Ocampo de Prado e a dona do Hotel Ferrocarrilana Elisa Alonso Pérez.

Segundo Manuel López Rivadulla, Carlos Ocampo e Elisa Alonso non tiveran inconveniente en comunicarlle o seu parecer acerca de Manuel Fernández Boado. Porén, dentro do sumario Carlos Ocampo e Elisa Alonso tiveron unha actitude diferente, dado que o primeiro realizou un testemuño de carácter acusatorio, confirmando as palabras de Manuel López Rivadulla, mentres que a segunda negou ter mantido conversa algunha sobre o denunciado. Sexa como for, en calquera dos 2 casos, estamos ante individuos que non tiveron a iniciativa para emitir unha denuncia que dese comezo a un sumario. Tal circunstancia pon de manifesto que as autoridades golpistas tiveron a necesidade de nomear de xeito específico a persoas para que se decidiran a acusar dun xeito oficial. Alén disto, amosan que as pretensións golpistas non sempre tiveron éxito, tal e como pode verse a partir do caso de Elisa Alonso.

A reticencia individual a destacarse como denunciante pode tamén ilustrarse, tal e como adiantamos, a través do segundo sumario incoado en contra do veciño de Ribadeo Manuel Fernández Boado. Este, iniciouse a raíz dun escrito asinado por un grupo de 19 falanxistas de Ribadeo, os cales, sinalaron que Manuel Fernández Boado tivera unha intervención "notoria" na política da Fronte Popular, por ser un elemento moi destacado de *Izquierda Republicana*, que "*ostentó el cargo de Compromisario para las elecciones de Presidente de la República*". En base a isto, sinalaron que debía ser depurado en base ao Decreto nº 108, dado que até o momento só fora trasladado do rexistro da propiedade de Ribadeo a "*otro de la misma categoría*". Alén disto, os falanxistas asinantes pedían que a súa "denuncia"

[681] Marcur Olson, *La lógica de la acción*, 11-13.
[682] Ambos sumarios foron obxecto da nosa análise en traballos previos. Concretamente en: Xabier Buxeiro Alonso, "Os verdugos e a sociedade...".
[683] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 49, causa 974/36.

servira para iniciar unha investigación sobre os feitos expostos e tamén para valorar a actuación de Manuel Fernández Boado no contexto dos actos de oposición armada ao Golpe que tiveran lugar en Ribadeo a día 23 de xullo de 1936[684].

O informe citado foi emitido o 24 de agosto de 1937. O ton empregado e a militancia falanxista dos seus 19 asinantes pode indicar un compromiso activo dos mesmos coa denuncia. Con todo, isto ten que ser matizado. Así, como dixemos, a primeira das causas incoada contra Manuel Fernández Boado iniciárase a consecuencia da actuación dun falanxista de Lugo, non de Ribadeo.

Alén disto, no segundo dos procedementos xudiciais incoados na súa contra rexistráronse un total de 23 testemuños de carácter incriminatorio. Porén, só 3 foron realizados por individuos que participaran como acusadores no primeiro dos sumarios. Este feito non pasou desapercibido para o propio xuíz instrutor do caso que demandou a parte das testemuñas que aclarasen as súas razóns para emitir unha declaración deste tipo cando previamente non o fixeran.

Así, o auditor ordenou ampliar as declaracións das testemuñas "*que formulan graves acusaciones contra el procesado"*, para que explicasen porque non denunciaran antes os feitos e, concretamente, porque non compareceran ante o xulgado que instruíra un sumario previo contra o procesado "*y que se tramitó inmediatamente de iniciado el Movimiento Nacional, es decir cuando los hechos estaban recientes en la memoria de todos."* Nesta situación, o xuíz instrutor afirmou que era necesario valorar a posibilidade de que a denuncia referida fora feita por odios persoais cara o procesado, "*ya que es inexplicable su silencio durante varios meses no obstante haberse tramitado un sumario en el que pudieran comparecer espontáneamente para exponer los hechos que conocían y que más tarde han denunciado por propia voluntad"*[685].

As declaracións das testemuñas requiridas son moi interesantes para ilustrar o problema do *free rider*. En primeiro lugar, Antonio González Cobo afirmou que non declarara porque pensaba que o procesado ía ser condenado sen a súa intervención. En segundo lugar, Dionisio Gamallo Fierros, Manuel Vinjoy Reinante e José López Monteavaro sinalaron que non sabían que tivesen obrigación legal de emitir ese tipo de testemuños. En terceiro lugar, Ramón

[684] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 76, causa 1238/37, folio 2.
[685] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 76, causa 1238/37, folio 2.

González Fernández, José María Castelao Rodríguez, Fernando Parga Rapa, Luís de Mira Torres, Víctor Díaz Martínez, Federico Magadán y Vidal e Ignacio Suárez Lobo argumentaron non ter declarado en base ao descoñecemento da apertura do primeiro sumario en contra de Manuel Fernández Boado.

Cómpre sinalar que parte dos citados eran militantes de Falanxe, como Dionisio Gamallo Fierros, Luís de Mira Torres e José María Castelao; outros fixeran parte das corporacións municipais impostas tras o Golpe, como Fernando Parga Rapa, e moitos chegaran a se destacar dentro da labor de acusación en contra as súas veciñas e veciños. Un exemplo claro é o xa citado José María Castelao, que emitiu testemuños acusatorios nun total de 4 causas militares[686]. Así, se individuos cun perfil tan propenso a apoiar a persecución amosaron, en ocasións, actitudes pouco colaboradoras, cremos que cómpre concluír que o Golpe non foi quen de mobilizar a boa parte dos seus partidarios, até o punto de os convencer para que se destacaran como acusadores e/ou denunciantes. Pola contra, o que se mantiveron foron os lazos de solidariedade que existían no interior das comunidades con carácter previo á Sublevación, os cales, fixeron da acusación unha opción menos atractiva a nivel social.

USC DE SANTIAGO

[686] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 189, causa 29/38, AIMNOR, fondo Lugo, caixa 76, causa 1238/37, AIMNOR, fondo Asturias, causa 220/41 e AIMNOR, fondo Lugo, caixa 63, causa 524/36.

7.4. A xente común ante a xustiza golpista

O día 24 de xaneiro de 1938 a veciña de Ribadeo María Ríos Santamarina emitiu unha declaración acusatoria en contra do seu veciño Francisco Jesús Díaz Rodríguez. Ese mesmo dia, a súa irmá Ángela e a súa nai Ángela Santamarina Pardo realizaron declaracións semellantes[687]. Para María e Ángela Ríos Santamarina esta non era a súa primeira acusación. Un ano e medio antes, o 12 de agosto de 1936, emitiran outro testemuño acusatorio en contra de Jesús Díaz Rodríguez. Neste último caso, as súas palabras foron tamén referendadas polo testemuño da súa irmá Pilar[688]. O papel acusador da familia Ríos Santamarina completouse coa participación de José Antonio Ríos Fernández, pai de Ángela, María e Pilar. Este emitiu un testemuño con carácter inculpatorio en contra do veciño de Ribadeo Dionisio Ponceliz Bordes, a día 14 de outubro de 1936[689].

O feito de que todos e cada un dos membros dun núcleo familiar testemuñen é unha peculiaridade, que podería indicar un compromiso militante coa persecución sublevada. Este, pode intuírse para o caso do industrial ribadense José Antonio Ríos Fernández, por figurar nunha listaxe de novos membros de FET JONS de Ribadeo, con data do 15 de setembro de 1940, que aparece no xornal local *La Comarca*[690]. Non obstante, cómpre sinalar que descoñecemos a súa militancia ou simpatías políticas no momento de realizar o citado testemuño. Ademais, hai que recoñecer que a declaración das irmáns Ángela, María e Pilar Ríos Santamarina pode explicarse tamén polo seu traballo como telefonistas. De feito, sabemos que a totalidade dos seus testemuños (así coma o da súa nai) xiraron ao redor da intervención da central telefónica de Ribadeo[691]. Deste xeito, a súa declaración fundamentouse nunha realidade concreta, dado que eran as únicas persoas que podían informar de primeira man sobre o feito investigado, o cal, era coñecido polos responsábeis da instrución do sumario en contra de Jesús Díaz Rodríguez.

687 AIMNOR, fondo Lugo, caixa 71, causa 49/38, folios 7, 8 e 9.
688 AIMNOR, fondo Lugo, caixa 44, causa 190/36, do folio 70 volto ao folio 72.
689 AIMNOR, fondo Lugo, caixa 60, causa 1040/36, folio 28.
690 *La Comarca,* 15 de setembro de 1940, consultado o 7 de abril de 2023.
691 A participación das mulleres como testemuñas de feitos concretos foi tamén estudado en Concepción López Sánchez, "O golpe de Estado...", 453.

USC DE SANTIAGO

Isto mesmo foi o que aconteceu con outras das testemuñas que realizaron declaracións acusatorias ao longo da causa. Así, como relatan, o procesado saíra da central telefónica da vila após saber da chegada das tropas sublevadas, entrando nun estado de forte "excitación nerviosa". Isto provocou que tivese que ser atendido por varias veciñas e veciños de Ribadeo. 2 destas persoas foron María Aenlle e Peregrina Rodríguez García, que se fixeron cargo de Jesús Díaz Rodríguez na porta da casa da primeira, chegando a lle preparar unha tila, segundo declarou a tamén veciña de Ribadeo Carmen Rodríguez García[692]. Estas 3 mulleres declararon dentro do sumario incoado en contra de Jesús Díaz Rodríguez e relataron uns feitos que, malia seren obxectivos, incriminaban ao procesado, motivo polo cal foron computados como acusatorios. Con todo, na nosa opinión, cómpre preguntarnos se podemos incluílas no grupo de perpetradoras e perpetradores, sen realizarmos maiores precisións. É dicir, cómpre cuestionarnos sobre a marxe real de manobra que posuían estas testemuñas dada a súa situación particular.

A presente reflexión complícase aínda máis se analizamos causas militares nas que non se xulgan feitos tan concretos. Un bo exemplo é a incoada en contra de 3 veciños de Riotorto: Ramón Iglesias Valiña, Eugenio Bermúdez Leivas e Antonio Bermúdez Leivas. Nesta, cremos interesante referir o testemuño realizado polo contratista de obras e veciño de Vilameá José Aenlle Rodríguez a día 23 de marzo de 1937, que afirmou que o procesado Eugenio Bermúdez lle pedira que o achegase á Pontenova, sen explicarlle o motivo da viaxe [693]. O procesado non o achegou, mais enviou ao seu fillo Leonardo. Este ao chegar ás proximidades de Vilameá detivo a furgoneta e escoitou unha conversa entre os procesados Eugenio Bermúdez e Ramón Iglesias Valiña na que se falou de realizar diversos preparativos para resistir aos "fascistas"[694]. Alén disto, na súa declaración, José Aenlle Rodríguez realizou distintas valoracións acusatorias para todos os procesados. Sobre eles, afirmou que realizaran requisas de armas, *"llevándolas a sus casas, de donde las sacaron despúes sin que se sepa con que destino*". Finalmente, sobre Ramón Iglesias Valiña sinalou que non o coñecía. Porén, que

[692] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 71, causa 49/38, folios 11, 12 e 23
[693] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 321/37, folios 29 volto e 30.
[694] A declaración de Leonardo Aenlle Ramallal figura en AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 321/37, folio 35.

USC DE SANTIAGO

"*le consta*" "*que antes del Movimiento Nacional se dedicaba a hacer propagandas extremistas, habiendo dado mítines en alguna ocasión en las ferias*"[695].

Para rematar de analizar a declaración de José Aenlle cómpre sinalar que previamente fora nomeado coma posíbel declarante polo Comandante do Posto da Garda Civil da Pontenova Juan Veiga Covas. Isto pode interpretarse de 2 xeitos distintos. Por unha banda, que José Aenlle era considerado unha fonte de información fiábel polo seu hipotético compromiso coa persecución golpista. Esta idea refórzase tendo en conta que o resto de persoas referidas pertencían ao grupo estrutural de declarantes[696]. Por outra banda, podemos entender que as palabras de Juan Veiga Covas supuxesen un compromiso para un declarante que non tiña intención de acusar a ninguén, mais que se viu forzado a facelo, entre outras razóns, polo feito de que o seu fillo transportara até a Pontenova a 1 dos procesados. En favor deste argumento, podería sinalarse que José Aenlle e o seu fillo Leonardo non realizaron outras declaracións, alén das anteriormente referidas.

Por último, resulta interesante comentar que José Aenlle sinalou a unha veciña de Riotorto coma posíbel fonte de información. Esta foi Adelina Álvarez, a cal, tiña a súa casa moi próxima á do procesado Antonio Bermúdez Leivas. Na súa declaración, José Aenlle afirmou que Adelina Álvarez podería informar sobre o tránsito de armas pola casa do procesado, cousa que fixo, converténdose, por tanto, nunha testemuña acusatoria[697]. Por que actuou Adelina Álvarez como o fixo? Non o sabemos; descoñecemos se era partidaria da persecución, se relatou uns feitos obxectivos, se tiña problemas persoais cos procesados ou se, simplemente, non puido resistir a presión de ser nomeada como informadora. O que si coñecemos é que non realizou máis declaracións ca esta.

Os testemuños comentados ilustran a grande dificultade que existe á hora de coñecer os motivos que levaron á xente común a acusar ás súas veciñas e veciños tras a Sublevación. O que sabemos seguro, polo menos na nosa zona de análise preferente, é que as persoas que integraron o grupo non estrutural de acusadores emitiron testemuños en causas previamente abertas. Isto coa excepción duns poucos casos xa comentados, no apartado que se centra na análise das

[695] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 321/37, folio 30.
[696] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 321/37, folios 6, 6 volto e 7.
[697] A súa declaración localízase en: AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 321/37, folio 34.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"denuncias". Alén disto, é preciso lembrar que os individuos pertencentes ao grupo de declarantes non estruturais non amosaron un elevado nivel de reincidencia como declarantes.

Deste xeito, a análise dos testemuños do grupo non estrutural de declarantes pon de manifesto a necesidade de rachar coa dicotomía entre vítimas e verdugos, na liña que xa teñen sinalado outros autores[698]. Os traballos aos que aludimos parten do concepto de "zona gris", acuñado polo autor italiano Primo Levi, que empregaba este concepto para describir as actitudes de colaboración que algúns presos dos campos de concentración nazis tiñan cos responsábeis dos mesmos. Sobre este tipo de actitudes sinalaba:

> En Auschwitz, en el año 1944, de los prisioneros judíos veteranos […] pocos centenares sobrevivían: ninguno de éstos era un vulgar Häftling, que vegetase en los Kommandos vulgares y recibiese la ración normal. Quedaban solamente los médicos, los sastres, los zapateros remendones, los músicos, los cocineros, los jóvenes homosexuales atractivos, los amigos y paisanos de alguna autoridad del campo; además de individuos particularmente crueles, vigorosos e inhumanos, instalados (a consecuencia de la investidura por parte del comando de los SS, que en tal selección demostraban poseer un satánico conocimiento de la humanidad) en los cargos de Kapo, de Blockältester u otros: y, en fin, los que, aunque sin desempeñar funciones especiales, siempre habían logrado, gracias a su astucia y energía, organizarse con éxito, obteniendo así, además de ventaja material y reputación, la indulgencia y estima de los poderosos del campo. Quien no sabe convertirse en un Organisator, Kombinator, Prominenz (¡atroz elocuencia de los términos!) termina pronto en «musulmán». Un tercer camino lo hay en la vida, donde es más bien la norma; no lo hay en el campo de concentración[699].

[698] Claudio Hernández Burgos, "Donde el miedo habita...", 44.
[699] Primo Levi, *Si esto es un hombre,* (Barcelona: Muchnik Editores, 2002), 50. Recuperado de: SI-ESTO-ES-UN-HOMBRE-TEXTO-INTEGRO.pdf (aiete.net) [Última visita: 07/04/2023].

As palabras de Primo Levi non deben de analizarse nun sentido moral, senón analítico e sempre respectando o seu significado orixinal. É dicir, non deben ser usadas para describir actitudes ambiguas, senón o comportamento das persoas que colaboraron coa violencia para evitar converterse en vítimas. Evidentemente, a realidade das persoas que emitiron denuncias é acusacións era moi diferente da das persoas presas nos campos nazis. Con todo, consideramos que as autoridades golpistas foron quen de crear unha dinámica que permitise implicar a persoas, que posibelmente terían quedado como meros espectadores da violencia, nas prácticas persecutorias. Estas, con todo, foron poucas, tal e como explicamos anteriormente.

Mais, que as levou a actuar do modo en que o fixeron? O perfil social e económico que atopamos no colectivo dos declarantes non estruturais, que emitiron testemuños acusatorios, é demasiado variado, circunstancia que se atopa en relación coa heteroxeneidade do grupo de vítimas e as diferentes circunstancias que puideron condicionar a participación nos sumarios. Isto, a pesar de que o éxito das autoridades sublevadas á hora de obter colaborades foi escaso, tal e como temos explicado na presente tese doutoral. En vista desta dinámica, optamos por realizar unha aproximación ás 54 persoas que emitiron 2 ou máis testemuños dentro do conxunto de declarantes non pertencentes ao grupo estrutural. Isto fixémolo co obxectivo de buscar posíbeis puntos de unión entre os declarantes, así como para tentar descubrir as hipotéticas lóxicas que os levaron a actuar do xeito no que o fixeron.

Unha primeira hipótese, podería ser que o estrato social ao que pertencía cada declarante fose un criterio que determinase os distintos comportamentos ante a xustiza sublevada. Sabemos que a solvencia económica era un criterio seguido polas autoridades golpistas para a escolla de posíbeis informantes. Deste xeito, temos rexistro de que Jesús Luaces Varela, Comandante do Posto da Garda Civil de Cervo en novembro de 1937, nomeou a 3 persoas da localidade para que informasen sobre 2 procesados que acaban de ser detidos: Benigno Ángel Sánchez Vázquez e Eliseo Bermúdez Montenegro. Os escollidos foron José Pardo Río, Manuel Sacido Cal e Ricardo Fernández Villarmea. Todos eles, emitiron declaracións acusatorias[700].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[700] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 77, causa 1451/37, do folio 1 ao 3.

No ítem destinado á profesión, José Pardo Río e Manuel Sacido Cal declararon ser industriais e Ricardo Fernández Villarmea propietario. Se tomamos como referencia ditas fontes de ingresos para determinar a posición económica, dentro do grupo de 54 declarantes non estruturais que emitiron 2 ou máis testemuños acusatorios, atopamos un total de 7 industriais e 5 propietarios. Entre ambos, supoñen unha porcentaxe minoritaria, aínda que significativa dentro do conxunto de declarantes, que se corresponde co 22,22% do total destes.

Con todo, cómpre analizarmos estes datos con coidado, dado que se analizamos o peso porcentual das persoas que declararon ser choferes atopamos que estas se aproximan ao 10% dos 54 declarantes analizados, cunha importancia relativa do 9,26% con respecto ao total. Isto é debido a que moitos condutores profesionais se viron implicados en posíbeis actos de resistencia ao Golpe, ao teren transportado a algún procesado nos días que mediaron entre a Sublevación e a toma do poder por parte das autoridades golpistas.

O mesmo peso porcentual tiveron os relixiosos, os cales, eran chamados a declarar con frecuencia para informar sobre o perfil político e relixioso dos seus feligreses. Alén disto, polo que respecta aos empregados municipais, atopamos que estes supoñen o 25,92% do total de testemuñas, o que se traduce en que 1 de cada 4 persoas que incluímos no grupo de declarantes analizado formaba parte deste colectivo profesional.

A importancia relativa dos individuos pertencentes ao grupo de empregados municipais pode explicarse en función da depuración da que foi obxecto este colectivo, tal e como temos explicado previamente no marco da presente tese de doutoramento. Deste xeito, o mero feito de pertencer ao corpo de traballadores que estaban a soldo dun municipio puido constituír un factor propiciatorio para a emisión de testemuños de tipo acusatorio.

Isto vese claro na declaración que realizou o garda municipal de Ribadeo Vicente Rivas Lozano a día 1 de xuño de 1937. Nesta, Vicente Rivas Lozano acusou a Rafael Fernández, César Margolles de la Vega, Antonio García Fernández, José Gómez, Manuel Pérez Prieto e Claudio Pérez Prieto de ser os dirixentes do "movemento marxista" que tivera lugar en Ribadeo. Segundo sinala foi testemuño das súas actuacións polo feito de "*que como Guardia municipal*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estuvo a las órdenes del Ayuntamiento que funcionaba el veintitrés de julio del pasado año"[701].

Tal circunstancia, exemplifica as diferenzas entre a situación dos empregados municipais e o resto dos seus veciños após o Golpe. Isto é aplicábel non só aos concellos nos que se tiveran organizado grupos para resistir a Sublevación, senón tamén a calquera localidade na que se aplicasen normativas municipais que puideran levar a conflitos no seo da comunidade.

Alén disto, a actitude testemuñal dos empregados municipais pode explicarse se temos en consideración que estes se atopaban nun lugar intermedio entre as testemuñas estruturais e as non estruturais. Así, sabemos que parte dos empregados municipais actuaron baixo as ordes do grupo de declarantes estruturais á hora de realizar detencións, tal e como amosa o atestado instruído polo xefe de escuadra de Milicias de Falanxe Española de Viveiro Francisco Rego Fernández:

> En Viveiro a los veintitrés días del mes de agosto de mil novecientos treinta y seis; Don Francisco Rego Fernández, primer Jefe de Escuadra de Milicias de Falange España de esta localidad, hace constar por medio del presente atestado los extremos siguientes: Que el falangista Luís Casabella Fernández le comunicó ayer verbalmente que estando por la mañana a la puerta del comercio de tejidos propiedad de José López Aristegui […] pasó por delante de el una mujer llamada Carmen López Parapar […] que la Carmen López, con el puño en alto al estilo marxista le dijo al Casabella estas palabras: "todos sois unos chulos", "me cago en la puta que os parió a todos" […] Por todo lo expuesto, el Jefe mencionado ordenó con esta fecha la detención de la Carmen López, la que efectuaron los Guardias municipales José Nogales González y Leonardo Peláez Casal, en unión de los falangistas Luís López Benavides y Robustiano Cabeza Vidal[702].

USC DE SANTIAGO

[701] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 301/37, folio 13.
[702] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 60, causa 1052/36, folio 1.

En base a isto, podemos entender que o 31% dos empregados municipais do concello de Ribadeo emitisen testemuños inculpatorios dentro das causas militares analizadas. Tales porcentaxes, amosan un nivel de implicación moi superior ao do común da cidadanía, que se asemella ao observado no grupo de testemuñas estruturais[703]. Con todo, sabemos que algúns dos empregados municipais declararon por teren sido, moi posibelmente, as principais testemuñas directas dos feitos investigados, igual que explicamos para o caso das telefonistas de Ribadeo. Deste xeito, o sereno municipal de Ribadeo Jesús Gómez y Gómez declarou, a día 1 de xuño de 1937, que varios dos seus veciños tiveran un papel dirixente nas requisas de armas da localidade. O seu testemuño, xustificábase por ser testemuña directa dos feitos relatados, circunstancia que se atopaba en relación directa co seu traballo como garda municipal nocturno:

> Que como guardia municipal nocturno prestaba servicio en el Ayuntamiento de este pueblo en los días de la revolución y pudo ver perfectamente como Rafael Fernández Cardoso, Alcalde, César Margolles, Maestro nacional; Manuel Pérez Prieto, Médico; Claudio Pérez Prieto, Farmaceútico; Antonio García Fernández (a) Xorobo y José Gómez Álvarez (a) Fortuno, formaban parte del Comité de Guerra que en aquellos momentos dirigían el movimiento marxista en esta localidad. Que a todos estos individuos los considera de ideas avanzadas[704].

O mesmo pode dicirse do empregado municipal viveirense José Antonio López y López que emitiu unha declaración acusatoria contra varios dos seus veciños a día 2 de novembro de 1936, aos que identificou como resistentes ao Golpe na localidade do Landro. O seu testemuño, tal e como sinalou, pode explicarse polo feito de que José Antonio López y López fora o encargado de entrevistarse coas persoas que se atopaban no concello no momento da chegada das tropas golpistas a Viveiro:

USC

[703] Xabier Buxeiro Alonso, "Denunciantes y acusadores...", 9-10.
[704] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 79, causa 301/37, folio 10.

> Que en la tarde del veintiuno de Julio último cuando la fuerza pública tomó la casa Ayuntamiento, el deponente fue en vanguardia con ella, acompañado de su compañero José Nogales, conocido por Fustes, observando que en los pisos altos se encontraban varias personas, entre ellas Emilio Timiraos Cervo y otros más, siendo uno de estos José López Martínez (a) Rabadelo; que cuando iban comunicarles la orden del Teniente de la guardia civil, para que saliesen del local con los puños en alto, por la puerta principal, ya no esperaron al verles que se les dijese cosa alguna y se echaron por las ventanas de la parte trasera del edificio que comunica a un Convento que está en construcción y de el pasaron a la calle de Luís Trelles, fugándose en diferentes direcciones. Que después se practicó un reconocimiento en el expresado convento por el Cabo de la guardia civil y dos guardias municipales, encontrándose algunas armas, sin que sepa su número y la clase de ellas.[705]

Sexa como for, independentemente de que tiveran presenciado un feito concreto ou non, os empregados municipais posuían unhas características como grupo que os individualizaban fronte ao común da cidadanía. Isto é algo que tamén pode ser aplicado aos párrocos e, en certa medida, aos distintos integrantes do grupo de declarantes non estruturais que se destacaron na acusación, emitindo 2 ou máis testemuños acusatorios dentro das causas analizadas.

Así, se excluímos aos relixiosos e aos empregados municipais teremos un total de 35 declarantes non estruturais que realizaron 2 ou máis testemuños acusatorios no marco dos sumarios analizados. Destas 35 persoas, 9 declararon ter sido vítimas de requisas e 3 afirmaron teren sido obrigados a participar nestas prácticas contra a súa vontade. Alén destes, Manuel García García declarou após ter transportado no seu coche a un procesado. Pola súa banda, Víctor Díaz Martínez afirmou ter sido detido pola súa ideoloxía dereitista en Vegadeo e Modesto Frade Ramos afirmou que fora ameazado, antes do Golpe, para que acudise á folga por outro procesado.

Por último, as 20 persoas restantes afirmaron teren sido testemuñas dos feitos concretos sobre os que informaron ou ben foron chamados a declarar por membros do grupo estrutural de declarantes. A única excepción foi Alfredo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

705 AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 949/36, folio 64.

Ónega Basanta, cuxo testemuño foi demandado por un procesado ao que rematou por incriminar co seu testemuño.

Por todo isto, podemos concluír que no grupo de declarantes non estruturais, que se destacaron nas labores de acusación, emitindo 2 ou máis testemuños deste tipo, observamos que se cumpre tamén o modelo descrito por Marcur Olson para explicar o comportamento dos individuos en grupos grandes. Isto implica estarmos ante persoas que tiñan compoñentes particulares que facían que fose máis doado presentarlles estímulos selectivos para determinar o seu comportamento. En base á nosa investigación (e tamén ao manexo da bibliografía) consideramos que estamos en posición de formular unha conclusión para o conxunto de Galiza: as persoas que participaron nos procesos de denuncia e acusación foron poucas e posuíron uns perfís concretos que nos permiten situalas no cerne da maquinaria de persecución sublevada. Isto debeuse a que en Galiza non se deron os condicionantes que estiveron presentes noutras zonas que permaneceron en poder das autoridades republicanas durante máis tempo.

En primeiro lugar, resulta lóxico pensar que a rapidez coa que os sublevados tomaron o poder se traduciu en que as mostras de adhesión fosen menos necesarias que noutras partes do Estado, tal e como ilustramos a través do caso dos traballadores da Deputación de Biscaia.

En segundo lugar, cómpre partir de base de que a sociedade galega do momento estaba moi influída pola conciencia democrática. Deste xeito, no noso territorio a violencia golpista afectou a unha sociedade que non tiña a experiencia da Guerra, senón do pluralismo político republicano (e tamén liberal). Isto supón unha diferenza con outras análises, onde se destaca a importancia da participación das vítimas do chamado "*terror rojo*" en zonas como Andalucía e Cataluña[706]. Na nosa zona de estudo preferente contamos con diversas fontes que dan conta da persistencia destas dinámicas. Como exemplo, podemos sinalar, a causa incoada contra a veciña de Viveiro Carmen López Parapar, que supostamente increpou a un falanxista da localidade e a 2 mulleres da súa familia após a detención do seu pai[707].

[706] Como exemplos podemos citar: Conxita Mir, *Vivir es sobrevivir...*, 194 e Peter Anderson, *¿Amigo o enemigo?...*, 218-219.

[707] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 60, causa 1052/36, folio 1.

Neste mesmo sentido podemos referir o informe redactado polo xefe local da Falanxe de Muras a día 12 de outubro de 1936, acerca da actitude do procesado de Antonio Lafuente Jiménez no acto de reposición do crucifixo na escola onde impartía clases. Deste xeito, tal e como sinalamos anteriormente na presente tese de doutoramento, Antonio Lafuente Jiménez fora detido e posto en liberdade, mais continuara a realizar mostras de oposición ás medidas sublevadas[708].

Alén dos exemplos citados, consideramos de interese referir o sumario incoado contra o procesado de Guitiriz Higinio Campos Roca. Este, segundo o seu veciño Gumersindo Freire Prado, realizara manifestacións contrarias ao exército e chegara a afirmar que sempre fora comunista e que aínda seguía a selo. A declaración de Gumersindo Freire Prado foi realizada a día 3 de decembro de 1937, após a volta do declarante da fronte de guerra, onde recibira diversas feridas en virtude das cales fora declarado "inútil"[709].

Tamén o atestado asinado a día 4 de agosto por diversos falanxistas de Viveiro acerca das visitas realizadas polos procesados Vicente Castelo e Manuel Salgueiro García ao cárcere municipal da localidade. Nestas visitas, segundo os referidos falanxistas, analizábase a actualidade do conflito, animábase aos presos e realizábanse manifestacións contra os golpistas:

> D Ricardo López, D. Francisco Sánchez, D. Vicente Gómez y D. Pedro Cora, de las milicias de Falange española de las JONS ponen en conocimiento de V. que a las 24 horas del día de hoy han procedido a la detención de D. Vicente Castelo y D. Manuel Salgueiro García. Estando de servicio de vigilancia en el depósito municipal José Puentes Cao y por soplo que me fue comunicado por persona de toda solvencia estos individuos se reunían con los presos de dicho depósito a las horas de comer y de cenar, prologándose estas reuniones hasta las 11 o 12 de la noche, con consentimiento del encargado del mismo el cabo de municipales de esta localidad, he oído como al entrar los señores a que hacemos referencia saludaban con el puño en alto y al grito de "Viva Rusia Libre", siendo contestado de la misma forma por los detenidos cuyos nombres son: D. Luís Mendezona, D. Jesús Ramila, D. Carlos Domínguez, D. Gonzalo Pozo, D. Emilio López y D. Bernardino Núñez Rodríguez, y animándoles a que tuviesen calma pues la hora de la [¿?] se acercaba ya que el triunfo sobre el Ejército era cada vez más

[708] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 50, causa 801/36 e 906-907/36, folio 244.
[709] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 81, causa 60/38, folio 2 e 2 volto.

> aplastante, así mismo hemos visto como el guardián de la cárcel les dejaba libre la puerta para que se pasearan por los pasillos, incumpliendo de este modo las órdenes que, en sentido contrario, se le habían dado[710].

Os relatos contidos nas causas teñen que ser analizados con coidado, dado que están pensados para buscar a inculpación dos procesados. Con todo, concordan co expresado noutras fontes. Deste xeito, por unha banda, dispoñemos de relatos que nos informan do mantemento dos lazos de solidariedade veciñal tras o Golpe. Como exemplo podemos volver referir a entrevista realizada ao veciño de Ribadeo José Ramón Díaz Pais. Nesta, o entrevistado relata a súa experiencia como agochado tras o Golpe. Segundo sinala, na súa parroquia había agochados en 4 das 5 casas que alí existían. Alén disto, afirma que na casa restante non dicían nada, malia teren varios familiares no exército golpista. Grazas a isto puido permanecer agochado 3 anos e eludir a presión das autoridades que andaban na súa busca[711].

Por outra banda, para ilustrar a actitude das vítimas e os seus familiares tras o Golpe podemos citar o caso do paseado de Ribadeo Santiago Fariñas Reinante. Deste xeito, segundo relata a súa filla Elisa, Santiago Fariñas recibira o consello de agochar após a toma do poder polos golpistas na localidade. Dito consello sentoulle moi mal a Santiago Fariñas, que dixo que non tiña porque marcharse porque non lle podían facer nada por non ter as mans manchadas de sangue[712].

O optimismo de Santiago Fariñas Reinante era algo compartido por moitas das vítimas, tal e como temos sinalado anteriormente na presente tese doutoral. Deste xeito, o seu veciño José Torviso Fernández estaba tranquilo na prisión municipal de Ribadeo, após terse presentado a declarar voluntariamente ante as autoridades sublevadas. De feito, a súa filla Dolores Torviso Barata afirmou nunha entrevista que seu pai dixera que non podía ser certo que mataran ao seu

---

[710] AIMNOR, fondo Lugo, caixa 48, causa 919/36, folio 1 e 1 volto.

[711] Entrevista a José Ramón Díaz Pais, realizada por Domínguez Almansa, Andrés; Miguez Macho, Antonio (Ribadeo, Lugo, España, 31/05/2006). Nº 2005. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal

[712] Entrevista a Elisa Secundina Fariña López, realizada por Vieites Salmonte, Eva; Hervella García, Gustavo (Ribadeo, Lugo, España, 31/05/2006). Nº 2006. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

veciño Santiago Fariñas: que fora trasladado para declarar mais que seguro que seguían con vida[713].

Esta sensación de optimismo era resultado da normalidade política que se vivía na Segunda República e foi algo que estivo presente só nos primeiros meses tras o Golpe. Isto pode ilustrarse a través dunha entrevista realizada á filla dun asasinado ribadense cuxo nome non pode ser publicado, que deixou testemuñado que seu pai rematara por dicir que era mellor que non lle levaran máis á filla ao cárcere, segundo a entrevistada, porque tiña a convicción de que o ían matar antes ou despois[714].

Nos momentos iniciais após a Sublevación era común que os familiares visitasen aos presos. Así, a entrevistada Elisa Fariña López sinala que os domingos se permitía ás familias entrar no cárcere municipal de Ribadeo para pasar un tempo cos internos. Dita práctica, da verosimilitude ao relato denunciado polos falanxistas de Viveiro, acerca das reunións que algúns veciños mantiñan cos reos do depósito municipal.

Con independencia de que algúns relatos poidan ter máis ou menos nivel de certeza, parece claro que o contexto social presente na Galiza foi diferente do de outras rexións do Estado, onde os golpistas tardaron máis en facerse co poder. Así, pensamos que cómpre concluír que a actitude declarante nas causas militares dependeu en boa medida do momento no que estas foran incoadas nuns lugares e noutros. Isto implica tomar en consideración a influencia do contexto bélico na percepción social da violencia, o que, se traduciría na presenza ou ausencia de desexos de emitir denuncias e acusacións por parte da xente corrente.

Por último, é preciso preguntarnos se a denuncia era algo realmente tan importante para os sublevados en Galiza. Cómpre ter presente que as investigacións tiveron o seu centro nos actos de oposición ao Golpe, así coma nos perfís políticos previos a este. É dicir, o que se investigaba era unha sociedade onde a participación política era algo normal e aberto.

É por isto que os sublevados tiñan ao seu alcance multitude de documentos cos que construír as súas investigacións. Moitos deles foran redactados polas

[713] Entrevista a Dolores Torviso Barata, realizada por Fernández Prieto, Lourenzo (, sen data). Nº 2217. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal

[714] Entrevista a Anónima, realizada por Fernández Abel, Dores; González Sarmiento, Alicia (, 13/04/2008). Nº 2316. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal

propias autoridades republicanas. Un exemplo foi a listaxe de 45 nomes redactada polo municipio de Arnedo, situado na Comunidade Autónoma da Rioxa, e que pode datarse entre os anos 1930 e 1932[715].

Dentro da nosa zona de estudo contamos con 2 exemplos xa sinalados. Por unha banda, o rexistro de afiliados de Izquierda Republicana en Riotorto, que se conserva no Arquivo Municipal da localidade, dentro dos fondos da Falanxe. Por outra banda, as actas municipais do antigo concello de Vilameá, nas cales, se detallan parte dos preparativos para a organización de resistencia ao Golpe no Municipio.

Alén destes, nalgunhas das causas analizadas utilizáronse recortes de prensa como proba para construír un caso. Como exemplo, podemos citar a causa incoada contra diversos veciños de Alfoz, Foz e Mondoñedo, entre os cales se atopaba o dirixente de *Izquierda Republicana* José Sánchez Gacio. Sobre este recolléronse informacións publicadas en xornais coma *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia*[716].

Este tipo de documentos, en rexións onde tardaron meses en facerse co poder puideron ter sido eliminados polas hipotéticas vítimas, as cales, se terían un terror fundado a unha persecución cuxa brutalidade era xa coñecida. Neste lugares, ademais, os informantes serían necesarios para relatar a actuación das persoas investigadas durante o período de dominio republicano tras a Sublevación.

[715] María Cristina Rivero Noval, *La ruptura de la paz civil. Represión en la Rioja (1936-1939)*, (Logroño: Instituto de Estudios Riojanos, 1992), 68-69.
[716] AIMNOR, fondo Coruña, caixa 50, causa 1119/37, do folio 22 ao folio 25.

8. Conclusións

A presente investigación divídese en tres partes. Estas, malia atoparse totalmente relacionadas, céntranse, cada unha delas, en distintos aspectos da violencia perpetrada polos sublevados após o Golpe de 1936 en Galiza. A primeira parte da tese, céntrase en explicar a acción militar de toma do poder nos 24 concellos que definimos como área de estudo preferente. A segunda parte, estuda os asasinatos. Deste xeito, analiza porque se matou a unhas persoas e non a outras. Alén disto, reflexiona sobre os distintos tipos de asasinatos rexistrados. Tamén sobre as razóns que están detrás de que unhas persoas foran executadas en aplicación dunha sentenza de pena capital, mentres que outras remataran sendo asasinadas sen sentenza. Finalmente, a terceira parte da tese, céntrase en analizar as actitudes da cidadanía ante a persecución, a través das declaracións presentes nos procesos xudiciais, incoados pola xurisdición militar, dentro dos concellos que compoñen a nosa área de estudo.

Como resultado da nosa investigación cómpre destacar unha serie de conclusións. A primeira delas é que o Golpe de Estado tivo unha dinámica de violencia propia, que non foi consecuencia directa das dinámicas electorais, asociativas e de conflitividade presentes na Segunda República. Deste xeito, a dureza da violencia golpista concorda coa magnitude da resistencia organizada en resposta á acción militar de toma do poder por parte dos sublevados. Na nosa zona de estudo, as resistencias concentráronse en catro municipios: Viveiro, Ribadeo, Vilaoudrid e Vilameá. Estes, malia teren unha poboación correspondente co 20,1% dos habitantes da nosa área de análise, albergaron ao 61,92% das vítimas totais e o 75% das vítimas mortais que rexistramos dentro dos 24 concellos valorados.

En relación cos asasinatos, o noso traballo realiza un estudo dos mesmos en profundidade, atendendo á súa tipoloxía, distribución espacial e cronoloxía. A nosa análise, pon de manifesto a necesidade de estabelecer unha diferenciación entre as vítimas mortais que perderon a súa vida a consecuencia da acción militar golpista e as persoas que foron asasinadas tras o asentamento das novas autoridades no poder. Estas últimas, correspóndese co 96,5% do total de vítimas mortais rexistradas en Galiza e co 92,21% das falecidas e falecidos dentro dos concellos que definimos como área de estudo preferente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A eliminación física de persoas tras a acción militar golpista para o asentamento no poder foi conducida en base a dous mecanismos que coexistiron desde os primeiros momentos. Estes foron: as execucións de persoas sentenciadas a morte e os asasinatos perpetrados alén dos mecanismos de aplicación da pena capital. Estes últimos, á súa vez, realizáronse de dúas formas distintas. Por unha banda, a través das sacas, é dicir, dos asasinatos sen sentenza de persoas que se atopaban recluídas en cárceres mais ou menos improvisadas. Por outra banda, temos aos individuos asasinados, alén dos mecanismos de aplicación da pena de morte, que perderon a vida no momento no que ían ser (teoricamente) detidos. Sexa como for, as execucións, as sacas e as detencións foron formas de violencia controladas polas autoridades militares golpistas, as cales, foron as responsábeis últimas da súa organización e xustificación.

Ao longo do traballo recollemos numerosos datos que permiten soster esta conclusión: as ordes para a condución de presos que remataron por seren asasinados, os escritos de xustificación de asasinatos en base a unha suposta fuga, as declaracións dos axentes implicados nos traslados, etc. Este tipo de documentación pon de manifesto tamén que os mecanismos de control dos axentes encargados de implantar a violencia sobre o terreo estiveron pensados, tanto, para os militares e membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado, como para os integrantes das milicias de civís armados. Ditos grupos, respondían ante as mesmas autoridades castrenses. Alén disto, adoitaban actuar de maneira conxunta, tal e como se amosa na Táboa 31, onde se analizan os axentes encargados de practicar as detencións a raíz do Golpe.

O carácter controlado da violencia obriga a reflexionar sobre os obxectivos da mesma. Na nosa investigación centrámonos nesta cuestión. Neste punto, partimos da concentración xeográfica das vítimas mortais ao longo do territorio, a cal, como explicamos, pode constatarse tanto mediante o criterio da veciñanza das persoas asasinadas, como a través dos lugares de morte das vítimas. A concentración xeográfica de ambos indicadores, permite concluír que a violencia non cumpriu unha función simplemente exemplificadora. Deste xeito, podemos afirmar que a persecución tivo un carácter destrutivo mais tamén que foi selectiva.

A concentración dos asasinatos pode observarse, sobre todo, a través da análise das execucións en aplicación de sentenza de pena capital. Deste xeito, no traballo argumentamos que o número de municipios nos que non se rexistraron asasinatos deste tipo entre a súa veciñanza foi claramente superior á cantidade de municipios sen veciñas e veciños mortos e/ou asasinados a raíz do Golpe. Así,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

por unha banda, o número de concellos nos que se rexistraron mortes a consecuencia da Sublevación foi de 68, valor que, sobre o total de 313 concellos que existen actualmente na Comunidade Autónoma galega, se corresponde cunha porcentaxe do 21,7% do total. Por outra banda, se nos limitamos aos individuos que foron directamente asasinados, os cales, foron clasificados no Grupo III, atopamos que o número de municipios sen veciñas e veciños vítimas deste tipo de violencia ascende até os 79, o que se corresponde cunha porcentaxe do 25,24% sobre o total.

Non obstante, se nos cinguimos aos concellos entre cuxa veciñanza se perpetraron asasinatos en función dos mecanismos de aplicación da pena capital atopamos un total de 163 concellos nos que non se rexistrou a execución de ningunha veciña ou veciño. Isto, a nivel porcentual, supón falarmos do 52,1% con respecto ao total de municipios galegos actualmente existentes. Alén disto, dentro dos propios concellos, observamos que os executados foron unha minoría con respecto do total de procesados. Isto viuse tanto a nivel dos distintos municipios como dentro das propias causas militares nas que temos executados, que foron investigados xunto con persoas que recibiron outro tipo de condenas de menor gravidade. Por último, amosamos que o grupo de persoas vítimas das execucións tivo un carácter moito máis masculinizado que o do conxunto de persoas falecidas a raíz da Sublevación. Concretamente, calculamos que por cada muller executada existen 182 homes aos que se lles aplicou unha sentenza de pena capital. Fronte a isto, por cada muller que foi asasinada fora dos mecanismos de aplicación da pena de morte atopamos un total de 37 falecidos.

En base ao explicado, consideramos que cómpre concluír que as autoridades sublevadas non quixeron ou non puideron condenar a morte á maior parte das vítimas que temos rexistradas. Deste xeito, as persoas asasinadas en aplicación dunha sentenza foron seleccionadas entre o conxunto das e dos investigados polas autoridades castrenses. Dita selección, foi realizada desde os momentos iniciais do Golpe. A distribución das execucións no territorio concorda coa existencia de actos de resistencia armada á Sublevación, os cales, foron usados como a principal xustificación das distintas penas de morte ditadas.

Con isto, non pretendemos argumentar que os procesos xudiciais incoados a raíz do Golpe contasen con garantías reais para as persoas investigadas. Por unha banda, sabemos que partían dunha manipulación absoluta da realidade sobre a que uns rebeldes xulgaban e condenaban por rebelión militar a persoas que quedaran do lado da lei. Por outra banda, cómpre ter presente que as autoridades sublevadas apostaron por asasinar a multitude

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

de persoas sobre as que non pesaba ningunha sentenza condenatoria. Algunhas delas, como explicamos, estaban a ser formalmente investigadas no marco dos procedementos xudiciais analizados.

A violencia golpista tiña un obxectivo explícito: tomar o poder. Para isto, era necesario eliminar ás persoas que tiñan ese poder. Nuns casos, mediante penas de prisión ou multas. Noutros, mediante o asasinato. Os asasinatos tiveron sempre os mesmos obxectivos (independentemente da súa xustificación en base á aplicación da pena capital) e concentráronse nos puntos nos que se conseguiran organizar grupos para resistir aos sublevados coas armas na man. Con todo, transcenderon as fronteiras destes municipios. Isto explícase en base a dous factores. En primeiro lugar, debido a que non podemos determinar con exactitude o grado de resistencia organizado a través das fontes dispoñíbeis, as cales, foron redactadas polos perpetradores para servir aos seus propios fins. En segundo lugar, porque a Sublevación pretendía ir máis alá dun simple pronunciamento e acadar un cambio social que pasaba por extirpar as dinámicas democráticas que, como explicamos, seguían presentes na sociedade após o asentamento dos sublevados nos distintos concellos.

A distribución relativa entre asasinatos con e sen sentenza na Galiza amosan que os sublevados non foron quen xustificar a maioría das mortes en base a supostos delitos cometidos polas vítimas. Deste xeito, optaron, por unha banda, por buscar a lexitimación dos asasinatos en base a supostas fugas ou resistencias ás detencións. Por outra banda, decidiron negar e ocultar unha parte dos asasinatos, recorrendo a prácticas como deixar por escrito que as fugas dos presos tiveran éxito. Todo isto permite propor unha conclusión: os golpistas non foron quen de socializar a idea da violencia dun xeito suficiente.

O fracaso dos sublevados á hora de socializar a violencia pode ilustrarse mediante a análise das actitudes de colaboración da cidadanía coa xustiza militar golpista. Deste xeito, ao analizarmos as actitudes de incriminación, atopamos que o número de persoas que emitiron denuncias e testemuños acusatorios foi reducido. Tamén que estes individuos tiveron un perfil moi marcado. Basicamente, tratouse, por unha banda, de persoas que formaban parte do exército, así como das forzas e corpos de seguridade do Estado. Por outra banda, polo que se refire aos civís, os colaboradores máis importantes foron os membros das xestoras e corporacións nomeadas após o Golpe nos distintos concellos, así coma os militantes e dirixentes da Falanxe. En ámbolos os dous casos, estamos ante persoas que tiñan que responder directamente ante as autoridades militares. No caso dos xestores e concelleiros, sabemos que os militares golpistas foran os

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

responsábeis do seu nomeamento. No caso dos falanxistas, coñecemos que estaban integrados nunha estrutura que careceu dunha actuación independente e que operou sempre de forma subordinada ás autoridades sublevadas.

O feito de que a incriminación e a denuncia se concentren en individuos que xa formaban parte das estruturas de poder asentadas tras o Golpe, permite poñer en cuestión a idea de que a colaboración coa xustiza golpista se debera a hipotéticas estratexias de ascenso social dentro do novo Réxime. Deste xeito, cómpre inverter as explicacións que adoitamos atopar na bibliografía. É dicir, os delatores e acusadores non emitiron os seus testemuños co obxectivo de ascender na escala social, dado que xa formaban parte do núcleo de poder imposto tras o Golpe. Pola contra, foi a súa pertenza ao núcleo de poder sublevado o que explica a súa reincidencia como testemuñas.

O estudo das actitudes de acusación é denuncia permite, por tanto, concentrar as responsabilidades da violencia nuns poucos individuos, que no capítulo 7 definimos como "declarantes estruturais". Estes, como explicamos, tiveron un papel destacado nas labores de denuncia e inculpación, que contrasta co seu menor peso dentro do grupo de testemuñas exculpatorias. Deste xeito, comprobamos que o que existiron foron grandes acusadores mais non grandes exculpadores. Con todo, cómpre lembrar que os declarantes clasificados no grupo estrutural de testemuñas amosaron unha maior tendencia á reincidencia en todos os tipos de testemuños, xa fosen acusatorios, mixtos, neutrais ou exculpatorios. Dita dinámica, como sinalamos, serve de argumento para soster a tese de que os xuízos non foron simplemente unha farsa ou un recurso propagandístico, senón un instrumento para a selección das vítimas en base aos criterios que explicamos.

Por último, a investigación que realizamos permite concluír que a persecución golpista en Galiza foi perpetrada sobre unha sociedade na que existía unha conciencia democrática herdada como resultado de décadas de pluralismo político. Isto, facilitou a persistencia de dinámicas sociais anteriores, así como de esquemas mentais propios da democracia, tal e como se exemplificou a través do mantemento de formalismos anteriores dentro dos actos de toma de posesión das novas autoridades municipais tras o Golpe. Tamén, coa análise dos actos en si mesmos, aos cales, chegaron a asistir, en ocasións, certos concelleiros das corporacións democráticas. Nalgúns concellos incluso, atopamos que os edís democráticos se atreveron a deixar constancia formal da súa oposición ao feito

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

de seren cesados, así como da ilexitimidade da Sublevación en si mesma. A persistencia de dinámicas sociais democráticas tivo a súa tradución tamén no mantemento de actitudes solapadas de protesta, as cales, eran entendidas como ameazantes por parte das autoridades golpistas. Ademais, posibilitaron a persistencia de lazos de solidariedade intracomunitarios, que permitiron o sostemento dos coñecidos como "fuxidos".

Todo isto, como explicamos, tivo consecuencias directas sobre os asasinatos. Así, a aparición de cadáveres seguiu a activar procedementos que existían con carácter previo ao Golpe. Algúns destes son: convocar ao xuíz municipal para proceder ao levantamento dos corpos, chamar a un médico para a práctica dunha autopsia ou notificar un asasinato á familia dunha vítima, tal e como explicamos a través do exemplo do "paseado" ribadense Santiago Fariñas. Dita realidade, serve para explicar o limitado número de persoas desaparecidas no noso territorio, así como para cuestionar a propia existencia da categoría de "desaparición", entendida como unha tipoloxía de violencia diferenciada dos "paseos".

Finalmente, a nosa investigación amosa que os perpetradores foron unha minoría con respecto ao total da sociedade. Tamén, que intentaron permanecer ocultos e desligarse de crimes que sabían que a cidadanía rexeitaba. Isto pode argumentarse a través de prácticas como ir dar o pésame á familia das vítimas e explica o sentido dos múltiples mecanismos de ocultación dos responsábeis directos da violencia.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

9. Conclusions

This research work is divided into three sections. Although these three parts are closely related, each one focuses on different aspects of the violence perpetrated by the coupists in Galicia after the 1936 Coup. The first section of the thesis focuses on explaining the military seizure of power in the 24 municipalities that we have defined as our chosen area of research. The second section studies the killings, and why some people were killed but not others. Additionally, it reflects on the different types of killings which were recorded, and on the reasons behind the fact that some people were executed by means of the application of a death sentence whereas others ended up being murdered without having being sentenced. Finally, the third section of this thesis focuses on analysing the attitudes of citizens towards this persecution by means of the statements which appear in the proceedings instigated by military courts within the municipalities which make up our research area.

As a result of our research, we can draw a series of conclusions. The first of these is that the Coup d'etat had its own dynamic of violence that was not a direct consequence of the electoral, associative or conflictive dynamics present in the Second Republic. Thus, the harshness of the rebel violence is proportional to the scale of organised resistance in response to the military seizure of power by the rebels. In our area of research, the resistance was concentrated in four municipalities: Viveiro, Ribadeo, Vilaoudrid and Vilameá. Although these municipalities had a population of just 20.1% of the total population in our research area, they held 61.92% of the total number of victims and 75% of the fatalities that we recorded in the 24 municipalities in our study.

With respect to the killings, our work includes an in-depth study of them, covering the type, geographical distribution and chronology. Our analysis demonstrates the need to differentiate between victims who lost their lives as a consequence of the coupists' military actions and those persons who were killed after the new authorities came into power. This second type of victim constitutes 96.5% of the total number of fatalities recorded in Galicia and 92.21% of deaths in the municipalities we have defined as our chosen area of study.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

The physical elimination of people after the military seizure of power was carried out via two mechanisms which were both present from the start: the execution of people who had been sentenced to death and killings perpetrated outside the mechanisms of the application of the death penalty. This second type was carried in two different ways. On the one hand, by means of the removal of prisoners, that is the killing, without a sentence, of people who had been locked up in more or less makeshift prisons. On the other hand, there are individuals who were killed outside the mechanisms of the application of the death penalty, who lost their lives when they were (theoretically) about to be arrested. In any case, the executions, removal of prisoners and arrests were methods of violence which were under the control of the military coup authorities who were ultimately responsible for their planning and justification.

Throughout this work, we include numerous data which support this conclusion: the transfer orders for prisoners who ended up being killed, documents which justified a killing as a result of a purported escape attempt, statements made by officers involved in prisoner transfers etc.. This type of documentation also demonstrates that the control mechanisms of the officers who were in charge of implementing violence on the ground, were intended for both the military and members of the State security forces, and for the members of the armed civilian militias. These groups were under the orders of the very same military authorities. However, they usually operated jointly, as is shown in Table 31, which contains an analysis of the officers in charge of carrying out arrests as a result of the Coup.

The planned nature of the violence leads us to reflect on its objectives. Our research focuses on this issue. On this matter, our starting point is the geographical distribution of the fatalities throughout the territory which, as we explain, can be defined using the criterion of the victims' neighbourhoods or as the location of the victims' deaths. The geographical distribution of both indicators leads us to conclude that the function of this violence was not simply to make an example of somebody. In fact, we can state that this persecution was of a destructive and also selective nature.

The geographical concentration of the killings can be seen particularly through an analysis of executions carried out by application of a death penalty. Thus, in this work we contend that the number of municipalities in which no

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

killings of this type among its inhabitants were recorded was clearly higher than the number of municipalities in which no inhabitants died or were killed as a result of the military coup. Therefore, on the one hand, the number of municipalities in which deaths as a result of the Uprising were recorded was 68. Of the 313 municipalities which currently exist in Galicia, this number represents 21.7% of the total. On the other hand, if we limit this figure to individuals who were killed directly, classified in Group III, we find that the number of municipalities without inhabitants who were victims of this type of violence rises to 79, which represents 25.24% of the total number.

